Informe de Xestión 2003

Dirección Xeral de Saúde Pública

Identificación de problemas de saúde e riscos sanitarios

Modificación dos determinantes da saúde

Actuación sobre factores de risco relacionados coas enfermidades transmisibles

Actuación sobre factores de risco relacionados co sistema asistencial (prevención secundaria)

Actuación sobre factores de risco relacionados coas enfermidades non transmisibles

Actuacións de seguridade alimentaria

Actuacións de sanidade ambiental

Mellora continua da xestión organizativa

XUNTA DE GALICIA

Ficha técnica

Edita
Xunta de Galicia
Consellería de Sanidade
Dirección Xeral de Saúde Pública

Dirección
Xurxo Hervada Vidal e Ángel Gómez Amorín

Coordinación técnica e de producción editorial
Manuel Amigo Quintana

Elaboración de informes
Persoal técnico da DXSP

Maquetación
Permuy Asociados

D.L. VG-126-2005

Índice

INFORME DE XESTIÓN 2003

IDENTIFICACIÓN DE PROBLEMAS DE SAÚDE E RISCOS SANITARIOS 5
Sistema de información sobre mortalidade (Rexistro Galego de Mortalidade) 6
Sistemas de información sobre morbilidade 12
Sistema de información sobre enfermidades transmisibles 12
Sistema de información microbiolóxica 17
Sistema de información sobre tumores 19
Rexistro de interrupcións voluntarias do embarazo (IVE) 21
Programa de elaboración de *software* epidemiolóxico 23
Programa de colaboración institucional 25
Programa do sistema de información xeográfica (SIX) 26

MODIFICACIÓN DOS DETERMINANTES DA SAÚDE 27

Actuación sobre factores de risco relacionados coas enfermidades transmisibles 27
Plan galego de VIH/sida 28
Subprograma de vixilancia epidemiolóxica 28
Subprograma de prevención 31
Subprograma de coordinación do Plan da Sida 42
Programa galego de prevención e control da tuberculose 45
Programa galego de prevención e control de enfermidades inmunoprevibles 55
Subprograma de vacinación sistemática 55
Subprograma de vacinación de grupos de risco ou en situacións especiais de risco 63

Actuación sobre factores de risco relacionados co sistema asistencial (prevención secundaria) 73
Programa galego de detección precoz do cancro de mama 74
Programa galego para a detección da xordeira en período neonatal 82
Programa galego para a detección precoz de enfermidades endócrinas e metabólicas en período neonatal 87
Plan de Minimización de Riscos Microbiolóxicos nos Hospitais de Galicia (Plamirmihga) 94

Actuación sobre factores de risco relacionados coas enfermidades non transmisibles 97
Programa de educación para a saúde na escola 98
Programa galego de promoción da vida sen tabaco 102
Programa de saúde bucodental na escola 117
Programas de integración de actividades preventivas de eficacia probada no ámbito de atención primaria 124
Plan integral de atención sanitaria e social á muller 126

Actuacións de seguridade alimentaria 129
Programa de control sanitario de industrias da alimentación 130
Subprograma de ordenación do sacrificio e control sanitario das industrias cárnicas e puntos de venda 130
Subprograma de control sanitario de industrias lácteas 135
Subprograma de control sanitario de explotacións agrarias elaboradoras de produtos lácteos tradicionais a base de leite cru de vaca 138
Subprograma de control sanitario de centros de embalaxe de ovos e establecementos elaboradores de ovoprodutos 141

Subprograma de control sanitario de industrias da pesca 143
Subprograma de salubridade de moluscos 146
Subprograma de control sanitario de augas de bebida envasadas 152
Subprograma de control sanitario de obradoiros de pastelería 154
Subprograma de control sanitario de produtos hortifrutícolas 156
Subprograma de control sanitario de bebidas refrescantes 158
Subprograma de control sanitario de elaboradores de viño 160
Sistema de información do Rexistro Sanitario de Alimentos 162
Programa de control sanitario de alimentos 166
Sistema Galego da Rede de Alerta Alimentaria 166
Subprograma de investigación de alimentos en mercado 169
Subprograma de control de residuos en animais e carnes frescas 174
Subprograma de control sanitario de carnes de animais da especie porcina para o autoconsumo 179
Programa de manipuladores de alimentos 182

Actuacións de sanidade ambiental 187
Policía sanitaria mortuoria 188
Programa sanitario de vixilancia das augas de consumo humano 190
Rede Nacional de Vixilancia da Contaminación Atmosférica en Galicia 194
Programa de control sanitario de substancias químicas 196
Programa de control sanitario dos campamentos públicos de turismo e campamentos xuvenís 198
Programa de control sanitario das zonas de baño 201
Programa de control sanitario de piscinas de uso colectivo 204
Programa de control sanitario dos establecementos de restauración colectiva 207
Programa de control sanitario de establecementos balnearios 210
Programa de control sanitario do medio escolar 212
Programa de control sanitario do medio laboral 216
Programa de control sanitario de residuos en establecementos sanitarios 218
Programa galego de prevención e control da lexionelose 220
Actividades relacionadas con problemas ambientais diversos 225

MELLORA CONTINUA DA XESTIÓN ORGANIZATIVA 227
Programa de formación continuada 228
Sistema de xestión económica 232
Sistema de coordinación e xestión dos servizos de inspección de Saúde Pública 237
Sistema de coordinación e xestión dos laboratorios de Saúde Pública 245
Sistema de control da xestión de taxas e prezos públicos dependentes da DXSP 251
Sistema de xestión de expedientes sancionadores a industrias da alimentación e produtos alimentarios 254
Plan de Sistemas de Información de Saúde Pública 258
Sistema loxístico básico de apoio e coordinación xeral 261
Sistema de coordinación de publicacións 263

DIRECTORIO DE SERVIZOS DE SAÚDE PÚBLICA 265

Identificación de problemas de saúde e riscos sanitarios



- Sistema de información sobre mortalidade (Rexistro Galego de Mortalidade)
- Sistemas de información sobre morbilidade
- Rexistro de interrupcións voluntarias do embarazo (IVE)
- Programa de elaboración de software epidemiolóxico
- Programa de colaboración institucional
- Programa de Indicadores de saúde e sistema de información xeográfica de saúde pública (SIX)

Sistema de información sobre mortalidade (Rexistro Galego de Mortalidade)

1. **Data de comezo:** ano 1985
2. **Coordinación:** Sara Cerdeira Caramés
3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Cuantificar a mortalidade xeral e específica en Galicia.
   2. Promover o uso dos indicadores de mortalidade como instrumento de planificación, asignación de recursos e avaliación do sistema de saúde.

   Específicos

   1. Obter indicadores de mortalidade anual, por sexo, causa, idade e área xeográfica.
   2. Cuantificar a mortalidade perinatal e as súas causas.

4. **Descrición do sistema**

   Circuíto da información

   O documento básico do rexistro é o boletín estatístico de defunción (BED). Este documento cóbreo o médico xunto co certificado médico de defunción (CMD); os dous documentos inscríbense no Rexistro Civil e dende aquí envíanse ás delegacións provinciais do Instituto Nacional de Estatística (INE), que os remite ao Instituto Galego de Estatística (IGE), onde son recollidos polo persoal da Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP). Dende 1996, os BED veñen acompañados de soporte magnético por mes e provincia de defunción.

   Outras fontes: Boletín Estatístico de Partos, Nacementos e Abortos (BEPNA), do que se incorporan os nacidos con vida e falecidos antes de 24 horas de vida.

   Proceso dos Boletíns Estatísticos de Defunción

   No Servizo de Información sobre Saúde Pública, no Rexistro de Mortalidade, transfírese a información en soporte magnético que acompaña a cada lote de BED a unha base de datos, onde se grava a información da causa de morte unha vez codificada, á vez que se escribe no boletín.
   Unha vez rematada a codificación, xérase un novo arquivo informático, engadíndolle á información recibida o código da causa de morte.

   Estratexias

   1. Conseguir unha mellora de calidade constante mediante:
      - Aplicación de normas estándar de funcionamento e codificación.
      - Retroalimentación do sistema de información.
      - Promoción do uso da información sobre mortalidade.
      - Implicación dos profesionais nas actividades de rexistro.
   2. Acadar a consolidación interna e o recoñecemento do rexistro de mortalidade.
   3. Colaborar cos demais rexistros de mortalidade do Estado.
   4. Facilitar a integración do rexistro de mortalidade perinatal na rede asistencial.

Esquema 1. Circuíto dos impresos de defunción



Esquema 2. Proceso dos boletíns estatísticos de defunción (BED)



Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central: Servizo de Información de Saúde Pública
- Unidade de codificación centralizada.
- Comisión Asesora e Comité Técnico de Mortalidade Perinatal.

Recursos materiais

- Convenio co IGE para a codificación dos BED.
- Convenio coa Asociación Galega de Médicos Forenses para o envío de fichas de necropsias.
- Talonario de fichas de rexistro da mortalidade perinatal.
- Talonario de fichas de rexistro de necropsias extrahospitalarias.
- *Hardware* e *software:* aplicación de mortalidade e morbilidade perinatal, e necropsias extrahospitalarias, desenvolvidas en *FoxPro* 6.0 multiusuario e SQL Server 7.0.

5. Proxectos e actividades xestionados en 2003

- Análise da mortalidade:
  - Codificación e gravación dos BED recibidos.
  - Depuración de causas de defunción imposibles e pouco probables de 2002 e 2003.
  - Mellora da aplicación informática para a depuración e explotación dos datos.
  - Preparación e distribución de datos en soporte informático e papel.
- Mellora da calidade do sistema de información:
  - Mantemento do manual de procedemento interno.
  - Xestión do Rexistro de Necropsias Extrahospitalarias: arquivo e control de cobertura, gravación de fichas.
  - Chamadas aos médicos diante de dúbidas ou erros nas causas de defunción.
  - Contacto cos médicos de cabeceira para ampliar ou aclarar a causa de falecemento, no caso de que os BED teñan algún dos problemas mencionados e non se puidese localizar o médico certificador.
  - Participación na comisión estatal para a elaboración das listas de causas de defunción pouco probables ou imposibles.
  - Participación en foros de discusión a nivel estatal e internacional sobre códigos dubidosos e normas de codificación.
  - Inicio do proxecto CARONTE, de mellora informática (*software*).
  - Edición do programa "Certifica" xunto coas CCAA de Murcia, País Vasco, Castela e León, Cataluña e o Ministerio de Sanidade e Consumo (MSC).
  - Organización dunha reunión para impulsar o sistema de codificación múltiple das causas de defunción nas diferentes CCAA do estado.
  - Inclusión, na páxina web da DXSP, dos datos de mortalidade 1981-1999.
  - A morte súpeta infantil en Galicia 1991-2000.
  - Seis edicións do curso "Como certificar a causa de defunción".
- Mortalidade perinatal:
  - Recepción, codificación e gravación dos rexistros recibidos.
  - Control de exhaustividade do Rexistro de Mortalidade Perinatal a través do Rexistro de Mortalidade Xeral, do IGE con datos de nacidos mortos, e nacidos vivos, falecidos antes de 24 horas, e datos hospitalarios.
  - Incorporación, ao rexistro xeral de mortalidade, dos nenos nacidos vivos e mortos antes das 24 horas de vida que foron identificados polo Rexistro de mortalidade perinatal de Galicia.
  - Cruzamento de datos do Rexistro, cos datos do CMBD, para completar a busca activa dos casos.
  - Monitorización do novo circuíto de datos.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- BED codificados e gravados: 28.921
- Mellora da calidade da información:

Táboa 1. Consultas realizadas para solicitar información

Ano		Médicos	Rexistros civís ou xulgados	TOTAL	% BED consult./ Total BED proces.
1993	Chamadas realizadas	147	276	423	0,70
	BED que requiriron consulta	103	225	328	
1994	Chamadas realizadas	181	122	303	0,90
	BED que requiriron consulta	138	112	250	
1995	Chamadas realizadas	202	180	382	1,30
	BED que requiriron consulta	156	152	308	
1996	Chamadas realizadas	254	154	408	1,20
	BED que requiriron consulta	197	112	309	
1997	Chamadas realizadas	224	58	282	0,70
	BED que requiriron consulta	188	50	238	
1998	Chamadas realizadas	105	81	186	0,50
	BED que requiriron consulta	87	79	166	
1999	Chamadas realizadas	185	118	303	0,80
	BED que requiriron consulta	124	120	244	
2000	Chamadas realizadas	197	96	293	0,90
	BED que requiriron consulta	154	113	267	
2001	Chamadas realizadas	180	93	273	0,93
	BED que requiriron consulta	170	83	253	
2002	Chamadas realizadas	225	72	297	0,98
	BED que requiriron consulta	215	60	275	
2003	Chamadas realizadas	86	82	168	0,53
	BED que requiriron consulta	86	67	153	

- Rexistro de Necropsias Extrahospitalarias, número de fichas procesadas: 438

Táboa 2. Indicadores de actividade do rexistro de mortalidade perinatal

Ano	Casos	Fichas codificadas	Reunións do comité técnico	Reunións da comisión asesora
1994	214	214	4	1
1995	165	165	4	1
1996	197	197	4	—
1997	200	200	4	1
1998	134	134	1	—
1999	143	143	1	—
2000	140	140	1	—
2001	172	172	1	1
2002	154	154	1	—
2003	160	160	—	—

Recursos económicos

Táboa 3. Análise de custos do Sistema de información sobre mortalidade en 2000

Tipo de recurso	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
RECURSOS HUMANOS							
Xefe de servizo	Grupo A-28A	1	S.C[1]	10	4.648		
Titulado superior	Grupo I	1	S.C	70	21.918		
Titulado sup. estatístico	Grupo I	1	S.C	10	3.269		
Codificadoras	Grupo IV	2	S.C	95	36.819		
Administrativo	Grupo C-18	1	S.C	20	4.575		
Bolseiro estatístico	Licenciado	1	S.C	10	1.320		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**72.549**	**86.398**	**85.069**
RECURSOS MATERIAIS							
Contrato-Programa con Hospitais					4.820		
CUSTO TOTAL RR.MM.					**4.820**	**4.910**	**22.492**
CUSTO TOTAL DO SISTEMA					**73.369**	**91.308**	**107.561**

1. Servizos centrais

De resultados

Táboa 4. Evolución da porcentaxe do grupo de causas mal definidas (mortes clasificadas no grupo XVI sobre o total). 1987-2001

Ano	1987	1988	1989	1990	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001
Galicia	2,93	2,61	2,67	2,42	2,32	2,09	2,24	2,01	1,96	1,75	1,86	1,55	2,58*	2,61	2,66
España	2,5	2,42	2,32	2,12	2,13	2,11	2,09	1,98	1,94	2,03	2,02	1,95	2,57*	2,67	2,74

** Utilízase C.I.E.-10ª revisión por primeira vez, o que supón cambios de códigos e normas de codificación. O aumento da porcentaxe de causas mal definidas no resto das CCAA foi moi semellante.*

Gráfico 1. Evolución da porcentaxe de causas mal definidas. 1980-2000



Táboa 5. Evolución do número de solicitudes de información atendidas. 1999-2003

Ano	Discos/Libros	Informes
1999	10	52
2000	9	68
2001	5	87
2002	7	203
2003	9	219

Sistemas de información sobre morbilidade

Sistema de información sobre enfermidades transmisibles

1. **Data de comezo:** sistema que existe no Estado español dende comezos do século XX, sufriu varias modificacións, a última das cales foi no ano 1995 coa creación da *Rede Nacional de Vixilancia Epidemiolóxica* (Real decreto 2210/95, do 28 de decembro. *Boletín Oficial del Estado* do 24 de xaneiro de 1996), adaptada a Galicia polo Decreto 177/1998, do 11 de xuño, polo que se crea a Rede Galega de Vixilancia en Saúde Pública, pola súa vez desenvolvido na Orde do 14 de xullo de 1998.

2. **Coordinación:** Alberto Malvar Pintos

3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Coñecer a incidencia, as tendencias temporais, a distribución xeográfica e as características das enfermidades suxeitas a declaración.
   2. Dispoñer dun sistema de alerta que permita descubrir os casos agrupados ou abrochos epidémicos, con vistas á adopción de medidas urxentes e uniformes de control.
   3. Avaliar o impacto das medidas exercidas para controlar estas enfermidades (vacinación, educación para a saúde, …).
   4. Fomentar a investigación ante cambios nos patróns epidemiolóxicos da enfermidade.
   5. Servir de fonte de información para os planificadores sanitarios.

   Específicos

   1. Conseguir que o tempo medio de atraso nas declaracións non sexa superior a 20 días.
   2. Manter unha media de atraso de envío das declaracións ao Centro Nacional de Epidemioloxía (CNE) inferior a 22 días.
   3. Caracterizar a patoloxía debida a estas enfermidades en Galicia, estudando tanto a súa distribución xeográfica como as súas tendencias.
   4. Impulsar e coordinar o desenvolvemento e aplicación de diferentes protocolos para o manexo de diversos tipos de abrochos e situacións de alerta sanitaria.
   5. Obter unha información de mellor calidade en certos procesos de notificación individualizada, acadando unha *ratio* declaración individualizada/numérica superior ao 95%.
   6. Monitorizar a devolución aos declarantes dos datos enviados, como información tabulada e analizada. Para iso, publicaranse seis números do Boletín Epidemiolóxico de Galicia (BEG).
   7. Realizar a investigación da totalidade dos abrochos epidémicos declarados.

4. **Descrición do sistema**

   Existe unha lista de enfermidades de declaración obrigatoria (EDO); todo médico con exercicio profesional en Galicia que sospeite que se atopa diante dunha delas, ten a obriga de declaralo ás delegacións provinciais da consellería.
   A declaración será, dependendo da enfermidade, semanal (só numérica ou tamén individualizada) ou urxente. Nas delegacións analízanas, actúan se é preciso, grávanas nun programa que comparten coa DXSP, dende onde se envía información ao Centro Nacional de Epidemioloxía, onde remata o fluxo de entrada de información no sistema.
   Se a declaración fose urxente, no mesmo momento de recibila a delegación provincial terá que notificarllo á DXSP.
   O fluxo de información no sistema péchase coa devolución da información aos declarantes.
   A dita retroalimentación faise por dúas vías: os *informes* que remiten as delegacións provinciais aos declarantes, e o *Boletín Epidemiolóxico de Galicia,* que remite a DXSP.

Estratexias

1. Asegurar o correcto funcionamento do sistema, facilitando os medios para facer a declaración e garantindo a súa informatización, transmisión e estudo, co fin de obter uns indicadores mínimos de xestión e calidade dos datos.
2. Potenciar os fluxos de información, involucrando máis os declarantes co sistema, mediante as seguintes accións:
   - Devolución da información xa analizada aos declarantes.
   - Contacto periódico con eles.
   - Inclusión no BEG de información útil para o seu traballo diario.
3. Mellorar a análise dos datos, perfeccionando o sistema informático e os algoritmos usados.
4. Garantir a transmisión semanal da información ao CNE.
5. Protocolizar as actuacións que se van desenvolver para cada proceso ou situación detectada.
6. Facilitar información e formación aos técnicos sanitarios integrantes das unidades central e periféricas.
7. Manter un sistema de alerta epidemiolóxica para facilitar a declaración urxente de problemas con contido epidemiolóxico en Galicia, e asegurar unha resposta inmediata e uniforme.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central: Servizo de Información de Saúde Pública.
- 4 unidades de coordinación periférica: Seccións de Epidemioloxía do Servizo de Promoción da Saúde das delegacións provinciais.
- Puntos declarantes: centros de atención primaria, servizos de urxencia e hospitais.

Recursos materiais

- Sistema de correo certificado con pagamento en destino.
- Sistema de rede de telecomunicacións.
- Talonarios de ficha de declaración numérica e individualizada.
- *Hardware* e *software*: aplicacións informáticas de EDO numérica e individualizada, desenvolvidas en *FoxPro* multiusuario.

5. Proxectos e actividades xestionados en 2003

- Depuración dos datos de 2003 do sistema das EDO.
- Realización do informe de monitorización dos resultados de 2002.
- Deseño e adquisición do material necesario para a realización da notificación das EDO e distribución aos puntos declarantes.
- Xestión do Sistema de Alerta Epidemiolóxica de Galicia (SAEG).
- Inclusión, na páxina web da DXSP, dos datos da EDO.
- Actuacións no Sistema de Investigación e Control dos Abrochos:
  - Investigación dos abrochos declarados.
  - Envío de datos ao CNE.
  - Elaboración do documento: abrochos en Galicia no ano 2002.
  - Elaboración de documentos relacionados coas enfermidades de orixe alimentaria:
    - — A calidade da investigación dos abrochos EOA en 2002.
    - — Realización do primeiro obradoiro sobre investigación de abrochos de EOA.
- Mantemento do Sistema de Vixilancia Especial da Parálise Fláccida Aguda.
- Mantemento do Sistema de Vixilancia Especial do Sarampelo, baseado na declaración urxente da sospeita do caso e do estudo deste e dos seus contactos.
- Mantemento do sistema especial de vixilancia da gripe, en colaboración co 061.
- Incorporación da vixilancia virolóxica ao sistema de vixilancia da gripe.
- Documentos de vixilancia e control relacionados coa emerxencia da SRAS.

- Documentos de vixilancia e control relacionados coa reemerxencia da SRAS.
- Elaboración de diversos documentos cos resultados da vixilancia en Galicia:
  - Ano 2002: persiste a transmisión do virus salvaxe da polio.
  - Informe da enquisa de cobertura nos nados en 1998/99.
  - Recomendacións para o estudo de abrochos de lexionelose.
  - Protocolo de vixilancia da pneumonía por legionella.
  - Organización da investigación dos abrochos de pneumonía pos legionella.
  - A distribución xeográfica da lexionelose en Galicia 2002.
  - A gripe en Galicia na tempada 2002/03.
  - Incidencia da enfermidade pneumocócica invasiva 2002.
  - Vacina da hepatite A: ano de corte screening *versus* vacinación en adultos.
  - Resultado do piloto da vixilancia ampliada da febre tifoidea.
- Elaboración de seis números do Boletín Epidemiolóxico de Galicia (BEG).
- Explotación mensual dos datos do CMBD.
- Facilitar a información específica do sistema solicitada por institucións e profesionais sanitarios.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución do número de puntos de declaración. 1993-2003

Ano	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Nº puntos	1.741	1.757	1.797	1.841	1.831	1.850	1.885	1.923	1.925	2.033	2.044

Recursos económicos

Táboa 2. Análise de custos do Sistema de información sobre enfermidades transmisibles

Tipo de recurso	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
RECURSOS HUMANOS							
Xefe de servizo	Grupo A-28	4	S.P.[2]	40	70.663		
Xefe de sección	Grupo A-24	4	S.P.	80	119.126		
Técnico A	Grupo A-20	4	S.P.	80	100.199		
Técnico B	Grupo B-16	3	S.P.	80	62.663		
Auxiliar administrativo	Grupo D-12	2	S.P.	40	14.137		
Xefe de servizo	Grupo A-28	1	S.C.[1]	60	27.886		
Asesor técnico A	Grupo A-22	1	S.C.	100	34.102		
Técnico A	Grupo I	1	S.C.	80	26.149		
Técnico B	Grupo B-16	1	S.C.	100	26.110		
Técnico informático	Grupo III	1	S.C.	20	4.704		
Administrativo	Grupo C-18	1	S.C.	35	8.007		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**493.746**	**499.696**	**488.612**
RECURSOS MATERIAIS E OUTROS							
Sistema EDO					22.731		
Boletín Epidemiolóxico de Galicia (BEG)					29.706		
Contrato programa delegacións					41.927		
Sistema de Alerta Epidemiolóxica de Galicia (SAEG)					15.125		
CUSTO TOTAL RR.MM.					**109.489**	**144.697**	**180.211**
CUSTO TOTAL DO SISTEMA					**603.235**	**644.393**	**668.823**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos

De resultados

Táboa 3. Evolución de diferentes indicadores. 1993-2003

Ano	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
T.P.G.[1,5]	49	50	51	50	48	51	59	60	58	56,	52
Ind. de completude[2]	91	85	97	90	97	98	98	98	99	99	99
Nº abrochos de EOA[3]		19	29	39	34	52	45	48	40	45	36
Nº abrochos de non-EOA[4]		2	8	62	8	24	16	38	28	19	18
Nº total de abrochos	35	21	37	101	42	76	61	86	68	64	54
Nº de declaracións[5]	44.361	45.682	47.656	47.057	46.399	48.706	58.224	59.211	58.393	59.201	56.333
Nº BEG	7	6	5	7	5	5	4	7	6	6	6

1. *Taxa de participación global (TPG) : é o cociente entre o número de declaracións feitas e o número total de declaracións posibles nun mesmo ano. Vén expresado como porcentaxe. (O número de declaracións posibles nun ano é igual ao produto do número de declarantes polo número de semanas do ano, en xeral 52).*
2. *O índice de completude é o cociente formado polo número de casos de enfermidades de declaración individualizada notificados de xeito individualizado, e o número total de casos de enfermidades de declaración individualizada notificados (de xeito individualizado ou numérico).*
3. *Núm. abrochos de EOA (enfermidade de orixe alimentaria).*
4. *Núm. abrochos de non-EOA, son aqueles en que o alimento non intervén na súa transmisión. O elevado valor deste indicador no ano 1996, débese fundamentalmente ao gran número de abrochos declarados de rubéola e parotidite, que expresa a flutuación periódica da incidencia destas enfermidades.*
5. *Núm. de declaracións é o número de partes de notificación recibidos nas delegacións provinciais da Consellería.*

Sistema de información microbiolóxica

Este sistema funciona como complemento do anterior, a partir dos datos dos laboratorios de microbioloxía dos hospitais galegos, permitindo identificar os principais axentes etiolóxicos de diversas enfermidades, detectar abrochos por novos axentes e patoloxías emerxentes, identificar resistencias aos tratamentos, etc.

1. **Data de comezo:** ano 1995
2. **Coordinación:** Luisa Abraira García
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Favorecer o control dos diferentes procesos vixiados.

   Específicos

   1. Detectar e caracterizar a circulación de axentes etiolóxicos de carácter microbiolóxico.
   2. Detectar e caracterizar abrochos epidémicos, tanto nosocomiais como na comunidade.
   3. Afondar na epidemioloxía de certas enfermidades infecciosas.
   4. Identificar axentes novos e patoloxías emerxentes.
   5. Detectar e caracterizar as resistencias a antimicrobianos.

4. **Descrición do sistema**

   Estratexias

   1. Simplificación do formato de notificación para evitar que sexa unha carga adicional para os laboratorios.
   2. Existirán unha serie de procesos de vixilancia específica e unha segunda modalidade de análise inespecífica, para identificar comportamentos inespecíficos dalgúns microorganismos.
   3. A análise da información recollida complementará a do sistema de EDO.
   4. Facilitaráselle a información, unha vez analizada, a todos os laboratorios integrantes do sistema.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Información de Saúde Pública.
   - Laboratorios de microbioloxía integrantes do sistema asistencial.

   Recursos materiais

   - *Hardware* e *software.*
   - Sistema de envío dos datos.

5. **Proxectos e actividades xestionados en 2003**

   - Mellora da participación dos laboratorios de microbioloxía dos hospitais dependentes do Sergas.
   - Recepción e depuración dos datos.
   - Realización dun informe do ano 2002.
   - Remisión da información tabulada semestralmente aos hospitais integrantes do sistema e máis ás seccións de epidemioloxía das delegacións provinciais da consellería.
   - Cruzamento de datos cos obtidos polo Sistema Xeral de Notificación Obrigatoria de Enfermidades (SXNOE), para mellorar a súa completude e calidade. Trimestralmente, remisión de datos e recepción de resultados provinciais.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Participación

Táboa 1. Evolución de indicadores mensuais en 2003

Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	Total
% Participación[1]	93	87	87	80	80	80	80	80	80	80	80	80	82

1. Participación: é o cociente entre o número de hospitais que declararon algún microorganismo no mes correspondente e o número de hospitais que forman parte do sistema. A participación global é o cociente entre o número de hospitais que declararon algún microorganismo nalgún mes do ano correspondente e o número de hospitais que forman parte do sistema.

- Recursos económicos

Táboa 2. Análise de custos en euros dos recursos humanos do sistema

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A-28	1	S.C.[1]	20	4.648		
Técnico A	Grupo I	1	S.C.	20	6.537		
Administrativo	Grupo C-18	1	S.C.	10	4.575		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**15.760**	**32.426**	**32.778**

1. Servizos centrais

Sistema de información sobre tumores

1. **Data de comezo:** ano 2003
2. **Coordinación:** Alberto Malvar Pintos
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Explicar a incidencia e a mortalidade por cancro en Galicia.

   Específicos

   1. Da incidencia dos distintos cancros en Galicia, coñecer a súa distribución en termos de persoa, lugar e tempo.
   2. Dos factores que determinan a incidencia dos distintos cancros, coñecer a súa presenza en Galicia en termos de persoa, lugar e tempo.
   3. Dos factores que determinan a supervivencia dos distintos cancros, coñecer a súa presenza en Galicia en termos de persoa, lugar e tempo.
   4. Da mortalidade dos distintos cancros en Galicia, coñecer a súa distribución en termos de persoa, lugar e tempo.
   5. Estudar os agregados de casos de cancro.
   6. Servir como estímulo e base de estudos epidemiolóxicos e tamén de programas de prevención e control.

4. **Descrición do sistema**

   Estratexias

   1. Favorecer todas aquelas iniciativas que melloren a calidade do Rexistro de Mortalidade de Galicia.
   2. Impulsar o desenvolvemento e a implantación do Rexistro Galego de Tumores (RGT).

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Información de Saúde Pública.

   Recursos materiais

   - Fontes de datos: Rexistro de Mortalidade de Galicia; RGT cando estea implantado; estudos específicos sobre os factores que determinan a incidencia dos distintos cancros.

5. **Proxectos e actividades xestionados en 2003**

   - Presentación do RGT.
   - Participación no desenvolvemento do RGT.
   - Elaboración do proxecto: Mortalidade por cancro en Galicia: 2003-2007.
   - Elaboración do documento: O radón e o cancro de pulmón en Galicia.
   - A esperanza de vida e o cancro de mama en Galicia: Avaliación do programa de cribaxe.

6. Indicadores cuantitativos

- Recursos económicos

Taboa 1. Análise de custos do sistema de información sobre tumores

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A-18	1	S.C.[1]	10	4.648		
Técnico A	Grupo I	1	S.C.	20	8.172		
Bolseiro	Licenciado	1	S.C.	30	3.960		
Administrativo	Grupo C-18	1	S.C.	5	1.144		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**17.924**	**46.388**	**43.071**

1. Servizos centrais

De resultados

Táboa 2. Proxecto Mortalidade por cancro en Galicia: 2003-2007

Porcentaxe de cumprimento	2003	2004	2005	2006	2007
Informes previstos	1	2	2	2	2
Informes elaborados	100%	–	–	–	–

Rexistro de interrupcións voluntarias do embarazo (IVE)

1. **Data de comezo:** ano 1989
   Antecedentes: En 1985 despenalizouse o aborto en tres supostos regulados pola Lei orgánica 9/1985, do 5 de xullo, de reforma do artigo 417 bis do Código penal. Na Orde do 16 de xuño do 1986 establécense as condicións nas cales se ten que recoller a información epidemiolóxica e a explotación estatística dos datos obtidos.
2. **Coordinación:** Sara Cerdeira Caramés
3. **Obxectivos**
   1. Coñecer a distribución das IVE en Galicia e a súa tendencia e evolución no tempo.
   2. Analizar as taxas de abortividade en comparación coas de natalidade.
4. **Descrición do sistema**
   O Servizo de Información sobre Saúde Pública envía talonarios de notificación aos centros sanitarios acreditados que o soliciten e, por cada IVE realizada, remiten á DXSP dúas follas das tres que presenta cada ficha cos datos persoais da embarazada e datos da intervención, sendo cada cuestionario anónimo e confidencial. O rexistro depura e grava os datos e envía a folla restante ao Ministerio de Sanidade e Consumo para a elaboración das estatísticas nacionais e por comunidade autónoma.
5. **Actividades e proxectos xestionados en 2003**
   - Depuración e gravación dos boletíns recibidos.
   - Realización de informes solicitados.
   - Envío ao Ministerio de Sanidade e Consumo da base de datos ao final do ano.
   - Incorporación dun novo centro sanitario declarante.
6. **Indicadores cuantitativos**

   De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos do Sistema de información sobre IVE

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de sección	Grupo A-25	1	S.C.[1]	5	1.634		
Titulado superior	Grupo I	1	S.C.	5	1.938		
Codificadoras	Grupo IV	2	S.C.	5	2.288		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**5.860**	**5.204**	**4.705**

1. Servizos centrais

Durante 2003 gravaronse un total de 2.080 boletíns correspondentes a outros tantos abortos realizados en Galicia.

Táboa 2. Notificacións de IVE en mulleres residentes en Galicia. 1986-2003

Ano	TOTAL	IVE notificadas Realizadas en Galicia	Realizadas fóra de Galicia
1986	4	4	Nc
1987	450	1	449
1988	824	1	823
1989	1.040	320	720
1990	1.391	687	704
1991	1.930	1.319	611
1992	2.231	1.706	525
1993	2.011	1.483	528
1994	2.311	1.804	507
1995	2.414	1.880	534
1996	2.548	1.885	663
1997	2.480	1.920	560
1998	2.397	1.866	531
1999	2.210	1.688	522
2000	2.283	1.768	515
2001	2.530	1.995	541
2002	2.619	2.136	483
2003	*	2.028	Pendentes de recibir *
TOTAL	**31.228 ***	**22.463**	**8.765**

* *Datos provisorios, pendentes de consolidar*

Programa de elaboración de *software* epidemiolóxico

1. **Data de comezo:** ano 1992
2. **Coordinación:** Isolina Santiago Pérez
3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Apoiar os servizos de saúde pública e administración sanitaria en aspectos relacionados coa metodoloxía de investigación epidemiolóxica, facilitándolles programas informáticos de uso doado, que proporcionen utilidades que complementen as existentes nos programas estatísticos utilizados de xeito cotián.
   2. Establecer unha vía de comunicación interdisciplinaria entre epidemiólogos e bioestatísticos.

   Específico

   Deseñar, elaborar, editar e distribuír os programas informáticos Epidat e Rsida (Moucho).

4. **Descrición do subprograma**

   Estratexias

   1. Análise das necesidades e prioridades de *software* no eido do manexo de datos para análise estatística.
   2. Cooperación coa USC e coa OPS para o desenvolvemento do *software*.
   3. Revisión e edición conxunta de *software*.
   4. Difusión dos produtos.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Información sobre Saúde Pública. Unidade de Informática.
   - Técnicos e investigadores das institucións implicadas.

   Recursos materiais

   - Convenio de cooperación CSSS-OPS.
   - Convenio de cooperación CSSS-USC.
   - *Hardware* e *software.*
   - Material impreso de divulgación.

5. **Proxectos e actividades xestionados en 2003**
   - Continuación e remate da versión 3.0 de Epidat para Windows.
     - Elaboración das axudas de Distribucións de probabilidade, Probas diagnósticas, Táboas de continxencia, Inferencia sobre parámetros, Meta-análise, Vixilancia en saúde pública, Xerarquización.
     - Revisión de todas as axudas por parte de revisores externos.
     - Edición das axudas.
     - Corrección de erros detectados no programa durante o proceso de elaboración das axudas, e presentación da versión final.
   - Presentacións da versión beta de Epidat 3.0 para Windows.
     - "Obradoiro de introdución ao manexo de Epidat 3.0" (7 horas). Dirección Xeral de Calidade e Atención Sanitaria. Oviedo, 25 de marzo de 2003.
     - "Obradoiro de introdución ao manexo de Epidat 3.0" (7 horas). Centro Nacional de Epidemioloxía. Instituto de Saúde Carlos III. Madrid, 27 de otubro de 2003.
     - "Obradoiro de introdución ao manexo de Epidat 3.0" (7 horas). Dirección Xeral de Calidade e Atención Sanitaria. Oviedo, 12 de decembro de 2003.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Cadro de distribución de EPIDAT 1.0

Países	Nº de receptores (acumulativo) 1995	1996
Galicia	217	349
Resto de España	194	197
Resto de Europa	7	7
América do Sur	863	897
América do Norte, Centro e Caribe	103	110
TOTAL	**1.384**	**1.560**

Táboa 2. Distribución de EPIDAT v 2.0 e 2.1

	1997 (EPIDAT. 2.0)	1998 (EPIDAT. 2.0 e 2.1)	1999 (EPIDAT. 2.1)	2000 (EPIDAT. 2.1)	2001 (EPIDAT. 2.1)
Manual con disquetes	306	74	38	–	1
Xogos de disquetes	16	73	115	70	75
Baixadas da *Internet*	154	492	710	–	–

Recursos económicos

Táboa 3. Análise de custos en euros do subprograma

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Titulado superior	Grupo I	1	S.C.[1]	90	294.178		
Administrativo	Grupo C-18	1	S.C.	5	11.438		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**40.856**	**75.559**	**32.776**

1. Servizos centrais

Programa de colaboración institucional

1. **Data de comezo:** ano 1992
2. **Coordinación:** Alberto Malvar Pintos
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Servir de canle de intercambio de experiencias con institucións de saúde internacionais.

   Específicos

   1. Manter un convenio anual coa Unidade de Bioestatística da Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela (USC).
   2. Manter un convenio anual coa cátedra de Medicina Preventiva e Saúde Pública da USC.
   3. Manter unha carta de entendemento plurianual coa Organización Panamericana da Saúde (OPS).
   4. Proporcionar unha asesoría directa a outras unidades da Consellería de Sanidade (CS) e do Servizo Galego de Saúde (Sergas).

4. **Descrición do subprograma**

   Estratexias

   1. Cooperación coa USC e a OPS, intercambiando profesorado e investigadores.
   2. Asesorías a países da Rexión das Américas.
   3. Apoio técnico a outras unidades da CS e do Sergas.
   4. Facilitar a comunicación entre o persoal dos servizos de saúde interesados en aspectos metodolóxicos e de investigación.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Información de Saúde Pública. Unidade de Informática.

   Recursos materiais

   - Convenio de cooperación CS-OPS.
   - Convenio de cooperación CS-USC.

5. **Proxectos e actividades xestionados en 2003**

   - Elaboración e sinatura do convenio coa Universidade de Santiago de Compostela, para o apoio tecnolóxico e o desenvolvemento de actividades de formación sobre análise estatística e tratamento de datos aplicados á epidemioloxía.

6. **Indicadores cuantitativos**

   De xestión

Táboa 1. Cadro evolutivo do número de convenios e custo en euros no período 1992-2003

Ano	Nº de convenios	Importe total
1992	1	16.528
1993	2	42.117
1994	2	45.977
1995	3	54.091
1996	5	103.104
1997	6	98.641
1998	5	60.312
1999	4	68.035
2000	2	85.644
2001	3	162.810
2002	2	15.025
2003	2	70.705

Programa do sistema de información xeográfica (SIX)

1. **Data de comezo:** ano 1999
2. **Coordinación:** Isolina Santiago Pérez
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Apoiar as crecentes necesidades de planificadores e xestores na análise de indicadores de saúde e servizos sanitarios, facilitando a súa representación e análise xeográfica.

   Específicos

   1. Facilitar a representacion xeográfica de datos de saúde-enfermidade.
   2. Definir as técnicas estatísticas que se aplicarán a estes datos.
   3. Facilitar a análise de indicadores entre os profesionais sanitarios.
   4. Apoiar a monitorización e priorización de problemas de saúde.
4. **Descrición do subprograma**

   Estratexias

   1. Definición do *software* axeitado.
   2. Formación de recursos en SIX.
   3. Cooperación coa Organización Panamericana da Saúde (OPS) en SIX.
   4. Actualización de datos demográficos.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Sección de Información Sanitaria.
   - Convenio de cooperación entre a Consellería de Sanidade (CS) e a Universidade de Santiago de Compostela (USC).
   - Carta de entendemento entre a OPS e a CS.

   Recursos materiais

   - Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP).
5. **Proxectos e actividades xestionados en 2003**
   - Desenvolvemento de enlaces entre bases de datos e mapas.
   - Exploración de técnicas de representación xeográfica de tendencias.
   - Estimación das poboacións intercensuais cun método novo, baseado en regresións log-lineais.
   - Representación xeográfica de datos utilizando rueiros dixitalizados.
6. **Indicadores cuantitativos**
   - Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros do subprograma

Tipo de recurso	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
RECURSOS HUMANOS							
Bolseira estatística	Licenciada	1	S.C.[1]	60	7.920		
Técnico informático	Grpo III	1	S.C.	50	11.761		
Administrativo	C-18	1	S.C.	5	1.144		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**20.825**	**9.195**	**8.541**
RECURSOS MATERIAIS							
Actualización do programa estatístico STATA					2.086		
CUSTO TOTAL RR.MM.					**2.086**	**905**	**13.409**
CUSTO TOTAL DO SUBPROGRAMA					22.911	10.100	21.950

1. Servizos centrais

Modificación dos determinantes da saúde



Actuación sobre factores de risco relacionados coas enfermidades transmisibles

- Plan galego de VIH/sida
- Programa galego de prevención e control da tuberculose
- Programa galego de prevención e control de enfermidades inmunoprevibles

Plan galego de VIH/sida

Subprograma de vixilancia epidemiolóxica

1. **Data de comezo:** ano 1986, de forma simultánea co Rexistro Nacional da Sida.

2 **Coordinación:** Javier Cereijo Fernández

3. **Obxectivos**
   Xeral

   Coñecer as características (persoa, lugar e tempo) da epidemia producida polo VIH e da sida.

   Específicos

   1. Estimar a prevalencia e incidencia da infección por VIH/sida na poboación.
   2. Estimar a evolución e proxección ao futuro da prevalencia da infección por VIH/sida.
   3. Identificar subgrupos poboacionais nos que o problema é maior e/ou medra máis rapidamente.
   4. Obter a información precisa para avaliar e establecer prioridades nos programas de intervención.
   5. Obter información sobre o nivel de coñecementos, actitudes e comportamentos da poboación ou de grupos específicos respecto da transmisión e prevención da infección por VIH/sida.
   6. Obter a información necesaria para planificar os programas e recursos para a prevención da transmisión do VIH e para a atención aos casos de sida.
   7. Proporcionar a información dispoñible, tanto ao Rexistro Nacional, como aos puntos de notificación e ás persoas que se considere oportuno.

4. **Descrición do subprograma**

   Estratexias

   1. Xestión do Rexistro Galego da Sida:
      - Mantemento permanente de contacto cos declarantes e control da calidade da información recibida no Rexistro Galego da Sida.
      - Remisión do informe semestral ao Rexistro Nacional.
      - Elaboración e difusión de informes periódicos.
   2. Realización de estudos de estimación da seroprevalencia en poboacións sentinela.
   3. Participación nos grupos de traballo constituídos para a creación dun sistema de información de VIH.
   4. Estudo do impacto da mortalidade por VIH/sida na mortalidade xeral.
   5. Realización de estudos para coñecer o nivel de información, actitudes e comportamentos da poboación ou de grupos específicos respecto da transmisión e prevención da infección por VIH.
   6. Implantación dun sistema de vixilancia microbiolóxica e molecular.
   7. Resolución de consultas á demanda, ben sexan por escrito, telefónicas ou persoais.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Prevención e Control das Enfermidades Transmisibles.
   - Voluntarios e persoal das ONG ou institucións que colaboran na execución das actividades.

   Recursos materiais

   - Folla de rexistro de caso sida (Rexistro Nacional da Sida en Galicia).
   - *Software:* aplicación informática do Sistema Estatal de Información sobre VIH/sida.
   - Cuestionarios para a realización de enquisas.
   - Liñas telefónicas.

5. Proxectos e actividades xestionados en 2003

- Rexistro Galego da Sida:
  - Elaboración e difusión de informes semestrais dos datos procedentes do Rexistro Galego da Sida.
  - Remisión semestral dos datos do Rexistro Galego da Sida ao Rexistro Nacional.
- Estudos en poboacións sentinela:
  - Realización dun estudo anónimo non relacionado de seroprevalencia de anticorpos anti-VIH en neonatos.
  - Estudo en traballadoras do sexo:
    - Realización de enquisas sobre as características sociodemográficas e de prácticas de risco.
  - Petición á División de Asistencia Sanitaria-Centro de Transfusión de Galicia dos datos sobre as probas de infección por VIH realizadas en doadores de sangue.
- Grupo de traballo para a elaboración e implantación dun sistema de información sobre VIH en Galicia.
- Edición do Formulario de notificación de caso VIH.
- Convenio co Instituto de Saúde Carlos III, para a realización e implantación dun sistema de vixilancia epidemiolóxica molecular da infección polo VIH en Galicia e un estudo de investigación dos subtipos non-B e recombinantes detectados.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Actividade do Rexistro Galego da Sida

Rexistro Galego da Sida	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Nº de rexistros novos tramitados	359	309	144	169	88	100	124	114
Nº de rexistros modificados	730	754	251	255	294	196	182	138
Nº de informes técnicos	2	2	2	2	2	2	2	2
Nº de publicacións	1	–	–	–	1	1	1	1

Táboa 2. Sistemas de información de VIH diagnosticados

Sistemas de información de VIH diagnosticados	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Reunións dos grupos de traballo interno (Atención Especializada, Farmacia, información sanitaria, informática)	7	4	2	3	2	2
Reunións cos interlocutores sociais e dos afectados	2	1	–	3	0	1
Reunións co Ministerio de Sanidade e Consumo	2	1	1	1	1	1

Táboa 3. Evolución de custos en euros do subprograma

	2003	2002	2001	2000	1999
Convenio co Instituto de Saúde Carlos III	15.025	12.020	10.818	12.020	12.020
Informe Rexistro Galego de Sida (1984-2002)	5.200	5.007	3.907	3.594	4.754
Edición do Formulario de notificación de caso VIH	449				
CUSTO TOTAL DO SUBPROGRAMA	20.225	17.027	14.725	15.614	16.774

De resultados

Gráfico 1. Número de casos e incidencia de sida por millón de habitantes por ano de diagnóstico (a 31-12-2003)



Subprograma de prevención

Inclúense intervencións dirixidas á poboación xeral, xunto con outras dirixidas a diferentes colectivos con prácticas de risco e de difícil acceso: usuarios de drogas por vía intravenosa (UDVP), persoas que exercen a prostitución, persoas encarceradas, poboacións marxinais…

Para o desenvolvemento dos proxectos de prevención contouse cunha achega económica do Ministerio de Sanidade e Consumo (MSC) de 288.681, 18 euros.

Intervencións con poboación xeral

1. **Data de comezo:** ano 1986
2. **Coordinación:** José Antonio Taboada Rodríguez
3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Manter informada a poboación xeral sobre as vías de transmisión, formas de prevención e impacto da epidemia.
   2. Diminuír as prácticas de risco na poboación xeral.
   3. Diminuír a incidencia da infección por VIH e dos casos de sida.
   4. Diminuír as actitudes de rexeitamento e marxinación social dos afectados e fomentar as actitudes e condutas solidarias.

4. **Descrición do proxecto**

   Estratexias

   - Edicións periódicas de folletos informativos para a poboación xeral e a súa difusión permanente a través de distintas organizacións (cursos, consultas, stands, …).
   - Deseño e difusión de campañas informativas nos medios de comunicación.
   - Funcionamento do teléfono de información sobre o VIH/sida.
   - Celebración do Día Mundial da Sida, o día 1 de decembro, con campañas informativas a través dos medios de comunicación, e actos especiais.
   - Establecemento de convenios de colaboración con organizacións de diferente natureza e convocatorias oficiais de subvención a proxectos ou accións no campo do VIH/sida, con ONG, concellos e universidades.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Prevención e Control das Enfermidades Transmisibles.
   - Voluntarios e persoal das ONG ou institucións que levan a cabo proxectos ou accións no campo do VIH/sida.

   Recursos materiais

   - Diversos materiais impresos.
   - Convenios de colaboración e convocatorias de subvención a proxectos.
   - Teléfono de información sobre o VIH/sida.

5. **Actividades xestionadas en 2003**
   - Colaboración en actividades e elaboración de material informativo con diferentes organizacións (ONG, Consello da Xuventude).
   - Distribución de folletos de información xeral.
   - Convenio co Consello da Xuventude de Galicia.
   - Xestión de consultas persoais e a través do teléfono de información sobre a VIH/sida.
   - Celebración do Día Mundial da Sida: información a través da prensa e medios de comunicación, distribución de diverso material informativo (folletos, carteis, …) entre ONG, centros escolares, concellos, …

6. **Indicadores cuantitativos**

   De xestión

Táboa 1. Edicións de material impreso divulgativo de información xeral. 1993-2003

Ano	1993	1994	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Nº de folletos de inf. xeral editados	80.000	40.000	25.000	16.200	16.200	24.200	8.000	15.000	15.000	30.000

Táboa 2. Distribución de material no Día Mundial da Sida. 1998-2003

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Nº folletos de información xeral	12.550	12.600	6.550	14.851	23.500	24.900
Nº folletos "Muller, embarazo e sida"	16.900	25.000	15.100	24.500	19.700	23.400
Nº folletos do programa de intercambio de xiringas	6.950	1.000	0	300	0	0
Nº folletos do programa de mariñeiros	5.050	–	–	–	–	–
Carteis ONUSIDA	600	400	426	1.590	1.943	993
Preservativos	–	–	25.844	21.888	22.608	35.712
Anuncios en periódicos sobre o uso do preservativo	–	–	–	–	–	20.296
Folletos do Plan Nacional da Sida	16.150	10.000	28.000	26.150	28.000	27.800
Carteis do Plan Nacional da Sida	1.588	1.500	2.250	1.547	2.000	0

Táboa 3. Xornadas de información xuvenil nos concellos. 1998-2000

	1998	1999	2000
Xornadas de información xuvenil nos concellos	7	11	22

Táboa 4. Evolución e análise de custos en euros do proxecto. 1999-2003

	2003	2002	2001	2000	1999
Edición/distribución de folletos	–	12.984	6.010	9.049	12.189
Convenio co Consello da Xuventude de Galicia (CXG)	13.222	11.412	11.188	10.968	3.155
Xornadas de información xuvenil nos concellos	–	–	–	2.380	1.653
Anuncios en periódicos sobre o uso do preservativo	30.481	–	–	–	–
Outras actividades	9.706 (**)	0	6.605 (*)	0	7.049
CUSTO TOTAL DO PROXECTO	**53.409**	**24.396**	**23.803**	**22.397**	**24.046**

(*) Subvención da campaña Lémbrao do CXG

(**) Campaña para a mocidade "Sexualidade con protección" do CXG; outros materiais de apoio. Intervencións con colectivos específicos

Intervencións con colectivos específicos

Prevención primaria do VIH/sida e outras enfermidades transmisibles en mulleres que exercen a prostitución. Proxecto Olimpia

1. **Data de comezo:** ano 1997
2. **Coordinación:** Mª del Carmen Blanco Ramos
3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Estudo sobre as condicións do exercicio da prostitución nos lugares onde se desenvolve o programa.
   2. Facilitar e promover a atención social e sanitaria ao colectivo de mulleres dedicadas á prostitución.
   3. Prevención primaria e secundaria do VIH/sida nas mulleres que exercen a prostitución na nosa comunidade.

   Específicos

   1. Mantemento da base de datos con información epidemiolóxica sobre este grupo.
   2. Describir as condicións sociais, económicas e sanitarias das persoas dedicadas á prostitución.
   3. Coñecer a prevalencia de enfermidades de transmisión sexual e as prácticas de risco neste colectivo.
   4. Facilitar a adquisición de hábitos saudables nas mulleres destinatarias do programa para mellorar e aumentar a súa calidade de vida.
   5. Informar a poboación destinataria dos servizos sociais e sanitarios dispoñibles e fomentar e potenciar a súa utilización.
   6. Crear entre as mulleres do colectivo unha rede permanente de información sobre enfermidades transmisibles por vía sexual e sobre os servizos sociosanitarios.

4. **Descrición do proxecto**

   O proxecto desenvólvese no marco dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade, a Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado e a ONG Grupo de Estudos sobre as Condicións da Muller Alecrín, para a integración das prostitutas na rede de atención sociosanitaria. Da súa xestión encárgase o Servizo de Prevención e Control das Enfermidades Transmisibles.

   Estratexias

   1. Facilitar o acceso destas mulleres aos recursos de atención sociosanitaria.
   2. Coordinación cos servizos sanitarios e de asistencia social.
   3. Derivación ao centro de día e aos centros de saúde correspondentes.
   4. Establecemento dunha rede de axentes de saúde neste colectivo.
   5. Facilitación de materiais informativos: dípticos, trípticos…
   6. Promoción dos métodos preventivos fronte á infección polo VIH/sida e outras enfermidades transmisibles, xunto coa facilitación de materiais preventivos e instrucións de uso.
   7. Colaboración con organizacións que traballan neste ámbito e participación nunha rede europea de proxectos de intervención en prostitución.

   Intervención

   - Unidade móbil:
     - Saídas semanais aos puntos de intervención: Vigo, Pontevedra, Ourense, Santiago de Compostela e Lugo.
     - Extracción de mostras para a realización de probas serolóxicas (VDRL, VHB, VHC, VIH).
     - Entrega das mostras nos laboratorios de referencia.
     - Derivación aos centros de día e centros de saúde ou servizos sociais correspondentes.
     - Facilitación de información, de asesoramento e de medios preventivos.
     - Reunións de coordinación co centro de día e centros de saúde.
     - Entrevistas protocolizadas e recollida de datos. Historia clínica.
   - Centro de día:
     - Coordinación semanal e derivación aos centros de saúde e servizos sociais asignados.

- Consello e asesoramento das mulleres que o solicitan dende a unidade móbil.
- Seguimento semanal da unidade móbil.
- Procesamento dos datos recollidos na unidade móbil.
- Prestación de servizos: lavadora, ducha, sala de estar.
- Coordinación coa Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP).

- Cursos para axentes de saúde.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- DXSP: Servizo de Prevención e Control das Enfermidades Transmisibles.
- Alecrín: centros de día (Vigo e Santiago de Compostela), unidade móbil.
- Centros de saúde, servizos sociais.

Recursos materiais

- Convenio co Grupo de Estudos sobre as Condicións da Muller *Alecrín.*

- Materiais de apoio:
  - Informativos
  - Preventivos
  - Unidade móbil

5. Actividades xestionadas en 2003

- Desenvolvemento do convenio bianual 2003-2004 de colaboración con Alecrín.
- Acordo coa División de Asistencia Sanitaria para establecer centros de saúde e persoal sanitario de referencia para as mulleres derivadas a consecuencia da realización do proxecto.
- Asesoramento do material informativo do proxecto Olimpia.
- Reunións de coordinación para estender o programa á zona norte da Coruña (Carballo), coas ONG Alecrín e Médicos do Mundo.
- Convenio Médicos do Mundo.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Actividade da unidade móbil. 1998-2003

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Contactos establecidos (*)	230	336	864	1.146	1.431	1.893
Analíticas realizadas	105	73	131	132	108	102
Derivacións á asistencia sanitaria	105	73	131	132	115	138

(*) Datos globais dende o comezo do proxecto

Táboa 2. Evolución e análise de custos en euros do proxecto. 1999-2003

	2003	2002	2001	2000	1999
Convenio con Alecrín	91.400	91.370	89.579	87.822	53.438
Outras actividades	0	0	2.793	0	0
CUSTO TOTAL DO PROXECTO	**91.400**	**91.370**	**92.372**	**87.822**	**53.438**

Muller, embarazo e infección por VIH

1. **Data de comezo:** ano 1997
2. **Coordinación:** José Antonio Taboada Rodríguez; Mª del Carmen Blanco Ramos
3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Previr a transmisión da infección polo VIH/sida nas mulleres de Galicia en idade fértil.
   2. Previr a transmisión da infección polo VIH/sida de nai a fillo.

   Específicos

   1. Detección e captación de mulleres con prácticas de risco e intención de procrear para diminuír o risco de transmisión perinatal.
   2. Seguimento e asistencia continuada da muller VIH(+) e do seu fillo.

4. **Descrición do proxecto**

   Estratexias

   1. Informar toda muller en idade fértil sobre as prácticas de risco da infección por VIH e das medidas de prevención.
   2. Ofertar as probas analíticas de detección da infección, informando das súas características a todas as mulleres embarazadas. Solicitarase sempre o seu consentimento e ofertaráselles consello antes e despois de realizalas.
   3. Planificación familiar axeitada, respectando sempre a vontade da muller infectada.
   4. Informar os obstetras, médicos de atención primaria e pediatras das normas aprobadas internacionalmente para o seguimento e tratamento da muller embarazada respecto ao VIH/sida.
   5. Oferta de tratamento antirretroviral segundo protocolos aprobados internacionalmente.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Prevención e Control das Enfermidades Transmisibles.
   - Profesionais de atención primaria e especializada (médicos de familia, xinecólogos, obstetras e pediatras).

   Recursos materiais

   - Circular sobre as normas xerais de actuación.
   - Folleto informativo.

5. **Actividades xestionadas en 2003**
   - Distribución do folleto "Muller, embarazo e sida".

6. **Indicadores cuantitativos**

   De xestión

Táboa 1. Actividade realizada. 1998-2003

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Nº de circulares de normas xerais distribuídas	1.920	200	–	–	–	–
Nº de folletos editados	40.000	67.000	45.000	0	0	40.000
Nº de folletos distribuídos	20.403	37.000	17.100	24.500	19.700	23.777

Táboa 2. Evolución e análise de custos en euros do proxecto. 1999-2003

	1999	2000	2001	2002	2003
Edición de materiais informativos	6.491	11.371	0	0	4.930

De resultados

Gráfico 1. Porcentaxe de casos de sida por transmisión vertical e ano. Galicia e España (a 31-12-2003)



Programa educativo de prevención do VIH/sida nos centros de ensino

1. **Data de comezo:** ano 1989
2. **Coordinación:** Josefa Fernández da Silva
3. **Obxectivos**

Xerais

1. Contribuír ao desenvolvemento integral das persoas para unha vida satisfactoria.
2. Facilitar a construción, por parte da mocidade, de actitudes e condutas saudables e solidarias en xeral, e en particular respecto da infección polo VIH/sida.
3. Proporcionar información á mocidade sobre a infección polo VIH/sida e as medidas de protección fronte a ela.

Específicos

1. Fomentar nos centros de ensino, as intervencións educativas centradas na educación de actitudes saudables cara á vida en xeral, e cara á problemática da infección polo VIH en particular.
2. Proporcionar materiais de apoio destinados ao profesorado do segundo ciclo de ensino secundario obrigatorio (3º e 4º de ESO) e postobrigatorio (ESPO), ao alumnado destes niveis e ás nais e aos pais.
3. Fomentar o adestramento específico do profesorado.
4. Estimuar o diálogo entre as nais e pais e as fillas e fillos, e proporcionar información ás nais e pais sobre a infección polo VIH e as medidas de protección fronte a ela.

4. Descrición do proxecto

O proxecto desenvólvese no marco do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o impulso da educación para a saúde na escola. Da súa xestión encárgase o Servizo de Prevención e Control das Enfermidades Transmisibles. No ano 2000 púxose en marcha unha nova proposta de intervención, centrada na educación das actitudes, e amplíase o alcance do programa a 4º de ESO e á educación postobrigatoria non universitaria.

Estratexias

1. Elaboración e edición de materiais de apoio que faciliten a abordaxe das intervencións educativas nos centros de ensino.
2. Información á comunidade educativa sobre a dispoñibilidade dos materiais e distribución deles segundo demanda.
3. Adestramento do profesorado sobre a proposta de intervención.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central: Servizo de Prevención e Control das Enfermidades Transmisibles.
- Grupo Lúa Crecente, que elabora os materiais de apoio, coa colaboración de persoal técnico das consellerías implicadas no proxecto.
- Profesorado (de segundo ciclo de ensino secundario obrigatorio, e postobrigatorio) e profesionais dos departamentos de orientación, dos centros que participan no proxecto.
- Equipo de formadoras do profesorado (Grupo Lúa Crecente).
- Equipo avaliador.

Recursos materiais

- Convenio de cofinanciamento da Comisión Europea (curso escolar 1995-96).
- Convenio co Ministerio de Educación de Portugal (curso escolar 1995-96).
- Carta informativa, e formularios de solicitude de materiais e de cursos de adestramento.
- Materiais de apoio. No ano 2000 comeza unha nova etapa do programa caracterizada por unha proposta de intervención nova que leva o título de "*Temas transversais e educación de actitudes. Proposta para unha intervención integral, a propósito da prevención da infección polo VIH/sida*", caracterizada polos materiais de apoio que se detallan a continuación, e por uns cursos de adestramento específicos.
  - Para o profesorado: *a guía educativa, a carpeta coas fichas e o diario educativo.*
  - Para o alumnado: o caderno "*Somos quen de construír a nosa historia*".
  - Para as nais e os pais: o folleto "*De nais e pais a fillas e fillos ante a infección polo VIH/sida*".

5. Actividades xestionadas en 2003

- Coordinación do proceso de edición dos materiais de apoio.
- Oferta a todos os centros educativos de ensino secundario dos materiais de apoio e dos cursos de adestramento para o profesorado.
- Distribución dos materiais de apoio aos centros educativos segundo a demanda.
- Celebración dun curso de adestramento para o profesorado en Santiago, no mes de setembro.
- Presentación dun póster sobre a avaliación do programa no "VII Congreso Nacional sobre a Sida", celebrado en Bilbao do 7 ao 9 de maio de 2003.
- Distribución de materiais a diversas institucións que os solicitan (asociacións, concellos, unidades asistenciais de drogodependencias (UAD) ...)
- Revisión e actualización dos materiais cara á edición para o curso 2003/04.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Número de exemplares de materiais editados. 1995-2003

Curso	Materiais profesorado	Caderno alumnado	Folleto nais e pais
1995-1996	1.900	50.000	40.000
1996-1997	1.800	50.000	40.000
1997-1998	1.500	30.000	24.000
1998-1999	1.500	38.000	32.000
1999-2000	1.500	50.000	50.000
2000-2001	1.550	53.400	43.000
2001-2002	1.100	35.000	35.000
2002-2003	1.000	25.000	25.000

Táboa 2. Evolución e análise de custos en euros do proxecto. 1995-2003

Curso	Edición materiais	Cursos adestramento	Avaliación	Reunións	Renovación materiais	Total
1995-1996	112.592	8.639	15.626	8.442	–	**145.299**
1996-1997	50.064	7.528	–	1.132	–	**58.725**
1997-1998	50.016	–	–	3.398	16.501	**69.914**
1998-1999	39.309	–	2.092	726	14.485	**56.612**
1999-2000	69.478	19.548	23.176	0	–	**112.202**
2000-2001	71.328	18.977	–	2.717	–	**93.022**
2001-2002	52.174	9.062	–	–	–	**61.236**
2002-2003	40.433	5.549	–	–	2.262	**48.244**

De resultados

Táboa 3. Número de exemplares de materiais distribuídos. 1995-2003

Curso	Materiais profesorado	Caderno alumnado	Folleto nais e pais
1995-1996	1.900	48.400	38.000
1996-1997	1.500	41.500	33.500
1997-1998	1.100	37.000	31.000 (*)
1998-1999	1.300	27.300	23.200
1999-2000	1.500	42.450	40.635
2000-2001	1.500	42.914	40.796
2001-2002	1.194	33.716	21.941
2002-2003	996	28.660	11.605

** Para cubrir a demanda recorreuse a materiais sobrantes do curso anterior*

Táboa 4. Participación no proxecto. 1995-2003

Curso	Centros diana	Centros implicados	Alumnado implicado			Profesorado implicado	Profesorado adestrado
			3º ESO	4º ESO	ESPO		
1995-1996	381	301 (79%)	34.361	–	–	1.900	116
1996-1997	391	304 (78%)	33.224	–	–	1.500	50
1997-1998	384	287 (75%)	32.329	–	–	1.100	–
1998-1999	301	222 (74%)	18.934	–	–	1.300	–
1999-2000	497	352 (71%)	25.729	12.000	3.000	1.038	88
2000-2001	503	354 (70%)	23.451	14.151	5.847	1.500	42
2001-2002	500	328 (66%)	18.882	10.341	2.739	1.065	28
2002-2003	501	252 (50%)	14.155	8.673	2.327	785	13

Facilitación de medios preventivos para usuarios de drogas por vía parenteral

1. **Data de comezo:** ano 1992

2 **Coordinación:** Mª del Carmen Blanco Ramos

3. **Obxectivos**

Xerais

1. Diminuír a transmisión da infección por VIH entre persoas que utilizan drogas por vía parenteral.
2. Diminuír a transmisión da infección por VIH dos usuarios de drogas por vía parenteral a outras persoas non usuarias de drogas por vía parenteral.
3. Reducir os danos asociados ao uso de drogas por vía parenteral. Mellorar os hábitos hixiénicos nos consumidores de drogas por vía parenteral.

Específicos

1. Mellorar a accesibidade dos usuarios de drogas por vía parenteral ao material de inxección estéril.
2. Diminuír a práctica de compartir e reutilizar xiringas e material de inxección.
3. Mellorar a accesibilidade dos usuarios de drogas por vía parenteral aos preservativos.
4. Fomentar o uso dos preservativos nas relacións sexuais das persoas que usan drogas por vía parenteral.
5. Facilitar o contacto dos usuarios de drogas por vía parenteral coa rede sanitario-asistencial.

4. **Descrición do proxecto**

Estratexias

1. Distribución de paquetes preventivos a través das oficinas de farmacia (parte do importe do paquete preventivo é financiado pola Consellería de Sanidade).
2. No ano 1996 comezou a funcionar o *Programa de Intercambio de Xiringas* (paquetes preventivos por xiringas usadas) en colaboración con distintos axentes sociais, nos denominados *puntos de intercambio de xiringas.*
3. Dende o ano 2000 o programa de intercambio de xiringas está funcionando nos cinco centros penitenciarios de Galicia.

Elementos organizativos

Recursos humanos

1. Unidade central: Servizo de Prevención e Control das Enfermidades Transmisibles.
2. Farmacéuticos e persoal das oficinas de farmacia.
3. Persoal dos puntos de intercambio, sexan farmacias, ONG, unidades asistenciais de drogodependencias (UAD) e outros.
4. Persoal dos servizos sanitarios dos centros penitenciarios.

Recursos materiais

1. Paquetes preventivos co seguinte contido: unha xiringa co seu contedor para metela unha vez usada, un envase de auga estéril e unha toalliña impregnada en alcohol isopropílico. A bolsa que o contén leva impresa unha mensaxe preventiva.
2. Preservativos.
3. Contedores de recollida de material usado.
4. Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a ONG *Médicos do Mundo* (unidade móbil).
5. Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Secretaría de Estado para Asuntos Penitenciarios.

5. **Actividades xestionadas en 2003**

1. Mantemento e ampliación do programa de facilitación de medios preventivos.
2. Facilitación e distribución de paquetes preventivos a través das oficinas de farmacia e dos distintos *puntos de intercambio de xiringas.*
3. Distribución de preservativos a través do programa de intercambio e outras actividades de distintas ONG e UAD.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Gráfico 1. Número de paquetes preventivos para usuarios de drogas inxectables distribuídos a través das oficinas de farmacia (FAR) e dos puntos de intercambio de xiringas (PIX). 1992-2003



- Puntos de intercambio de xiringas:
  - 21 ONG
  - 30 farmacias
  - 1 unidade móbil
  - 11 UAD
  - 5 centros penitenciarios

Táboa 1. Material distribuído a través do Programa de facilitación de medios preventivos para usuarios de drogas por vía parenteral. 1996-2003

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Paquetes preventivos distribuídos	386.108	545.610	567.950	620.890	456.296	492.613	473.924	486.656
Preservativos distribuídos	80.000	25.000	92.000	185.750	139.684	162.288	159.984	174.884
Folletos programa intercambio distribuídos	–	7.000	8.807	1.000	530	300	0	0

▮ Recursos económicos

Táboa 2. Evolución e análise de custos en euros do proxecto. 1999-2003

	2003	2002	2001	2000	1999
Adquisición de paquetes preventivos	72.959	248.394	248.395	282.716	339.424
Distribución de paquetes preventivos	11.957	12.981	11.852	11.897	10.629
Distribución, recollida e eliminación de contedores	6.598	0	0	6.788	6.592
Preservativos	16.330	0	18.335	21.611	11.997
Convenio con Médicos do Mundo	20.800	20.009	19.617	19.232	15.025
Edición do libro *"Reduce os riscos. Diminúe os danos"*	–	11.412	–	–	–
Avaliación	–	–	–	52.027	6.611
CUSTOS TOTAIS DO PROXECTO	**128.644**	**292.796**	**298.199**	**394.271**	**390.278**

Subprograma de coordinación do Plan da Sida

1. **Data de comezo:** ano 1989
2 **Coordinación:** José Antonio Taboada Rodríguez
3. **Obxectivos**

Xerais

1. Coordinar as actividades realizadas en Galicia en relación con este tema, facilitando os medios para o desenvolvemento das accións priorizadas neste campo.
2. Servir de punto de referencia para todas as organizacións que traballan no campo da infección polo VIH/sida.
3. Xestionar axudas económicas para a realización de proxectos, segundo as prioridades marcadas anualmente.
4. Organización e xestión de actividades de formación e reciclaxe.

Específicos

1. Manter un contacto permanente coas organizacións gobernamentais e non gobernamentais.
2. Complementar as intervencións das distintas organizacións ou institucións que traballan nesta materia.
3. Realizar intervencións en grupos poboacionais ou colectivos de difícil acceso para a Administración.
4. Convocar axudas anualmente e xestionar convenios de colaboración.
5. Edición de libros e materiais de apoio ás actividades.

4. **Descrición do subprograma**

Estratexias

1. Establecemento de convenios de colaboración con organizacións de diferente natureza.
2. Convocatorias oficiais de subvención a proxectos.
3. Formación e actualización do persoal que traballa en actividades de prevención da sida e organización de actividades científicas.
4. Actualización da estratexia na acción anti-VIH en Galicia.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central: Servizo de Prevención e Control das Enfermidades Transmisibles.

5. Proxectos e actividades xestionados en 2003

1. Edición do Plan Galego do VIH/sida 2002-2006.
2. Orde de subvencións a proxectos de investigación-acción sobre VIH/sida.
3. Convocatoria premios de innovación educativa.
4. Elaboración e deseño do *Material de educación afectivo-sexual para a escola.*
5. Unha edición do curso de política de subvencións en VIH/sida.
6. Dúas edicións do curso de *counselling* para persoal sociosanitario.
7. Nove edicións do curso de promoción da detección precoz para Atención Primaria (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo).
8. Participación en actividades formativas e científicas.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Resolución de subvencións a proxectos de investigación-acción sobre VIH/sida. Publicado no DOG núm. 165, do 27 de agosto de 2003.

Táboa 1. Nº de solicitudes e proxectos subvencionados. 1995-2003

Ano	Nº solicitudes	Nº proxectos subvencionados
1995	37	34
1996	45	23
1997	57	39
1998	66	59
1999	87	72
2000	108	74
2001	135	91
2002	131	106
2003	143	104

Táboa 2. Evolución e análise de custos en euros do subprograma. 1999-2003

	2003	2002	2001	2000	1999
Subvencións	252.423	252.423	252.425	201.940	180.304
Premios innovación educativa	3.000	1.000	1.503	1.503	3.005
Elaboración do *Material de educación afectivo-sexual para a escola*	0	11.417	9.205	–	–
Edición de 2 libros sobre a calidade de vida dos pacientes VIH(+)	0	6.010	–	–	–
Edición do libro *Vivir e convivir*	13.692	2.100	–	–	–
Edición do libro Plan de Acción Anti VIH/Sida en Galicia 2003-06	11.950	–	–	–	–
Cursos de counselling en VIH/sida	3.327	6.700	3.606	3.518	–
Cursos de promoción da detección precoz en AP	12.686	–	–	–	–
Curso sobre a política de subvencións en VIH/sida	1.202	–	–	–	–
Outras intervencións	4.381	6.010	–	16.703	7.939
CUSTOS TOTAIS DO SUBPROGRAMA	**302.661**	**285.650**	**266.739**	**235.684**	**224.845**

Táboa 3. Análise de custos totais en euros do programa

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003*	Custo 2002**	Custo 2001***
Xefe de servizo	Grupo A	1	S.C.[1]	40	18.334	18.067	
Xefe de sección[2]	Grupo A	1	S.C.	100	32.046	37.875	
Xefe de sección	Grupo A	1	S.C.	100	38.455	22.127	
Técnico B	Grupo B	1	S.C.	100	25.839	25.431	
Administrativo	Grupo D	1	S.C.	60	10.483	10.321	
Administrativo	Grupo IV	1	S.C.	50	9.069	8.891	
CUSTO TOTAL RR.HH.					**134.226**	**135.337**	**145.890**
RECURSOS MATERIAIS							
Subprograma de vixilancia epidemiolóxica					20.225	17.027	
Subprograma de prevención					328.188	470.648	
Subprograma de coordinación					302.661	285.650	
CUSTO TOTAL RR.MM.					**651.074**	**773.325**	**788.859**
CUSTO TOTAL DO PROGRAMA					**785.300**	**908.662**	**934.749**

1. Servizos centrais
2. 10 meses
** Achega do Ministerio de Sanidade e Consumo: 283.989 €*
*** Achega do Ministerio de Sanidade e Consumo: 288.681 €*
**** Achega do Ministerio de Sanidade e Consumo: 293.228 €*

Programa galego de prevención e control da tuberculose

1. **Data de comezo:** ano 1994
2 **Coordinación:** Elena Cruz Ferro e Rogelio Lema Mougán
3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Reducir a mortalidade, morbilidade e transmisión da enfermidade ata niveis que non representen un problema de saúde na Comunidade Autónoma de Galicia.
   2. Acadar unha redución media anual do 10% na incidencia dos casos pulmonares, nun prazo non superior aos 6 anos, partindo dunha taxa estimada de enfermidade tuberculosa de 72 por cada 100.000 habitantes e un incremento medio anual rexistrado de case o 10% entre 1983 e 1993.
   3. Reducir a taxa de mortalidade nun 0,5% no mesmo período.

   Específicos

   1. Constatar a curación de, polo menos, o 90% dos casos.
   2. Acadar unha cobertura diagnóstica superior ao 70% da incidencia estimada de casos de tuberculose.
   3. Realizar as prácticas adecuadas de diagnóstico que permitan a detección de novos casos e infeccións recentes, polo menos do 70% dos contactos íntimos e conviventes dos casos considerados contaxiosos, captados polo programa e censados na declaración ampliada.
   4. Acadar un 60% de pautas de tratamentos da infección latente instaurados coa constatación dun correcto cumprimento.

4. **Descrición do programa**

   Estratexias

   1. Establecemento de dous niveis de execución do programa, para facilitar a coordinación dos dous niveis asistenciais:
      - 1º nivel: todos os profesionais do sistema de saúde, público ou privado, susceptibles de captar, diagnosticar e tratar unha enfermidade ou infección tuberculosa.
      - 2º nivel: UTB hospitalarias.
   2. Priorización clara das actuacións destinadas á prevención e ao control desta enfermidade.
   3. Aumento da calidade e efectividade dos tratamentos instaurados, mediante a supervisión e o control da evolución bacteriolóxica dos casos inicialmente positivos e do cumprimento dos tratamentos en todas as tuberculoses.
   4 Incrementar a captación de enfermos tuberculosos.
   5. Potenciamento dun axeitado control dos infectados recentes, captados a través dalgunha das actuacións anteriores.
   6. Implantación progresiva de subprogramas dirixidos ao control dos grupos de especial risco pola busca activa de enfermos e infectados entre estes grupos.
   7. Establecer un sistema de información de tuberculose, como ferramenta fundamental do Programa galego de prevención e control da tuberculose.
   8. Potenciar a investigación e publicación dos seus resultados.
   9. Inclusión das actividades de prevención e control da tuberculose nos contratos-programa coa División de Asistencia Sanitaria.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central: Servizo de Prevención e Control das Enfermidades Transmisibles.
- 7 unidades de tuberculose hospitalarias (UTB).
- Equipo de supervisión ambulatoria de tratamentos.
- Comisión técnica asesora do programa.
- Grupos de traballo específicos.
- Persoal de atención primaria e especializada participante.
- Comisión galega para a avaliación do manexo da tuberculose resistente a fármacos.

Recursos materiais

- Folla de rexistro e seguimento de casos e conviventes.
- Folla de derivación para estudo da infección tuberculosa en persoas usuarias de drogas.
- Protocolo de derivación de cepas ao Laboratorio de referencia de micobacterias de Galicia.
- *Hardware* e *software* específicos.
- Contratos-programa con asistencia especializada e primaria.
- Convenios coas ONG: Ecos do Sur e Cáritas.

Para o desenvolvemento dos proxectos e actividades realizados no 2003 contouse cunha achega económica de 168.332,62 euros do Ministerio de Sanidade e Consumo, para a prevención e promoción da saúde no campo das enfermidades emerxentes, reemerxentes e de especial relevancia.

5. Proxectos e actividades xestionados en 2003

- Publicación e distribución do folleto informativo: "Coñecer a tuberculose".
- Realización dun informe descritivo sobre a evolución da tuberculose en Galicia: "Informe do Programa galego de prevención e control da tuberculose. 1996-2002".
- Realización dun informe descritivo cos datos do estudo de resistencia a fármacos antituberculosos na Comunidade autónoma de Galicia: "Estudo de resistencias de *Mycobacterium tuberculosis* en Galicia e recomendacións de manexo".
- Establecemento de convenios de colaboración entre a Consellería de Sanidade e as ONG Ecos do Sur e Cáritas. En ambos os dous casos, trátase de organizacións con acceso aos colectivos de exclusión social, que colaboran co programa nas actividades de detección precoz dos casos de enfermidade tuberculosa e na supervisión directa da inxesta de fármacos, así como no estudo e seguimento dos tratamentos preventivos.
- Realización dun convenio de colaboración coa Universidade de Zaragoza para a realización de probas de bioloxía molecular en caso de abrochos, sospeitas de contaminación, cepas con resistencias, etc.
- Formación:
  - Celebración de 21 xornadas de actualización en tuberculose, nos centros de saúde, dirixidas a atención primaria: "Tuberculose: a importancia da detección precoz", dirixida aos profesionais da atención primaria, aos que se lles entregou un material didáctico, que se acreditou como curso de formación continuada.
  - "Curso de detección e abordaxe do incumprimento terapéutico", dirixido ao persoal dos equipos das unidades de tuberculose e persoal que traballa con colectivos con problemática de adherencia ao tratamento.
  - "Situación e manexo da tuberculose infantil", dirixido a pediatras e médicos de atención primaria.

6. Indicadores cuantitativos

De resultados

- Datos do Rexistro Galego da Tuberculose a 3 de xuño de 2004.
  - Fontes de detección de casos: durante o ano 2003, o 76,93% dos casos foi detectado a través da declaración pasiva ás unidades de tuberculose (UTB), o que supón unha variación positiva do 2,72% respecto ao ano 2002. Este pequeno aumento pon de manifesto a necesidade de continuar insistindo na importancia de conseguir unha mellor colaboración dos profesionais sanitarios nas actividades de captación de casos. Este aumento na porcentaxe de casos declarados ás UTB observouse en seis das sete unidades, como se pode ver na seguinte táboa:

Táboa 1. Evolución da declaración pasiva de casos de tuberculose. Porcentaxes sobre o total de casos rexistrados en cada UTB. 1995-2003

	A Coruña	Santiago	Ferrol	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Galicia
1995	3,76	21,10	4,92	16,49	–	–	25,34	–
1996	33,41	49,85	25,16	52,33	33,14	33,05	53,50	**42,07**
1997	50,26	51,59	31,06	54,46	42,52	44,67	58,98	**50,17**
1998	67,26	53,23	45,18	57,08	46,11	65,27	62,46	**58,50**
1999	81,22	50,85	43,15	61,83	52,33	65,93	65,56	**62,63**
2000	80,77	54,07	35,96	77,95	47,95	67,27	73,19	**65,38**
2001	85,56	58,00	36,70	76,32	50,88	72,44	76,76	**67,50**
2002	90,16	53,98	55,77	76,06	67,33	77,55	82,53	**74,21**
2003	93,77	63,89	68,89	81,82	40,14	84,03	84,13	**76,93**

No ano 2003 rexistráronse en Galicia 1.256 casos, 725 en homes (57,72%) e 531 en mulleres (42,28%)

- Segundo a clasificación por tipo de tuberculose, dos 1.256 casos, constan como casos iniciais 1.148 (91,40%), 99 recidivas (7,88%), como abandonos recuperados 8 casos (0,64%), e ningún como caso crónico/fracaso (non constando o tipo nun caso –0,08%–). Estas porcentaxes segundo o tipo son moi similares ás obtidas no ano 2002, que foron, respectivamente, de 91,71%, 7,44%, 0,84%, e 0% crónico/fracaso.

- A incidencia de enfermidade tuberculosa en Galicia no ano 2003 foi de 45,62 casos por 100.000 habitantes (1.247 casos). Rexistráronse 45 casos menos que no ano 2002.

Táboa 3. Incidencia por grupo de idade no ano 2003

Grupos de idade	Casos	Pob. padrón 2001	Incidencia por 100.000
0-4	46	84.858	54,21
5-14	37	235.886	15,69
15-24	213	385.210	55,29
25-34	271	420.033	64,52
35-44	185	388.808	47,58
45-54	119	346.670	34,33
55-64	110	302.679	36,34
65-74	126	311.015	40,51
≥75	140	257.764	54,31

Táboa 2. Casos segundo o tipo de tuberculose por grupos de idade no ano 2003

Grupos de idade	Iniciais	Recidivas	Abandonos recuperados	Crónicos/Fracasos	Non consta	TOTAL DE CASOS
0-4	46	–	–	–	–	**46**
5-14	37	–	–	–	–	**37**
15-24	211	2	–	–	–	**213**
25-34	258	13	4	–	–	**275**
35-44	171	14	2	–	–	**187**
45-54	101	18	1	–	–	**120**
55-64	100	10	–	–	1	**111**
65-74	102	24	1	–	–	**127**
≥75	122	18	–	–	–	**140**
TOTAL	**1.148**	**99**	**8**	–	–	**1.256**

Táboa 4. Evolución da incidencia de tuberculose en Galicia por 100.000 habitantes. 1996-2003

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Incidencia de enfermidade tuberculosa	72,33	64,50	61,76	57,94	58,16	49,44	47,28	45,62
Incidencia de tuberculose pulmonar	44,66	39,81	38,57	35,41	35,74	30,52	28,69	31,13
Incidencia de tuberculose pulmonar bacilífera	25,30	21,94	21,43	19,48	18,82	15,52	16,47	16,06

Gráfico 1. Evolución da incidencia de tuberculose en Galicia por 100.000 habitantes. 1996-2003



Táboa 5. Casos de tuberculose pulmonar bacilífera, por grupos de idade e ano de diagnóstico

	<5	5-14	15-24	25-34	35-44	45-54	55-64	65-74	≥75
1996	6	7	199	175	138	84	55	48	50
1997	1	6	172	179	115	74	52	41	39
1998	3	3	147	173	105	83	42	54	41
1999	2	4	109	165	105	91	41	33	48
2000	1	4	111	134	96	75	49	36	54
2001	1	5	106	108	78	63	34	29	45
2002	3	0	105	122	91	60	37	34	48
2003	1	2	84	134	87	50	45	37	46

Táboa 6. Estudo de contactos e análise de aspectos destacables. 1997-2003

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Total contactos estudados	7.996	10.422	9.758	12.453	12.019	11.661	13.400
% de contactos nos que non consta/non se rematou o estudo	3,5	5,5	8,3	8,80	5,22	8,58	5,22
Nº de enfermos no estudo de contactos e % sobre o total de casos de tuberculose	99 (5,4)	128 (7,4)	134 (8,4)	125 (7,8)	91 (6,7)	129 (9,9)	136 (10,83)

Táboa 7. Porcentaxe de enfermos bacilíferos con un ou máis contactos estudados. 1997-2003

1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
61,58	63,92	72,34	70,93	75,23	82,00	82,51

Táboa 8. Número de casos de tuberculose en idades de 0-14 anos diagnosticados a través do estudo de contactos e % sobre o total de casos nesas idades. 1997-2003

1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
27 (21,42%)	38 (36,53%)	38 (37,25%)	41 (39,00%)	29 (30,85%)	33 (42,86%)	45 (54,22%)

En 1998 créanse os equipos de supervisión ambulatoria dos tratamentos, coa incorporación dun traballador/a social a cada unha das unidades de tuberculose, de xeito que o número de tratamentos supervisados instaurados nestes anos pasou de 99 a 202, sendo a porcentaxe que representan sobre o total de casos no 2003 do 16,08%.

Táboa 9. Tratamentos supervisados. 1996-2003

	Nº de tratamentos supervisados	% sobre o total de casos
1996	99	4,88
1997	140	7,72
1998	164	9,52
1999	189	11,81
2000	227	14,11
2001	234	17,21
2002	214	16,42
2003	202	16,08

Táboa 10. Situación final dos casos que iniciaron tratamento nos anos. 1997-2002

	1997	1998	1999	2000	2001	2002
RESULTADO SATISFACTORIO	1.541 (84,95%)	1.502 (87,17%)	1.391 (86,94%)	1.396 (86,76%)	1.212 (89,12%)	1.128 (86,57%)
Curación bacteriolóxica	193	186	178	222	211	214
Tratamento completado	1.348	1.316	1.213	1.174	1.001	914
RESULTADO POTENCIALMENTE INSATISFACTORIO	136 (7,49%)	86 (4,99%)	83 (5,19%)	88 (5,47%)	59 (4,34%)	86 (6,60%)
Traslado de área	20	27	22	24	15	10
Perdas	72	24	12	5	5	5
Abandonos non recuperados	38	20	20	17	10	16
Non consta	6	15	29	42	29	55
MORTES	137 (7,55%)	135 (7,82%)	126 (7,88%)	125 (7,77%)	89 (6,54%)	89 (6,83%)
Morte por tuberculose	37	27	31	20	11	12
Morte por outras causas	100	108	95	105	78	77

Nota: No cálculo destas porcentaxes utilízase como denominador o total de casos que iniciaron tratamento no ano analizado

Con relación ao subprograma dirixido ao control dos grupos de especial risco, para a busca activa de enfermos e infectados entre estes grupos, en coordinación co Plan de Drogas de Galicia ponse en marcha o Subprograma de prevención e control da tuberculose nas unidades de atención ás persoas drogodependentes (UAD), na área de Santiago, no ano 1997 e na de Vigo no ano 1999.

Táboa 11. Porcentaxes de curación dos casos de tuberculose, segundo as unidades de tuberculose. 1997-2002

Unidades de tuberculose	1997	1998	1999	2000	2001	2002
A Coruña	87,44	92,89	91,21	88,78	90,04	92,76
Santiago	87,58	85,89	89,41	89,22	88,80	84,28
Ferrol	95,45	95,78	87,67	93,86	92,67	93,27
Lugo	70,09	75,80	82,80	84,62	83,55	82,39
Ourense	85,03	82,78	80,31	77,63	88,30	81,46
Pontevedra	87,82	88,02	87,71	90,48	88,46	89,19
Vigo	83,85	86,53	86,36	85,84	91,29	81,78
GALICIA	**84,95**	**87,17**	**86,94**	**86,76**	**89,12**	**86,57**

Nota: No cálculo destas porcentaxes utilízase como denominador o total de casos que iniciaron tratamento no ano analizado

Táboa 12. Tratamentos da infección latente dos casos detectados polas UAD da área de Santiago

	Nº Infectados	Nº TIL	TIL correctas	TIL suspendidas	Abandonos
1997	127	99	60 (60,61%)	6 (6,06%)	33 (33,33%)
1998	109	79	34 (43,04%)	4 (5,06%)	29 (36,71%)
1999	131	92	34 (36,96%)	6 (6,52%)	25 (27,17%)
2000	83	58	20 (34,48%)	0	3 (5,17%)
2001	43	36	13 (36,11%)	0	3 (8,33%)
2002	23	10	7 (70,00%)	0	1 (10,00%)
2003	33	16	5 (31,25%)	0	4 (25,00%)

Táboa 13. Tratamentos da infección latente dos casos detectados polas UAD da área de Vigo

	Nº Infectados	Nº TIL	TIL correctas	TIL suspendidas	Abandonos
1999	200	155	75 (48,39%)	8 (5,16%)	43 (27,74%)
2000	235	163	111 (68,10%)	10 (6,13%)	24 (14,72%)
2001	138	99	41 (41,41%)	9 (9,09%)	34 (34,34%)
2002	85	51	23 (45,10%)	0	17 (33,33%)
2003	129	79	28 (35,44%)	8 (10,13%)	19 (24,05%)

Recursos económicos

Táboa 14. Análise de custos en euros do programa

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe servizo	Grupo A	1	SC[1]	15	6.875		
Técnico superior	Grupo A	1	SC	100	30.973		
Técnico superior	Grupo A	1	SC	100	30.973		
Traballadora social*	Grupo II	1	SC	100	13.122		
Administrativo	Grupo IV	1	SC	50	9.069		
CUSTO RR.HH. DXSP					**91.012**	**90.822**	**109.605**
CUSTO RR.HH. Sergas (UTB)					**852.295**	**827.698**	**803.680**
CUSTO TOTAL RR.HH.					**943.307**	**918.520**	**913.285**
RECURSOS MATERIAIS							
Convenios					331.082		
Outros gastos					67.185		
CUSTO TOTAL RR.MM.					**398.267**	**337.731**	**295.929**
CUSTO TOTAL DO PROGRAMA					**1.341.574**	**1.256.251**	**1.209.214**

1. Servizos centrais
(*) 6 meses

Programa galego de prevención e control de enfermidades inmunoprevibles

Subprograma de vacinación sistemática

1. **Data de comezo:** o primeiro calendario de vacinación infantil de Galicia data de xuño de 1981, no que se incluían as vacinas DTP (difteria, tétanos e tose ferina), polio, triple vírica e tétanos. No ano 1994 comezou a vacinación poboacional en neonatos e preadolescentes fronte á hepatite B. En decembro de 1996 instaurouse a vacinación fronte ás infeccións invasivas causadas polo Hib (*Haemophilus influenza* serotipo b) dos nenos nacidos a partir do 1 de outubro dese ano, ampliándose en 1998 a todos os nenos menores de 5 anos. No ano 1999 introdúcense as vacinas de DTP de tipo acelular para a 4ª e 5ª dose desta vacina, correspondente ás idades de 18 meses e 6 anos respectivamente. Nese mesmo ano estableceuse a administración da segunda dose de vacina triple vírica aos 3 anos de idade en vez de aos 11 anos. O último cambio no calendario vacinal infantil foi a incorporación da vacinación fronte á meninxite C utilizando a nova vacina conxugada, que tivo lugar no mes de novembro do ano 2000.

2 **Coordinación:** Raquel Zubizarreta Alberdi e Victoria Nartallo Penas

3. **Obxectivos**

Xeral

Acadar altas taxas de cobertura vacinal para controlar e, se é o caso, erradicar estas enfermidades mediante a vacinación continuada fronte a elas.

Específicos

Obxectivos a curto e medio prazo:

1. Poliomielite: garantir a vacinación con catro doses polo menos ao 95% dos nenos menores de 2 anos. Acreditar a non-circulación do virus salvaxe no proceso de certificación da erradicación da poliomielite.
2. DTP: garantir a vacinación con catro doses polo menos ao 95% dos nenos aos 2 anos de idade e ao 90% para o calendario completo.
3. Triple vírica (sarampelo-rubéola-parotidite): asegurar a vacinación con dúas doses de triple vírica polo menos ao 95% dos nenos aos 4 anos de idade.
4. Enfermidades invasivas causadas polo Hib: garantir a vacinación con catro doses polo menos ao 95% dos nenos aos 2 anos de idade.
5. Hepatite B:
   - Captar e protexer o 100% dos neonatos fillos de nai portadora, mediante a vacinación e a administración de HBIG (inmunoglobulina antihepatite B).
   - Asegurar a vacinación con tres doses de vacina antihepatite B polo menos ao 95% dos neonatos.
   - Asegurar a vacinación con tres doses de vacina antihepatite B polo menos ao 75% dos preadolescentes.
6. Meningococo C: garantir a vacinación con dúas doses de vacina conxugada fronte ao meningococo C polo menos ao 95% dos nenos ao ano de idade.

4. **Descrición do subprograma**

Estratexias

1. Conseguir unha mellor accesibilidade á vacinación para todos os nenos e nenas da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Manter unha rede de frío completa e controlada para preservar a capacidade inmunoxénica dos produtos utilizados.
3. Realizar actividades de difusión na poboación xeral sobre o beneficio das vacinacións.
4. Formar e motivar os profesionais sanitarios para que contribúan á consecución dos obxectivos.
5. Manter un adecuado sistema de información e vixilancia do programa.

6. Soster unha política adecuada de compras que permita a consecución dos obxectivos ao menor custo posible.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central: Servizo de Prevención e Control das Enfermidades Transmisibles.
- 4 unidades de coordinación periféricas: Servizo de Promoción da Saúde das delegacións provinciais.
- Persoal facultativo de atención primaria e especializada que participa no programa (máis de 700 puntos de vacinación).
- Comisión asesora do programa.

Recursos materiais

- Doses suficientes de todas as vacinas de calendario.
- Elementos necesarios para o mantemento da rede de frío que asegure a conservación óptima das vacinas.
- Contrato-programa coa División Xeral de Asistencia Sanitaria.
- Carpetas de saúde infantil.
- Materiais impresos divulgativos.
- *Hardware* e *software* específicos.

5. Proxectos e actividades xestionados en 2003

- Edición e distribución da Carpeta de Saúde Infantil a todas as maternidades públicas e privadas da Comunidade Autónoma de Galicia segundo demanda.
- Adquisición centralizada de todas as vacinas mediante concurso público e distribución segundo demanda aos puntos de vacinación.
- Adquisición e distribución do material de conservación das vacinas.
- Mantemento do programa de visitas periódicas aos puntos de vacinación co fin de facilitar información, material de rexistro e doutro tipo.
- Desenvolvemento do novo sistema de información para xestión, rexistro nominal de vacinados e control de stocks de vacinas nas delegacións provinciais. Modificación e mellora da aplicación informática que xestiona o rexistro nominal de vacinados de 0-6 anos e o strock de vacinas das delegacións provinciais.
- Edición dos soportes documentais para o rexistro nominal de vacinados e o rexistro numérico de vacinación de adolescentes e adultos. Derradeiros pasos na elaboración dun novo modelo de documento para o rexistro nominal de vacinación infantil.
- Edición do Rexistro do Screening de HBsAx (antíxeno de superficie do virus da hepatite B) en xestantes e inmunización de neonatos.
- Deseño e organización das VIII Xornadas de formación continuada en inmunoprofilaxe.
- Seguimento das actividades para manter a Comunidade Autónoma libre da circulación de poliovirus salvaxe.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución do número de doses de vacinas adquiridas. 1998-2003

Doses vacinais	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Polio	219.038	139.500	95.530	94.503	190.000	130.000
Triple vírica	55.200	28.107 *	40.000	28.000	0	45.160
Td	46.000	65.365	53.500	21.100	190.750	115.830
Antitetánica	127.000	100.000	100.000	70.000	150.000	126.500
DT	7.700	20.000	1.700	1.600	1.250	75
DTP	109.004	78.038	102.000	56.000	153.040	113.000
H. influenza b	109.000	71.500	63.293	42.000	123.540	88.000
Hepatite B	149.350	100.791	95.000	73.500	167.140	123.000
Meningococo C			88.600 **	133.050	36.000	78.100

* *Só se inclúen as doses adquiridas para o mantemento do programa sistemático de vacinacións.*

** *Das 88.600 doses de meningococo C adquiridas no ano 2000, 79.600 foron utilizadas nunha campaña especial fronte o meningococo C levada a cabo en novembro do ano 2000, as doses restantes corresponden á vacinación sistemática.*

É importante salientar que no cadro se especifican as doses de vacina segundo as enfermidades fronte a que actúan para efectos de continuar a secuencia temporal. En realidade, as vacinas sérvense como combinacións de diferentes produtos, e concretamente no ano 2003 as doses de vacina DTP, Hib e HB foron subministradas do seguinte xeito: 20.000 doses de DTP de tipo acelular, 20.000 doses de DTP de tipo acelular combinadas con vacina fronte ás infeccións invasivas polo Hib, 43.000 doses de vacina DTP combinada con vacina fronte á hepatite B, 30.000 doses de vacina combinada DTP de célula enteira máis vacina fronte ás infeccións invasivas polo Hib,e 80.000 doses de vacina fronte á hepatite B. Estas diferentes combinacións obedecen ao feito de que se escolle a combinación máis adecuada a cada idade do calendario vacinal para efectos de garantir a efectividade do programa e de reducir o número de inxeccións precisas en cada visita médica.

Recursos económicos

Táboa 2. Evolución do custo en euros do subprograma de vacinación sistemática. 1998-2003

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Custo de adquisición de vacinas	2.129.807,66	1.327.845,28	3.899.847,58 *	4.503.029,36	3.831.990,24	4.184.091,20
Custos de materiais, distribución, etc.	111.877,83	165.510,46	125.175,30	75.997,05	129.944,81	204.119,32
CUSTO TOTAL DO PROGRAMA	**2.241.685,49**	**1.493.355,68**	**4.025.022,89 ***	**4.579.026,41**	**3.961.935,05**	**4.388.210,52**

**Contabilízanse tanto os custos das doses de meningococo C da campaña realizada en novembro de 2000 como os das doses de vacinación sistemática.*

Táboa 3. Evolución dos custos do subprograma de vacinación sistemática por neno, en euros, e número de inxeccións recibidas

	1998-1999	2000-2001	2002-2003	2003-2004
Custo da vacinación completa por neno (ata os 6 anos)	49,56	68,49	145,88	134,17
Custo primovacinación por neno (ata os 18 meses)	47,86	56,33	131,40	118,06
Número de inxeccións (ata os 18 meses)	8	7	9	8

A valoración dos custos da vacinación segundo o calendario infantil dun neno tendo en conta os prezos das vacinas no concurso 02-03 ascenden a 134,17 euros, cun decremento de 11,71 euros por neno con respecto ao ano 2002-2003.
Este decremento explícase pola adquisición no ano 2003 dunha vacina conxugada fronte ao meningococo C que permite cunha pauta de dúas doses de vacina a inmunización completa fronte ao meningococoC. Isto supón tamén a posibilidade de reducir o número de inxeccións necesarias para completar a pauta, eliminándose a dose dos 6 meses de vacina fronte ao meningococo C.

De resultado

- Taxas de cobertura vacinal para primovacinación en Galicia: datos actualizados obtidos por enquisa vacinal realizada no ano 2002 nunha mostra de nenos galegos nados entre o 1 de xaneiro de 1998 e o 31 de decembro de 1999.

  Definicións:
  - Polio: porcentaxe de nenos menores de 1 ano que recibiron 3 doses de polio.
  - DTP: porcentaxe de nenos menores de 1 ano que recibiron 3 doses de vacina DTP.
  - Triple vírica: porcentaxe de nenos maiores de 1 ano e menores de 2 anos que polo menos recibiron 1 dose de vacina triple vírica.
  - Hepatite B: porcentaxe de nenos menores de 1 ano que recibiron 3 doses de vacina.
  - Haemophilus influenzae: porcentaxe de nenos menores de 1 ano que recibiron 3 doses de vacina fronte o Hib.
  - Meningococo C: porcentaxe de nenos menores de 1 ano que recibiron 2 doses de vacina antimeningocócica C.

Táboa 4. Evolución das taxas de coberturas vacinais. 1998-2003

Taxas de coberturas vacinais	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Polio	95,30	95,37	98,64	98,64	98,19	98,19
DTP	94,44	94,04	98,23	98,23	98,03	98,03
Triple vírica	93,81	93,85	97,76	97,76	98,02	98,02
Hepatite B de neonatos[1]	93,15	93,15	97,73	97,73	96,51	96,51
Haemophilus influenzae	–	–	–	–	97,18	97,18
Meningococo C	–	–	–	–	95,17	95,17

1. As cifras do ano 1997 refírense á porcentaxe de nenos que recibiron a 1ª dose de vacina fronte á HB na maternidade, segundo consta na ficha de detección precoz de enfermidades metabólicas.

Con respecto aos datos globais de cobertura de vacinacións a nivel nacional para o ano 2002, derradeiros datos dos que dispoñemos, con taxas de coberturas vacinais acadadas para primovacinación de polio-98,23%, DTP- 98,02%, triple vírica- 97,15%, Hib- 97,91% e Meninxite C- 97,78%, pódese afirmar, como se reflicte na táboa anterior, que non se detectan diferencias significativas coas cifras obtidas na nosa Comunidade Autónoma, acadándose niveis moi similares de cobertura en primovacinación.

Gráfico 1. Evolución das taxas de cobertura vacinal. 1998-2003



Táboa 5. Número de casos e evolución da taxa de incidencia de enfermidades inmunoprevibles por 100.000 habitantes. 1998-2003

	1998		1999		2000		2001		2002		2003	
	N	Taxa	N	Taxa	N	Taxa	N	Taxa	N	Taxa	N	Taxa
Poliomielite[1]	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,00
Difteria[1]	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0,00
Tétano	5	0,18	6	0,22	3	0,11	6	0,22	4	0,15	5	0,18
Tose ferina	14	0,51	29	1,06	27	0,99	1	0,04	8	0,29	8	0,29
Sarampelo	20	0,72	8	0,29	4	0,15	3	0,11	1	0,04	3	0,11
Rubéola	22	0,8	23	0,83	52	1,91	22	0,81	15	0,55	4	0,15
Parotidite	110	4,01	162	5,91	116	4,26	151	5,54	1080	39,64	143	5,20
Hepatite B	129	4,7	93	3,39	72	2,64	68	2,50	62	2,28	54	1,96
Hib	4	0,15	8	0,29	6	0,22	6	0,22	7	0,26	7	0,25

1. Non hai casos dende 1982

- Incidencia de enfermidades inmunoprevibles:
  - Polio: non hai casos dende o ano 1982. O risco de casos autóctonos é practicamente inexistente pero persiste o risco de importación do virus salvaxe polo que é necesario manter niveis altos de cobertura vacinal.
  - Difteria: non hai casos dende o ano 1982. O risco de importación persiste e ademais existen amplos sectores de poboación adulta non protexidos, polo que é necesario, así mesmo, manter altas taxas de cobertura vacinal.
  - Tétano: incidencia baixa pero constante, aínda que con altibaixos do tétano dende 1985. En Galicia a incidencia media dos últimos 6 anos é de 5 casos anuais.
  - Tose ferina: descenso constante dos casos declarados dende o ano 1985 (último pico epidémico rexistrado). A incidencia media nos últimos anos foi de 14 casos anuais.
  - Triple vírica: acusado descenso das enfermidades previbles, por mor da administración da vacina triple vírica, o que reviste grande importancia no caso do sarampelo, feito que levou a afrontar a eliminación desta enfermidade no ano 1999, co inicio dunha campaña de vacinación masiva a través dos centros educativos, campaña que continúa en diferentes fases durante os anos 2001 e 2002, ata acadar o 95% de cobertura vacinal documentada con dúas doses dos nenos obxecto da campaña, nacidos entre 1988 e 1996. Aos nenos nacidos despois destas datas xa se lle administran dúas doses de triple vírica por calendario, aos 15 meses e aos tres anos. Este ano rexístranse 3 casos de sarampelo confirmados seroloxicamente, 2 dos casos son importados: un de orixe alemán e outro marroquí. Este caso marroquí xerou un caso secundario de transmisión autóctona.

Polo que se refire aos casos de rubéola podemos salientar que non hai ningún caso de rubéola conxénita.

Con respecto ó incremento de parotidite dos últimos anos, este ano 2003 rexístranse 143 casos o que indica a volta á normalidade tras o último pico epidémico do ano 2002 con 1080 casos. De todos modos, a meirande parte dos casos corresponden a abrochos da enfermidade ocorridos na comunidade autónoma, e afectan fundamentalmente a adultos novos que pola súa idade non foron obxecto de vacinación sistemática en calendario (a vacinación por triple vírica en España non tivo coberturas aceptables ata o ano 1985) e que pola súa idade (menores de 30 anos) non tiveron contacto co virus salvaxe.

- Hib: o dato que se reflicte na táboa 5 provén do sistema de declaración obrigatoria de enfermidades e refírese á enfermidade invasiva polo Hib en todos os grupos de idade. Dos 7 casos notificados no ano 2003, ningún aconteceu no grupo de idade de nenos menores de 5 anos.

Este dato indica a importante diminución dos casos por enfermidade invasiva polo Hib neste grupo de idade dende o ano 1996 en que comezou a vacinación sistemática, ano no que, a través dos laboratorios de microbioloxía dos hospitais galegos, se confirmaron 16 casos destas enfermidades en menores de 5 anos.

- Meningococo C: os datos máis salientables son o acusado descenso dos casos nos que se illou o serogrupo C nos anos 98 e 99 tras a campaña de vacinación fronte ao meningococo A+C levada a cabo no ano 1996. En novembro do 2000 a realización da 3ª fase da campaña e a introdución sistemática, por calendario, da vacina conxugada fronte o meningococo C explican a boa situación epidemiolóxica actual fronte a este tipo de meninxite. No ano 2003 contabilízanse 6 casos de enfermidade meningocócica por serogrupo C, polo que se manteñen estables as cifras con respecto a outros anos. Interesa subliñar que a maior parte dos casos prodúcese, no grupo de idade de maiores de 19 anos, en poboación que non foi obxecto das campañas de vacinación.

Táboa 6. Evolución do número de casos por grupos de idade de enfermidade meningocócica. 1998-2003

Idade	Serogrupo B						Serogrupo C						Descoñecido						Total					
	98	99	2000	2001	2002	2003	98	99	2000	2001	2002	2003	98	99	2000	2001	2002	2003	98	99	2000	2001	2002	2003
<2	13	12	20	10	9	8	10	4	5	0	1	0	13	10	15	8	12	12	36	26	40	18	22	20
2–4	8	4	6	7	8	4	5	3	1	0	0	0	16	10	12	17	6	12	29	17	19	24	14	16
5-9	3	6	12	6	7	4	2	3	6	1	0	1	5	8	18	17	2	9	10	17	36	24	9	14
10-14	6	4	8	2	4	3	0	1	1	0	1	1	5	5	9	8	3	2	11	10	18	10	8	6
15-19	2	4	0	1	1	4	2	0	1	1	2	2	3	3	2	5	5	2	7	7	3	7	8	8
>19	9	9	6	10	8	10	2	3	2	1	7	2	14	11	10	7	10	11	27	23	18	18	25	23
TOTAL	**41**	**39**	**52**	**36**	**37**	**33**	**21**	**14**	**16**	**3**	**11**	**6**	**58**	**47**	**66**	**62**	**38**	**48**	**120**	**100**	**134**	**101**	**86**	**87**

Gráfico 2. Evolución dos casos de enfermidade meningocócica. 1998-2003



Gráfico 3. Evolución dos casos de enfermidade meningocócica entre 2 e 19 anos (ambos inclusive). 1998-2003



Subprograma de vacinación de grupos de risco ou en situacións especiais de risco

Vacinación antrigripal e antipneumocócica

1. **Data de comezo:** a primeira campaña de vacinación antigripal foi en 1991. Dende ese ano ofértase anualmente a vacinación antigripal a todas as persoas de 65 ou máis anos e outros grupos de risco de padecer a enfermidade ou as súas complicacións, planificándose anualmente e de xeito sistemático unha campaña de vacinación. Na campaña do ano 2000 ofértase ademais a vacinación antipneumocócica, a todas as persoas de 65 ou máis anos e ás pertencentes aos grupos de risco específicos As razóns polas que se propuxo a conveniencia de introducir a dita vacina pódense resumir en:

   - No aumento progresivo da poboación de idade avanzada que fai que aumente a poboación a risco elevado.
   - Na constatación de que a mortalidade temperá producida polas infeccións invasivas é aínda moi elevada.
   - No aumento significativo e progresivo da resistencia deste xerme aos antibióticos habituais que está a elevar os fracasos terapéuticos, facendo o tratamento destas infeccións cada vez máis difícil.

   A vacinación antigripal ten como principal poboación diana as persoas de 65 ou máis anos de idade, que constitúen pola súa vez o grupo maioritario de risco de padecer as enfermidades pneumocócicas, polo que a estratexia xeral que se propón é ofertar a vacinación antipneumocócica a toda persoa de 65 ou máis anos no momento en que lle sexa indicada a vacinación antigripal. Outros elementos tidos en conta á hora de propoñer esta estratexia son:

   - A efectividade da vacinación antipneumocócica poténciase cando se administra conxuntamente coa vacina antigripal.
   - O feito de que aínda que as infeccións pneumocócicas ocorren ao longo de todo o ano, o número de casos é maior no período medio do inverno, cando concorren epidemias de enfermidades virais polo que a vacinación masiva neste período terá un maior impacto a curto prazo.
   - A intervención conxunta de vacinación antigripal e antipneumocócica é máis custo-efectiva como xa se demostrou noutros estudos. Ademais, esta actuación pode aumentar as coberturas de vacinación tanto para a vacinación antigripal como para a vacinación antipneumocócica.

   Nesta campaña do ano 2003 ofértase así mesmo a vacinación antipneumocócica xunto coa vacinación antigripal, por cuarto ano consecutivo, a todas as persoas de 65 anos (que se incorporan á campaña por primeira vez neste ano 2003), ás maiores de 65 ou menores desta idade, que pertenzan aos grupos de risco específicos, que non recibiran a vacina fronte ao pneumococo en campañas anteriores.

2. **Coordinación:** Raquel Zubizarreta Alberdi e Mª José López Pimentel

3. **Obxectivos**

   Xeral

   Diminuír a morbi-mortalidade das enfermidades causadas polo Streptococo pneumoniae e o número e gravidade das complicacións derivadas de padecer a gripe na poboación da Comunidade Autónoma de Galicia.

   Específicos

   1. Conseguir unha cobertura de vacinación antigripal na poboación de 65 ou máis anos de polo menos o 62%.
   2. Conseguir unha cobertura de vacinación antipneumocócica de polo menos o 30% nas persoas que se incorporan por primeira vez á campaña (persoas de 65 anos).
   3. Conseguir unha cobertura acumulada de vacinación antipneumocócica na poboación de 65 ou máis anos de polo menos o 62%.
   4. Conseguir que o número de persoas a as que se lle administra unha dose de vacina antipneumocócica e nas que se pode descartar a recepción anterior

dunha dose sexa inferior ao5% do total de persoas de 65 ou máis anos vacinadas na campaña.

5. Reducir a un 5% os concellos onde se acadan unhas coberturas de vacinación antigripal e antipneumocócica acumulada menores do 40%.
6. Conseguir unha cobertura de vacinación antigripal nas residencias da terceira idade de polo menos o 85%.
7. Aumentar a vacinación antigripal das persoas de 65 ou máis anos ingresadas nos centros sanitarios nun 5%, en relación coa campaña anterior.
8. Aumentar a vacinación antigripal das persoas incluídas noutros grupos de risco nun 3% en relación coa campaña anterior, aproveitando a actividade asistencial diaria para realizar a captación e vacinación desta poboación.
9. Aumentar a vacinación antigripal dos traballadores de centros sanitarios e sociais nun 5%, respecto á campaña anterior.

4. Descrición da campaña

Estratexias

1. Facilitar a accesibilidade ás vacinacións para todos os grupos de risco.
2. Mellorar o control da recepción das vacinas e optimizar o seu emprego.
3. Manter unha rede de frío completa e controlada para preservar a capacidade inmunoxénica dos produtos utilizados.
4. Mellorar a recollida de datos no Rexistro Diario da Vacina Administrada.
5. Realizar actividades de difusión na poboación xeral sobre o beneficio da vacinación antigripal.
6. Formación e motivación dos profesionais sanitarios para que contribúan á consecución dos obxectivos.
7. Manter unha política de compras que permita conseguir os obxectivos ao menor custo posible.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central: Servizo de Prevención e Control das Enfermidades Transmisibles.
- Unidades de coordinación periféricas: Servizo de Promoción da Saúde das delegacións provinciais.
- Persoal facultativo de atención primaria e especializada que participan no programa (puntos de vacinación).
- Xerencias de atención primaria.
- Persoal facultativo dos centros asistenciais de residencias de 3ª idade, corpo de bombeiros, forzas armadas, hospitais privados…

Recursos materiais

- Doses suficientes da vacina antigripal e antineumocócica.
- Materiais impresos divulgativos.

5. Actividades xestionadas en 2003

- Deseño do plan e cronograma da campaña.
- Adquisición centralizada das doses vacinais necesarias para asegurar o abastecemento.
- Deseño, coordinación e xestión da campaña publicitaria.
- Reedición e distribución de rexistros específicos para a campaña.
- Elaboración, edición e distribución da circular que regula a campaña.
- Distribución das doses vacinais.
- Xestión do sistema de información mediante a mecanización dos datos obtidos dos rexistros e avaliación das coberturas acadadas.
- Elaboración do informe de avaliación global da campaña.
- Envío a cada punto de vacinación dun informe sobre o número de vacinas administradas nel, e da cobertura acadada no seu concello, así como o citado informe global de avaliación.
- Edición e distribución dos documentos. técnicos:
  - Campaña de vacinación antigripal /antineumocócica 2003.
  - Informe da campaña de vacinación antigripal e antineumocócica 2002.
  - Reedición e distribución da folla informativa para o persoal sanitario.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Evolución do custo en euros das últimas campañas. 1998-2003

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Custos vacinais	1.269.898	1.337.319	2.065.312 *	3.133.908	1.563.250	2.281.500
Custos materiais e de distribución	30.351	31.755	46.554	33.136	100.075	57.193
CUSTO TOTAL RR.MM.	**1.300.249**	**1.369.074**	**2.111.866**	**3.167.044**	**1.663.325**	**2.338.693**

** A partir deste ano trátase da suma do custo de adquisición das doses de vacina antigripal e antipneumocócica*

Táboa 2. Evolución dos diferentes indicadores de xestión das campañas. 1998-2003

	1998	1999	CAMPAÑA 2000		CAMPAÑA 2001		CAMPAÑA 2002		CAMPAÑA 2003	
			Gripe	Pneumo	Gripe	Pneumo	Gripe	Pneumo	Gripe	Pneumo
Nº de vacinas subministradas	425.694	448.153	491.694	368.198	502.638	63.269	529.847	54.431	590.053	45.116
Nº de vacinas rexistradas como administradas	409.261	436.392	463.762	340.908	442.127	45.172	477.812	35.984	557.624	44.466
Nº de vacinas administradas en ≥ 65 anos	272.834	300.275	329.192	306.369	321.649	37.890	344.575	30.611	379.835	35.971
Nº de vacinas administradas en menores de 65 anos pertencentes a grupos de risco	79.982	81.427	83.443	34.452	79.623	7.282	92.913	5.375	121.534	8.495
Nº de vacinas administradas en persoas sen risco	56.445	54.690	51.175	0	40.855	0	40.324	0	56.255	0
Taxa de cobertura (%) en ≥ de 65 anos	54,30	57,10	62,57	58,23	61,2	**	62,32	**	66,79	**

*** Non se dispón neste momento dos datos de cobertura acumulada dos maiores de 65 anos que recibiron vacina antipneumocócica na campaña 2002.*
Estamos a referirnos a cobertura acumulada de vacinación antipneumocócica dos anos 2000, 2001 e 2002 unha vez axustado o denominador coa cohorte que se incorpora a este grupo de idade.
Mantense o protocolo de vixilancia sobre enfermidade por pneumococo

De resultado

Táboa 3. Número de casos e taxas por 100.000 habitantes de incidencia de gripe

Tempada	Nº de casos	Taxa x 100.000 habitantes
1994-1995	152.177	5,632
1995-1996	149.419	5,536
1996-1997	212.608	7,88
1997-1998	179.375	6,649
1998-1999	268.256	9,865
1999-2000	222.714	8,174
2000-2001	81.152	2,964
2001-2002	132.464	4,839
2002-2003	86.530	3,161
2003-2004	104.096	3,783

Gráfico 1. Evolución do número de casos declarados de gripe durante as tempadas 00/01 a 03/04



Como se pode observar no gráfico, a distribución da curva da tempada 2003/2004 aseméllase a tempadas de gripe de anos anteriores coa existencia do característico pico epidémico, subliñando como dato característico desta tempada o adianto do pico epidémico. Cos datos de que dispoñemos neste momento, o número de casos notificados a través do Sistema de Notificación Obrigatoria de Enfermidades (SXNOE) na presente tempada 2003/2004, dende a semana número 33 do ano 2003, onde comeza esta, ata a semana 20 do ano 2004 na que remata a vixilancia, ascendeu a 104.096 casos, cifras que distan bastante da tempada 02/03, con 86.530 casos. A pesar da existencia de pico epidémico nesta tempada, pódese catalogar como de baixa intensidade.

Táboa 4. Evolución das taxas de mortalidade por gripe por 100.000 habitantes segundo o grupo de idade. 1991-2001

	15-24	25-34	35-44	45-54	55-64	65-74	75-84	>84
1991	–	–	–	–	0,6	2	15,5	137
1992	–	–	–	–	0,3	0,4	5,4	43,1
1993	0,2	–	–	0,6	–	0,4	5,8	62,6
1994	–	–	–	–	–	–	5,7	47
1995	–	–	–	–	–	1,1	6,9	55,5
1996	–	–	–	–	–	0,4	3,7	67,3
1997	–	–	–	–	–	0,7	7,3	88,4
1998	–	–	–	–	–	0,8	5,2	26,3
1999	–	–	–	–	–	0,8	9,7	93,7
2000**	–	–	–	–	–	0,3	12,5	108,0
2001**	–	–	–	–	0,3	0,3	2,1	10,7

** *Datos provisionais de mortalidade.*

Vacinación antihepatite B

1. **Data de comezo:** ano 1994

2 **Coordinación:** Raquel Zubizarreta Alberdi e Victoria Nartallo Penas

3. **Obxectivos**

Xerais

1. Reducir a morbilidade declarada por hepatite B.
2. Identificar, investigar e vacinar, se procede, o maior número posible de persoas pertencentes a grupos de risco.

Específicos

Aumentar as coberturas vacinais nos grupos de risco aumentado de transmisión do VHB:

- Persoas expostas a un risco ocupacional/laboral.
- Persoas con minusvalidez psíquica, así como os conviventes destas persoas.
- Persoas conviventes nun medio familiar de portadores do VHB.
- Pacientes en programas de hemodiálise ou transplante.
- Persoas que reciben de xeito reiterado sangue ou hemoderivados.
- Homes homosexuais e bisexuais activos.
- Persoas heterosexuais con promiscuidade sexual.
- Reclusos de penitenciarías e traballadores destes centros.
- Usuarios de drogas por vía parenteral.
- Persoas que viaxen a áreas endémicas do VHB.

4. **Descrición do programa**

Estratexias

1. Aumentar a accesibilidade das persoas pertencentes a grupos de risco, á vacina de HB.
2. Dotar os profesionais sanitarios dos coñecementos e medios adecuados para que integren na súa práctica clínica diaria as actividades de prevención e control desta enfermidade que correspondan: identificación e captación de grupos de riscos, manexo da profilaxe postexposición, detección de portadores, educación sanitaria da poboación e dos grupos de risco…
3. Que a poboación xeral teña acceso a unha información adecuada sobre a transmisión da infección por VHB e de como previla.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central: Servizo de Prevención e Control das Enfermidades Transmisibles.
- Unidades de coordinación periféricas: Servizo de Promoción da Saúde das delegacións provinciais.
- Persoal facultativo de atención primaria e especializada que participan no programa (puntos de vacinación).
- Comisión asesora do programa.
- Persoal facultativo das unidades de atención ao drogodependente e das institucións penitenciarias e institucións de minusválidos psíquicos.

Recursos materiais

- Doses suficientes de vacina antiHB.
- Materiais impresos divulgativos e de rexistro.

5. **Actividades xestionadas en 2003**

- Compra centralizada da vacina destinada a adultos.
- Distribución de todos os materiais necesarios (soportes documentais, material de rede de frío, vacinas, etc.) aos puntos de vacinación, tanto centros de saúde como hospitais e outros centros que captan e asisten a persoas de alto risco: institucións penitenciarias, unidades de atención a drogodependentes, etc.
- Xestión do sistema de información.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución do número de doses adquiridas e do custo en euros

	2003		2002		2001		2000		1999	
	Adultos	Ad. alto risco	Adultos	Ad. alto risco	Adultos	Ad. alto risco	Adultos	Ad. alto risco	Adultos	Ad. alto risco
Doses adquiridas	30.000	4.400	14.800	2.400	7.020	500	0	1.050	24.600	1.550
Custos vacinais	300.000	127.600	139.271	69.597	65.402	14.499	0	30.449	218.077	48.442

De resultado

Gráfico1. Evolución dos casos e taxas por 100.000 habitantes de hepatite B. 1991-2003



Tras a posta en marcha do Programa de vacinación antihepatite B no ano 94 observamos como se van reducindo paulatinamente e de xeito significativo, os casos de hepatite notificados.
Na gráfica podemos observar un pico na incidencia da enfermidade no ano 98, este aumento corresponde ao inicio da participación das unidades de atención a drogodependentes como centros notificadores da enfermidade, este incremento explícase dada a alta prevalencia da enfermidade neste grupo de risco.
En vista dos resultados, podemos confirmar un claro patrón descendente, cunha redución do 50% dos casos desde a posta en marcha do programa ata a actualidade, pasando de 136 casos no ano 1994 a 68 casos no ano 2001. No ano 2003 confírmase a tendencia descendente de anos anteriores rexistrándose un total de 54 casos.

Vacinación antipneumocócica conxugada

1. **Data de comezo:** ano 2001

2 **Coordinación:** Raquel Zubizarreta Alberdi e Victoria Nartallo Penas

3. **Obxectivos**

Xerais

1. Reducir a morbi-mortalidade debida a enfermidade invasiva causada polos serotipos 4, 6B, 9V, 14, 18C, 19F e 23F do streptococo pneumoniae en nenos, dende os 2 meses ata os 2 anos, pertencentes a determinados grupos de risco.
2. Vacinar o maior número posible de persoas pertencentes a grupos de risco.

Específicos

Aumentar as coberturas vacinais nos grupos de risco aumentado de enfermidade invasiva por pneumococo:

- Nenos inmunocompetentes con risco de enfermidade pneumocócica ou as súas complicacións debido a enfermidades crónicas cardiovasculares ou respiratorias, diabete mellitus ou perda de líquido cefalorraquídeo.
- Nenos inmunocomprometidos con risco de enfermidade pneumocócica ou as súas complicacións debido a asplenia anatómica ou funcional, enfermidade de Hodking, leucemia, linfoma, insuficiencia renal, síndrome nefrótica, anemia falciforme ou transplante de órganos.
- Nenos con infección por VIH, sintomáticos ou asintomáticos.

4. **Descrición do programa**

Estratexias

1. Informar os profesionais sanitarios das condicións de prescrición e dispensación desta vacina no ámbito do Sistema Nacional de Saúde (Resolución do 22 de xuño de 2001), restrinxindo o seu uso aos nenos entre 2 meses e 2 anos pertencentes aos grupos de risco anteriormente mencionados.
2. Establecemento dun protocolo de petición individualizada para cada vacina solicitada. Éstas dirixiranse á Dirección Xeral de Saúde Pública e irán acompañadas dun documento no que figuren:
   - Datos relativos ao médico prescritor (nome e apelidos, denominación e enderezo do centro onde se encontra, teléfono ou fax).
   - Datos do neno (iniciais do seu nome e apelidos, data de nacemento, concello de residencia, nº de historia clínica, especificando se é de atención primaria ou especializada).
   - Información clínica actualizada e precisa do diagnóstico no que se basea a petición.
   - Solicitude das doses precisas para completar a pauta de vacinación do neno (segundo a idade de inicio da vacinación).
3. Avaliación individualizada de cada unha das solicitudes de vacina, coa emisión do informe correspondente.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central: Servizo de Prevención e Control das Enfermidades Transmisibles.
- Unidades de coordinación periféricas: Servizo de Promoción da Saúde das delegacións provinciais.
- Persoal facultativo de atención primaria e especializada que participan no programa (puntos de vacinación).
- Comisión asesora do programa.

Recursos materiais:

- Doses suficientes de vacina antipneumocócica conxugada.
- Circular da Dirección Xeral de Saúde Pública do 8 de outubro de 2001.

5. **Actividades xestionadas en 2003**
   - Compra centralizada da vacina.
   - Xestión do sistema de información.
   - Mantemento do protocolo de prescrición e dispensación gratuíta da vacina antipneumocócica conxugada para nenos, entre 2 meses e 2 anos, con risco incrementado de enfermidade invasiva por pneumococo.

6. **Indicadores cuantitativos**

   De xestión

Táboa 1. Evolución do nº de doses adquiridas e do custo en euros

	2003	2002
Doses adquiridas	300	500
Custos vacinais	15.288	25.480

Outras vacinacións

A prevención das enfermidades infecciosas mediante vacinas constitúe un dos aspectos de maior importancia na promoción da saúde.

Existen diferentes situacións nas que o sistema inmune pode estar comprometido, así como outras que se presentan en determinados grupos de risco, ou con ocasión de viaxes internacionais, todo isto supón a necesidade de administrar vacinas non presentes no calendario vacinal.

1. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Diminuír a morbi-mortalidade debido a enfermidades inmunoprevibles tales como: hepatite A, varicela, infección pneumocócica, etc. nos grupos de risco.
   2. Identificar, investigar e vacinar, se procede, o maior número posible de persoas pertencentes a grupos de risco, ou en situacións de especial risco.

2 **Responsables:** Raquel Zubizarreta Alberdi e Victoria Nartallo Penas

3. **Descrición do programa**

   Estratexias

   1. Aumentar a accesibilidade da vacinación das persoas pertencentes a grupos de risco.
   2. Dotar os profesionais sanitarios dos coñecementos e medios adecuados para que integren na súa práctica clínica diaria as actividades de prevención e control destas enfermidades.
   3. Que a poboación xeral teña acceso a unha información adecuada sobre a transmisión e de como previla.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central: Servizo de Prevención e Control das Enfermidades Transmisibles.
- Unidades de coordinación periféricas: Servizo de Promoción da Saúde das delegacións provinciais.
- Persoal facultativo de atención primaria e especializada que participan no programa (puntos de vacinación).
- Comisión asesora do programa.

Recursos materiais

- Doses suficientes de vacina.
- Materiais impresos divulgativos.

4. **Proxectos e actividades xestionados en 2003**
   - Compra centralizada da vacina.
   - Xestión do sistema de información.

Táboa 1. Nº de doses adquiridas de vacina en 2003 e custo en euros

	Doses adquiridas	Custo
Antivaricela	300	9.900
IPV	705	3.736
DTP acelular adultos (dTpa)	443	4.076
Penta e hexavalentes	110	4.366
Hepatite A	1.874	32.738
Hepatite A + B	872	20.870
Outras	1.023	8.954
Totais	**5.252**	**84.640**

Recursos económicos

Táboa 2. Análise de custos en euros do programa

Tipo de recurso	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
RECURSOS HUMANOS							
Xefe de servizo	Grupo A	1	S.C.[1]	38	17.417		
Xefe de sección	Grupo A	1	S.C.	100	38.455		
Titulado superior	Grupo A	1	S.C.	100	31.260		
Técnico B	Grupo B	1	S.C.	100	30.726		
Técnico B	Grupo B	1	S.C.	25	6.460		
RR.HH. SERVIZOS CENTRAIS					**124.318**		
RR.HH. DELEGACIÓNS		100	S.P.[2]		552.571		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**676.889**	**680.347**	**675.441**
RECURSOS MATERIAIS							
Subprograma de vacinación sistemática					**4.388.210**		
Campaña de vacinación antigripal e antipneumocócica					2.338.693		
Vacinación antihepatite B					427.600		
Vacinación pneumococócica conxugada					15.288		
Outras vacinacións					84.389		
Total Subprograma de vacinación en grupos/situacións de risco					**2.865.970**		
CUSTO TOTAL RR.MM.					**7.254.180**	**5.915.052**	**7.843.647**
CUSTO TOTAL DO PROGRAMA					**7.931.069**	**6.595.399**	**8.519.088**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos

Modificación dos determinantes da saúde (continuación)

Actuación sobre factores de risco relacionados co sistema asistencial (prevención secundaria)

- Programa galego de detección precoz do cancro de mama
- Programa galego para a detección da xordeira en período neonatal
- Programa galego para a detección precoz de enfermidades endócrinas e metabólicas en período neonatal
- Plan de Minimización de Riscos Microbiolóxicos nos Hospitais de Galicia (Plamirmihga)

Actuación sobre factores de risco relacionados co sistema asistencial (prevención secundaria)

Programa galego de detección precoz do cancro de mama

1. **Data de comezo:** ano 1992
2. **Coordinación:** Ángeles Feijóo-Montenegro Fernández
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Reducir mortalidade por cancro de mama nas mulleres de 50 a 64 anos da nosa comunidade nunha porcentaxe do 25% ás seis anos da implantación completa do programa.

   Específicos

   1. Acadar unha participación do 70% das mulleres citadas.
   2. Asegurar acceso a un adecuado diagnóstico clínico e tratamento.
   3. Consolidar un adecuado sistema de información do programa.

4. **Descrición do programa**

   Estratexias

   1. A poboación diana son todas ás mulleres residentes en Galicia entre 50 e 64 anos (segundo o padrón de 2000 = 245.360).
   2. A proba básica de cribaxe é a dobre mamografía (cranio-caudal e oblicua medio lateral) con dobre lectura radiolóxica independente. O intervalo entre probas é de 2 anos.
   3. O sistema de xestión é centralizado e o sistema de citación é personalizado por correo; todo o sistema permite o cambio de cita telefonicamente (teléfono específico do programa), o mesmo que a citación por contigüidade xeográfica.
   4. Os resultados das mamografías remítense por carta, que, no caso de que precise valoración adicional, é certificada e con xustificante de recepción, facilitándolle nela unha cita para ser atendida nunha unidade de diagnóstico e tratamento, que será confirmada mediante unha chamada telefónica o día anterior á cita.
   5. Antes de comezar en calquera zona, é criterio fundamental para o programa a inexistencia de listas de espera, para o que se pon á disposición do hospital a unidade de exploración mamográfica.
   6. Dende as delegacións provinciais, os coordinadores do programa convocan reunións de presentación coas autoridades municipais, sanitarios locais, prensa e radio local, etc. Así mesmo, ofrécense charlas informativas, en colaboración coa Asociación Española Contra o Cancro (AECC), a colectivos específicos e distribúense carteis e folletos motivadores a farmacias e centros sanitarios locais.
   7. Existe tamén un sistema de control de calidade radiolóxica, avaliado pola Universidade de Santiago de Compostela e cofinanciado polo programa Europa Contra o Cancro, da Unión Europea.
   8. Dende 1996, o Programa galego de detección precoz do cancro de mama está integrado na *European Breast Cancer Network (EBCN).*

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central: Delegación Provincial de Sanidade da Coruña e Servizo de Programas Poboacionais de Cribado da Dirección Xeral de Saúde Pública (Santiago de Compostela).
- 4 unidades de coordinación periféricas: Servicio de Promoción da Saúde das delegacións provinciais de sanidade.
- 10 unidades de exploración, integradas por un técnico especialista en radiodiagnóstico (TER) e un auxiliar administrativo, en cada unha delas. Así mesmo, o programa conta cun condutor para desprazar unidades móbiles.
- 3 unidades de avaliación radiolóxica (onde 14 radiólogos realizan a dobre lectura independente das placas).
- 15 unidades de diagnóstico e tratamento: integradas por todos os hospitais onde se remite ás mulleres sospeitosas de lesión

maligna para confirmación diagnóstica e tratamento, se procede.

- 15 comités de mama das unidades de diagnóstico e tratamento do Programa galego de detección precoz do cancro de mama.

Recursos materiais

- Unidades de exploración: 6 unidades fixas e 4 móbiles, onde se realizan as mamografías.
- Sistema de transporte gratuíto ás unidades fixas para aquelas mulleres que teñan o seu domicilio a máis de 25 km, e con deficitarias vías de comunicación coa unidade de exploración.
- Arquivo central de mamografías.
- *Hardware* e aplicación informática específica.
- Materiais impresos informativos e divulgativos.
- Cuestionarios e fichas de rexistro.

5. Proxectos e actividades xestionadas en 2003

- Informe de xestión do Programa 2002.
- Contrato-programa. Elaboración da proposta e avaliación anual de indicadores:
  - Coas delegacións provinciais.
  - Coa División de Asistencia Sanitaria – Atención Especializada.
    - Das unidades de avaliación radiolóxica.
    - Das unidades de diagnóstico e tratamento.
- Avaliación anual de indicadores das unidades de diagnóstico e tratamento das fundacións e hospitais concertados.
- Convenio coa Universidade de Santiago de Compostela en relación co: "Programa de control de calidade das instalacións de radiodiagnóstico do Programa galego de detección precoz do cancro de mama".
- Certificación EUREF: Formalización de formularios e seguimento de protocolos para solicitude da acreditación.
- "Realización dun estudo de incidencia do Programa galego de detección precoz do cancro de mama".
- Contratación de servizos:
  - Mantemento informático.
  - Arquivo de mamografías.
- Participación en proxectos:
  - Proxecto Europeo: "Evidence-based patiend information about breast cancer screening".
- Adquisicións:
  - Unha reveladora luz día.
  - Un negatoscopio motorizado.
  - Dous mamógrafos.
- Publicacións:
  - Guías de Saúde Pública. Serie II: Sección Cancro: Informe 5
    "Resultados do Programa galego de detección precoz do cancro de mama. Resultados, 1992 – 2002".
  - Documentos Técnicos de Saúde Pública. Serie C, nº 10
    "Guía para o diagnóstico e tratamento do cancro de mama. 2002 PGDPCM".
- Elaboración e deseño:
  - Páxina WEB de "Programas de cáncer de mama".
  - Material gráfico: Nova imaxe do programa (folleto, cartas, carteis…).
- Participación en congresos e reunións científicas:
  - Taller "Impacto sobre a mortalidade do Programa galego de detección precoz de cancro de mama" coa colaboración do Servizo de Epidemiología do Cancro dol Centro Nacional de Epidemioloxía. Instituto de Saúde Carlos III. Santiago de Compostela, xuño 2003.
  - Xornadas Interautonómicas de Programas de detección precoz de cancro de mama. A Rioxa, setembro 2003.
    "Situación actual de los programas de detección precoz de cáncer de mama en España"
    "Información baseada na evidencia sobre cribaxe de cancro de mama".
    Presentación da páxina WEB, "Programas de cáncer de mama"

- XXII Reunión Nacional de la Sociedad Española de Senología y Patología Mamaria. Valladolid, outubro 2003.
  "Utilidad de los programas de screening y experiencia de 10 años en algunas comunidades autónomas"
- XXII Reunión Sociedad Española de Epidemiología. Toledo, outubro 2003
  "Información sobre el impacto de los programas de cribado de cáncer de mama".
- Jornada Parlamentaria sobre el cáncer de mama. Palacio del Senado, Madrid, outubro 2003.
  "¿Existen diferencias entre las Comunidades Autónomas en la atención al cáncer de mama?".
- Annual Meeting of the European Breast Cancer Network. Estocolmo-Suecia, xuño de 2003:
  "Evaluation of breast cancer mortality after the implantation of the breast cancer screening programme in Galicia".

- Difusión de información do programa:
  - Atención continuada á demanda de información.
  - Difusión do Programa galego de detección precoz do cancro de mama e de resultados en medios de comunicación: prensa, TVG…
  - Elaboración de notas de prensa.

- Actividade de xestión das unidades de diagnóstico e tratamento:
  - Xestión de 1.932 citas.
  - Envío ás mulleres de cartas de citación para a realización de probas complementarias (2.142 cartas).
  - Atención a usuarias: 4.368 chamadas telefónicas rexistradas para confirmación e cambio de citas hospitalarias.
  - Xestión de 2.729 peticións ao arquivo.
  - Recepción e gravación da información remitida dende as unidades de diagnóstico e tratamento das mulleres citadas.
  - Busca activa de información das unidades para completar datos de seguimento, diagnóstico e tratamento.

- Organización de cursos, talleres de formación continuada, xornadas:
  - Taller sobre impacto do Programa galego de detección precoz do cancro de mama na mortalidade. Santiago de Compostela, xuño 2003.
  - Curso de control de calidade en mamografías, X edición, para técnicos de radiodiagnóstico. Santiago de Compostela, novembro de 2003.
  - Taller de recepción e atención ao público, para auxiliares administrativos do Programa galego de detección precoz do cancro de mama. Santiago de Compostela, novembro de 2003.
  - Xornada aberta do Programa galego de detección precoz do cancro de mama, para TER radiólogos e persoal do Programa galego de detección precoz do cancro de mama. Santiago de Compostela, novembro de 2003.
  - Taller de control de calidade en mamografía. Santiago de Compostela, novembro 2003.
  - Habilidades para a intervención nos pacientes oncolóxicos. Adestramento en counselling. Santiago de Compostela, novembro 2003.

- Actividade docente:
  - Curso 2003 de Diplomados en Sanidade: organizado pola FEGAS e a DXSP:
    "Presentación de programas de cribaxe", Santiago de Compostela, maio de 2003.
  - Curso de doutoramento de obstetricia e xinecoloxía 2003. Universidade de Santiago de Compostela, maio 2003.
    "Screening do cancro de mama".
    "Estado actual da cribaxe do cancro de cérvix".
  - Habilidades para a intervención nos pacientes oncolóxicos. Adestramento en counselling. Santiago de Compostela, novembro 2003.
    Mesa redonda: "Guía de apoio psicolóxico e aspectos éticos na atención ao cancro de mama".

- Xornada aberta do Programa galego de detección precoz do cancro de mama, para TER, radiólogos e persoal do Programa galego de detección precoz do cancro de mama. Santiago de Compostela, novembro de 2002.
  "Información baseada na evidencia sobre cribaxe de cancro de mama".
- "Curso de control de calidade en mamografías", XI edición, para técnicos de radiodiagnóstico:
  "*La garantía de calidad en el Programa Gallego de Detección Precoz del Cáncer de Mama. Resultados globales*". Santiago de Compostela, novembro de 2003.

▮ Actividades do programa que se realizan dende a Unidade Central:

- Mantemento e xestión das unidades de exploración:
  – Mantemento das 10 unidades de exploración.
  – Xestión da realización da proba de cribaxe.
  – Xestión da citación das mulleres.
  – Xestión do transporte ás unidades de exploración.
  – Envío de cartas de citación e de resultados negativos da proba de cribaxe.

▮ Actividades do programa que se realizan dende as delegacións provinciais de sanidade:

- Presentación do programa nos municipios participantes.
- Distribución de materiais divulgativos e informativos.
- Información continuada á poboación a través da prensa escrita, radio e televisión a nivel provincial.
- Revisión de historias clínicas hospitalarias para completar datos de seguimento, diagnóstico e tratamento das mulleres enviadas ás unidades de diagnóstico e tratamento.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución do número de mulleres que participan no programa e taxa de participación. 1992-2003

	Convidadas	Exploradas	% Participación	Remitidas para estudo
Nov 92–95	105.171	73.889	70,26	5.772
1996	83.435	58.291	69,86	2.409
1997	59.275	42.177	71,15	2.331
1998	88.106	64.965	73,74	3.126
1999	102.687	72.644	70,74	3.287
2000	105.206	77.298	73,47	2.923
2001	103.100	77.584	75,25	2.916
2002	106.800	80.201	75,09	2.375
2003	110.054	82.757	75,20	1.932
Nov 92–Dec 2003	**863.834**	**629.806**	**72,91**	**27.071**

Táboa 2. Evolución do número de mulleres remitidas para estudo e cancros detectados. 1992-2001

	Exploradas	Remitidas para estudo N	Remitidas para estudo %	Cancros detectados	Taxa detección[1]
Nov 92–95	73.889	5.772	7,81	319	4,32
1996	58.291	2.409	4,13	239	4,10
1997	42.177	2.331	5,53	192	4,55
1998	64.965	3.126	4,81	229	3,52
1999	72.644	3.287	4,52	231	3,18
2000	77.298	2.923	3,78	254	3,29
2001	77.584	2.916	3,76	250	3,22
Nov 92–Dec 01	**466.848**	**22.764**	**4,88**	**1.714**	**3,67**

1 Por 1.000 mulleres exploradas

Táboa 3. Número de mulleres exploradas e cancros detectados durante 2000 e 2001, por rolda de cribaxe

		Mulleres exploradas	Cancros detectados	Taxa detección (por 1.000 mulleres exploradas)	Valor predictivo positivo[1]
2000	Primeira rolda cribaxe	23.053	91	3,95	5,76
	Roldas sucesivas	54.245	163	3,00	12,58
	TOTAL	**77.298**	**254**	**3,29**	**8,69**
2001	Primeira rolda cribaxe	19.055	66	3,46	4,83
	Roldas sucesivas	58.529	184	3,14	12,12
	TOTAL	**77.584**	**250**	**3,22**	**8,57**

1 VPP= casos/mulleres que acoden ás unidades de diagnóstico

Táboa 4. Datos da primeira rolda de cribaxe e sucesivas. 1992-2003

	Primeira rolda cribaxe	Roldas sucesivas
Mulleres convidadas	465.227	398.607
Mulleres exploradas	275.405	354.401
Resultados cribaxe Mulleres derivadas para confirmación diagnóstica	18.813	8.258

Táboa 5. Tempos entre procesos. Ano 2003

	Porcentaxe mulleres	
	Observada	Obxectivo
Con <15 días entre a exploración e resultado	88	90
Con <20 días entre o resultado da mamografía e cita ao hospital	49	90

Táboa 6. Comparación dos resultados do PGDPCM cos estándares propostos por Europa Contra o Cancro na primeira rolda. Ano 2000 e 2001

	Aceptable	Desexable	1ª rolda	
			2000	2001
Taxa detección (x1.000)*	4,2	>4,2	3,95	3,46
Razón biopsia benigna/maligna	<2 a 1	<1 a 1	1,88	1,94

** 3 x taxa incidencia esperada en ausencia de cribaxe*

Táboa 7. Comparación dos resultados do PGDPCM cos estándares propostos por Europa Contra o Cancro en roldas sucesivas. Anos 2000 e 2001

	Aceptable	Desexable	Roldas sucesivas	
			2000	2001
Taxa de detección (x 1.000)*	2,1	>2,1	3,00	3,14
Razón biopsia benigna/maligna	<1 a 1	<0,5 a 1	0,77	0,86

** 1,5 x taxa incidencia esperada en ausencia de cribaxe*

Táboa 8. Evolución de indicadores de *inputs* e de rendementos en euros. 1992-2003

Ano	Técn. de Saúde Pública	Radiólogos	Técn. esp. en radioloxía (TER)	Auxiliares administrativos	TOTAL
1992	5	3	1	3	**12**
1993	6	6	3	5	**20**
1994	6	9	5	7	**27**
1995	9	15	11	15	**50**
1996	10	15	11	15	**51**
1997	10	15	12	15	**52**
1998	10	15	12	15	**52**
1999	10	15	12	18	**55**
2000	10	15	12	17	**54**
2001	10	15	12	17	**54**
2002	10	14	12	17	**53**
2003	10	14	12	17	**53**

Ano	Persoal	Mantemento	Investimento	TOTAL	Custo anual por muller explorada	Custo acumulado por muller explorada
1992	59.493,03	43.737,32	29.904,12	133.134,47	68,24	68,24
1993	328.097,07	151.882,08	93.125,44	573.104,58		
1994	479.719,25	469.950,45	137.830,47	1.087.500,17	36,82	44,97
1995	643.154,24	503.244,23	228.854,66	1.375.253,13	40,54	42,93
1996	890.105,19	638.847,22	242.017,68	1.770.970,10	30,39	37,40
1997	887.546,09	780.282,91	258.846,02	1.926.675,02	45,68	39,40
1998	970.838,08	793.188,35	285.241,64	2.049.268,07	31,54	37,27
1999	1.006.228,22	831.717,66	269.567,00	2.107.512,88	29,01	35,35
2000	1.040.658,94	853.002,25	225.428,46	2.119.089,64	27,41	33,77
2001	1.070.400,52	753.041,65	203.045,03	2.026.487,20	26,12	32,50
2002	1.132.840,80	916.177,77	119.880,52	2.168.899,10	27,04	31,70
2003	1.152.518,84	1.136.416,60	106.717,50	2.395.652,94	28,95	31,34
TOTAL	**9.661.600,27**	**7.871.488,49**	**2.200.458,54**	**19.733.547,30**		

(Amortización 7 anos)

De resultados

Aínda non se dispón de datos para poder avaliar un programa coma este, xa que os resultados son a máis longo prazo.

Táboa 9. Evolución da mortalidade por cancro de mama en Galicia. Taxas por 100.000 mulleres. Galicia. Período 1989-2001

Ano	Taxa de mortalidade				Taxa de mortalidade 50-64 anos			
	Mortes totais	Taxa	ASR (W)[1]	ASR (E)[2]	Mortes 50-64 anos	Taxa	ASR (W)[1]	ASR (E)[2]
1989	370	26,32	15,41	21,33	118	47,43	45,97	45,76
1990	378	26,89	15,82	21,90	115	46,22	46,33	46,41
1991	393	27,95	17,00	23,46	130	52,25	53,80	53,95
1992	374	26,60	15,16	21,23	125	50,24	47,02	47,53
1993	386	27,46	16,05	22,38	139	55,87	54,63	54,94
1994	407	28,62	15,09	21,38	138	55,45	54,37	54,80
1995	438	30,80	15,72	22,16	115	46,21	45,76	45,76
1996	383	26,93	13,73	19,40	108	43,40	41,83	41,61
1997	378	26,58	13,47	18,98	95	38,17	37,29	37,03
1998	390	27,58	13,80	19,39	113	46,17	45,07	44,56
1999	382	26,95	12,80	18,27	96	39,03	38,84	38,99
2000*	413	29,09	13,13	18,91	99	40,35	40,24	40,18
2001*	415	29,25	13,12	18,94	110	44,91	44,50	44,65

1 Taxa estandarizada a poboación mundial

2 Taxa estandarizada a poboación europea

Fonte: Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Saúde Pública. Análise da mortalidade en Galicia. Santiago de Compostela.

** Datos provisionais*

Programa galego para a detección da xordeira en período neonatal

1. **Data de comezo:** ano 1999
2. **Coordinación:** Ramón Vizoso Villares
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Mellorar a capacidade de comunicación (linguaxe receptiva e expresiva) dos nenos con hipoacusia moderada, severa ou profunda de orixe neonatal, para equiparala á dos normooíntes.

   Específicos

   1. Asegurar o acceso á proba de cribaxe a todos os nenos nacidos en Galicia, cunha cobertura maior do 95%.
   2. Acadar unha participación polo menos do 95% dos neonatos nacidos en Galicia.
   3. Garantir o acceso a diagnóstico de confirmación, cunha derivación e consulta antes dos 40 días en máis do 95% dos nenos estudados na unidade de diagnóstico.
   4. Garantir o inicio do tratamento antes dos 6 meses de idade, en máis do 95% dos nenos derivados a unidades de tratamento.
   5. Desenvolver un adecuado sistema de información do programa.

4. **Descrición do programa**

   Estratexias

   1. Cribaxe universal: a poboación diana son todos os neonatos en Galicia.
   2. Realización dunha proba de potenciais evocados auditivos automatizados.
   3. Desenvolvemento hospitalario do programa: a proba de cribaxe é realizada por persoal sanitario dos hospitais da nosa comunidade.
   4. Implantación progresiva do programa na rede de hospitais públicos e hospitais e maternidades privadas de Galicia.
   5. Dispoñer dun sistema de información do programa.
   6. Dispoñer dun sistema de control de calidade do programa.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central. DXSP: Servizo de Programas Poboacionais de Cribado dende maio do ano 1999.
     - Responsable do programa: Ramón Vizoso Villares (dende febreiro de 2001).
     - Asesor: Pablo Parente Arias (facultativo especialista de área en otorrinolaringoloxía do Complexo Hospitalario Juan Canalejo).
     - Grupos de traballo (compostos por facultativos das áreas afíns ao programa, designados polos órganos directivos dos hospitais participantes):
       1. Grupo de traballo de cribaxe.
       2. Grupo de traballo de diagnóstico.
       3. Grupo de traballo de tratamento.

   Recursos materiais

   - 16 equipos de cribaxe auditiva neonatal mediante potenciais evocados automatizados.

5. **Proxectos e actividades xestionadas en 2003**

   - Elaboración/proposta do contrato-programa coa División de Asistencia Sanitaria–Atención Especializada para o ano 2003.
   - Informe de xestión do Programa 2002.
   - Actividades de posta en marcha do programa nos hospitais: Complexo Hospitalario de Pontevedra (5 de maio de 2003), Complexo Hospitalario Cristal-Piñor de Ourense (19 de maio de 2003):
     - Reunións de coordinación cos equipos directivos dos dous hospitais.
     - Realización dos comités de implantación nos dous hospitais.
     - Remisión de equipamento e material funxible aos hospitais.
     - Instalación de equipamento nos hospitais.
     - Diferentes reunións nos hospitais para a supervisión do funcionamento dos equipamentos.
     - Actividades de seguimento e mantemento do programa.

- Actividades de seguimento do programa nos hospitais: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (19 de novembro de 2003) e Complexo Hospitalario de Ourense (3 de decembro de 2003).
  - Reunións de seguimento cos equipos directivos e persoal implicado dos dous hospitais.
  - Informe de resultados do programa en cada hospital.
  - Informe do control de calidade da base de datos do equipo de cribaxe de cada hospital.
  - Actualización do documento de operativización do programa de cada hospital.
- Actividades informativas do programa:
  - Notas de prensa, informando sobre o programa, os días 4, 6 e 15 de abril de 2003.
- Desenvolvemento do sistema de información:
  - Desenvolvemento e adaptación aos hospitais da aplicación informática de xestión de datos do programa.
  - Asesoría e colaboración no desenvolvemento e adaptación ao programa, da aplicación informática de rexistro de neonatos, probas de cribaxe e citacións realizada polo servizo de Informática Área Asistencial.
  - Deseño e publicación da folla de seguimento e historia clínica do programa para a súa utilización nas unidades de diagnóstico e unidades de tratamento que forman parte do programa.
- Compras:
  - Adquisición, en dous concursos diferentes, de 2 e 8 equipamentos de cribaxe auditiva mediante potenciais evocados automatizados.
  - Realizouse un control de mantemento preventivo dos tres primeiros equipamentos de cribaxe.
  - Adquisición de material funxible: 25.800 electrodos e 1.875 parellas de auriculares para os equipos de cribaxe auditiva.
  - Adquisición de 20.000 folletos informativos de apoio ao programa.
- Actividade docente:
  - Obradoiro de adestramento do Programa para a detección da xordeira en período neonatal. Realizado no Complexo Hospitalario de Pontevedra, o 23 e 24 de abril de 2003.
  - Obradoiro de adestramento do Programa para a detección da xordeira en período neonatal. Realizado no Complexo Hospitalario de Ourense, o 12 e 14 de maio de 2003.
  - Obradoiro de adestramento do Programa para a detección da xordeira en período neonatal (formación continuada). Realizado no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, o 19 de novembro de 2003.
- Organización de cursos, talleres de formación continuada, xornadas:
  - Curso teórico-práctico de intervención logopédica a nenos xordos de 0-3 anos. Realizado en Santiago de Compostela, o 7 de novembro de 2003.
  - Obradoiro de adestramento do Programa para a detección da xordeira en período neonatal. Realizado no Complexo Hospitalario de Pontevedra, o 23 e 24 de abril de 2003.
  - Obradoiro de adestramento do Programa para a detección da xordeira en período neonatal. Realizado no Complexo Hospitalario de Ourense, o 12 e 14 de maio de 2003.
  - Obradoiro de adestramento do Programa para a detección da xordeira en período neonatal (formación continuada). Realizado no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, o 19 de novembro de 2003.
- Participación en proxectos:
  - Participación no Grupo de traballo para a prevención da hipoacusia neonatal, organizado polo Ministerio de Sanidade e Consumo. Asistiuse ás reunións realizadas no Ministerio de Sanidade e Consumo nas seguintes datas: 12 de febreiro e 24 de abril de 2003.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos do programa

Tipo de recurso	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003
RECURSOS HUMANOS					
Xefe de servizo	Grupo A-28	1	S.C.[1]	30	14.000
Técnico superior	Grupo A-20	1	S.C.	60	18.334
Total DXSP					32.334
Asesor do programa				30	13.256
Persoal sanitario de hospitais					105.119
CUSTO TOTAL RR.HH.					**183.043**
OUTROS RECURSOS					
Custo recursos inmateriais					44.116
Custo recursos materiais					125.754
CUSTO TOTAL DE RECURSOS					**169.870**
CUSTO TOTAL DO PROGRAMA					**352.913**

1 Servizos centrais

De resultados

Táboa 2. Evolución da implantación do programa. 2002 e 2003

Hospital	Data de inicio
Complexo Hospitalario Universitario Juan Canalejo da Coruña	20 de maio de 2002
Complexo Hospitalario Xeral-Cíes de Vigo	1 de agosto de 2002
Complexo Hospitalario Universitario de Santiago	1 de setembro de 2002
Complexo Hospitalario de Pontevedra	5 de maio de 2003
Complexo Hospitalario Cristal-Piñor de Ourense	19 de maio de 2003

Táboa 3. Nº de nenos con proba de cribaxe realizada (maio 2002 a decembro 2003)

Hospital	2002	2003	Total
C. H. Universitario Juan Canalejo da Coruña	987	2.774	3.761
C. H. Xeral-Cíes de Vigo	1.436	4.207	5.643
C. H. Universitario de Santiago	521	2.132	2.653
C. H. de Pontevedra	–	1.158	1.158
C. H. Cristal-Piñor de Ourense	–	996	996
TOTAL	**2.944**	**11.267**	**14.211**

Táboa 4. % participación nos hospitais con programa (maio 2002 a decembro 2003)

Hospital	2002	2003	Total
C. H. Universitario Juan Canalejo da Coruña	58,05	96,28	82,09
C. H. Xeral-Cíes de Vigo	81,13	98,48	93,48
C. H. Universitario de Santiago	66,32	83,57	79,52
C. H. de Pontevedra	–	99,57	99,57
C. H. Cristal-Piñor de Ourense	–	98,1	98,71
TOTAL	**69,88**	**94,84**	**88,12**

Táboa 5. Número e porcentaxe de derivación a diagnóstico (maio 2002 a decembro 2003)

Hospital	2002	2003	Global
C. H. Universitario Juan Canalejo da Coruña	20 (2,02%)	63 (2,19%)	83 (2,27%)
C. H. Xeral-Cíes de Vigo	2 (0,13%)	5 (0,12%)	7 (0,12%)
C. H. Universitario de Santiago	5 (0,95%)	11 (0,52%)	16 (0,60%)
C. H. de Pontevedra	–	1 (0,09%)	1 (0,09%)
C. H. Cristal-Piñor de Ourense	–	0 (0%)	0 (0%)
TOTAL	**27 (0,92%)**	**80 (0,71%)**	**107 (0,75%)**

Táboa 6. Situación dos nenos derivados a diagnóstico (maio 2002 a decembro 2003)

Hospital	Éxitus	Rexeitan	Non acoden	En estudo	Alta	Dx
C. H. Universitario Juan Canalejo da Coruña	3	1	5	5	65	4
C. H. Xeral-Cíes de Vigo	–	–	–	3	3	1
C. H. Universitario de Santiago	–	–	–	–	16	0
C. H. de Pontevedra	–	–	–	–	1	–
C. H. Cristal-Piñor de Ourense	–	–	–	–	–	–
TOTAL	**3**	**1**	**5**	**8**	**85**	**5**

Programa galego para a detección precoz de enfermidades endócrinas e metabólicas en período neonatal

1. **Data de comezo:** ano 1978

2. **Coordinación:** Ramón Vizoso Villares

3. **Obxectivos**

   Xeral

   Evitar a mortalidade, subnormalidade e discapacidades orixinadas polas enfermidades endócrinas e metabólicas presentes no período neonatal e que son obxecto de cribaxe por parte deste programa.

   Específicos

   1. Dar unha cobertura do 100%; é dicir, garantir que todos os neonatos de Galicia teñen acceso á realización das probas de cribaxe incluídas no programa.
   2. Obter unha participación do 98% ou máis da poboación obxectivo.
   3. Garantir o acceso a un adecuado diagnóstico e tratamento aos nenos participantes no programa.
   4. Desenvolver un adecuado sistema de información e control de calidade.

4. **Descrición do programa**

   Estratexias

   1. Informar e aconsellar a poboación sobre a necesidade de realizar a detección precoz de erros innatos do metabolismo nos neonatos.
   2. Facilitar a accesibilidade á proba a todos os neonatos en Galicia, a través da entrega en todas as maternidades da información e dos materiais necesarios para remitir as mostras ao laboratorio.
   3. Dispoñer dun sistema de información do programa.
   4. Dispoñer dun sistema de control de calidade do programa.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central. DXSP:
     - Servizo de Programas Poboacionais de Cribado (dende xuño do 2001).
     - Grupo de traballo: para revisión e análise do programa e desenvolvemento dun documento descritivo do programa.
   - Laboratorio de referencia: Complexo Hospitalario Universitario de Santiago. Laboratorio de Detección Precoz de Enfermidades Metabólicas.
   - Área Asistencial-Atención Especializada:
     - Persoal das maternidades que colabora co programa.
   - Área Asistencial-Atención Primaria:
     - Persoal de atención primaria que colabora co programa.

5. **Proxectos e actividades xestionadas en 2003**

   - Estudo e depuración da base de datos da aplicación informática específica do programa co fin de analizar os resultados do programa para o período 1995-2002.
   - Informe de xestión do Programa 2002.
   - Elaboración/proposta do contrato-programa coa División de Asistencia Sanitaria-Atención Especializada para o ano 2003.
   - Participación no Programa Nacional da Tría Neonatal.
   - Participación no "Estudo anónimo e non relacionado sobre a prevalencia de anticorpos anti-VIH 1-2 en neonatos", no que están participando 7 comunidades autónomas.
   - Participación no grupo de traballo para coordinación do programa informático con outras aplicacións.
   - Inicio no desenvolvemento dun documento descritivo do programa.
   - Elaboración dun informe de resultados do programa para o período 1995-2002.

- Actualización do deseño e contido do material divulgativo que dá apoio ao programa (folleto informativo, ficha identificativa, sobre de remisión de mostras e tiras de papel absorbente), coa incorporación do logotipo do programa.
- Realización dun vídeo formativo que recolle os diferentes procedementos que se levan a cabo no programa e que servirá de material de apoio aos talleres de formación continuada para o persoal sanitario implicado nel.
- Compras:
  - Adquisición dunha pregadora de cartas para o laboratorio de metabolopatías.
- Outros investimentos realizados:
  - Adquisición do material funxible do programa.
  - Adquisición dunha tradeadora automática para o laboratorio de metabolopatías.
  - Adquisición dun analizador automático de aminoácidos para o laboratorio de metabolopatías.
- Actividades informativas do programa:
  - Nota de prensa, informando sobre o programa, o día 14 de xullo de 2003.
- Organización de cursos, talleres de formación continuada, xornadas:
  - Taller de Hipotiroidismo Neonatal. Realizado en Santiago de Compostela, o día 24 de xuño de 2003.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución da actividade do programa. 1995-2003

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Nº de neonatos analizados	18.347	18.242	18.365	18.272	18.621	19.201	19.139	19.180	20.150
Nº total de análises	21.439	21.702	21.259	21.093	21.076	21.697	21.847	22.678	24.469
Nº de nacementos(*)	18.790	18.618	18.703	18.545	18.810	19.463	19.393	19.337	–
% cobertura	97,64	98,00	98,19	98,52	99,00	98,65	98,69	99,19	–

(*) Fonte IGE: Ano 2002 datos provisionais. Ano 2003 datos non dispoñibles

Recursos económicos

Táboa 2. Análise de custos en euros do programa

Tipo de recurso	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003
RECURSOS HUMANOS					
Xefe de servizo	Grupo A-28	1	S.C.[1]	10	4.583
Técnico superior	Grupo A-20	1	S.C.	40	12.389
Total DXSP					16.972
Laboratorio de referencia				80	285.516
CUSTO TOTAL RR.HH.					**319.460**
RECURSOS MATERIAIS					
CUSTO TOTAL RR.MM.					**139.211**
CUSTO TOTAL DO PROGRAMA					**458.671**

1 Servizos centrais

Táboa 3. Evolución dos custos do programa. 1999-2003

Ano	Persoal	Mantemento	Total
1999	209.219	70.919	**280.138**
2000	222.977	73.445	**296.422**
2001	259.603	74.405	**334.008**
2002	299.605	129.693	**429.298**
2003	302.488	139.211	**441.699**

De resultados

Táboa 4. Casos e taxas de detección por tipo de diagnóstico. Período 1995-2003 e 1978-2003

ENFERMIDADES QUE SON OBXECTO DE CRIBAXE POBOACIONAL	1995-2003 Casos (2003)	1978-2003 Casos	Taxas
Fenilcetonuria	15 (2)	34	1/13.849
Hipotiroidismo conxénito	65 (10)	163	1/ 2.888
Cistinuria infantil	120 (9)	426	1/1.105
Déficit de biotidinasa	5	5	1/94.179
Alkaptonuria	0	1	–
Xarope de Arce	2	16	1/ 29.431
Galactosemia	3 (1)	10	1/47.089
Tirosinemia permanente	3	4	1/117.724
OUTRAS PATOLOXÍAS DETECTADAS	**1995-2003 Casos (2003)**	**1978-2003 Casos**	**Taxas**
Acidemia metilmalónica	6 (4)	8	1/58.862
Diabetes mellitus	0	3	1/156.965
Dibásico aminoaciduria	0	1	–
Cistationinemia	1	1	–
Glucosuria	0	2	1/235.448
PATOLOXÍAS DETECTADAS POR TANDEM MASAS		**2000-2003 Casos (2003)**	**Taxas**
Acidemia Glutárica Tipo 1 (GA1)		2	1/38.835
Déficit de 3-hidroxi-3-Metilglutaril-CoA Liasa (HMG)		1	1/77.670
Déficit de Acil-CoA Deshidroxenasa de cadea curta (SCAD)		2	1/38.835
Déficit de Acil-CoA Deshidroxenasa de cadea media (MCAD)		5 (1)	1/15.534
Déficit de Acil-CoA Deshidroxenasa de cadea longa (LCHAD)		2 (1)	1/38.835
Hiperprolinemia		1	1/77.670
Hidroxiprolinemia		1	1/77.670
SITUACIÓNS BENIGNAS OU TRANSITORIAS	**1995-2003 Casos (2003)**	**1978-2003 Casos**	**Taxas**
Hiperfenilalaninemia	21 (1)	37	1/12.726
Hipertirotropinemia transitoria	38 (3)	128	1/3.678
Hipotiroidismo transitorio	0	6	1/78.482
Déficit parcial de biotidinasa	14 (1)	14	1/33.635
Acidemia metilmalónica transitoria	4	4	1/117.724
Tirosinemia transitoria	177	299	1/1.507

Táboa 5. Número de persoas, por patoloxías, seguidas e controladas analiticamente. 1995-2003

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Cistinurias clásicas	14	19	16	17	18	14	20	20	23
Fenilcetonurias	32	32	35	35	35	39	38	43	47
Hiperfenilalaninemias benignas	11	20	18	21	18	15	20	20	21
Hipotiroidismos conxénitos[1]	54	59	50	0	0	0	0	0	0
Outras cistinurias	23	21	16	20	17	9	13	10	9
Tirosinemia	0	0	0	0	0	0	1	3	4
Xarope de arce	0	0	0	0	0	0	1	2	2
Homocistinuria	–	–	–	–	–	–	–	–	2
Hiperprolinemia	–	–	–	–	–	–	–	–	2

1. Dende setembro do ano 1997 o seguimento analítico e os estudos de confirmación desta patoloxía son realizados polo laboratorio clínico ordinario

7. Estudo piloto para a detección de novas patoloxías coa técnica de espectrometría de tandem masas

En xullo do 2000 iniciouse un estudo piloto para a detección precoz de 22 trastornos metabólicos adicionais, aplicando a técnica de espectrometría de tandem masas (TMS).

Táboa 6. Patoloxías e casos detectados coa técnica TMS. 2000-2003

	2000	2001	2002	2003
Acidemia glutárica tipo 1 (GA1)	0	2	0	0
Acidemia isovalérica (IVA)	0	0	0	0
Acidemia metilmalónicas (MMA)	0	0	0	0
Acidemia propiónica (PPA)	0	0	0	0
Aciduria arginosucínica (ASA)	0	0	0	0
Argininemia	0	0	0	0
Citrulinemia	0	0	0	0
Déficit de acetoacetil CoA tiolasa mitocondrial	0	0	0	0
Déficit de carnitina palmitoil transferasa II (CPT II)	0	0	0	0
Déficit de carnitina/acilcarnitina translocasa	0	0	0	0
Déficit de 3-metilcrotonil-CoA carboxilasa	0	0	0	0
Déficit de 3-Hidroxi-3-Metilglutaril-CoA liasa (HMG)	0	0	1	0
Déficit da Acil-CoA deshidroxenasa de cadea curta (SCAD)	0	0	2	0
Déficit da Acil-CoA deshidroxenasa de cadea media (MCAD)	0	3	1	1
Déficit da Acil-CoA deshidroxenasa de cadea longa (LCHAD)	1	0	0	1
Déficit da Acil-CoA deshidroxenasa de cadea moi longa (VLCAD)	0	0	0	0
Déf. Múltiple Acil-CoA deshidroxenasa (acidemia glutarica tipoII-MADD)	0	0	0	0
Déficit de proteina trifuncional	0	0	0	0
Homocistinuria: déficit de cistationina sintetasa	0	0	0	0
Hipermetioninemia	0	0	0	0
Hiperornitinemia	0	0	0	0
Síndrome hiperamonémia, hiperornitinemia, homocitrulinuria (HHH)	0	0	0	0
Hiperprolinemia	0	1	0	0
Hidroxiprolinemia	0	0	1	
TOTAL DIAGNÓSTICOS	**1**	**6**	**5**	**2**

Táboa 7. Número de persoas, por patoloxías, seguidas e controladas coa técnica TMS. 2000-2003

	2000	2001	2002	2003
Acidemia glutárica tipo 1 (GA1)	0	2	2	4
Hiperprolinemia	0	1	1	2
Déficit da Acil-CoA deshidroxenasa de cadea media (MCAD)	0	3	4	5
HMG	0	0	1	1
SCAD	0	0	2	2
LCHAD	0	0	1	2
Deficiencia de carnitina palmitoil transferasa II	–	–	–	1
Deficiencia primaria de carnitina	–	–	–	1
Deficiencia múltiple de Acil-CoA deshidroxenasa	–	–	–	2
3-metilcrotonil-CoA carboxilasa	–	–	–	1
Deficiencia de glutatión sintetasa	–	–	–	1
Academia metilmalónica	–	–	–	4

Plan de Minimización de Riscos Microbiolóxicos nos Hospitais de Galicia (Plamirmihga)

1. **Data de comezo:** ano 1999
2. **Coordinación:** Luisa Abraira García
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Protexer o paciente, persoal sanitario, visitantes e a todo aquel que teña relación co medio sanitario, dos riscos derivados da acción de microorganismos nos hospitais galegos, diminuíndo a taxa de infección nosocomial ata límites aceptables, o que supón conseguir unha prevalencia de pacientes infectados non superior ao 6% en Galicia, nos dous vindeiros anos.

   Específicos

   1. Dispoñer de información precisa, puntual, válida, fiable e que permita a comparabilidade interhospitalaria, da infección nosocomial en Galicia.
   2. Acadar un funcionamento homoxéneo e eficaz das comisións de infección hospitalaria e política antibiótica nos hospitais galegos.
   3. Deseñar e difundir estratexias comúns de prevención e control da infección nosocomial.

4. **Descrición do Plan**

   O Plan de Minimización de Riscos Microbiolóxicos no Medio Hospitalario de Galicia (Plamirmihga), elaborado pola Dirección Xeral de Saúde Pública (DXSP) da Consellería de Sanidade e publicado en xuño de 2000, define a infección nosocomial (IN) como "a condición localizada ou sistémica que resulta da reacción adversa á presenza de axentes infecciosos ou das súas toxinas e que non estaba presente, nin en fase de incubación, no momento do ingreso no hospital. Por iso se considera IN aquela que é adquirida no hospital —non estaba presente, nin no período de incubación, no momento do ingreso do paciente no centro— independentemente de que se manifeste ou non durante a súa estadía hospitalaria. Ademais dos pacientes, pode afectar aos traballadores e aos visitantes do hospital.

   A enfermidade infecciosa no hospital constitúe un importante problema de saúde. As súas taxas constitúen un indicador de resultado para a avaliación da calidade dos coidados asistenciais. Determinados niveis deben considerarse como consecuencia da estrutura organizativa hospitalaria e moi difíciles de eliminar, malia a aplicación de medidas rigorosas de prevención e control; é o que algúns autores denominan "mínimo irreductible". Non obstante, o sistema sanitario, cada vez máis centrado no usuario, non pode admitir isto e debe realizar serios esforzos para minimizar a súa presenza e os seus efectos.

   Estímase que entre o 5 e o 10% dos pacientes hospitalizados sofren unha infección nosocomial, das que o 1% constitúen a causa directa da morte do paciente e entre o 3% e o 4% son causa contribuínte da defunción. Na maioría dos estudos, os custos atribuídos á infección hospitalaria derívanse directamente da prolongación da estadía (entre 7 e 12 días). O estudo realizado por Plowman et al (2000) establece que o desenvolvemento dunha infección nosocomial incrementa a estadía hospitalaria 2,5 veces e representa un custo tres veces superior, estimando que custan arredor de mil millóns de libras cada ano ao sector da saúde de Inglaterra (1,6 millardos de euros).

   Nos estudos de prevalencia (EPINE) realizados nos últimos anos en España, Galicia presenta unha porcentaxe de infeccións arredor do 8% e a de enfermos con infección do 7%, taxas que non presentan diferencias estatisticamente significativas respecto das globais do Estado, situándonos porén entre aquelas comunidades autónomas con máis IN. Estes datos sitúannos preto dos países do noso contorno que realizaron estudos de prevalencia de IN.

Estratexias

1. Elaboración documental do Plamirmihga e desenvolvemento dos seus elementos: sistema de vixilancia e comisión de infección hospitalaria e política antimicrobiana.
2. Elaboración de Guías de prevención e control. Difusión para a súa implantación.
3. Avaliación do Plamirmihga.
4. Formación do persoal.
5. Investigación e desenvolvemento.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Un coordinador a tempo parcial.
- Cinco coordinadores de grupo de traballo, técnicos da DXSP.
- 30 profesionais dos hospitais integrantes dos distintos grupos de traballo.

Recursos materiais

- Guías de procedementos de prevención e control de enfermidades transmisibles no medio hospitalario.
- Documentos básicos de homoxeneización de criterios.
- Busca bibliográfica sistematizada.

5. Proxectos e actividades xestionadas en 2003

- Elaboración, edición e distribución de dúas guías de procedemento:
  - *Guía de implantación de sistemas de autocontrol en restauración hospitalaria. Plan de análise de perigos e puntos de control crítico.*
  - *Guía de procedementos para o control hixiénico-sanitario das lavandarías do medio hospitalario.*
- Actualización, edición e distribución do apéndice lexislativo da *Guía de implantación de sistemas de autocontrol.*

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Actividade desenvolvida. 1999-2003

	2003	2002	2001	2000	1999
Nº de participantes	14	28	77	100	103
Nº de reunións dos grupos de traballo	3	6	37	52	57
Nº de horas de traballo dos grupos na Dirección Xeral	7	17	86,15	198,5	214
Nº de documentos publicados	3	2	4	6	4

Táboa 2. Análise de custos en euros do programa

Tipo de recursos RECURSOS HUMANOS	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
CUSTO TOTAL RR.HH.		**15.805**	**70.026**
RECURSOS MATERIAIS			
Publicacións	13.000		
CUSTO TOTAL RR.MM.	**13.000**	**35.664**	**23.362**
CUSTO TOTAL DO PROGRAMA	**13.000**	**51.469**	**93.388**

De resultados

Táboa 3. Prevalencia de infeccións nosocomiais e de pacientes con infección. 1995-2003

	1995		1996		1997		1998		1999		2000		2001		2002		2003	
	N	PI%	N	PI%	N	PI%	N	PI%	N	PI%	N	PI%	N	PI%	N	PI%	N	PI%
GALICIA																		
Infeccións	350	6,97	441	8,87	364	7,71	411	8,38	383	8,28	432	8,17	428	8,43	386	8,47	437	8,79
Enfermos con infección	303	6,03	382	7,68	323	6,84	343	6,99	335	7,24	367	6,94	357	7,03	328	7,20	373	7,50
ESPAÑA																		
Infeccións	4.188	8,02	4.372	8,41	4.175	8,08	4.280	7,96	4.246	7,91	4.474	8,09	4.360	7,74	4.262	7,77	4.191	7,64
Enfermos con infección	3.518	6,63	3.759	7,23	3.587	6,94	3.606	6,71	3.696	6,88	3.820	6,90	3.768	6,69	3.666	6,68	3.588	6,54

Modificación dos determinantes da saúde (continuación)

Actuación sobre factores de risco relacionados coas enfermidades non transmisibles

- Programa de educación para a saúde na escola
- Programa galego de promoción da vida sen tabaco
- Programa de saúde bucodental na escola
- Programas de integración de actividades preventivas de eficacia probada no ámbito de atención primaria
- Plan integral de atención sanitaria e social á muller

Programa de educación para a saúde na escola

1. **Data de comezo**

   Ano 1991

2. **Coordinación:** Manuel Amigo Quintana e Julia González-Zaera Barreal

3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Proporcionar coñecementos sobre os factores que inflúen positiva ou negativamente na saúde persoal e colectiva e sobre como reforzar os positivos e transformar os negativos.
   2. Cambiar dunha actitude pasiva a outra activa fronte á saúde.
   3. Cambiar dunha actitude de responsabilidade exclusivamente individual ante a saúde a outra colectiva, ademais de individual.
   4. Dende o respecto á realidade sociocultural (crenzas, costumes, tradicións, tabús…), atopar e poñer en práctica libremente aqueles procedementos, comportamentos e estilos de vida considerados máis saudables.
   5. Adecuar o ambiente educativo para que as opcións máis saudables sexan as máis fáciles de adoptar.

   Específicos

   1. Atopar un modelo xeral de incorporar a EpS aos proxectos educativos de centro, válido para a súa xeneralización.
   2. Elaborar e identificar criterios metodolóxicos e didácticos que poidan ser adoptados na programación da EpS das distintas etapas e niveis do ensino.
   3. Seleccionar o material didáctico que se elabore na actividade experimental para ofrecelo posteriormente aos centros docentes.
   4. Definir un modelo de formación para os profesionais que aborden a EpS na escola.
   5. Establecer modelos de colaboración entre as escolas e os servizos sociosanitarios que permitan desenvolver a participación da comunidade escolar na promoción da saúde da comunidade na que esta se insire.
   6. Incrementar progresivamente os recursos humanos multidisciplinares que dean apoio á planificación, xestión e execución do programa.

4. **Descrición do programa**

   Tras a promulgación da Lei de ordenación xeral do sistema educativo (LOXSE), a educación para a saúde (EpS) é un dos contidos curriculares de carácter transversal (integrados nos contidos educativos das materias tradicionais, e inspiradores da vida e a organización do centro), xunto coa educación ambiental, a educación para o consumo, a educación vial, a educación para a paz, a educación para o lecer e a educación para a igualdade de xéneros.

   Ata o ano 1999, mantívose un programa experimental en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que, cos obxectivos, a estrutura e os recursos que a continuación se describen, permitiu dar un importante apoio e pulo á educación para a saúde na escola, que agora continúan as actividades deseñadas e implantadas no ámbito escolar, dos diversos programas de saúde pública, como o de promoción da vida sen tabaco, o de prevención da infección polo VIH/Sida, ou o de saúde bucodental, ao abeiro do convenio de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

   Estratexias

   1. Estreita colaboración coa Consellería de Educación.
   2. Apoio económico a proxectos educativos a través de convocatorias públicas de ambas as dúas consellerías.
   3. Sensibilización a través dos medios de comunicación e de medios propios do programa.

4. Formación do profesorado a través dos plans de formación continuada do profesorado desenvolvidos pola Consellería de Educación.
5. Elaboración, edición e distribución de materiais didácticos de apoio ás programacións de aula (saúde bucodental, prevención de drogodependencias e promoción da vida sen tabaco, saúde sexual e prevención de VIH/Sida, alimentación-nutrición, seguridade vial e prevención de accidentes).
6. Creación do soporte organizativo: coordinadores nos centros de formación continuada do profesorado, grupos de traballo específico de carácter multiprofesional para a elaboración de materiais e a organización de actividades.
7. Avaliación cualitativa e cuantitativa do proceso.

Elementos organizativos

Recursos humanos:

- Unidade central: Servizo de Coordinación e Calidade de Saúde Pública.
- Comisión de Seguimento e Control do Convenio Educación-Sanidade.
- Comisión Técnica de Planificación e Avaliación.
- Coordinadores dos centros de formación e recursos do profesorado de Galicia (CEFORES).
- Profesionais que xestionan outros programas de saúde da Consellería de Sanidade ou da Dirección Xeral de Saúde Pública: Plan de Galicia sobre Drogas, Programa de saúde bucodental, Programa de promoción da vida sen tabaco, Programa escolar de prevención da infección por VIH/sida...
- Profesorado dos centros escolares participantes nas actividades.
- Grupos de traballo multidisciplinar para a elaboración de materiais didácticos e divulgativos.

Recursos materiais:

- Convenio de colaboración coa Consellería de Educación (1992/2003) e anexos programáticos anuais.
- Convenio de colaboración coa Dirección Xeral de Tráfico (1997/2003) e anexos programáticos anuais.
- Materiais de apoio de carácter didáctico e divulgativo:
  - Guía: A experiencia de educar para a saúde na escola: Tomo 1: Proposta xeral. Tomos 2 e 3: Materiais informativos sobre temas de saúde. Tomo 4: Aprendendo a previr o VIH/sida. Tomo 5: Educación bucodental. Tomos 6, 7, 8 e 9: Prevención do abuso de drogas. Tomos 10 e 11: Educación vial para a educación primaria e secundaria.
  - *Saudiña* (publicación ISSN anual): periódico de EpS e outros temas transversais.
  - Diverso material didáctico e informativo editado e distribuído pola Dirección Xeral de Tráfico, e outros programas de DXSP.
- Outros recursos correspondentes aos programas de saúde bucodental, promoción da vida sen tabaco, prevención da infección polo VIH/sida, e outros que desenvolven algunha das súas actividades no ámbito escolar.
- Os correspondentes á loxística de organización e publicidade de xornadas bianuais de EpS e transversalidade curricular, ademais dos correspondentes ás actividades formativas organizadas polos centros de formación continuada do profesorado.

5. Proxectos e actividades xestionadas en 2003

- Organización das III Xornadas sobre transversalidade nas ensinanzas non universitarias, e celebración en Santiago os días 9, 10 e 11 de maio.
- Deseño, edición e distribución do periódico escolar Saudiña nº 10 e dunha separata adicada ás III Xornadas sobre transversalidade.
- Xestión económico-administrativa do financiamento dos custos dos proxectos.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros dedicados á coordinación do programa

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A-28	1	S.C.[1]	10	4.583		
Asesoría técnica	Grupo B-22	1	S.C.	30	9.218		
Auxiliar administrativo	Grupo IV	1	S.C:	10	1.814		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**15.615**	**7.544**	**20.240**
RECURSOS MATERIAIS							
CUSTO TOTAL RR.MM.					**33.715**	**18.619**	**42.672**
CUSTO TOTAL DO PROGRAMA					**49.320**	**26.153**	**62.912**

1 Servizos centrais

Táboa 2. Análise de custos en euros dos programas de promoción da saúde no ámbito escolar en 2003

Programa de saúde bucodental	305.577
Programa de prevención da infección VIH/Sida	56.375
Programa promoción da vida sen tabaco	35.298
Programa de inspección de centros escolares	89.010
Coordinación de programas	49.320
Plan de Galicia sobre Drogas	39.000
TOTAL	**574.580**

Táboa 3. Evolución dos custos en euros das actividades de promoción da saúde no ámbito escolar. 1992-2003

		Subtotais	Totais
1992-1993	C. Educación C. Sanidade	98.566 212.241	**310.807**
1993-1994	C. Educación C. Sanidade	133.825 373.873	**507.698**
1995	C. Educación C. Sanidade	735.313 422.471	**496.671**
1996	C. Educación C. Sanidade	76.673 471.534	**548.207**
1997	C. Educación C. Sanidade	200.962 307.134	**508.096**
1998	C. Educación C. Sanidade	75.024 381.561	**456.585**
1999	C. Educación C. Sanidade	63.430 568.308	**631.738**
2000	C. Educación C. Sanidade	73.347 913.529	**986.876**
2001	C. Educación C. Sanidade	76.647 472.987	**549.634**
2002	C. Educación C. Sanidade	90.800 367.660	**458.460**
2003	C. Educación C. Sanidade	108.800 574.580	**683.380**

Programa galego de promoción da vida sen tabaco

1. **Data de comezo:** ano 1993.
2. **Coordinación:** Begoña Alonso de la Iglesia e Mª Jesús García Blanco.
3. **Obxectivos**

   Xerais:

   1. Diminuí-la mortalidade causada por patoloxías asociadas ó consumo de tabaco.
   2. Diminuí-la morbilidade producida polas patoloxías asociadas ó consumo de tabaco.

   Específicos:

   1. Reducir o número de fumadores da nosa comunidade.
   2. Atrasar a idade de inicio do consumo de tabaco.
   3. Lexislar e impulsar o cumprimento, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, de medidas que protexan ós non-fumadores.
   4. Avaliación da efectividade das actividades implantadas polo programa.
   5. Estudios sobre prevalencia do tabaquismo en colectivos específicos.
   6. Mellorar o nivel de información sobre tabaco e saúde.

4. **Descrición do programa**

   Estratexias

   1. Intervencións na poboación xeral:
      - Potenciar a educación para a saúde na escola, especialmente na prevención do tabaquismo.
      - Actualizar a normativa autonómica de defensa dos non-fumadores e facer un seguimento do seu cumprimento.
      - Informar a poboación xeral sobre os riscos para a saúde provocados polo tabaquismo, aproveitando especialmente a celebración anual do Día Mundial sen Tabaco.
      - Impulsar a participación na Rede de Centros Promotores da Vida sen Tabaco (RCP).
   2. Intervencións na poboación fumadora:
      - Xeneralizar o consello profesional antitabaco sistemático, tanto na atención primaria de saúde como na atención especializada.
      - Asegurar a dispoñibilidade da Guía de autoaxuda para deixar de fumar.
      - Aumentar a accesibilidade da poboación fumadora a programas específicos para deixar de fumar:
        – Campaña "Déixao e gaña".
   3. Intervencións en colectivos específicos:
      - Facilitar formación e información relativa ó tabaquismo e a súa prevención ós profesionais sanitarios, estudiantes de medicina e educadores.
      - Facilitar información relativa ó tabaco ós periodistas, parlamentarios, etc.
      - Coñecer as actitudes e comportamentos dos profesionais sanitarios que desenvolven as súas funcións en atención primaria de saúde e atención especializada.
   4. Intervencións intersectoriais: trátase da coordinación e unidade de acción con outras unidades dependentes das distintas administracións ou asociacións sociais.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos:

   - Unidade central: Servicio de Prevención e Control de Enfermidades Non Transmisibles.
   - 4 unidades de coordinación periféricas: Servicios de Promoción da Saúde das delegacións provinciais.
   - Comisión Asesora.

   Recursos materiais:

   - Materiais impresos informativos, divulgativos e sinalizadores.
   - Información de programas e proxectos específicos na páxina web da DXSP.

5. **Proxectos e actividades xestionadas en 2003**
   - Informe de xestión do programa 2002.
   - Contrato programa coas delegacións provinciais. Avaliación trimestral dos seus indicadores.

- Contrato-programa coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria (Atención Primaria e Especializada).
- Proposta de presuposto 2004.
- Declaración de congresos libres de tabaco.
- Acreditación da participación na Rede de Centros Promotores da Vida sen Tabaco.
- Declaración institucional da Consellería de Sanidade co motivo do Día Mundial sen Tabaco.
- Participación no grupo de expertos da Ponencia de Promoción da Saúde do "Consello Interterritorial de Saúde do Ministerio de Sanidade e Consumo" para a elaboración do Plan Nacional de Prevención e Control do Tabaquismo 2003-2007.
- Participación no grupo de traballo para a elaboración da proposta de nova normativa nacional para a regulación da publicidade, venda e consumo de tabaco.
- Proposta de formación sobre tabaquismo ano 2004.
- Difusión de información do programa:
  - Información continuada a través dos medios de comunicación.
  - Informe sobre "Resultados prácticos da aplicación do programa para incluílo no Plan de Acción Xove 2000-2003".
  - Informe de avaliación do proxecto "Clases sen fume 2002-2003" na provincia da Coruña.
- Atención continuada da demanda de información.
- Envíos periódicos de información ós centros promotores da vida sen tabaco.
- Web "Clases sen fume 2003-2004".
- Actividades de planificación, coordinación e asesoramento:
  - Coordinación de Proxectos Europeos en Galicia:
    - Clases sen fume ("Smoke free class project").
    - Rede de hospitais libres de tabaco ("European Network Smokefree Hospitals").
    - Día Mundial sen tabaco. ("No Smoke Day" -31 de maio de 2003).
  - Avaliación aos 12 meses da campaña "Déixao e Gaña 2002" ("International Quit and Win 2002").
  - Avaliación aos 12 meses da campaña "Déixao e Gaña 2002 para profesionais sanitarios" (International Health Professional Quit an Win 2002").
  - Coordinación do Proxecto de intervención sobre traballadores dos centros hospitalarios da rede do Servicio Galego de Saúde e financiamento parcial do tratamento farmacolóxico (substitutivo con nicotina e bupropion).
  - Coordinación do grupo de traballo para a elaboración da Guía "axudando ós meus pacientes a deixar de fumar".
  - Apoio á organización da "Semana sen fume" nos centros de saúde, (Asociación Galega de Medicina de Familia e Comunitaria. Maio 2003).
  - Reunións de coordinación:
    - Reunións periódicas de coordinación das actividades do programa cos responsables provinciais do PGPVST.
    - Reunión de coordinación nacional "Smokefree Class". (A Coruña, maio 2003).
    - Reunión de coordinación do proxecto "Clases sen fume" en Galicia.
    - Reunión cos responsables das unidades hospitalarias de deshabituación tabáquica.
    - Reunións con representantes da industria tabaqueira e das Asociacións de Estanqueiros.
    - Reunión de coordinación nacional da "Rede de Hospitais libres de humo". (Barcelona, Xuño 2003).
    - Reunións de coordinación cos responsables dos programas de tabaco de outras CCAA e do Ministerio de Sanidade.
- Protocolos elaborados:
  - Universidade Sen Tabaco.

- Actuación nas Unidades de deshabituación de Atención Primaria (actualización).
- Actuación nas Unidades de deshabituación de Atención Hospitalaria (actualización).
- Creación de unidades hospitalarias de deshabituación tabáquica.
- O tratamento do tabaquismo nas Unidades de deshabituación Hospitalaria.
- Sinalización dos Taxis de Galicia.
- Declaración de EVENTOS sen tabaco.
- Guía de Recomendacións nas Unidades de Deshabituación.
- Sinalización dos centros de saúde libres de tabaco.

▮ Deseño e edición:
- Materiais informativos e motivadores:
  - Folletos informativos:
    - Axude aos seus fillos: afágaos a vivir sen tabaco (50.000 unidades).
    - Muller, fai unha boa elección: vive sen tabaco (30.000 unidades).
    - Fagamos unha boa elección: traballemos sen tabaco (50.000 unidades).
    - O seu exemplo o mellor consello (10.000 unidades).
    - Centros de saúde sen tabaco (5.000 unidades).
    - "Clases sen fume", información para os centros docentes (2.500 unidades).
    - "Clases sen fume", información para os escolares (6.000 unidades).
  - Breve guía para deixar de fumar (70.000 unidades).
  - Carteis clases sen fume 50x70 (4.000 unidades).
- Materiais sinalizadores:
  - Adhesivos prohibido fumar ascensor (40.000 unidades).
  - Carteis Prohibido fumar A3 (2.900 unidades tamaño A3 e 1.500 tamaño A4).
  - Carteis Área fumadores (650 unidades tamaño A4).
  - Adhesivos prohibido fumar nos taxis (5.000 unidades).
- Materiais divulgativos:
  - Calendarios de mesa (35.000 unidades).
  - Calendarios de peto (100.000 unidades).
  - Planning (15.000 unidades).
  - Marcadores libros (100.000 unidades).
  - Xogo de Tarxetas postais cos slogans "Clases sen fume" (5.000 xogos de 10 tarxetas).
  - Cadernos clases sen fume (5.000 unidades).
  - Axendas Clases sen fume (6.000 unidades).
- Material de apoio a xestión:
  - Fichas das unidades de deshabituación hospitalaria.
  - Fichas das unidades de deshabituación en atención Primaria.
  - Follas informativas de Saúde Pública: recomendacións para previr o aumento de peso ao deixar de fumar" (300 talonarios de 50 fichas).
  - Diplomas da Rede de Centros Promotores (500 unidades).
  - Proxecto "Clases sen fume":
    - Diplomas Clases sen Fume (alumnos e titores) (3.675 unidades).
    - Bases concurso (2.250 unidades).
    - Ficha compromiso clase (500 unidades).
    - Ficha presentación proxecto de actividade creativa (700 unidades).
    - Ficha seguimento participación (600 unidades).
    - Ficha presentación do slogan con representación gráfica (6.600 unidades).
    - Carpetas concurso (500 unidades).

▮ Adquisicións:
- Tratamento farmacolóxico para a deshabituación tabáquica: substitutivo da nicotina (chicles, comprimidos e parches de nicotina).
- Calibrador medidor CO aire espirado (2 unidades).
- Boquillas smokelyzer (2.500 unidades).

- Materiais divulgativos:
  - Porta CD's co slogan Clases sen fume (4.000 unidades).
  - Bolígrafos anti-stress "Eventos sen tabaco"- (3.500 unidades).
  - Bolígrafos infantís (10.000 unidades).
  - Mochila rileira (5.000 unidades).
  - Bolsas de plástico co logotipo do programa (1.000 unidades).

- Distribución de materiais:
  - Envíos a demanda carteis sinalizadores e folletos informativos aos centros promotores de vida sen tabaco.
  - Envíos periódicos de todos os materiais informativos en maio (co gallo do Día Mundial sen Tabaco 31 Maio), septembro e decembro.
  - Envío de materiais divulgativos as entidades organizadoras de actividades específicas o Día Mundial.
  - Envíos aos centros docentes dos materiais do proxecto Clases sen fume.
  - Envíos de materiais de apoio a xestión e tratamento farmacolóxico as unidades de deshabituación.
  - Envío de calendarios 2004 a máis de 5.000 puntos de distribución (decembro 2003).

- Publicacións:
  - Web Clases sen Fume.
  - Artigo Clases sen Fume. Boletín informativo del Plan de Galicia sobre Drogas (Outubro-Decembro 2003).
  - Elaboración do artigo para a revista Saudiña. Clases sen Fume "Smokefree Class Competition".
  - "El consumo de tabaco y los factores socioeconómicos y familiares en las mujeres gallegas" (Gaceta Sanitaria, Vol. 17- Supl.2- Octubre, 2003).
  - "Plan Nacional de Prevención y control del Tabaquismo 2003-2007" (Revista Española de Salud Pública. Vol. 77, nº 4, Julio Agosto 2003).
  - Clases sen fume 2002-2003. Galicia (Prevención tabaquismo, vol. 5 supl. 1, pag. 42, novembro 2003).
  - "Quit and Win 2002 para profesionales sanitarios en Galicia. Evaluación de los resultados" (Prevención tabaquismo, vol. 5 supl. 1, pag. 47, novembro 2003).
  - "Evaluación del Programa Clases sin humo 2002-2003 en la provincia de Pontevedra" (Prevención tabaquismo, vol. 5 supl. 1, pag. 63, novembro 2003).
  - "Evaluación de la Red de Hospitales sin tabaco en Galicia" (Prevención tabaquismo, vol. 5 supl. 1, pag. 82, novembro 2003).

- Actividades docentes:
  - Obradoiro sobre lugares de traballo libres de tabaco. Organizado pola Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS) e a DXSP (Santiago, febreiro 2003).
  - Curso de Diplomados en Sanidade, organizado pola FEGAS, a Escola Nacional de Sanidade (ENS) e a DXSP (Santiago, marzo 2003).
  - Obradoiro sobre diagnóstico e tratamento do tabaquismo: Intervención básica. Organizado pola FEGAS e a DXSP (Santiago, marzo 2003).
  - Obradoiro sobre diagnóstico e tratamento do tabaquismo: Intervención avanzada. Organizado pola FEGAS e a DXSP (Santiago, marzo 2003).
  - Obradoiro sobre diagnóstico e tratamento do tabaquismo: Entrevista motivacional para o cambio. Organizado pola FEGAS e a DXSP (Santiago, abril 2003).
  - Obradoiro sobre técnicas de información e motivación ó paciente fumador ingresado nun centro hospitalario. Organizado pola FEGAS e a DXSP (Vigo, maio 2003).
  - Abordaxe do Tabaquismo: "Diagnósticos e Tratamento do Paciente Fumador". Organizado pola FEGAS e a DXSP (Ourense, maio 2003).
  - Obradoiro sobre diagnóstico e tratamento do tabaquismo. Organizado polo Grupo de

abordaxe do Tabaquismo (GAT- Galicia). (Vigo, xuño 2003).
- Obradoiro sobre técnicas de información ó público nun Hospital libre de tabaco. Organizado pola FEGAS e a DXSP (Santiago, outubro 2003).

- Relatorios, comunicacións a reunións científicas e presentacións do programa:
  - Semana Internacional da Saúde (Silleda, marzo 2003):
    - Programa Galego da Promoción de Vida sen Tabaco. Resultados 1994-2003. Táboa redonda sobre prevención do tabaquismo en Galicia (relatorio).
  - Publicidade e tabaco (Santa Comba – abril 2003) (relatorio).
  - Xornada de presentación da Fundación Mellor sen Tabaco (A Coruña, maio 2003):
    - "Plan Nacional de prevención y control del tabaquismo" (relatorio).
  - "Jornada Nacional de European Network Smokefree Hospital". (Barcelona, xuño 2003):
    - Rede Galega de hospitais sen tabaco. Resultados 1996 – 2003 (relatorio).
  - "12th World Conference on Tobacco or Health - Global Action for a Tobacco Free Future" (Helsinki – agosto 2003):
    - "Health Professionals Quit and Win competition" (relatorio).
    - "Quit and win: socialdemographic factors and the consumption at the begining of the Q&W campaigns 1998-2000, the abstinence predictors a year after. Galicia – Spain" (comunicación – poster).
    - "Live without tobacco promotional centres network (PCN) of Galicia - Spain. 1994 – 2002" (comunicación – poster).
  - "XXI Reunión de la Sociedad Española de Epidemiología" (Toledo - outubro 2003):
    - "El consumo de tabaco y los factores socioeconómicos y familiares en las mujeres gallegas" (comunicación – poster).
  - III Congreso Nacional de "Prevención y Tratamiento del Tabaquismo" (Zaragoza - Novembro 2003):
    - "Clases sin Humo 2002-2003. Galicia" (relatorio).
    - "Quit and Win 2002 para profesionais sanitarios en Galicia: evaluación de los resultados" (relatorio).
    - "Evaluación de la Red de Hospitales sin humo en Galicia" (comunicación-poster).
    - "Evaluacion del programa Clases sin Humo 2002-2003 en la provincia de Pontevedra" (comunicación-poster).
    - "Workshop Hospitales sin tabaco" (moderación do workshop e relatorio).
  - Sesións técnicas:
    - Clases sen Fume 2002-2003 (Santiago de Compostela - outubro 2003).
    - Avaliación da Rede de Hospitais sen tabaco en Galicia". (Santiago de Compostela - outubro 2003).
    - Avaliación do programa Clases sen Fume 2002-2003 na provincia de Pontevedra (Santiago de Compostela - outubro 2003).
    - Rede Galega de Hospitais libres de tabaco (Pontevedra, novembro 2003).

- Organización de cursos, talleres de formación e conferencias:
  - Dirección de cursos ou obradoiros:
    - Obradoiro sobre lugares de traballo libres de tabaco (Santiago, febreiro 2003).
    - Obradoiro sobre diagnóstico e tratamento do tabaquismo: Intervención básica (Santiago, marzo 2003).
    - Obradoiro sobre diagnóstico e tratamento do tabaquismo: Intervención avanzada (Santiago, marzo 2003).
    - Obradoiro sobre diagnóstico e tratamento do tabaquismo: Entrevista motivacional para o cambio (Santiago, abril 2003).
    - Obradoiro sobre técnicas de información e motivación ó paciente fumador

ingresado nun centro hospitalario. (A Coruña, maio 2003).
  - Obradoiro sobre a abordaxe do Tabaquismo: "Diagnósticos e Tratamento do Paciente Fumador" (Ourense, maio 2003).
  - Obradoiro sobre técnicas de información ó público nun Hospital libre de tabaco (Santiago, outubro 2003).

- Asistencia a cursos, congresos, xornadas... etc:
  - "12th World Conference on Tobacco or Health" (Helsinki, agosto 2003).
  - "International Quit&Win 2004 Training Meeting" (Helsinki, agosto 2003).
  - "XXI Reunión de la Sociedad Española de Epidemiología" (Toledo, outubro 2003).
  - "III Congreso Nacional Prevención y Tratamiento del Tabaquismo" (Zaragoza, novembro 2003).

- Outras actividades de interese:
  - Participación nos grupos de traballo do "European Network Smoke-free Hospital" (ENSH).
  - Coordinación do grupo de traballo para a elaboración da Guía Axudando ós meus pacientes a deixar de fumar.
  - Participación no Comité Científico da revista "Prevención del tabaquismo" da Sociedad Española de Patología del Aparato Respiratorio (SEPAR).
  - Participación no grupo de expertos sobre tabaquismo do Ministerio de Sanidad.
  - Participación na elaboración das propostas de modificacións da normativa nacional sobre publicidade, venda e consumo de tabaco.
  - Participación na elaboración das propostas de modificacións da Lei 2/1996 de Galicia sobre drogas (Xuño 2002).
  - Representación autonómica no Comité Executivo do "Plan Nacional de Prevención y control del Tabaquismo".
  - Representación das direccións xerais de saúde pública na Comisión de Dirección do "Plan Nacional de Prevención y control del Tabaquismo".
  - Asesoramento a "Fundación Mellor sen Tabaco".
  - Asesoramento ao Grupo de Abordaxe do tabaquismo en Galicia.

- Actividades realizadas dende as delegacións provinciais:
  - Seguimento e control do cumprimento da normativa vixente.
  - Tramitación das reclamacións e expedientes sancionadores.
  - Apoio á Rede de Centros Promotores de Vida sen Tabaco.
  - Coordinación provincial do Proxecto "Clases sen fume".
  - Organización de actividades específicas e conxuntamente con asociacións cidadáns con motivo do Día Mundial sen tabaco.
  - Difusión da información do programa a nivel provincial.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Área de xestión da Rede de Centros Promotores

Táboa 1. Congresos libres de tabaco. 1995-2003

Provincia	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	TOTAL
A Coruña	1	15	11	9	5	5	7	1	6	60
Lugo	–	1	–	–	–	1	4	–	–	6
Ourense	–	3	2	–	–	–	–	–	–	5
Pontevedra	–	3	1	1	–	–	–	–	–	5
GALICIA	**1**	**22**	**14**	**10**	**5**	**6**	**11**	**1**	**6**	**76**

Táboa 2. Participación na Rede de Centros Promotores. 1999-2003

	Centros diana N	Centros obxectivo N	Centros promotores N	Centros promotores Taxa de participación[1]
1999	4.643	3.938	396	10,06
2000	4.560	3.459	202	5,84
2001	4.997	3.694	142	3,84
2002	5.444	3.855	144	3,74
2003	5.535	3.946	101	2,56

1. Taxa de participación anual = (nº de centros promotores ano / nº centros obxectivo ano) x 100.

Táboa 3. Evolución da participación na Rede de Centros Promotores. 1995-2003

Rede de Centros Promotores (RCP)	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Centros diana	4.643	4.643	4.643	4.643	4.643	4.560	4.997	5.444	5.535
Centros obxectivo	4.643	4.431	4.331	4.162	3.938	3.459	3.694	3.855	3.946
Centros adheridos RCP	212	100	168	224	396	202	142	144	101
Centros acumulados	212	312	480	704	1.100	1.302	1.444	1.588	1.689
Taxa participación anual[1]	4,57	2,26	3,9	5,38	10,06	5,84	3,84	3,74	2,56
Taxa participación acumulada[2]	4,57	6,72	10,36	15,18	23,71	28,57	26,43	29,19	30,51

1. *Taxa de participación anual = (nº de centros promotores ano / nº centros obxectivo ano) x 100.*
2. *Taxa de participación acumulada = (nº de centros promotores acumulados / nº centros diana) x 100.*

Táboa 4. Evolución por tipos de centros na Rede de Centros Promotores. 1995-2003

Tipo de centro	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	Total
Hospitais	8	1	3	2	4	2	3	0	2	**25**
Centros de saúde	24	8	41	49	37	17	12	22	24	**234**
Clinicas dentales	0	0	21	4	60	10	7	8	2	**112**
Farmacias	57	20	16	41	68	32	19	23	31	**307**
C. Administrativos	22	1	9	26	44	29	13	12	33	**189**
Centros docentes	66	55	50	61	121	80	61	60	9	**563**
Empresas	10	7	13	12	27	14	13	14	0	**110**
Outros	25	8	15	29	35	18	14	5	0	**149**
Total novas adhesións	**212**	**100**	**168**	**224**	**396**	**202**	**142**	**144**	**101**	**1.689**
Centros promotores acumulados	**212**	**312**	**480**	**704**	**1.100**	**1.302**	**1.444**	**1.588**	**1.689**	

- Área de xestión de prevención do inicio do consumo (Clases sen fume)

Táboa 5. Evolución da participación

	2001/2002		2002/2003		2003/2004	
	Inicio	Final	Inicio	Final	Inicio	Final
Centros	14	14	55	53	90	85
Aulas	41	40	137	130	233	207
Escolares	**958**	**918**	**3.030**	**2.921**	**5.163**	**4.575**

- Área de avaliación e control do seguimento da normativa

Táboa 6. Reclamacións por incumprimento da normativa vixente 1994-2003

Motivo	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	Total
Fumar en centros docentes	4	1	8	5	1	0	3	0	0	0	**22**
Fumar en centros administrativos	4	3	8	7	30	3	18	3	3	3	**82**
Fumar nos transportes públicos	0	0	4	7	1	0	2	0	0	3	**17**
Fumar noutros lugares de traballo	0	1	2	2	1	1	2	1	3	1	**14**
Publicidade	11	6	2	6	4	3	0	0	0	1	**33**
Venda de tabaco	6	4	3	22	62	199	85	41	103	96	**621**
Conflictos noutros ámbitos	6	1	3	0	1	6	3	0	2	3	**25**
Total Reclamacións	**41**	**17**	**31**	**52**	**101**	**216**	**116**	**50**	**116**	**110**	**850**

Táboa 7. Inspeccións de oficio realizadas. 1994-2003

Motivo	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	Total
Publicidade	2	120	772	1.088	1.421	296	881	731	862	564	**6.737**
Venda de tabaco	106	535	381	124	248	289	37	32	57	0	**1.809**
Total	**108**	**655**	**1.153**	**1.212**	**1.669**	**585**	**918**	**763**	**919**	**564**	**8.546**

1. Faltan os datos da Coruña e Lugo

Táboa 8. Expedientes sancionadores instruídos. 1994-2003

Motivo	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	Total
Publicidade	1	13	7	1	0	0	0	0	0	0	**22**
Venda de tabaco	1	2	0	3	0	15	6	10	36	21	**94**
Outros										3	**3**
Total	**2**	**15**	**7**	**4**	**0**	**15**	**6**	**10**	**36**	**24**	**119**

Área de xestión das unidades de deshabituación

Táboa 9. Participación na campaña "Déixao e gaña". Poboación xeral

	1998			2000			2002		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
Nº de participantes	2.238	1.913	4.151	1.250	1.073	2.323	1.304	1.176	2.480
% de fumadores abstinentes ó mes	58,9	58,9	58,2	74,0	74,3	74,1	73,9	68,1	71,4
% de fumadores abstinentes ós 12 meses	40,7	31,2	35,1	39,7	37,1	38,6	36,4	33,0	34,9

Área de xestión de materiais

Táboa 10. Análise dos custos de 2003 en euros

Concepto	Importe
Distribución calendarios 2003	1.527
Distribución dos materiais servizo de Prevención e control Enfermedades non Transmisibles	3.606
Actividades Día Mundial sen Tabaco	9.100
Campaña promoción eventos sen tabaco	8.972
Gastos mantemento RCP	25.000
Gastos mantemento RCP	16.000
Material apoio	8.117
Gastos concurso clases sen fume	19.500
Campaña Calendarios 2004	9.3166
Adquisición tratamento substitutivo nicotina	12.020
Gastos reunión GAT	410
Obradoiro	12.020
Axendas "Clases sen fume 2003-04"	12.020
Informatización datos	3.000
Deseño campaña lugares de traballo libres de tabaco	6.600
Valiación do consumo de tabaco en profesionais sanitarios	3.122
Contratación asesoría técnica deseño cuestionario e traballo campo	12.020
TOTAL	**162.350**

Recursos económicos

Táboa 11. Análise de custos en euros do programa

Tipo de recurso	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
RECURSOS HUMANOS							
Xefe de servizo	Grupo A-28a	1	SC[1]	70	34.184		
Xefe de sección	Grupo A-25	1	SC	90	34.609		
Técnico medio	Grupo III	1	SC	10	2.219		
Administrativo	Grupo C-18	1	SC	80	18.057		
Xefe de servizo	Grupo A-28b	1	SP[2]	5	2.176		
Xefe de sección	Grupo A-24	1	SP	25	9.194		
Técnico superior	Grupo A-20	1	SP	50	15.486		
Técnico superior	Grupo A-20	1	SP	100	30.973		
Técnico medio	Grupo B-16	2	SP	100	51.678		
Técnico superior	Grupo A-20	2	SP	80	50.016		
CUSTO TOTAL RR.HH					**248.592**	**171.624**	**112.583**
RECURSOS MATERIAIS							
Actividades de axuda ós fumadores (Tto+ Q&W+ GAT)					15.552		
Contrato-programa coas delegacións provinciais					9.200		
Edición materiais de apoio					132.565		
Distribución materiais					5.133		
Día mundial sen tabaco					9.100		
Organización de actividades e cursos-talleres					9.100		
CUSTO TOTAL RR.MM.					**171.550**	**103.456**	**98.388**
CUSTO TOTAL DO PROGRAMA					**420.142**	**275.080**	**210.971**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos

De resultados

- Prevalencia

Táboa 12. Evolución da prevalencia do hábito tabáquico en Galicia en poboación maior de 12 anos. 1988-2002

	1988	1992	1994	1996	1998	2000	2002
% Fumadores diarios	33,7	29,6	28,6	28,9	32,2	32,1	32,1
% Fumadores ocasionais	5	5	4,5	7,2	6,1	3,9	4,1
% Ex-fumadores	5	5	4,6	7,7	10	14,1	13,0
% Nunca fumadores	54,4	60,4	61,9	56,2	51,7	49,9	50,8
Consumo medio diario	18,9	18,5	17,9	16,6	17,4	18,00	18,13

Fonte: O consumo de drogas en Galicia I-VII

Táboa 13. Prevalencia en % do hábito tabáquico por sexo e idade en Galicia. 1998-2002

	1998		2000		2002	
Idade	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
12-18 anos	23,7	26,0	34,2	30,3	31,5	25,7
19-24 anos	52,8	42,6	41,9	49,6	48,1	44,4
25-39 anos	52,0	37,5	50,4	37,5	54,7	42
40-54 anos	52,6	16,9	44,3	23,6	52	28,2
≥ 55 anos	41,0	3,7	34,9	4,5	26,5	0,2

Fonte: O consumo de drogas en Galicia V-VII

Táboa 14. Consumo diario por grupo de idade. Evolución 1994-2002, EDIS

Idade	1994	1996	1998	2000	2002
12-18 anos	23,6	20,2	24,9	32,2	28,9
19-24 anos	47,4	46,6	47,8	45,7	46,3
25-39 anos	45,3	46,9	44,9	44,0	48,5
40-54 anos	26,5	32,9	34,3	33,8	40,1
> 55 anos	13,8	11,2	19,7	17,7	12,5
TOTAL	**28,6**	**28,9**	**32,2**	**32,0**	**32,1**

Fonte: O consumo de drogas en Galicia III-VII

Táboa 15. Prevalencia en % do hábito tabáquico nos profesionais sanitarios de Galicia segundo o xénero. 1999

	Homes	Mulleres
Fumadores diarios	25,40	32,20
Fumadores ocasionais	6,00	5,80
Fumadores habituais	31,40	38,00
Exfumadores	40,10	25,80
Nunca fumadores	28,50	36,20

Fonte: Enquisa aos profesionais sanitarios. Galicia 1998-1999

Táboa 16. Prevalencia en % do hábito tabáquico nos profesionais sanitarios de Galicia segundo a categoría. 1999

	Persoal médico	Persoal de enfermería
Fumadores diarios	25,90	33,00
Fumadores ocasionais	5,80	5,90
Fumadores habituais	31,70	38,20
Exfumadores	35,90	26,50
Nunca fumadores	32,40	34,60

Fonte: Enquisa aos profesionais sanitarios. Galicia 1998-1999

Táboa 17. Consumo de tabaco en profesionais sanitarios-Galicia 1999

	Médicos			Enfermería			Total		
Idade	A.P.	A.E.	Total	A.P.	A.E.	Total	A.P.	A.E.	Total
Fumadores diarios	30,5	23,4	**25,9**	32,1	33,3	**33**	31,2	29,3	**29,8**
Fumadores ocasionais	6,4	5,5	**5,8**	6,1	5,8	**5,9**	6,2	5,7	**5,9**
Fumadores habituais	36,9	28,9	**31,7**	38,2	39,2	**38,9**	37,4	35	**35,7**
Exfumadores	34,6	36,6	**35,9**	30	25,5	**26,5**	32,6	30	**30,7**
Nunca fumadores	28,5	34,5	**32,4**	31,8	35,3	**34,6**	30	35	**33,6**

Fonte: Enquisa aos profesionais sanitarios. Galicia 1998-1999
AP: atención primaria AE: atención especializada

Concurso Deixao e gaña 2002
Avaliación anual (xuño 2003)

Táboa 18. Resultados de abstinencia ao ano nos concursantes da poboación xeral

	% abstinencia puntual	% abstinencia mantida
Homes	37,1	31,5
Mulleres	33,3	28,8
TOTAL	**35,3**	**30,3**

Táboa 19. Resultados de abstinencia ao ano nos concursantes profesionais sanitarios

	% abstinencia puntual	% abstinencia mantida
Homes	39,4	39,4
Mulleres	32,3	28,4
TOTAL	**34,0**	**3,1**

Avaliación gañadores

Táboa 20. Resultados de abstinencia ao ano dos gañadores do concurso

	% abstinencia puntual	% abstinencia mantida
Homes (5)	100	100
Mulleres (7)	57,2	42,9
TOTAL	**75,0**	**66,7**

Programa de saúde bucodental na escola

1. **Data de comezo:** ano 1986
2. **Coordinación:** Begoña Alonso de la Iglesia e Jesús Liñares Mallón
3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Reducir a incidencia das enfermidades orais en xeral, e da carie en particular, na poboación galega, dándolle prioridade á poboación infantil.

   - Obxectivo para o ano 2003:
     - Índice CAO[1] aos 12 anos <1,5.
     - Prevalencia[2] de escolares de 6 anos con carie <45%.

   Específicos

   1. Sensibilizar a poboación en xeral, e aos escolares en particular, sobre a importancia que ten o coidado da dentadura e da boca.
   2. Garantirlles a todos os escolares galegos a realización de colutorios de fluor na escola.
   3. Promover un adecuado cepillado dos dentes na poboación escolar.
   4. Promover unha alimentación non carioxénica na poboación escolar.
   5. Coñecer a saúde bucodental dos escolares e a súa evolución.

4. **Descrición do programa**

   Estratexias

   1. Adquirir e poñer á disposición dos centros escolares participantes os materiais necesarios para a realización de colutorios con fluoruro sódico ao 0,2%.
   2. Impulsar accións educativas tendentes á adquisición de hábitos de hixiene bucodental e promocionar a alimentación non carioxénica.
   3. Adquirir e poñer á disposición de escolares e mestres participantes material educativo adaptado a cada nivel académico.
   4. Deseño, edición e distribución de materiais informativos e de apoio ao programa.
   5. Realización periódica de enquisas de saúde bucodental en escolares, para a obtención de indicadores poboacionais.
   6. Mantemento do sistema de información do programa.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Prevención e Control de Enfermidades non Transmisibles da Dirección Xeral de Saúde Pública.
   - Catro unidades de coordinación periféricas: Servizo de Promoción da Saúde das delegacións provinciais de Sanidade, que contan cada unha delas cun técnico asinado ao programa.

   Recursos materiais

   - *Kits* para colutorios fluorados.
   - Material didáctico.
   - Material divulgativo e motivador.
   - Material de xestión e control do programa.
   - Cepillos dentais.

5. **Proxectos e actividades xestionadas en 2003**

   - Informe de xestión do programa ano 2002.
   - Elaboración do contrato-programa coas delegacións e avaliación trimestral dos indicadores.
   - Deseño e edición.
     - Materiais de apoio á xestión do programa:
       - Reedición das "Fichas de participación no programa", 1.000 unidades.
       - Carteis de control de colutorios, 6.000 unidades.
       - Tarxetas dos coordinadores provinciais, 1.000 unidades.

(1) O índice CAO indica o número de pezas definitivas que teñen ou tiveron carie; calcúlase sumando o número de pezas careadas (C), ausentes por carie (A) e obturadas (O).

(2) A prevalencia de carie indica a porcentaxe de persoas que teñen polo menos unha carie;calcúlase dividindo o número de persoas con carie do número total de persoas exploradas multiplicado por 100.

- Follas de control de almacéns de fluor, 2.000 unidades.
- Fichas de visita, 15 talonarios de 50 fichas cada un.
- Fichas de charla, 6 talonarios de 50 fichas cada un.
- Diplomas para acreditar aos centros docentes como membros da Rede de Centros Promotores de Saúde Bucodental, 1.000 unidades.
- Carpetas para os diplomas dos centros membros da Rede de Centros Promotores de Saúde Bucodental, 1.000 unidades.
- Adhesivos co logotipo do programa, 5.000 unidades.
- Etiquetas personalizadas do programa, 7.500 etiquetas.
- Etiquetas "Contén" para identificar os envíos de material didáctico, 1.500 unidades.

• Material informativo de educación para a saúde:
  - Reedición dos "Cadernos de saúde bucodental", un para cada nivel de educación primaria e outro para educación infantil, 101.000 unidades.
  - Reedición do "Manual de saúde bucodental" para os docentes, 5.000 unidades.

• Folletos informativos:
  - Folleto informativo para os pais sobre saúde bucodental, 200.000 unidades.
  - Folleto "Rede de centros escolares promotores de saúde bucodental", 5.000 unidades.

▮ Publicacións.
  • Guías de Saúde Pública. Serie II. Sección bucodental: Informe 7. Informe anual 2002, 3.000 unidades.
  • Informe anual 2002, 3.200 unidades.

▮ Compras:
  • Fluoruro sódico ao 0,2% en vasiños monodose 600.000 unidades.
  • Cepillos dentais, 127.500 unidades.

▮ Relatorios, comunicacións a reunións científicas e presentacións do programa.
  • Curso de Diplomado en Sanidade. (Setembro 2003).

▮ Difusión de información do programa.
  • Atención continuada á demanda de información.
  • Difusión de resultados do programa en medios de comunicación.

▮ Actividades do programa realizadas dende as delegacións provinciais.
  • *Mailings* informativos.
  • Charlas nos centros docentes aos escolares, pais, mestres, etc.
  • Visitas de asesoramento aos centros docentes.
  • Visitas aos colexios de control de almacéns de fluor.
  • Atención continuada á demanda de información a nivel provincial.
  • Distribución do "Informe anual 2002" a todos os centros docentes e asociacións de pais de alumnos. (Setembro 2003).

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Distribución de doses de fluoruro sódico ao 0,2% no curso escolar 2002-2003

	Número de doses	Número de kits	
		500 doses	250 doses
Setembro 2002	1.366.500	2.565	336
Febreiro 2003	416.250	827	11
TOTAL	**1.782.750**	**3.392**	**347**

Táboa 2. Distribución de materiais de apoio ó programa en 2003

Materiais	Cantidade
Guía de saúde pública. Informe anual 2002	3.000
Informe anual 2002	3.200
Adhesivos *Fluoriño*	4.650
Cepillos dentais	106.255
Arcadas de cartón recortable	104.492
Vasiños monodose de fluoruro sódico ó 0,2%	1.782.750
Carteis de control de colutorios	4.885
Diplomas da Rede de Centros Promotores (RCP)	898

Cadernos de saúde bucodental	Cantidade
Educación infantil, nº 0	25.353
Educación primaria, nº 1	11.414
Educación primaria, nº 2	11.750
Educación primaria, nº 3	12.046
Educación primaria, nº 4	12.663
Educación primaria, nº 5	12.806
Educación primaria, nº 6	13.250
Manuais do profesor	6.189

Recursos económicos

Táboa 3. Análise de custos en euros do programa

Tipo de recurso	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
RECURSOS HUMANOS							
Xefe de servizo	Grupo A-28A	1	SC[1]	10	4.883		
Técnico medio	Grupo III	1	SC	71	15.755		
Administrativo	Grupo C-18	1	SC	10	2.257		
Xefe de servizo	Grupo A-28B	1	SP[2]	5	2.176		
Xefe de sección	Grupo A-24	1	SP	10	3.678		
Técnico superior	Grupo A-20	1	SP	100	30.973		
Técnico superior	Grupo A-20	1	SP	50	15.487		
Técnico medio	Grupo B-16	1	SP	10	2.584		
Técnico medio	Grupo III	1	SP	100	22.190		
Técnico medio	Grupo III	1	SP	84	18.640		
Auxiliar administrativo	Grupo IV	1	SP	30	5.441		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**127.842**	**126.967**	**131.601**
RECURSOS MATERIAIS							
Adquisición de FNa					35.880		
Material gráfico (fichas, folletos, informes, etc.)					13.467		
Material didáctico (cadernos e manuais)					17.340		
Arcadas e cepillos dentais					22.939		
Distribución de materiais					13.589		
Contrato-programa delegacións provinciais					4.550		
CUSTO TOTAL RR.MM.					**107.765**	**161.851**	**169.358**
CUSTO TOTAL DO PROGRAMA					**231.829**	**289.693**	**296.325**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos

Táboa 4. Evolución doutros custos do programa non imputables ao custo por escolar participante. 1997-2003

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Estudo de saúde bucodental	0	0	12.020,24	30.050,61	0	0	0

Táboa 5. Análise evolutiva dos custos do programa por escolar e ano. 1997-2003

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Investimento total	400.933	387.293	348.457	305.577	296.325	289.692	231.829
Total escolares participantes	132.736	133.526	146.064	137.511	124.467	115.502	106.662
Custo por escolar e ano	**3,02**	**2,90**	**2,39**	**2,22**	**2,38**	**2,51**	**2,17**

Participación

Táboa 6. Participación de centros diana no curso escolar 2002-2003

Tipo de centro	Centros diana[1] N	Participantes no programa N	%
Centros de educación primaria	883	605	68,52
Colexios mixtos[2]	155	100	64,52
Centros de educación especial	36	25	69,44
Centros de educación infantil	302	168	55,63
TOTAL CENTROS	**1.376**	**898**	**65,26**

1. Fonte: Datos facilitados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

2. Os que teñen escolares de educación infantil e educación primaria, ata os 8 anos, nun único grupo.

Táboa 7. Evolución da participación de centros de educación primaria. 1996-2003

	1996-1997	1997-1998	1998-1999	1999-2000	2000-2001	2001-2002	2002-2003
Número de centros	1.088	1.053	948	939	936	930	883
Centros participantes	718	729	681	681	685	664	605
% de participación	65,99	69,23	71,84	72,52	73,18	71,49	68,52

Táboa 8. Participación total do alumnado no curso escolar 2002-2003

	Escolares Galicia	Escolares participantes[1]	
	N	N	%
Educación primaria	131.731	74.870	56,84
Educación infantil	56.166	25.564	45,52

1. Tamén participaron 5.589 escolares de 1º e 2º de ESO, que na actualidade non son obxectivo deste programa e 639 de educación especial que aínda que si son obxectivo, debido ás súas características non todos poden participar.

Gráfico 1. Escolares de educación primaria. Análise de evolución da participación, 1997-2003



De resultados

Táboa 9. Evolución da saúde bucodental dos escolares de Galicia. 1990-2000

Escolares	Índices	1990	1995	2000
De 6 a 14 anos	Prevalencia de carie[1]	87,9%	65,90%	–
	Índice CAOco[2]	4,6	2,47	–
De 6 anos	Prevalencia de carie	73,8%	46,70%	42,84%
	Índice CAOco	4,1	1,92	1,49
	Índice co[3]	3,9	1,84	1,39
	Índice de restauración[4]	4,0%	12,4%	20,00%
De 12 anos	Prevalencia de carie	90,2%	64,2%	61,11%
	Índice CAOco	3,7	1,87	1,83
	Índice CAO[5]	2,8	1,60	1,52
	Índice de restauración	20,0	42,8	41,72%

1. Porcentaxe de escolares que teñen ou tiveron algunha carie.
2. Media de pezas, temporais e definitivas, que teñen ou tiveron carie.
3. Media de pezas temporais que teñen ou tiveron carie.
4. Media de caries que están obturadas.
5. Media de pezas definitivas que teñen ou tiveron carie.

Programas de integración de actividades preventivas de eficacia probada no ámbito da atención primaria

1. **Data de comezo:** ano 1997
2. **Coordinación:** José Juan Pérez Boutureira
3. **Obxectivos**
   1. Recomendar actividades preventivas e propoñer os indicadores de actividade e de resultados que sirvan de referencia para a súa integración na atención primaria (AP).
   2. Establecer un sistema de avaliación que cuantifique as actividades preventivas realizadas, servindo de base para a súa incorporación aos obxectivos do contrato-programa cos centros de AP.
4. **Descrición do Programa**

   Estratexias
   1. Revisión dos principais problemas de saúde susceptibles de actuacións preventivas no ámbito da atención primaria.
   2. Revisión da literatura nacional e internacional.
   3. Elaboración dunha proposta de recomendacións e protocolos para o seu desenvolvemento.
   4. Elaboración dunha proposta de indicadores para avaliar a implantación das medidas recomendadas.
   5. Apoio á realización de actuacións específicas.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos
   - Unidade central: Servizo de Prevención e Control das Enfermidades non Transmisibles da Dirección Xeral de Saúde Pública.
5. **Proxectos e actividades xestionadas en 2003**
   - Convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e a Asociación Galega de Asmáticos e Alérxicos (ASGA) para a realización dun campamento de verán para os nenos/as asmáticos/as e a edición de material didáctico cara ao control da enfermidade.
   - Declaración institucional da Xunta Galicia no Día Mundial da Asma (6 de maio de 2003).
   - Resposta á proposición non de lei sobre anorexia e bulimia.
   - Resposta á proposición non de lei sobre a posta en marcha dun programa integral para nenos e adolescentes que combine unha educación para a alimentación sa, co fomento dun estilo de vida activo e o exercicio físico.
   - Discurso de presentación do curso "Alimentación, Cultura y Salud: La dieta en la Galicia del Siglo XXI". Lugo, 14 ao 18 de xullo de 2003.
   - Informe sobre o plan de actuación en relación coa espiña bífida.
   - Revisión bibliográfica acerca da iodoprofilaxe nas mulleres xestantes.
   - Curso para administradores autonómicos de SIPES. Madrid, marzo de 2003.
   - Adestramento e pilotaxe da aplicación informática SIPES "Sistema de información en promoción y educación para la salud", impulsado polo Ministerio de Sanidade no seo da Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial de Saúde.
   - Análise da "Morbimortalidade polas enfermidades cardiovasculares en Galicia".
   - Análise da "Situación actual dos factores de risco cardiovascular en Galicia".
   - Elaboración da memoria económica para a implantación do "Plan Integral de Cardiopatía Isquémica en Galicia 2004 - 2007".

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros do programa

Tipo de recurso	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
RECURSOS HUMANOS							
Xefe de servizo	Grupo A-28a		SC[1]	3	1.375		
Xefe de sección	Grupo A-25	1	SC	1			
Técnico superior	Grupo A-20	1	SC	5	1.549		
Administrativo	Grupo C-18		SC	3	677		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**3.601**	**3.925**	**774**
RECURSOS MATERIAIS							
BRISA					3.625		
FEGAMUR					6.000		
ASGA					15.000		
CUSTO TOTAL RR.MM.					**24.625**	**25.551**	**5.409**
CUSTO TOTAL DO PROGRAMA					**28.226**	**29.476**	**6.183**

1 Servizos centrais

Plan integral de atención sanitaria e social á muller

1. **Data de comezo:** ano 1998
2. **Coordinación:** José Juan Pérez Boutureira
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Coñecer e mellorar a situación sanitaria e social das mulleres galegas.

   Específicos

   1. Elaboración e seguimento dun plan que integre a atención sanitaria e social á muller.
   2. Desenvolver un plan operativo que priorice as actividades e analice os recursos necesarios para a súa posta en marcha.
   3. Obter o máximo consenso e apoio de todos os profesionais directamente implicados no plan.
   4. Alcanzar un alto nivel de coordinación interna entre os distintos servizos da propia Consellería de Sanidade implicados no plan: Dirección Xeral de Saúde Pública, División de Asistencia Sanitaria, a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e as delegacións provinciais da Consellería de Sanidade.

4. **Descrición do Plan**

   Os aspectos a incluír no plan seleccionáronse dende unha perspectiva cronolóxica, considerando todos os problemas de saúde que puidesen presentarse ao longo da vida da muller, segundo criterios de especificidade do sexo feminino, un grande impacto cuantitativo ou cualitativo na saúde e que supoñan déficits asistenciais importantes ou problemas emerxentes; estes aspectos cubrirán as demandas das mulleres dende o punto de vista do seu benestar social.

   Aspectos seleccionados incluídos no plan:

   Aspectos sanitarios

   - Tabaquismo.
   - Alteracións da alimentación.
   - Sida.
   - Planificación familiar.
   - Interrupción voluntaria do embarazo (IVE).
   - Menopausa.
   - Cancro de mama.
   - Cancro de colo uterino.
   - Violencia contra as mulleres.

   Aspectos sociais

   - Integración das mulleres en situación de exclusión.
   - Apoio ás mulleres que atenden nos seus domicilios a familiares e anciáns discapacitados, en colaboración coas asociacións de afectados.
   - Participación nos programas de formación dirixidos aos profesionais da atención primaria, mediante módulos específicos relativos á atención á muller, dende os servizos sociais municipais.
   - Potenciación dos programas de axuda a domicilio e acollemento familiar.
   - Realización de estudos sobre a muller en colaboración con entidades de iniciativa social privadas con ou sen ánimo de lucro.

   Estratexias

   1. Creación da Comisión Coordinadora do Plan Integral de Atención Sanitaria e Social á Muller (PIAM) para elaborar o plan operativo, coordinar e avaliar as distintas actividades e grupos de traballo. Esta comisión está constituída por tres asesores técnicos que representan a División de Asistencia Sanitaria, a Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e a Dirección Xeral de Saúde Pública, que asume a coordinación da comisión.
   2. Realización de enquisas poboacionais periódicas para:
      - Coñecer a situación sanitaria e social das mulleres galegas.
      - Avaliar o impacto do plan e adecuar as estratexias en función dos resultados obtidos.

Elementos organizativos

Recursos humanos:

- Unidade central: Servizo de Prevención e Control das Enfermidades non Transmisibles da Dirección Xeral de Saúde Pública.

5. Proxectos e actividades xestionadas en 2003

- Informe para o Servizo Galego de Igualdade: "Informe de actividades da Dirección Xeral de Saúde Pública. Programas de saúde e servizos de atención sanitaria específicos para a muller. Actividades desenvolvidas dende o ano 1997 ata decembro de 2001".
- Formalización das fichas de recollida de información para o seguimento e avaliación do IV Plan de Igualdade de Oportunidades das Mulleres Galegas.
- Informe "Plan Integral de Atención Sanitaria e Social á Muller 1998 - 2001: Avaliación do seu desenvolvemento e situación actual".
- Informe sobre as políticas, intervencións e programas sociosanitarios baixo unha perspectiva de xénero e clase social.
- Nota de prensa sobre a lactación materna.
- Informe sobre o plan de actuación en relación coa espiña bífida.
- Revisión bibliográfica acerca da iodoprofilaxe nas mulleres xestantes.
- Campaña informativa:
  - Reedición do folleto "A menopausa ¿que debo saber? (60.000 exemplares).
  - Distribución do folleto A menopausa ¿que debo saber?, atendendo a petición á demanda.
- Asistencia a cursos e xornadas:
  - *"VIII Encuentro de Género y Salud"*. Mahón setembro 2003.
  - Curso sobre "Prevención y Promoción de la Salud en la Menopausia". Madrid, outubro 2003.
- Docencia:
  - "Obradoiro sobre a menopausa" organizado pola Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS) e a Dirección Xeral de Saúde Pública. Santiago de Compostela, 12 xuño de 2003.
  - Plan de formación continua do persoal das institucións sanitarias do Sergas (AFCAP): curso "Obradoiro sobre a menopausa" organizado pola Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS) e a Dirección Xeral de Saúde Pública. Xerencia de Atención Primaria de Lugo, 28 e 29 de outubro de 2003.
- Contestación ás seguintes preguntas parlamentarias:
  - Proposición non de lei nº 9271 sobre a *posta en marcha dun programa integral para nenos e adolescentes que combine unha educación para a alimentación sa, co fomento dun estilo de vida activo e o exercicio físico.*
  - Proposición non de lei nº 10880 sobre a mutilación feminina ou ablación.
  - Proposición non de lei nº 8546 sobre a elaboración no prazo de tres meses por parte da Xunta de Galicia dun protocolo sanitario ante a violencia de xénero.
  - Pregunta parlamentaria nº 12424 sobre "se ten previsto o Servizo Galego para a Igualdade de Homes e Mulleres a elaboración dun protocolo sanitario específico para a nosa comunidade".
- Participación no grupo de traballo "Xénero e Saúde" da Comisión de Saúde Pública do Consello Interterritorial do Ministerio de Sanidade e Consumo.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros do programa

Tipo de recurso	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
RECURSOS HUMANOS							
Xefe de servizo	Grupo A-28A	1	SC	10	4.583	4.516	9.272
Xefe de sección	Grupo A-25	1	SC			1.894	2.353
Técnico superior	Grupo A-20	1	SC	75	23.229	22.866	25.472
Administrativo	Grupo C-18	1	SC	2	451	445	1.153
CUSTO TOTAL RR.HH.					**28.263**	**29.721**	**38.250**
RECURSOS MATERIAIS							
Reedición dos folletos sobre menopausa					9.380	2.883	
CUSTO TOTAL RR.MM.					**9.380**	**2.883**	**12.645**
CUSTO TOTAL DO PROGRAMA					**37.643**	**32.604**	**50.895**

1 Servizos centrais

Modificación dos determinantes da saúde (continuación)

Actuacións de seguridade alimentaria

- Programa de control sanitario de industrias da alimentación
- Programa de control sanitario de alimentos
- Programa de manipuladores de alimentos

Programa de control sanitario de industrias da alimentación

Subprograma de ordenación do sacrificio e control sanitario das industrias cárnicas e puntos de venda

1. **Data de comezo:** xullo de 1991

2 **Coordinación:** Pedro Gandarillas Iglesias

3. **Obxectivos**

Xerais

1. Diminuír o risco de morbimortalidade por enfermidades de orixe alimentaria, mellorando as condicións sanitarias das carnes e produtos cárnicos.
2. Asegurar, na medida do posible, que toda a carne e os produtos cárnicos producidos e comercializados na nosa comunidade autónoma procedan de establecementos autorizados segundo a lexislación vixente.
3. Establecer as medidas emanadas da normativa tanto nacional como europea para garantir, na medida do posible, a saúde pública fronte ás encefalopatías esponxiformes transmisibles.

Específicos

1. Matadoiros:
   - Acadar o máximo grao de uniformidade na actuación dos servizos veterinarios oficiais, mediante o deseño da Guía de Inspección de Matadoiros de Galicia, xunto co desenvolvemento de procedementos normalizados de traballo (PNT).
   - Asegurar que o gando que se sacrifique na nosa comunidade autónoma estea perfectamente documentado.
   - Asegurar a correcta xestión dos materiais específicos de risco (MER): dende o 1 de outubro do 2000, en aplicación da normativa comunitaria, os establecementos ampliaron a retirada dos MER as animais de máis de 12 meses, independentemente da súa procedencia, que serán coloreados, almacenados e enviados a empresas autorizadas para a súa destrución.
   - Executar, na parte que corresponda, o programa de vixilancia das EET. (encefalopatías esponxiformes transmisibles).
   - Reordenar o sacrificio de ruminantes en función do risco fronte á EET.

2. Salas de despezamento e industrias cárnicas:
   - Intensificar o control dos establecementos elaboradores de carnes picadas, carnes en anacos de menos de 100 g e preparados de carnes.

4. **Descrición do subprograma**

Coa entrada en vigor do Real decreto 147/1993 e do Real decreto 1904/1993, e posteriormente o Real decreto 315/1996, do 23 de febreiro, transpóñense ao ordenamento xurídico español as directivas que establecen as condicións sanitarias de produción e comercialización no ámbito da U.E. da carne fresca das especies domésticas bovina, porcina, equina, ovina e caprina, así como os produtos cárnicos elaborados a partir delas.

Posteriormente, o Real decreto 2044/1993, o Real decreto 2087/1994 e o Real decreto 1543/1994 establecen as condicións de produción e comercialización da carne de aves de curral, coellos domésticos, caza de granxa e caza silvestre, e o Real decreto 1916/1997, do 19 de decembro, establece as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de carne picada e preparados de carne.

Dende o día 1 de xaneiro de 1996 todos os establecementos deben cumprir os requisitos establecidos pola citada lexislación, sendo así incluídos na listaxe de establecementos autorizados para o comercio intracomunitario de carnes frescas, produtos cárnicos, outros produtos de orixe animal, preparados de carne, carnes picadas, carnes de caza, carnes de aves e de

coellos. Tamén algúns establecementos, logo de facer a solicitude nos prazos establecidos, poden acollerse ao réxime de excepción permanente, que permite a comercialización local dos produtos no ámbito da zona veterinaria de saúde pública, limitando a súa producción.

A Decisión 2000/418/CE, do 29 de xuño, pola que se regula o uso dos materiais de risco en relación coa EET, estableceu que, a partir do 1 de outubro do 2000, os establecementos de sacrificio deben retirar os materiais específicos de risco (MER) de todos os animais bovinos de máis de 12 meses que deben ser coloreados, almacenados e enviados a empresas autorizadas para a súa destrución.

O Regulamento 999/2001do Parlamento Europeo e do Consello do 22 de maio de 2001, estableceu as disposicións para a prevención, o control e a erradicación de determinadas encefalotatías esponxiformes bovinas, modificado polo Regulamento 1248/2001 da Comisión do 22 de xuño de 2001, nos seus anexos III, X e XI , e polo Regulamento (CE) nº 1326/2001 da Comisión do 29 de xuño de 2001, polo que se establecen medidas transitorias para permitir o paso ao Regulamento (CE) nº 999/2001.

Estratexias

1. A frecuencia de inspección da orixe da carne e dos procedementos de produción e comercialización que se estableceron en función do tipo de actividade que leva a cabo o establecemento:

- matadoiros: inspección permanente. Inspección *ante e post mortem.*
- salas de despezamento: inspección diaria da orixe da carne e durante o proceso de despezamento, e unha inspección ao semestre de comprobación das instalacións e da súa hixiene.
- almacéns frigoríficos: control documental semanal e inspección de instalacións semestralmente tanto dos aspectos estruturais como hixiénicos.
- industrias cárnicas: unha inspección semestral do estado das instalacións e trimestral control documental e de hixiene.

2. Vixilancia EET:

- Organización da toma de mostras para a vixilancia das EET nos matadoiros.
- A partir do 1 de outubro do 2000, reorganízanse os sacrificios nos matadoiros de Galicia: nos matadoiros de pouca capacidade queda limitado o sacrificio a bovinos de menos de 12 meses, non podendo sacrificar ovinos nin caprinos, debido aos problemas de control, extracción e recollida dos MER nestes establecementos, con esta medida conseguimos que a cantidade de MER producidos nestes establecementos sexa moi baixo.
- Desde o 18 de decembro de 2000 que entrou en funcionamento en Galicia o CICRE (Centro Integral de Control de Riscos de EET); todos os animais que non vaian acompañados de documento de aptitude para o sacrificio son sacrificados neste centro.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central:
  - Servizo de Control de Protección da Saúde Fronte a Riscos Xerais.
  - Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.
- 4 unidades de coordinación periféricas: Servizo de Protección da Saúde das delegacións provinciais.
  - Inspectores veterinarios oficiais de Saúde Pública (zonas veterinarias).
  - Inspectores veterinarios oficiais de matadoiros.

Recursos materiais

- Parque móbil.
- Actas de inspección.
- Documentos de rexistro de matadoiros, salas de despezamento e almacéns frigoríficos.

5. Proxectos e actividades xestionados en 2002

Control estrutural

- Matadoiros
  - Control permanente e inspección do sacrificio, faenado e comercialización en 57 matadoiros.
- Salas de despezamento
  - Control diario da actividade das 103 salas de despezamento.
  - Control semestral das condicións estruturais e de hixiene.
- Almacéns frigoríficos
  - Control semestral das instalacións nos 287 almacéns frigoríficos.
- Industrias cárnicas
  - Control semestral das instalacións de 353 industrias elaboradoras de produtos cárnicos.

Control documental

- Matadoiros
  - Realización diaria da inspección *ante mortem* e inspección *post mortem*, así como o seu rexistro nos libros correspondentes.
  - Remisión mensual á xefatura de zona da folla-resumo dos sacrificios e comisos realizados. Remisión polo responsable da zona, cunha frecuencia trimestral, da folla-resumo á delegación e á Dirección Xeral de Saúde Pública.
  - Supervisión de todos os controis definidos na lexislación aplicable: auga, DDD (desinfectación, desinsectación e desratización) persoal, gráficas de temperaturas, envío de subprodutos e comisos, plan de formación, etc, por parte dos servizos de inspección oficial dos matadoiros.
- Salas de despezamento
  - Comprobación da procedencia da carne e a hixiene dos procesos, datos que se atopan no rexistro de entradas de xeito diario.
  - Remisión trimestral pola xefatura de zona á delegación e á dirección xeral da folla do control correspondente ao resumo das entradas de carne no establecemento, que figuran no correspondente libro de control sanitario.
- Almacéns frigoríficos
  - Inspección semanal para o control de entradas de materias primas e de material de envasado e embalaxe. Control da manipulación das mercadorías. Control de saída dos produtos.
  - Inspección semestral de comprobación do estado das instalacións.
- Industrias cárnicas
  Inspeccións trimestrais:
  - Control de entradas de mercadorías.
  - Temperatura das cámaras e das zonas de despezamento e manipulación.
  - Produtos elaborados. Relación destes e dos procesos de elaboración.
  - Inclusión do número de lote, descrición do proceso de loteado e amplitude do seu volume.
  - Marcaxe, etiquetaxe, envase e embalaxe.
  - Expedición dos produtos.
  - Trazabilidade dos produtos.
- Distribuidores de carnes
  - Control semestral documental de 70 distribuidores de carnes e produtos cárnicos.

Outras actividades

- Control específico e toma de mostras de 136.112 animais dentro do Programa de vixilancia e control das EET sacrificados nos matadoiros de Galicia e de 1.412 animais sacrificados no CICRE.
- Retirada dos MER (miolos, medula espiñal, ollos, timo, amígdalas, bazo e intestino) de todos os bovinos de máis de 12 meses de idade sacrificados dende o 1 de outubro do 2000 para a súa destrución nos establecementos autorizados impedindo a súa entrada na cadea alimentaria humana ou animal.
- Reunións do grupo de traballo de matadoiros:
  - *Plan de mellora de calidade da inspección veterinaria en matadoiros:*
    - *Finalización dos documentos Guía da actividade inspectora en matadoiros:*
      - *documento para os veterinarios oficiais.*
      - *documento para os responsables dos establecementos autorizados de sacrificio.*

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución das inspeccións realizadas. 1999-2003

Tipo de establecemento	1999		2000		2001		2002		2003	
	Nº	Insp.	Nº	Insp.	Nº	Insp.	Nº	Insp.	Nº	Insp.
Matadoiros homologados	49		50		50		47		57	
Matadoiros de pouca capacidade	19	17.816	18	22.225	18	21.414	9	17.374	18	500
Matadoiros de aves e coellos	17		18		18		17		17	
Salas de despezamento	103	5.047	98	5.786	99	6.435	101	23.616	103	14.241
Almacéns frigoríficos	116	2.900	222	1.653	241	1.044	252	6.469	287	3.441
Industrias cárnicas	236	708	207	491	242	856	235	498	353	681
Carnicerías	4.720	9.440	–	–	–	–	*Distribuidores de carnes e produtos cárnicos*		71	38

Matadoiros homologados: están autorizados para o comercio na Unión Europea.
Matadoiros de pouca capacidade: matadoiro con instalacións axustadas para o sacrificio de poucas cabezas de gando e cunha área de comercialización restrinxida á zona veterinaria.

Recursos económicos

Táboa 2. Análise de custos en euros dos recursos humanos do subprograma

RECURSOS HUMANOS Actividades	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002
Coordinación	Grupo A-28	1	S.C.[1]	6	3.026	
Elaboración e seguimento	Grupo A-22	1	S.C.	50	17.774	
Administración	Grupo D-12	1	S.C.	5	874	
Inspección	Grupo A-24 e A-20	156	S.P.[2]	6.572 h.[3]	168.212	
Inspección de mataderos	Grupo A-20	114	S.P.	100	4.082.568	
CUSTO TOTAL RR.HH.					**4.272.453**	**4.276.703**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos
3. Nº de horas de inspección empregadas

De resultados

Táboa 3. Carnes inspeccionadas e declaradas aptas para o consumo en matadoiros. 1999-2003

	1999		2000		2001		2002		2003	
Especie	Nº cabezas	Tm	Nº cabezas	Tm	Nº cabezas	Tm	Nº cabezas	Tm	Nº cabezas	Tm
Bovino	424.814	89.226	426.957	91.441	424.186	92.843	537.188	118.067	422.872	91.669
Porcino	1.184.765	92.891	1.226.715	97.076	1.289.546	101.843	1.162.754	85.752	960.072	76.298
Ovino e caprino	119.126	1.159	120.170	934	111.651	883	96.525	839	78.797	641
Equino	1.371	179	1820	220	2.605	332	1.334	307	312.845	26.362
Aves	62.494.732	128.683	64.089.434	133.042	70.888.745	139.724	68.883.692	154.700	72.816.612	156.268
Coellos	4.673.932	5.509	4.883.513	5.805	4.068.024	4.794	3.910.655	4.099	4.845.427	5.762
TOTAL		**317.647**		**328.518**		**340.419**		**364.293**		**3.570.000**

Subprograma de control sanitario de industrias lácteas

1. **Data de comezo:** xuño de 1993
2. **Coordinación:** Mª Carmen Martínez Brey
3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Diminuír o risco de morbimortalidade por enfermidades infecciosas, mellorando as condicións sanitarias do leite e dos produtos lácteos.

   Específicos

   1. Manter un sistema de control axeitado sobre as ditas industrias, que permita comprobar que os sistemas de produción garanten a calidade sanitaria dos produtos lácteos destinados ao consumo humano co fin de conseguir que todas as industrias lácteas en funcionamento, establecidas en Galicia, estean axustadas aos requisitos establecidos na lexislación comunitaria.
   3. Establecer un sistema de supervisión dos controis efectuados polas industrias que garanta a salubridade dos seus produtos, así como mostraxes sistemáticas de comprobación.

4. **Descrición do subprograma**

   O subprograma ten o seguinte marco lexislativo:

   - Real decreto 1679/1994, do 22 de xullo, que establece as condicións sanitarias aplicables á comercialización e produción de leite cru, leite tratado termicamente e produtos lácteos.
   - Real decreto 402/1996, do 1 de marzo, que modifica o Real decreto 1679/1994, do 22 de xullo, polo que se establecen as condicións sanitarias aplicables á produción e comercialización de leite cru, leite tratado termicamente e produtos lácteos.

   Estratexias

   1. Seguimento das industrias lácteas dende os servizos centrais, mediante a supervisión das inspeccións realizadas nos establecementos, e dos resultados das análises das mostras recollidas de leite tratado termicamente e produtos lácteos, propoñendo as medidas de actuación no caso de detección de presenza de patóxenos ou recontos superiores aos estipulados na lexislación correspondente.
   2. Seguimento das industrias lácteas dende os servizos periféricos, mediante visitas de inspección programadas (estruturais, documentais e de hixiene), visitas de comprobación tras os prazos concedidos para a emenda de deficiencias, no caso de existiren, así como das suspensións de actividade temporal producidas.
   3. Toma de mostras aleatorias do leite tratado termicamente (este ano só leite pasteurizado) e produtos lácteos para o seu control microbiolóxico.
   4. No caso de que os resultados analíticos de mostras aleatorias revelen presencia de xermes patóxenos, procédese á inmobilización cautelar do produto por resolución do delegado provincial, e danse instrucións para a recollida de mostras con carácter oficial.
   5. De resultar as mostras aleatorias positivas a xermes testemuñas de falta de hixiene, dende a delegación correspondente remítese escrito á industria, outorgándolle un prazo de 15 días para que comuniquen as causas que motivaron esa analítica, así como as medidas correctoras tomadas.
   6. Se a analítica revela un resultado positivo a xermes indicadores, dende a delegación envíase unha carta informativa á industria, lembrando a obriga da aplicación do sistema e do procedemento de autocontrol da súa produción.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central:
     - Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Xerais.
     - Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.

- 4 unidades de coordinación periféricas: Servizo de Protección da Saúde das delegacións provinciais.
- Inspectores veterinarios oficiais de saúde pública (zonas veterinarias).
- Persoal do Laboratorio de Saúde Pública da Coruña.

Recursos materiais

- Laboratorio de Saúde Pública da Coruña.
- Materiais para a recollida de mostras.
- Actas de inspección e de recollida de mostras.
- Parque móbil.

5. Proxectos e actividades xestionadas en 2003

- Elaboración e coordinación do subprograma, no que se estableceron as seguintes actividades:
  - Inspección estrutural, documental e de hixiene: frecuencia anual.
  - Inspección estrutural, documental e de hixiene: frecuencia semestral.
- Toma de mostras con carácter aleatorio de leite pasteurizado e produtos lácteos para control microbiolóxico: frecuencia semestral.
- Seguimento continuado dos resultados analíticos obtidos, así como dos resultados das inspeccións realizadas coa toma de decisións que corresponda.
- Elaboración de informes técnicos.
- Tramitación de denuncias e reexpedicións con respecto ás industrias lácteas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Avaliación do programa.
- Asistencia ao curso "Avaliación do Risco" os días 25 e 26 de xuño.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución da actividade inspectora e de mostraxe. 1995-2003

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Inspeccións	795	1.119	709	858	324	173 *	262	274	358
Nº de mostras	689	368	269	163	170	168	153	155 **	146 **

* *Durante o ano 2000 diminuíron o número de inspeccións ó limitarse a actividade inspectora ás inspeccións programadas, non sendo necesarias un gran número de supervisións.*

** *Ningunha mostra de carácter oficial.*

Recursos económicos

Táboa 3. Análise de custos en euros do subprograma

RECURSOS HUMANOS Actividades	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002
Coordinación	Grupo A-28	1	S.C.[1]	6	3.026	
Elaboración e seguimento	Grupo I	1	S.C.	50	15.630	
Administración	Grupo D-12	1	S.C.	5	874	
Inspección	Grupo A-24, grupo A-20	156	S.P.[2]	228 h.[3]	8.467	
CUSTO TOTAL RR.HH.					**27.997**	
RECURSOS MATERIAIS						
Análise das mostras					30.651	
CUSTO TOTAL RR.MM.					30.651	
CUSTO TOTAL SUBPROG.					**58.648**	**54.738**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos
3. Nº de horas de inspección empregadas

Táboa 5. Situación das industrias lácteas de Galicia. 1996–2003

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Índice de positividade en análises (IPA[1])	12,60	21,00	20,20	20,00	15,00	15,03	19,35	14,38

$$^{1}\ IPA = \frac{\text{Nº de mostras aleatorias positivas}}{\text{Nº de mostras aleatorias totais analizadas}} \times 100 = \frac{21}{146} = 14{,}38\%$$

Subprograma de control sanitario de explotacións agrarias elaboradoras de produtos lácteos tradicionais a base de leite cru de vaca

1. **Data de comezo:** ano 1995
2. **Coordinación:** Montserrat Vidal Álvarez
3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Diminuír o risco de patoloxías asociadas ao consumo dos produtos lácteos tradicionais comercializados en Galicia.
   2. Supervisar que os establecementos de produción manteñen e aplican as medidas necesarias para garantir a salubridade dos produtos comercializados legalmente, de xeito que non supoñan un risco para a saúde.
   3. Impedir a comercialización de produtos lácteos tradicionais procedentes de explotacións agrarias que non estean en posesión da autorización.

   Específicos

   1. Comprobar que os establecementos que se dediquen á elaboración destes produtos conten coas instalacións adecuadas, establecendo a obrigatoriedade de estaren inscritos no Rexistro de Explotacións Elaboradoras de Produtos Lácteos Tradicionais.
   2. Establecer unha sistemática de comprobación documental e de rexistros mediante inspeccións.
   3. Realizar cursos de manipuladores de alimentos específicos para a preparación do persoal que traballa neste tipo de establecementos.
   4. Regular o sector e eliminar progresivamente a venda, nos establecementos de venda polo miúdo de carácter fixo, de queixos tradicionais feitos a base de leite cru de vaca sen control sanitario.

4. **Descrición do subprograma**

   A posibilidade legal de que cada comunidade autónoma regule os produtos lácteos tradicionais, sempre e cando se aseguren os controis sanitarios, unida á gran produción destes produtos no medio rural galego, promoveu que a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, conxuntamente coa de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria, redactase un decreto de regulación das explotacións agrarias elaboradoras destes produtos.

   Unha vez publicado o Decreto 125/1995, do 10 de maio, polo que se regula a elaboración de produtos lácteos a base de leite cru de vaca, considerados como produtos tradicionais, e se crea o Rexistro de Explotacións Agrarias Elaboradoras de Produtos Lácteos Tradicionais, elabórase o proxecto de actuación sobre estes establecementos e os produtos que neles se elaboran.

   Todos os establecementos son sometidos a inspección previa pola Consellería de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria quen emite informe vinculante. Cando o resultado deste é positivo, a planta e o proceso de elaboración son inspeccionados por veterinarios oficiais da Consellería de Sanidade, derivándose ben a concesión da autorización, ben a concesión de prazos para a realización das adaptacións pertinentes.

   Estratexias

   1. Establecemento dun rexistro sanitario para este tipo de instalacións produtivas.
   2. Inspección das instalacións de produción.
   3. Inspección de rexistros e documentación que debe levar o propio establecemento.
   4. Educación sanitaria dos produtores a través de cursos específicos, e concesión dos correspondentes carnés de manipuladores.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidades centrais:
     - Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Xerais.
   - 4 unidades de coordinación periféricas: Servizos de Protección da Saúde das delegacións provinciais.
   - Inspectores veterinarios oficiais de saúde pública (zonas veterinarias).

Recursos materiais

- Laboratorio de Saúde Pública na Coruña.
- Parque móbil.
- Actas de inspección, material didáctico para a impartición de cursos de manipuladores: vídeos de apoio, manuais de saúde, etc.

5. Proxectos e actividades xestionados en 2003

- Inspeccións dos establecementos, realizándose coa frecuencia seguinte: unha inspección estrutural e documental ao ano como mínimo.
- Actualización periódica do Rexistro de Explotacións Elaboradoras de Produtos Lácteos Tradicionais.
- Elaboración de informes técnicos.
- Avaliación anual do subprograma.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros dos recursos humanos do subprograma

RECURSOS HUMANOS Actividades	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002
Coordinación	Grupo A-28	1	S.C.[1]	6	3.026	
Elaboración e seguimento	Grupo A-25	1	S.C.	25	9.614	
Administración	Grupo D-12	1	S.C.	5	874	
Inspección	Grupo A-24, grupo A-20	156	S.P.[2]	480 h.[3]	10.483	
CUSTO TOTAL RR.HH.					**23.996**	**17.342**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos
3. Nº de horas de inspección empregadas

De resultados

Táboa 2. Evolución do número de solicitudes recibidas, inspeccións realizadas e rexistros concedidos. 1997-2003

		A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
Nº de autorizacións a 31/12/03*		287	69	0	14	370
Nº de autorizacións a 31/12/02*		306	69	0	24	399
Nº de autorizacións a 31/12/01*		326	78	0	25	429
Nº de autorizacións a 31/12/00*		328	78	0	25	431
Nº de autorizacións a 31/12/99*		333	79	0	28	440
Nº de solicitudes presentadas a 31/12/98**		970	652	0	45	1.667
1997	Nº de inspeccións realizadas	1.734	522	0	65	2.321
	Nº de rexistros concedidos	214	72	0	27	313
1998	Nº de inspeccións realizadas	373	219	0	130	722
	Nº de rexistros concedidos	65	13	0	1	79
1999	Nº de inspeccións realizadas	392	198	0	70	660
	Nº de rexistros concedidos	4	4	0	0	8
2000	Nº de inspeccións realizadas	121	173	0	23	405
	Nº de rexistros concedidos	4	0	0	0	4
2001	Nº de inspeccións realizadas	251	110	0	16	377
	Nº de rexistros concedidos	3	0	0	0	3
2002	Nº de inspeccións realizadas	195	112	0	23	330
	Nº de rexistros concedidos	1	2	0	0	3
2003	Nº de inspeccións realizadas	332	79	0	19	430
	Nº de rexistros concedidos	0	2	0	0	2

* *Número de autorizacións concedidas descontando as baixas producidas a data 31/12/99 , 31/12/00, 31/12/01, 31/12/02 e 31/12/03.*

** *O número de solicitudes presentadas con esta data faise constar pois dende a publicación do Decreto 125/1995, nos tres primeiros anos, o número de solicitudes presentadas foi moi elevado, o que xerou un gran número de inspeccións para comprobar o cumprimento das condicións exixidas no decreto. Como se pode apreciar conseguiron a autorización un número moito máis baixo de explotacións. Como consecuencia decrece progresivamente o número de inspeccións nos anos seguintes.*

Subprograma de control sanitario de centros de embalaxe de ovos e establecementos elaboradores de ovoprodutos

1. **Data de comezo:** ano 1994
2. **Coordinación:** Mª del Carmen Martínez Brey
3. **Obxectivos**

   Xeral

   1. Diminuír o risco de morbimortalidade por enfermidades de orixe alimentaria, mellorando as condicións sanitarias dos ovos e dos ovoprodutos.

   Específicos

   1. Inspeccionar as instalacións verificando o cumprimento do regulamento sanitario co fin de conseguir que, tanto nos centros de embalaxe de ovos, como nos de produción de ovoprodutos de Galicia, se manteñan condicións sanitarias óptimas co fin de preservar a saúde dos consumidores.
   2. Control documental para garantir a calidade dos produtos.
   3. Efectuar un seguimento das obras de adecuación propostas.

4. **Descrición do subprograma**

   O subprograma enmárcase na seguinte lexislación:

   - Regulamento (CEE) Núm. 1907/90 do Consello do 26 de xuño de 1990.
   - Regulamento (CEE) Nº 2295/03 do Consello do 23 de decembro de 2003.
   - Directiva 89/437/CEE do Consello do 20 de xuño de 1989.

   Estratexias

   1. Seguimento do subprograma dende os servizos centrais mediante a supervisión dos informes das inspeccións realizadas nos establecementos polos servizos veterinarios oficiais de saúde pública.
   2. Seguimento e control dos centros de embalaxe de ovos e de elaboración de ovoprodutos dende os servizos veterinarios oficiais de saúde pública mediante inspeccións estruturais e documentais.
   3. Toma de mostras aleatorias a través do Plan de Investigación de Residuos en Animais e Carnes Frescas.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central:
     - Servizo de Control de Protección da Saúde fronte a Riscos Xerais.
     - Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.
   - Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.
   - Inspectores veterinarios oficiais de saúde pública (zonas veterinarias).
   - Persoal do Plan Nacional de Investigación de Residuos (PNIR) para a recollida de mostras de ovos e **ovoprodutos.**

   Recursos materiais

   - Laboratorio de Saúde Pública en Lugo.
   - Parque móbil.
   - Actas de inspección.

5. **Proxectos e actividades xestionados en 2003**

   - Programación das inspeccións: o criterio para elaborar o calendario de inspeccións baséase no risco potencial que supoñen os ovos para a saúde pública e por conseguinte, os centros de embalaxe e de elaboración de ovoprodutos.

     Frecuencia das inspeccións

     - Inspección estrutural, documental e de hixiene: unha inspección anual.
     - Inspección documental e de hixiene: unha inspección semestral.
   - Programación das tomas de mostras de ovos: realízase a través do Programa nacional de investigación de residuos en animais e carnes frescas e, neste ano, foron os seus equipos de recollida os encargados da súa realización.
   - Programación das tomas de mostras de **ovoprodutos:** realízase a través do Programa nacional de investigación de residuos en animais e carnes frescas e, neste ano, foron os seus equipos de recollida os encargados da súa realización para a **determinación de nitrofuranos e os seus metabolitos.**
   - Toma de mostras de **ovoprodutos para analises microbiolóxicas** (salmonella).

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución do número de inspeccións realizadas. 1995-2003

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Inspeccións realizadas	108	128	132	293	137	119	69	81	94

- Recursos económicos

Táboa 2. Análise de custos en euros dos recursos humanos do subprograma

RECURSOS HUMANOS Actividades	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002
Coordinación	Grupo A-28	1	S.C.[1]	2	1.009	
Elaboración e seguimento	Grupo I	1	S.C.	25	7.815	
Administración	Grupo D-12	1	S.C.	5	874	
Inspección	Grupo A-24, grupo A-20	156	S.P.[2]	61 h.[3]	2.394	
CUSTO TOTAL RR.HH.					**12.091**	**10.825**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos
3. Nº de horas de inspección empregadas

De resultados

Táboa 3. Evolución do índice de homologación. 1996-2003

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Índice de homologación (IH)[1]	49	53	63	64	76	77	95	95

$$1.\ IH = \frac{\text{Adaptados á normativa C.E.E.}}{\text{Nº total de establecementos baixo o ámbito de aplicación dos regulamentos (non se inclúen os establecementos envasadores, almacéns e distribuidores de ovos e ovoprodutos).}} \times 100 = \frac{37}{39} = 95$$

Subprograma de control sanitario de industrias da pesca

1. **Data de comezo:** xaneiro de 1995
2. **Coordinación:** Pedro Gandarillas Iglesias e Mª Eugenia Lado Lema
3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Diminuír o risco de morbimortalidade por enfermidades infecciosas intestinais, mellorando as condicións sanitarias dos produtos da pesca.

   Específicos

   1. Comprobar que todas as industrias da pesca, o marisqueo e a acuicultura establecidas en Galicia, autorizadas para o comercio intracomunitario, seguen mantendo as condicións de autorización. Proceder á retirada da autorización, cesamento temporal ou peche, daqueles establecementos que non cumpran os requisitos establecido.
   2. Manter un sistema de control axeitado sobre as ditas industrias, que permita comprobar que os seus sistemas de produción garanten a calidade sanitaria dos produtos da pesca, o marisqueo e a acuicultura destinados ao consumo humano. Realizar as actuacións necesarias no que respecta aos produtos elaborados na nosa Comunidade Autónoma, cando existan dúbidas sobre a súa aptitude para o consumo humano.
   3. Dada a súa problemática, claramente diferenciada do resto das industrias da pesca, levar a cabo o control hixiénico-sanitario dos buques (factoría e conxeladores) inscritos na nosa Comunidade Autónoma.

4. **Descrición do subprograma**

   Tras a entrada en vigor da Directiva 91/493/CEE e a súa transposición ao ordenamento xurídico español no Real decreto 1437/92, do 27 de novembro, e que establecen os requisitos que en materia sanitaria deben cumplir as industrias da pesca, o marisqueo e a acuicultura, estableceuse un prazo de adecuación dos ditos establecementos á normativa mencionada.

   No 1 de xaneiro de 1996, todas as industrias deberían estar en situación de cumplir os requisitos establecidos pola lexislación vixente e seren incluídas na Lista de establecementos autorizados para o comercio intracomunitario. De non ser así, a autoridade competente da Comunidade Autónoma, debería adoptar as medidas oportunas con aquelas que non cumprisen os ditos requisitos.

   A partir de entón a autoridade competente debe velar porque as industrias manteñan as condicións de autorización e comprobar que aquelas que a solicitan de novo cumpran os ditos requisitos.

   Estratexias

   1. Dende os servizos centrais, coordinar os labores de supervisión, por parte dos servizos veterinarios oficiais de Saúde Pública, de tódalas industrias do sector.
   2. Dende os servizos periféricos, practicar a inspección e posterior supervisión de reparación das deficiencias, se procede, de acordo co establecido nas directrices do programa.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central:
     - Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Xerais.
     - Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.
   - 4 unidades de coordinación periféricas: Servizo de Protección da Saúde das delegacións provinciais.
   - Inspectores veterinarios oficiais de Saúde Pública (zonas veterinarias).

   Recursos materiais

   - Parque móbil.
   - Actas de inspección.

5. Proxectos e actividades xestionados en 2003

- Programación das inspeccións e actuacións que deriven do resultado delas
  - Inspeccións estruturais: unha ao ano.
  - Inspeccións documentais: unha cada semestre.
- Actualización periódica da lista de establecementos autorizados para o comercio intracomunitario.
- Xestión e resolución de consultas técnicas e sobre a operativa concreta do subprograma.
- Tramitacións de expedientes: denuncias, reexpedicións e outros problemas varios con respecto ás industrias e produtos da pesca da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Posta en práctica da aplicación dos protocolos do Programa de control sanitario de industrias da pesca nos seguintes subsectores: elaboración de conservas, almacenamento frigorífico, lonxas de poxas, afumados, salgas, polpa de peixe, cetarias, salas de preparación de peixe, fábricas de conxelados, mercados por xunto, buques factoría, buques de pesca extractiva.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución das inspeccións realizadas (lonxas e industrias de pesca). 1995-2003

	2003	2002	2001	2000	1999	1998	1997	1996	1995
A Coruña	564	650	704	428	798	1.499	674	638	
Lugo	218	179	149	167	120	334	117	96	
Ourense	63	47	55	30	32	44	76	36	
Pontevedra	1.612	427	283	366	524	933	545	388	
Subtotal	2.457	1.303	1.191	991	1.474	2.810	1.412	1.158	1.270
En lonxas	822	64	87	529	2.062	2.348	3.614	—	
TOTAL	**3.279**	**1.367**	**1.278**	**1.520**	**3.536**	**5.158**	**5.026**	—	

O incremento observado no número de inspeccións realizadas no 2003 respecto aos anos anteriores é consecuencia dun maior número de inspeccións non programadas que esta dirección xeral puxo en marcha como consecuencia da catástrofe producida pola vertedura do buque Prestige. Isto orixinou que se elaborase un programa complementario que, ademais das inspeccións estruturais, documentais e de hixiene programadas anualmente, obrigaba a un intenso control dos produtos pesqueiros en lonxas, industrias e outros establecementos como os de venda destes produtos. Asemade planificouse a recollida de mostras dos produtos da pesca para

a análise dos hidrocarburos aromáticos policíclicos, de acordo cun plan de mostraxe previamente establecido.

Na táboa non se inclúen as inspeccions efectuadas a buques pesqueiros durante o ano 2003, realizándose un total de 97 (20 na Coruña, 5 en Lugo e 72 en Pontevedra). Ademais, Hai que facer constar que o número de inspeccións a lonxas reflectidas no ano 2003 se refíren a todas as realizadas, polos veterinarios de Saúde Pública, nas lonxas de segunda categoría sen ter en conta as de Vigo e A Coruña, onde hai presenza permanente de veterinarios.

Das inspeccións totais realizadas no 2003, 2.104 son inspeccións programadas (1.334 en industrias da pesca e 770 en lonxas) e 1.175 son non programadas (1.123 en industrias da pesca e 52 en lonxas).

Recursos económicos

Táboa 3. Análise de custos en euros dos recursos humanos do subprograma

RECURSOS HUMANOS Actividades	Categoría	Localización	% dedicación	Custo 2003
Coordinación	Grupo A-28	S.C.[1]	8	3.026
Elaboración e seguimento	Grupo A-22	S.C.	50	17.774
Administración	Grupo D-12	S.C.	5	874
Inspección	Grupo A-24 e A-20	S.P.[2]	4.304 h.[3]	93.973
Inspección en lonxas	Grupo A-20	S.P.	100	179.060
CUSTO TOTAL RR.HH.				**294.707**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos
3. Nº de horas de inspección empregadas

$$\%\ \text{cumprimento do programa} = \frac{\text{Nº de inspeccións realizadas}}{\text{Nº de inspeccións programadas}} = \frac{2.104}{2.154} = 97{,}68\%$$

Subprograma de salubridade de moluscos

1. **Data de comezo:** abril de 1995
2. **Coordinación:** Beatriz López Díaz
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Diminuír o risco de morbimortalidade por enfermidades derivadas do consumo de moluscos bilvalvos crus ou cocidos.

   Específicos

   1. Establecer os sistemas de supervisión que permitan comprobar que os procesos de depuración dos moluscos, levados a cabo nos centros autorizados para tal fin, garanten a calidade sanitaria destes unha vez depurados.
   2. Manter un sistema de supervisión axeitado sobre os centros de depuración e expedición que, ante situacións especiais de peches de polígonos de produción, permita comprobar que os seus sistemas de autocontrol garanten a calidade sanitaria, no que respecta aos niveis de biotoxinas mariñas.
   3. Comprobar que a totalidade dos establecementos de depuración e expedición de moluscos, levan ao día os seus arquivos documentais en canto á recepción de materia prima, autocontrois e expedición de produto.
   4. Establecer os sistemas de supervisión que permitan comprobar que os cocedoiros de moluscos bivalvos, crustáceos e angulas garanten a súa calidade sanitaria, unha vez cocidos.

4. **Descrición do subprograma**

   Coa entrada en vigor do Real decreto 571/1999, do 9 de abril, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria que fixa as normas aplicables á comercialización de moluscos bivalvos vivos, establécense os distintos destinos dos moluscos bivalvos vivos en función dos niveis microbiolóxicos citados no capítulo I do anexo I do dito real decreto.

   Independentemente disto, todos os moluscos bivalvos vivos antes do seu destino ao consumo humano, deben cumprir os requisitos establecidos no capítulo V do anexo I do real decreto.

Estratexia

Exercer un forte control de inspección nos centros de depuración, expedición e cocedoiros de moluscos bivalvos, crustáceos e angulas, polos que ten que pasar a práctica totalidade do molusco comercializado en fresco con destino ao consumo público, mediante dúas estratexias fundamentais:

- Recollida de mostras.
- Control documental exhaustivo.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central:
  - Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Xerais.
  - Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.
- 3 unidades de coordinación periférica: Servizo de Protección da Saúde das delegacións provinciais da Coruña, Lugo e Pontevedra.
- Inspectores veterinarios de Saúde Pública.
- Persoal do Laboratorio de Saúde Pública na Coruña e en Pontevedra.

Recursos materiais

- Para análise microbiolóxica: laboratorios de Saúde Pública das delegacións de Pontevedra e A Coruña.
- Para análise de biotoxinas: o Centro de Control do Medio Mariño (Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos).
- Parque móbil.
- Materiais de recollida de mostras.
- Actas de recollida de mostras.

5. Proxectos e actividades xestionadas en 2003

- Elaboración e coordinación do programa, no que se estableceron as seguintes actividades:
  - Inspección estrutural: cunha periodicidade anual.
  - Control documental con periodicidade trimestral en depuradoras-centros de expedición, bimestral en cocedoiros de moluscos bivalvos e semestral en cocedoiros de crustáceos e angulas.
  - Toma de mostras de molusco depurado trimestral para análise microbiolóxica, de biotoxinas e auga de depuración en todas as depuradoras e centros de expedición de moluscos da Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Toma de mostras trimestral de molusco bivalvo cocido nos establecementos que durante todo o ano pasado tiveron resultados negativos, bimestral nos que tiveron positividades e semestral de auga de glaseo.
  - Toma de mostras anual de crustáceos cocidos e angulas.
  - Seguimento continuado dos resultados analíticos obtidos, así como dos resultados das inspeccións, coa toma de decisións que corresponda.
  - Inspección anual utilizando o protocolo ponderado.
  - Asistencia a 4 reunións do Consello Regulador do Mexillón de Galicia.
  - Asistencia ao curso de "Avaliación do Risco" os días 25 e 26 de xuño.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución do número de establecementos e inspeccións realizadas. 1995-2003

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Núm. establecementos	56	56	86	81	82	85	75	86	88
Núm. inspeccións	1.092	2.686	337	1.105	377	706	460	297	1.513

Hai que facer constar que:

- No ano 1995 o número de inspeccións foi moi elevado debido a que, a 31 de decembro dese mesmo ano, todas as empresas tiñan que estar autorizadas. O número de inspeccións das condicións estruturais incrementouse substancialmente sendo, moitas delas, de asesoramento ás empresas.
- No ano 1996, unha vez autorizadas as empresas, aumentouse considerablemente o número de inspeccións programadas, facendo fincapé nun exhaustivo control documental e nunha recollida de mostras para comprobar o funcionamento dos establecementos.
- Unha vez obtida unha información global do sector, o número de inspeccións programadas, no ano 1997, reduciuse a control do mantemento das condicións de autorización e supervisión do funcionamento cunha menor periodicidade da recollida de mostras e do control documental.
- No ano 1998 fíxose especial fincapé na recollida de mostras nos cocedoiros de moluscos bivalvos con repetidas visitas cando os resultados foron

desfavorables, intensificándose ademais os controis documentais nas depuradoras e centros de expedición.

- En 1999 axústase o control documental á recollida de mostras, polo que a frecuencia de inspección se reduce, sendo a frecuencia maior nos cocedoiros e nas empresas nas que se obteñen resultados desfavorables.
- No ano 2000 a frecuencia de inspección increméntase porque, ademais das inspeccións programadas, se realizaron outras derivadas de denuncias ou polo propio seguimento do programa.
- Hai que ter en conta que a frecuencia de inspección programada para o ano 2001 foi menor que a do ano 2000 no que a control documental se refire.
- O descenso no número de inspección é progresivo nestes últimos anos, isto débese a que se trata dun sector que foi sometido a unha gran presión inspectora nos últimos anos, co que se obtiveron melloras importantes e sobre todo unha mentalización dos axentes implicados que permiten unha inspección menos frecuente, sendo igualmente efectiva.
- No ano 2003 como consecuencia da catástrofe do buque Prestige incrementouse o número de inspeccións non programadas nos establecementos que se atopan dentro deste subprograma.

Táboa 2. Evolución da actividade de mostraxe aleatoria de 87 establecementos (59 depuradoras e 28 cocedoiros). 1995-2003

Natureza	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Molusco depurado-microbiolóxico	512	571	334	342	387	321	276	271	212
Molusco sen depurar microbiolóxico	0	0	2	2	0	0	0	0	0
Molusco-biotoxinas	349	298	110	178	204	181	149	170	164
Auga de depuración	81	279	142	156	130	103	90	133	98
Produto cocido	—	—	27*	61*	56*	60*	38*	53*	69*
Auga glaseo			6	5	9	5	5	13	10
TOTAL	**942**	**1.148**	**621**	**744**	**786**	**670**	**558**	**640**	**553**

** Mostraxes de 5 mostras cada unha*

Táboa 3. Datos das distintas positividades en depuradoras

	Nº mostras positivas
Coliformes fecais ou *E. coli*	24
Salmonella	5
Biotoxinas	6

No caso destas positividades as actuacións definidas dentro do programa dependen de que nos atopemos ante un patóxeno ou microorganismos indicadores, así as medidas establecidas son:

Microorganismos indicadores:

- En caso de niveis de coliformes fecais lixeiramente superiores aos establecidos legalmente, remisión dunha carta á empresa por parte da delegación correspondente indicándolle o problema detectado.
  Pola súa banda a empresa deberá comunicar as medidas correctoras que se van aplicar.

Patóxenos:

- inmobilización de mercadoría.
- recollida de mostras oficiais.

Biotoxinas:

- inmobilización de mercadoría.
- convocatoria de análise contradictoria-dirimente.

Táboa 3. Datos das distintas positividades en depuradoras

	Nº mostras positivas
Coliformes fecais	0
E. Coli	1
Salmonella	3
Listeria	0
Aerobios mesófilos	4

No caso das positividades a salmonella e xermes testemuño de defecto de hixiene as medidas establecidas no programa son:

- inmobilización de mercadoría.
- recollida de mostras oficiais.

Existen, así mesmo, catro mostras nas cales se detectaron niveis de aerobios mesófilos superiores aos establecidos legalmente e dado que, nestas mostras, os patóxenos resultaron negativos e se trata de xermes indicadores a actuación foi o envío dun escrito á empresa por parte do delegado provincial coa finalidade de que informe das medidas correctoras que vai aplicar.

Táboa 5. Mostras non programadas en depuradoras e cocedoiros

	Molusco	Auga	Totais
Oficiais microbiolóxico	11	0	11

Recursos económicos

Táboa 6. Análise de custos en euros do subprograma

RECURSOS HUMANOS Actividades	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002
Coordinación	Grupo A-28	1	S.C.[1]	6	3.026	
Elaboración e seguimento	Grupo I	1	S.C.	75	23.445	
Administración	Grupo D-12	1	S.C.	5	874	
Inspección	Grupo A-24, grupo A-20	156	S.P.[2]	1.715 h.[3]	37.436	
CUSTO TOTAL RR.HH.					**64.781**	**32.161**
RECURSOS MATERIAIS						
Análise das mostras					60.351	
CUSTO TOTAL RR.MM.					**60.351**	**59.518**
CUSTO TOTAL SUBPROGR.					**125.132**	**72.645**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos
3. Nº de horas de inspección empregadas

De resultados

Táboa 7. Evolución dos resultados das inspeccións realizadas. 1995-2003

	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
IPAMd[1]	27,50	15,10	18,00	16,00	10,80	9,00	15,9	9,96	11,7
IPAMc[2]	—	—	4,00	14,70	12,50	10,00	13,1	15	8,6
IPAB[3]	4,30	0,00	0,00	2,20	2,40	0,55	0	2,35	3,6
IPAAd[4]	—	1,50	16,60	7,00	11,50	11,50	44,4	24	31,6
IPSMd[5]	27,30	15,10	34,00	15,30	0,00	0,00	0	0	0
IPSMc[6]	—	—	—	75,00	12,80	100,00	0	25	100

1 $$IPAMd = \frac{\text{Nº de mostras de molusco depurado positivas na microbiolóxica}}{\text{Nº de mostras totais de molusco depurado para microbiolóxica}} \times 100$$

2 $$IPAMc = \frac{\text{Nº de mostraxes de produto cocido positivas na microbiolóxica aleatoria}}{\text{Nº de mostraxes aleatorias totais de produto cocido para microbiolóxica}} \times 100$$

3 $$IPAB = \frac{\text{Nº de mostras aleatorias positivas a biotoxinas}}{\text{Nº total de mostras aleatorias para análises de biotoxinas}} \times 100$$

4 $$IPAAd = \frac{\text{Nº de mostras de auga non idóneas para a depuración}}{\text{Nº total de mostras aleatorias para análises de auga}} \times 100$$

5 $$IPSMd = \frac{\text{Nº de mostras oficiais positivas á microbiolóxica}}{\text{Nº total de mostras oficiais de microbioloxía}} \times 100$$

6 $$IPSMc = \frac{\text{Nº de mostras oficiais positivas a microbiolóxica}}{\text{Nº total de mostras oficiais a microbiolóxica}} \times 100$$

Hai que facer constar que cada analítica que consideramos aleatoria en biotoxinas está composta por tres exemplares de mostra na maioría dos casos.

En relación coa positividade das mostras de auga de depuración recollidas, hai que ter en conta que, seguindo a tendencia da avaliación de riscos, as exixencias se van aumentando e cando en anos anteriores o delegado provincial enviaba escrito á empresa se os niveis de coliformes fecais eran superiores a 10 unidades formadoras de colonias, nestes tres últimos anos a simple presenza dun coliforme fecal xa implica tomar medidas (remisión de escrito) e considérase polo tanto como mostra positiva.

Subprograma de control sanitario de augas de bebida envasadas

1. **Data de comezo:** ano 1996

2. **Coordinación:** Manuel Álvarez Cortiñas

3. **Obxectivos**

   Xeral

   Diminuír o risco de morbimortalidade por enfermidades de orixe alimentaria, mellorando as condicións sanitarias das augas de bebida envasadas.

   Específicos

   1. Coñecemento actualizado das prácticas hixiénico-sanitarias das industrias.
   2. Implantación de procedementos de seguridade axeitados nas industria.

4. **Descrición do subprograma**

   A actual normativa, tanto comunitaria como nacional, sobre control de produtos alimentarios está dirixida a que as empresas establezan efectivos sistemas de autocontrol, adoptando códigos de boas prácticas que a través dun Sistema de Análise de Perigos e Puntos de Control Críticos (APPCC) determinen os riscos que existen en cada fase produtiva, recollendo as medidas preventivas para evitalos así como os controis que hai que realizar.

   A programación da mostraxe establécese con periodicidade trianual das augas tanto no punto de nacemento como en envases PVC e vidro, para caracterizar a composición das augas en función das variacións estacionais.

   As análises son realizadas polos laboratorios das delegacións provinciais de Lugo e Ourense, que fan as seguintes determinacións analíticas: microorganismos revivificables a 20-22°C/72 horas, revivificables a 37°C/24 horas, *e. coli*, coliformes, salmonela, e. fecais, *clostridium* sulfitorreductores, *p. aeruginosa*, cor, olor, sabor, turbidez, pH, condutividade, residuo seco, anhídrido carbónico, sulfuro de hidróxeno, dureza total, sílice, fosfatos, oxidabilidade, bicarbonatos, carbonatos, sulfatos, cloruros, nitratos, nitritos, cloro libre, calcio, magnesio, sodio, potasio, litio, ferro, manganeso, amoníaco, fluoruros, arsénico, aluminio, cobre, cinc, cadmio, selenio, cromo, chumbo, mercurio e cianuros, praguicidas organoclorados, fenois, hidrocarburos aromáticos policíclicos, axentes tensoactivos.

   Elaborouse unha base de datos na que constan os resultados analíticos dos anos 1996, 1997 e 1998, que inclúen ademais os seguintes rexistros:

   - Razón social.
   - Número de rexistro sanitario.
   - Enderezo.
   - Número de mostra.
   - Tipo de mostra.
   - Punto de mostraxe.
   - Resultados analíticos.

   Estratexia

   Seguimento das industrias envasadoras dende os servizos centrais mediante un estudo e avaliación das inspeccións realizadas nos establecementos, e dos resultados das análises das mostras recollidas.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central:
     - Servizo de Protección da Saúde Fronte a Riscos Xerais.
     - Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.
   - 4 unidades de coordinación periféricas: Servizo de Protección da Saúde das delegacións provinciais.
   - Inspectores veterinarios oficiais de saúde pública (zonas veterinarias).
   - Farmacéuticos titulares.

   Recursos materiais

   - Parque móbil.
   - Actas de inspección e recollida de mostras.

5. Proxectos e actividades xestionados en 2003

- Programáronse dúas inspeccións ao ano das envasadoras de auga polos farmacéuticos titulares e inspectores veterinarios de saúde pública que cubrirán os protocolos de inspección de instalacións, e un control trimestral de comprobación dos datos rexistrais que debe levar a empresa.
- Empezouse a elaborar o protocolo ponderado para inspección das envasadoras de auga de manancial e mineral natural, buscando poder establecer o nivel de risco destes establecementos.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución do número de industrias e das inspeccións realizadas. 1998-2003

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Nº de industrias	9	9	9	9	11	11
Inspeccións realizadas	46	12	24	24	17	22

- Recursos económicos

Táboa 2. Análise de custos en euros dos recursos humanos do subprograma

RECURSOS HUMANOS Actividades	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002
Coordinación	Grupo A-28	1	S.C.[1]	2	1.009	
Elaboración e seguimento	Grupo A-25	1	S.C.	10	3.846	
Administración	Grupo D-12	1	S.C.	1	175	
Inspección	Grupo A-24, grupo A-20	156	S.C.	17 h.[3]	360	
CUSTO TOTAL RR.HH.					**5.389**	**5.199**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos
3. Nº de horas de inspección empregadas

Subprograma de control sanitario de obradoiros de pastelería

1. **Data de comezo:** ano 1996
2. **Coordinación:** Manuel Álvarez Cortiñas
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Diminuír o risco de morbimortalidade por enfermidades de orixe alimentaria, mellorando as condicións hixiénico-sanitarias dos produtos de pastelaría.

   Específicos

   1. Coñecer as condicións hixiénico-sanitarias dos obradoiros de pastelaría.
   2. Mellorar as prácticas hixiénicas e de manipulación dos produtos de pastelaría en obradoiros da nosa comunidade.

4. **Descrición do subprograma**

   Os produtos de pastelaría, especialmente aqueles recheos de crema ou nata, son produtos complexos dende o punto de vista da contaminación microbiana, xa que poden ser portadores de case todos os axentes de toxiinfección alimentaria, constituíndo o segundo grupo de alimentos, en orde de frecuencia, causante de abrochos no noso país.

   O traballo do programa consiste na inspección dos obradoiros de pastelaría establecidos na Comunidade. En anos anteriores o programa incluía a toma de mostras de produtos de pastelaría, dende o ano 2001 priorizouse o labor inspector deixando para edicións posteriores do programa a realización de probas analíticas.

   Estratexias

   1. Seguimento dos establecementos de pastelaría dende os servizos centrais mediante un estudio e avaliación das inspeccións realizadas nos establecementos.
   2. Establecemento das medidas correctoras naqueles establecementos nos que se detectan problemas estruturais, de funcionamento ou manipulación.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central:
     - Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Xerais.
     - Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.
   - 4 unidades de coordinación periféricas: Servizo de Protección da Saúde das delegacións provinciais.
   - Inspectores veterinarios oficiais de saúde pública (zonas veterinarias).
   - Farmacéuticos titulares.

   Recursos materiais

   - Parque móbil.
   - Actas de inspección.

5. **Proxectos e actividades xestionados en 2003**

   - Programación das inspeccións: unha inspección de comprobación das instalacións dos obradoiros polos farmacéuticos titulares ou inspectores veterinarios de saúde pública que cubriron os protocolos de inspección e comprobación da adecuación dos datos rexistrais que figuran no Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos, así como a comprobación das prácticas de manipulación.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución das inspeccións realizadas. 1998-2003

	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Inspeccións realizadas	511	751	638	1.338	1.718	1.232
Nº de industrias	510	682	735	804	838	1.858

Recursos económicos

Táboa 2. Análise de custos en euros dos recursos humanos do subprograma

RECURSOS HUMANOS Actividades	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002
Coordinación	Grupo A-28	1	S.C.[1]	4	2.017	
Elaboración e seguimento	Grupo A-25	1	S.C.	15	5.768	
Administración	Grupo D-12	1	S.C	5	874	
Inspección	Grupo A-24, grupo A-20	156	S.P.[2]	1.838 h.[3]	40.121	
CUSTO TOTAL RR.HH.					**48.780**	**33.199**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos
3. Nº de horas de inspección empregadas

Subprograma de control sanitario de produtos hortifrutícolas

1. **Data de comezo:** ano 1998
2. **Coordinación:** Manuel Álvarez Cortiñas
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Diminuír o risco de morbimortalidade por enfermidades de orixe alimentaria, mellorando as condicións sanitarias dos produtos hortofrutícolas postos á venda.

   Específicos

   1. Inspeccionar as instalacións verificando o cumprimento do regulamento sanitario.
   2. Control documental para garantir a calidade.

4. **Descrición do subprograma**

   Estratexias

   1. Seguimento das industrias envasadoras e dos establecementos elaboradores dende os servizos centrais mediante un estudo e avaliación das inspeccións realizadas nos establecementos.
   2. Seguimento das industrias envasadoras e dos establecementos elaboradores dende os servizos periféricos, mediante visitas de inspección programadas, visitas de comprobación tras os prazos concedidos para reparación de deficiencias, no caso de existiren, así como das suspensións de actividade temporal producidas.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central:
     - Servizo de Protección da Saúde Fronte a Riscos Xerais.
     - Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.
   - 4 unidades de coordinación periféricas: Servizo de Protección da Saúde das delegacións provinciais.
   - Inspectores veterinarios oficiais de saúde pública (zonas veterinarias).
   - Farmacéuticos titulares.

   Recursos materiais

   - Parque móbil.
   - Actas de inspección e recollida de mostras.

5. **Proxectos e actividades xestionados en 2003**

   - Programación das inspeccións: programouse unha inspección ao ano aos establecementos elaboradores de conservas vexetais polos inspectores veterinarios de saúde pública que cubrirán os protocolos de inspección de instalacións. Nos establecementos nos que a única actividade sexa a de almacenistas ou distribuidores de froitas e verduras, a inspección limitarase a unha avaliación das condicións de almacenamento e sistemas de conservación dos produtos.
   - Inspección documental dos establecementos elaboradores de conservas vexetais, centrada no control de procedencia das materias primas e dos envases.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución da actividade de inspección realizada. 1999-2002

	1999	2000	2001	2002
Nº de industrias	275	235	283	294
Inspeccións realizadas	281	224	348	468

Recursos económicos

Táboa 2. Análise de custos en euros dos recursos humanos do subprograma

RECURSOS HUMANOS Actividades	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002
Coordinación	Grupo A-28	1	S.C.[1]	2	1.009	
Elaboración e seguimento	Grupo A-25	1	S.C.	10	3.846	
Administración	Grupo D-12	1	S.C.	1	175	
Inspección	Grupo A-24, grupo A-20	156	S.P.[2]	452 h.[3]	9.868	
CUSTO TOTAL RR.HH.					**14.897**	**12.062**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos
3. Nº de horas de inspección empregadas

Subprograma de control sanitario de bebidas refrescantes

1. **Data de comezo:** ano 1998
2. **Coordinación:** Manuel Álvarez Cortiñas
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Diminuír o risco de morbimortalidade por enfermidades de orixe alimentaria, mellorando as condicións sanitarias das bebidas refrescantes postas á venda.

   Específicos

   1. Inspeccionar as instalacións verificando o cumprimento do regulamento sanitario.
   2. Control documental para garantir a calidade.

4. **Descrición do subprograma**

   Estratexias

   1. Seguimento das industrias envasadoras elaboradoras dende os servizos centrais mediante un estudo e avaliación das inspeccións realizadas nos establecementos.
   2. Seguimento das industrias envasadoras dende os servizos periféricos, mediante visitas de inspección programadas, visitas de comprobación tras os prazos concedidos para reparación de deficiencias, no caso de existiren, así como das suspensións de actividade temporal producidas.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central:
     - Servizo de Control de Factores Medioambientais Xerais.
     - Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.
   - 4 unidades de coordinación periféricas: Servizo de Protección da Saúde das delegacións provinciais.
   - Inspectores veterinarios oficiais de saúde pública (zonas veterinarias).
   - Farmacéuticos titulares.

   Recursos materiais

   - Parque móbil.
   - Actas de inspección e recollida de mostras.

5. **Proxectos e actividades xestionados en 2003**

   - Programación das inspeccións: programouse unha inspección ao ano aos establecementos elaboradores de bebidas refrescantes polos inspectores veterinarios de saúde pública e farmacéuticos titulares que cubrirán os protocolos de inspección das instalacións.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución da actividade de inspección realizada. 2000-2003

	2000	2001	2002	2003
Nº de industrias	62	58	53	62
Inspeccións realizadas	36	43	60	49

Recursos económicos

Táboa 2. Análise de custos en euros dos recursos humanos do subprograma

RECURSOS HUMANOS Actividades	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002
Coordinación	Grupo A-28	1	S.C.[1]	2	1.009	
Elaboración e seguimento	Grupo A-25	1	S.C.	10	3.846	
Administración	Grupo D-12	1	S.C.	1	175	
Inspección	Grupo A-24, grupo A-20	156	S.P.[2]	35 h.[3]	767	
CUSTO TOTAL RR.HH.					**5.796**	**5.816**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos
3. Nº de horas de inspección empregadas

Subprograma de control sanitario de elaboradores de viño

1. **Data de comezo:** ano 2000
2. **Coordinación:** Manuel Álvarez Cortiñas
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Diminuír o risco de morbimortalidade por enfermidades de orixe alimentaria, mellorando as condicións sanitarias dos viños postos á venda.

   Específicos

   1. Inspeccionar as instalacións verificando o cumprimento do regulamento sanitario.
   2. Control documental para garantir a calidade.

4. **Descrición do subprograma**

   Estratexias

   1. Seguimento das industrias elaboradoras dende os servizos centrais mediante un estudo e avaliación das inspeccións realizadas nos establecementos.
   2. Seguimento das industrias elaboradoras dende os servizos periféricos, mediante visitas de inspección programadas, visitas de comprobación tras os prazos concedidos para reparación de deficiencias, no caso de existiren, así como das suspensións de actividade temporal producidas.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central:
     - Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Xerais.
     - Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.
   - 4 unidades de coordinación periféricas: Servizo de Protección da Saúde das delegacións provinciais.
   - Inspectores veterinarios oficiais de saúde pública (zonas veterinarias).
   - Farmacéuticos titulares.

   Recursos materiais

   - Parque móbil.
   - Actas de inspección e recollida de mostras.

5. **Proxectos e actividades xestionados en 2003**

   - Programación das inspeccións: programouse unha inspección ao ano aos establecementos elaboradores de viño polos inspectores veterinarios de saúde pública e farmacéuticos titulares que cubriron os protocolos de inspección de instalacións.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución da actividade de inspección realizada. 2002-2003

	2002	2003
Nº de industrias	496	550
Inspeccións	540	596

Recursos económicos

Táboa 2. Análise de custos en euros dos recursos humanos do subprograma

RECURSOS HUMANOS Actividades	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002
Coordinación	Grupo A-28	1	S.C.[1]	2	1.009	
Elaboración e seguimento	Grupo A-25	1	S.C.	10	3.846	
Administración	Grupo D-12	1	S.C.	1	175	
Inspección	Grupo A-24, grupo A-20	156	S.P.[2]	626 h.[3]	9.868	
CUSTO TOTAL RR.HH.					**14.897**	**12.708**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos
3. Nº de horas de inspección empregadas

Sistema de información do Rexistro Sanitario de Alimentos

1. **Data de comezo:** ano 1991
2. **Coordinación:** Carlos García Argüelles
3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Protexer a saúde dos consumidores a través da información actualizada dos datos facilitados ao rexistro, garantindo unha adecuada información aos servizos de inspección para a programación da súa actividade.
   2. Posibilitar unha rápida e eficaz intervención sanitaria naqueles casos nos que exista perigo para a saúde pública, sen obstaculizar a libre circulación das mercadorías.
   3. Manter unha base de datos actualizada, de fácil acceso que permita coñecer a situación das empresas de forma inmediata.

   Específicos

   1. Tramitar todas as autorizacións, validacións, cambios de titularidade e baixas, remitidas polos delegados provinciais.
   2. Manter actualizada a codificación informática das inscricións de todas e cada unha das industrias situadas en Galicia suxeitas á obriga de posuír o número de rexistro sanitario de alimentos, así como todos os datos que figuran no rexistro.
   3. Dar as altas e establecer o número de rexistro.

4. **Descrición do sistema**

   O marco normativo do subprograma é o Real decreto 1712/91, do 29 de novembro, sobre Rexistro Xeral Sanitario de Alimentos, que establece a obrigatoriedade de estaren suxeitas á inscrición no rexistro, ás industrias e establecementos que se dedican á produción de produtos alimenticios con destino humano, e a todas aquelas empresas dedicadas á produción de materiais destinados a entrar en contacto cos alimentos humanos.

   Así mesmo, están obrigados a inscribirse no rexistro, os preparados alimentarios e dietéticos, as augas minerais, e as augas de manancial.

   Estratexias

   1. Coordinación coas delegacións co fin de actualizar os datos que figuran no rexistro.
   2. Actualización coordinada coas delegacións provinciais e o Ministerio de Sanidade e Consumo das listas de industrias.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Protección da Saúde Fronte a Riscos Xerais.
   - 4 unidades de coordinación periférica: Servizo de Protección da Saúde das delegacións provinciais.
   - Inspectores farmacéuticos e veterinarios oficiais de saúde pública.

   Recursos materiais

   - Aplicación informática.
   - Follas de solicitude.

5. **Proxectos e actividades xestionados en 2003**
   - Xestión das solicitudes de número de rexistro presentadas e validación destas.
   - Xestión dos cambios de situación solicitadas.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución do número de industrias que solicitaron número de rexistro sanitario. 1994-2003

	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
A Coruña	62	50	198	235	305	309	264	205	187	153
Lugo	50	36	89	68	124	109	69	98	82	71
Ourense	29	33	24	69	85	67	85	73	88	60
Pontevedra	133	139	199	249	270	215	206	159	237	246
GALICIA	**274**	**258**	**510**	**621**	**784**	**700**	**624**	**532**	**594**	**530**

Táboa 2. Análise de custos en euros dos recursos humanos do sistema

RECURSOS HUMANOS Actividades	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002
Coordinación	Grupo A-28	1	S.C.[1]	2	1.009	
Elaboración e seguimento	Grupo A-20	1	S.C.	20	6.195	
Administración	Grupo III	1	S.C.	75	15.935	
CUSTO TOTAL RR.HH.					**23.138**	**22.715**

1. Servizos centrais

De resultado

Táboa 3. Altas no sistema por sectores en 2003

Clave Sectores industriais alimentarios	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	GALICIA
10 Carnes e derivados, aves e caza	17	10	7	15	**49**
12 Peixes, crustáceos , moluscos e derivados	58	21	1	149	**229**
14 Ovos e derivados	1	1	0	2	**4**
15 Leite e derivados	3	6	1	3	**13**
16 Graxas comestibles	0	0	0	0	**0**
17 Cereais	0	0	1	0	**1**
18 Leguminosas	0	1	0	0	**1**
19 Tubérculos	5	2	3	0	**10**
20 Fariñas e derivados	17	5	7	16	**45**
21 Hortalizas, verduras, cogomelos, froitas e derivados	9	7	4	12	**32**
23 Edulcorantes naturais e derivados	0	3	3	1	**7**
24 Condimentos e especias	0	1	1	1	**3**
25 Alimentos estimulantes e derivados	1	1	1	0	**3**
26 Pratos preparados e precociñados; preparados alimenticios baixo fórmulas específicas e para réximes dietéticos	8	3	2	4	**17**
27 Augas de bebida e xeo	1	0	1	3	**5**
28 Xeado	0	0	0	0	**0**
29 Bebidas non alcohólicas	1	0	0	0	**1**
30 Bebidas alcohólicas	10	3	24	14	**51**
31 Aditivos, aromas e coadxuvantes tecnolóxicos	2	0	0	0	**2**
37 Deterxentes, desinfectantes, desinsectantes e outros produtos para uso da industria alimentaría	2	1	0	2	**5**
39 Materiais en contacto cos alimentos	5	1	0	4	**10**
40 Almacenistas, distribuidores, envasadores e importadores polivalentes	13	5	4	20	**42**
TOTAL					**530**

Táboa 4. Evolución dos trámites efectuados no sistema. 2001-2003

	A Coruña			Lugo			Ourense			Pontevedra			GALICIA		
Trámite	**2001**	**2002**	**2003**	**2001**	**2002**	**2003**	**2001**	**2002**	**2003**	**2001**	**2002**	**2003**	**2001**	**2002**	**2003**
Altas	204	187	153	96	82	71	73	88	60	159	237	246	532	594	530
Cambio de titular	59	60	67	36	36	49	43	37	43	63	77	75	201	210	234
Cambio de domicilio	18	34	30	19	19	52	12	14	33	22	70	85	71	137	200
Ampliación de actividades	71	47	60	30	39	31	16	26	24	33	78	101	150	190	216
Baixas	69	43	55	3	17	26	11	17	14	25	41	115	108	118	210
Validacións	224	265	402	56	110	275	103	137	144	257	269	261	640	781	1.082
Cesamento de actividade	9	18	18	1	1	8	5	3	9	6	13	27	21	35	62
Anotación de produtos	2	3	6	6	5	3	0	1	0	0	0	1	8	9	10
Outros	10	5	19	6	5	9	5	4	4	13	6	22	34	20	54

Validación: actualización rexistral do establecemento, regulado polo Real decreto 1712/91, do 29 de novembro, sobre Rexistro Xeral de Alimentos.
Homologación: autorización para intercambios intracomunitarios. Refírese a establecementos en funcionamento antes da entrada de España na UE, aos que se lles concedeu un prazo de adaptación ás exixencias da Unión Europea.

Programa de control sanitario de alimentos

Sistema Galego da Rede de Alerta Alimentaria

1. **Data de comezo:** ano 1993
2. **Coordinación:** Montserrat Vidal Álvarez
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Eliminar do mercado os produtos perigosos para a saúde dos consumidores.

   Específicos

   1. Unificar os criterios no intercambio rápido de información sanitaria sobre os perigos derivados do consumo de alimentos.
   2. Garantir a rapidez e eficacia do funcionamento da rede de alerta alimentaria en Galicia.

4. **Descrición do sistema**

   A libre circulación de produtos alimentarios determinada pola creación do Mercado Interior Europeo, fixo necesaria a creación dun sistema de comunicación rápido entre as autoridades competentes no control oficial de alimentos, de xeito que a detección de produtos que incumpran a normativa europea ou poidan ser perigosos para os consumidores poida ser comunicada de inmediato a todos os países da Unión Europea por calquera estado membro que os detecte. Para isto articulouse o Sistema Coordinado de Intercambio Rápido de Información (SCIRI) entre todos os estados membros.

   En función do risco para os consumidores, establécese unha mecánica diferenciada de actuación baseada na priorización das informacións remitidas a través do sistema distinguíndose: alerta alimentaria de nivel 1, alerta alimentaria de nivel 2 e, ante a determinación da non existencia de risco para a saúde pública por diferentes motivos, non tramitación desta.

   Para tales efectos entenderase por "notificación" calquera información remitida polo SCIRI dende o Ministerio de Sanidade e Consumo e por "alerta" calquera información do SCIRI que dea lugar á mobilización dos inspectores, tanto se procede do ministerio como se ten a súa orixe na nosa comunidade.

   Estratexias

   1. Dende o Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Xerais:
      - Establecer protocolos de actuación segundo os que se determine a orixe dunha alerta ou non na Comunidade Autónoma de Galicia e cando esta debe ser tramitada a nivel nacional.
      - Establecer criterios de priorización das alertas que se reciban de calquera outro estado membro da Unión Europea, ou de calquera outra comunidade autónoma e, atendendo a estes criterios, no momento da recepción da información:
        - Valorar se se trata dunha alerta.
        - Categorización do nivel de alerta.
   2. Por parte das delegacións provinciais de sanidade:
      - Establecer, cos servizos de inspección, un mecanismo que asegure a resposta inmediata fronte a aquelas alertas que entrañen un perigo para a saúde dos consumidores (atención continuada).
      - Manter o funcionamento permanente do sistema de comunicación (fax e telefonía móbil).
      - Control da resposta ás alertas.

   O Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Xerais, establece a comunicación coas delegacións provinciais de sanidade e estas á súa vez cos servizos de inspección, de tal xeito que o control da resposta ás alertas queda nas mana das delegacións e do Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Xerais.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central: Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Xerais.
- 4 unidades de coordinación periférica: Servizo de Protección da Saúde das delegacións provinciais.
- Inspectores veterinarios oficiais de saúde pública (zonas veterinarias de saúde pública.

Recursos materiais

- Telefonía móbil.
- Material de recollida de mostras.
- Actas de inspección.
- Fax.
- Material de identificación e etiquetaxe de mercadorías.

5. Proxectos e actividades xestionados en 2003

- Xestión de alertas:
  - Protocolización do sistema de avaliación das notificacións do SCIRI: categorización das alertas.
  - Categorización das alertas: nivel 1 (urxentes); nivel 2 (investigación).
  - Elaboración dos documentos de comunicación das alertas.
  - Comunicación das instrucións e categorización das alertas ás delegacións provinciais.
- Seguimento do sistema:
  - Seguimento puntual de cada unha das alertas cando se producen.
  - Avaliación anual do sistema.
  - Seguimento das alertas en comarcas e zonas veterinarias polos servizos de protección da saúde das delegacións provinciais de sanidade.
- Definición de termos de interese:
  - *Notificación do SCIRI:* calquera comunicación que por este sistema envíe a Axencia de Seguridade Alimentaria (AESA).
  - *Alerta:* calquera comunicación, ben da AESA ou de calquera dos puntos internos de contacto (intraautonómicos), que requira unha actuación en mercado dos servizo s de inspección de saúde pública.
  - *Alerta SCIRI:* notificación deste sistema que recibe a cualificación de alerta pola posible repercusión nos consumidores da Comunidade Autónoma de Galicia (CAG).
  - *Alertas autonómicas:* as que se tramitan dende a CAG á AESA.
  - *Alertas internas:* aquelas alertas que se tramitan só a unha ou varias zonas veterinarias, por ter o produto concreto unha distribución meramente local.
  - *Alerta nivel 1:* aquelas que, polo risco que entrañan, requiren unha actuación inmediata, en menos de 48 horas.
  - *Alerta nivel 2:* aquelas que, requirindo unha investigación no mercado, non precisan dunha actuación inmediata (resposta en 6 días).
  - *Alerta con inmobilización:* aquela na que se produce a intervención cautelar da mercadoría, en calquera zona veterinaria e con independencia da cantidade de produto intervido.
- Outras actividades:
  - Participación no grupo de traballo de Redes de Alerta coordinado pola AESA.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros dos recursos humanos do subprograma

RECURSOS HUMANOS Actividades	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002
Coordinación	Grupo A-28	1	S.C.[1]	6	3.026	
Elaboración e seguimento	Grupo A-25	1	S.C.	25	9.614	
Administración	Grupo D-12	1	S.C.	10	1.747	
Inspección	Grupo A-24, grupo A-20	156	S.P.[2]	3.620 h.[3]	79.031	
CUSTO TOTAL RR.HH.					**93.418**	**90.415**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos
3. Horas de traballo empregadas

De resultados

Táboa 2. Notificacións e alertas xestionadas en 2003

	Nº	Alertas Nivel 1	Alertas Nivel 2
Notificacións SCIRI	705		
Notificacións tramitadas como Alertas	37	5	32
Alertas autonómicas	4	4	0
ALERTAS TOTAIS	**41**	**9**	**32**

Subprograma de investigación de alimentos en mercado

1. **Data de comezo:** xaneiro de 1993

2. **Coordinación:** Montserrat Vidal Álvarez

3. **Obxectivos**

   Xeral

   Vixilar a garantía sanitaria dos produtos alimenticios postos á disposición dos consumidores no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (CAG).

   Específicos

   1. Coñecer o grao de seguridade dos produtos alimenticios postos á venda no mercado galego.
   2. Detectar posibles riscos que puidesen derivar do consumo de alimentos postos á venda.
   3. Establecer mecanismos eficaces de actuación inmediata fronte aos riscos graves para os consumidores.
   4. Ejercer o control oficial "en destino" dos alimentos, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
   5. Detectar a presenza, nas canles ordinarias de comercialización, de produtos alimenticios que incumpren a normativa europea.

4. **Descrición do subprograma**

   No marco da UE, cada Estado membro está obrigado á realización de controis sobre a salubridade dos produtos alimenticios neles elaborados. Consecuentemente, débense aplicar programas de inspección das súas industrias que inclúan tomas de mostras e análises que permitan asegurar a súa inocuidade para os consumidores destinatarios. Como complemento a esta inspección en orixe e tamén como forma de control, a normativa europea establece que as autoridades de destino poderán realizar controis aleatorios sobre os produtos alimentarios orixinarios doutro estado membro ou de terceiros países.

   Tendo en conta que a CAG é competente en materia de control oficial de alimentos, preténdese ter un coñecemento dos produtos alimenticios, orixinarios e foráneos, que se poñen á venda directa ao consumidor en Galicia, estreitamente enlazado coa rede de alerta, co fin de evitar os riscos derivados do seu consumo.

   Estratexias

   1. Control de alimentos no mercado:
      - Establecer os tipos de produtos que se deben controlar nos mercados da Comunidade Autónoma de Galicia.
      - Coñecer as canles habituais de comercialización dos produtos alimenticios en Galicia.
      - Establecer os tipos de produtos dos que se vai facer a mostraxe, tipo de análises e número de determinacións que se van realizar en cada un deles, adaptados aos riscos sanitarios asociados que presenten.
   2. Xestión de alertas:
      - Establecer protocolos de actuación fronte ás posibles alertas que se orixinen no ámbito da CAG.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Xerais.
   - 4 unidades de coordinación periférica: Servizos de Protección da Saúde das delegacións provinciais, Seccións de Laboratorio de Saúde Pública.
   - Persoal do PNIR (Plan Nacional de Investigación de Residuos) para a compra dos produtos.

   Recursos materiais

   - Laboratorios.
   - Materiais de toma de mostras.
   - Follas de rexistro.

5. Proxectos e actividades xestionados en 2003

- Asignación a cada laboratorio de saúde pública dunha liña de produtos para analizar, en función da súa capacidade técnica e do orzamento dispoñible para este destino.
- Elaboración do procedemento normalizado de traballo, relativo á toma de mostras.
- Establecemento do sistema de información á unidade central.
- Asignación de partidas orzamentarias a cada delegación provincial destinadas á analise dos produtos adquiridos.
- Seguimento continuado dos resultados analíticos obtidos.
- Establecemento dos protocolos de actuación fronte a resultados non satisfactorios.
- Avaliación do subprograma.
- Asistencia ás reunións da AESA relacionadas co control oficial.
- Participación no grupo de xestión de contaminantes en produtos alimenticios e participación no grupo de traballo que elaborou o protocolo de mostraxe e análise de metais en produtos pesqueiros, ambos os dous na AESA.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros do subprograma

RECURSOS HUMANOS Actividades	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002
Coordinación	Grupo A-28	1	S.C.[1]	6	3.026	
Elaboración e seguimento	Grupo A-25	1	S.C.	50	19.228	
Administración	Grupo D-12	1	S.C.	5	874	
Inspección	Grupo I	3	S.C.	25	23.445	
CUSTO TOTAL RR.HH.					**46.572**	**45.985**
RECURSOS MATERIAIS						
Compra de produtos					3.000	
Análise das mostras					30.000	
CUSTO TOTAL RR.MM.					**33.000**	**66.000**
CUSTO TOTAL SUBPROGRAMA					**79.572**	**111.768**

1. Servizos centrais

De resultados

Táboa 2. Mostras, parámetros analizados e resultados en 2003

Produto	Mostras analizadas	Parámetros analizados (1)	Mostras positivas (2)	Porcentaxe de positividade
Leite e produtos lateos	20	40	0	0
Preparados para lactantes (iniciación e continuación)	20	20	0	0
Queixo a base de leite cru	39	195	12	30,76
Manteiga	10	30	1	10
Produtos lácteos xeados	21	105	1	4,76
Produtos vexetais (nitratos, nitritos e praguicidas organofosforados)	30	90	0	0
Vexetais (praguicida)	41	1230	0	0
Carne de vacún	20	40	2	10
Carne de ave	26	52	7	26,92
Xamón cocido, friame de xamón, paleta cocida e friame de paleta	20	140	4	20
Embutidos crus-curados (chourizo, salchichón e fuet)	22	44	0	0
Viño tinto	13	26	0	0
Sal iodado	61	61	36	59,01
Crustáceo cocido e conxelado e crustáceo conxelado	40	240	3	7,5
Produtos frescos da pesca, salpresados, refrixerados e conxelados	27	162	2	7,4
Semiconservas en vinagre de produtos da pesca	7	21	3	42,86
Produtos da pesca afumados	16	80	1	6,25
Conservas de produtos da pesca	40	120	6	15
Zumes e alimentos infantís	40	40	0	0
TOTAL 2003	**423**	**2.734**	**78**	**18,44**

(1) Entre parénteses o número de parámetros analizados en cada produto.
(2) Enténdese por mostra positiva aquela na que existe unha desviación dalgún dos parámetros analizados.
Os resultados desfavorables foron comunicados ás comunidades autónomas de procedencia no caso de produtos de fóra da nosa comunidade autónoma e realizáronse actuacións nas zonas veterinarias nas industrias galegas. En dous casos iniciáronse expedientes sancionadores a dúas empresas de fóra da nosa comunidade autónoma.

Táboa 3. Evolución de resultados en % de positividade. 1997-2003

Produto	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Lambetadas a granel	32,2	–	–	–	–	–	–
Froitos secos	0	0	0	0	0	–	–
Leite e produtos lácteos	–	–	–	–	–	–	0
Preparados para lactantes, iniciación e continuación)	–	–	–	–	–	–	0
Queixo leite cru (produtos lácteos tradicionais)	–	14,9	12	14,3	21,2	5	30,76
Queixo fresco	0	–	1	0	0	–	–
Manteiga	4,7	–	8	4,08	10	–	10
Produtos lácteos xeados	1,6	–	–	0	8	0	4,76
Auga de bebida envasada	26,6	–	0	–	–	–	–
Vexetais (nitratos e nitritos)	–	1,48	8	0	4	0	0
Vexetais (praguicidas)	–	0,92	–	–	0	0	0
Carne de vacún	40	0	19,3	18	15	–	10
Carne de ave	0	0	20	22,2	27,6	–	26,92
Salchicha fresca	7,8	–	–	–	–	–	–
Touciño entrefebrado	–	–	1,6	0	0	–	–
Xamón cocido, friame de xamón , lacón cocido e friame de lacón	1,4	–	16	15,6	8,33	–	20
Embutidos crus-curados	1,8	–	0	0	0	0	0
Prebes e condimentos	–	–	8,3	0	–	–	–
Sal iodado	–	28,6	52,2	67,5	34	44,4	59,01
Viños	0	–	–	–	0	0	0
Augardentes	0	–	–	–	–	–	–
Mel	0	–	–	–	–	–	–
Crustáceo cocido e conxelado	17,1	–	0	6,7	20,3	25,9(*)	7,5
Produtos frescos da pesca, salpresados, refrixerados e conxelados	4,7	0	0	0	1,3	–	7,4
Produtos da pesca seco-salgados, salgas e desecados	–	–	19,2	4	4,5	–	–
Semiconservas en vinagre de produtos da pesca	–	–	31,8	63,6	60	–	42,86
Anchoas en aceite	–	–	0	6,7	0	–	–
Produtos afumados da pesca	–	–	22,8	54,9	50,9	61,54	6,25
Produtos da pesca en conserva	0,9	1,3	2,9	2,6	1,3	20	15
Cefalópodos frescos e conxelados	–	0	–	–	–	–	–
Molusco cocido	0	–	–	–	–	–	–
Moluscos bivalvos frescos e conxelados	3,2	0	–	–	–	–	–
Pratos preparados	0		–	–	–	–	–
Zumes e alimentos infantís	–	–	–	–	–	–	0

(*) Por erro, na memoria do 2002 consta un 0% de positividade

Táboa 4. Evolución do número de mostras, parámetros analizados e resultados. 1997-2003

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Mostras analizadas	1.265	971	1.540	1.178	1.213	333	423
Parámetros analizados	8.374-8.851	2.744	9.397	4.358	4.948	2.828	2.734
Mostras positivas	64	23	122	135	125	29	78
Porcentaxe de positividade	5,05	2,37	11,46	7,92	10,3	8,7	18,44

** Datos provisionais*

Subprograma de control de residuos en animais e carnes frescas

1. **Data de comezo:** xullo de 1990
2. **Coordinación:** Carlos García Argüelles
3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Disuadir do emprego de substancias con acción farmacolóxica que poidan deixar residuos nos alimentos e supoñan un risco para a saúde pública.
   2. Manter un sistema de vixilancia constante por mostraxe aleatoria, nos cebadeiros, matadoiros, salas de despezamento, almacéns frigoríficos, maioristas e retallistas de carne, industrias lácteas e piscifactorías, impedindo, no posible, que os alimentos nos que se atopen residuos poidan chegar ao consumo humano.
   3. Impedir a comercialización de carne sospeitosa de presenza de residuos, a través do sistema de vixilancia non aleatorio, polo que todo animal sospeitoso ou procedente de explotacións con antecedentes positivos sexa intervido ata a obtención de resultados de laboratorio.
   4. Establecer un rigoroso control sobre a carne dos animais que procedan de fóra de Galicia debido á alta porcentaxe de positividade que se vén dando nestes animais.

   Específicos

   1. Dar cumprimento ao compromiso comunitario reflectido na Directiva 96/23 CE, transposta polo Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, que derroga o Real decreto 1262/89. Isto supón que a nosa comunidade autónoma se compromete co Ministerio de Sanidade e Consumo a tomar un número de mostras determinado cada ano (mostraxe aleatoria).
   2. Incrementar o sistema de control por sospeita, a través do potenciamento do método de detección rápida de substancias beta-agonistas (proba de diagnóstico *in situ* para beta-agonistas).
   3. Levar a cabo os acordos acadados nas reunións de coordinadores e nas feitas cos membros da Comisión Nacional de Seguimento:
      - Distribuír periodicamente a lista de rede de alerta aos delegados e inspectores de matadoiro.
      - Notificarlle ao Ministerio de Sanidade e Consumo os casos positivos detectados na nosa Comunidade.
   4. Analizar o 100% das mostras recollidas.
   5. Pór en marcha as novas técnicas de laboratorio para a investigación de novas substancias.

4. **Descrición do subprograma**

   O Real decreto 1262/89, do 20 de outubro, aproba o Plan Nacional de Investigación de Residuos (PNIR), facendo ás comunidades autónomas responsables da súa execución. Dende o ano 1990, Galicia asumiu a realización do programa coa estreita colaboración da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes. No mes de agosto do ano 1998 foi publicado o Real decreto 1749/98 que derroga o 1262/89.

   O traballo do programa consiste na toma de mostras en explotacións, en matadoiros e en puntos de venda de carne. Nos últimos anos, como sistema complementario de control, estase facendo mostraxe doutros produtos alimentarios, como poden ser o leite, os produtos de piscifactorías, ovos, etc.

   Estratexias

   1. Mostraxe aleatoria: mostraxe constante que se está a facer, principalmente nos matadoiros e cebadeiros. Esta vixilancia continua e o sistema sancionador conseguen que a mostraxe aleatoria teña un claro carácter disuasorio no emprego destas substancias.
   2. Mostraxe por sospeita con inmobilización de canais: procédese a este tipo de mostraxe nos seguintes casos:
      - Animais procedentes dunha granxa sospeitosa por estar incluída na rede de alerta (antecedentes de positividade).

- As inspeccións *ante ou post mortem* fan sospeitar o veterinario do matadoiro da posible presencia de substancias prohibidas no animal.
- Animais procedentes de granxas inmobilizadas.
- Animal conducido ao matadoiro para un sacrificio de urxencia.

3. Mantemento dunha rede de alerta nacional: envío ao Ministerio de Sanidade e Consumo (MSC) de información daquelas granxas positivas, co fin de que se informen a todas as comunidades autónomas (CCAA), evitando así a desviación de gando positivo.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central:
  - Servizo de Protección da Saúde Fronte a Riscos Xerais.
  - Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.
- Unidade de análise: persoal do Laboratorio de Saúde Pública de Lugo.
- 4 inspectores veterinarios dependentes de servizos centrais.
- Inspectores veterinarios de matadoiros.

Recursos materiais

- Laboratorio de Saúde Pública de Lugo
- Materiais de recollida de mostras.
- Actas de toma de mostras do PNIR e folla de remisión.
- 2 automóbiles.
- *Kits* rápidos de detección de beta-agonistas.
- *Kits* rápidos de detección de inhibidores e sulfamidas.
- 2 ordenadores portátiles con impresoras para os equipos móbiles.

5. Proxectos e actividades xestionados en 2003

- Programación da mostraxe:
  - Aleatoria: para o ano 2003 comprometéronse co ministerio 4192 mostras para recoller polo programa aleatorio.
  - Sospeita: mostras non previstas, tomadas segundo os antecedentes da explotación, rede de alerta, inspección *ante mortem* etc. Incremento na utilización de probas rápidas de detección de beta-agonistas e de inhibidores e sulfamidas nos matadoiros.
- Realización das analíticas correspondentes:
  - Análise urxente: derivada de mostras sospeitosas, os resultados comunícanse antes de 48 horas (canais inmobilizados).
  - Análise prioritaria: derivada de mostras sospeitosas, na que a inmobilización se realiza sobre animais vivos.
  - Análise de mostras aleatorias: non teñen prioridade.
  - Análise rápida *in situ*: feitas no propio matadoiro.
- Coordinación:
  - Informatización das actas de toma de mostras e dos seus boletíns de análise.
  - Comunicacións de resultados aos inspectores dos establecementos.
  - Elaboración de partes remitidos á Comisión Interministerial (Axencia Española de Seguridade Alimentaria).
  - Reunións de seguimento para coordinación cos inspectores, toma de mostras e análises.
  - Comunicacións periódicas a través do Sistema de Intercambio Rápido de Información.
- Equipos de toma de mostras:
  - Dotáronse os equipos de material informático, equipos portátiles con impresora, de forma que o seu traballo quede informatizado no momento. Pódese dispoñer de tódolos resultados do programa ao día, de maneira que as actuacións se poden reducir no tempo.
- Asistencia a cursos e reunións:
  - Febreiro, marzo, outubro e reunións da Comisión nacional de coordinación de investigación e control de residuos ou substancias en animais vivos e os seus produtos.

- Xuño e xullo, reunión do grupo técnico para a avaliación do borrador da nova aplicación informática presentada pola Comisión Europea.
- Abril, maio reunión do grupo de traballo da comisión nacional para a elaboración do procedemento de actuación ante a aparición de casos positivos.
- Decembro (9,10 e 11), Santiago de Compostela, reunión do citado grupo de traballo para a finalización do procedemento antedito. **(Acordos de Santiago)**
- Presentación do relatorio "Plan de Investigación de residuos en Galicia" no IV salón de calidade e seguridade na alimentación " Seguralimentaria Madrid 7 ao 10 de maio de 2003.
- Curso sobre avaliación do risco Santiago 25 e 26 de xuño de 2003.

Novos proxectos

Semaga. Integración do Plan no novo proxecto de informatización e seguimento do sacrificio nos matadoiros de Galicia, o que permitirá o seguimento da información do PNIR en tempo real, asi como a maior eficacia na aplicación da rede de alerta xa que quedará integrada na rede informática de maneira que a información de todos os animais que se presenten ao sacrificio será contrastada polo propio sistema.

Posta en marcha de novas técnicas analíticas na detección de residuos, o feito máis importante que hai que a subliñar é a posta en funcionamento do líquido masas masas o que significa a detección de novas substancias (metabolitos de nitrofuranos) así como unha importante mellora da sensibilidade na detección de substancias.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución da mostraxe aleatoria. 1991-2002

	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Mostras recollidas	2.134	3.753	2.655	3.154	3.441	3.213	3.106	3.267	3.249	3.931	5.487	6.221	7.377

Táboa 2. Evolución da actividade analítica. 2001-2003

	2001		2002		2003	
	Aleatoria	Por sospeita	Aleatoria	Por sospeita	Aleatoria	Por sospeita
Mostras recollidas	5.487	357	6.221	418	7.377	417
Nº determinacións de laboratorio	27.435	1.785	31.105	2.090	36.885	2.085

Recursos económicos

Táboa 3. Análise de custos en euros do subprograma

Actividades RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002
Coordinación	Grupo A-28	1	S.C.[1]	6	3.026	
Elaboración e seguimento	Grupo I	1	S.C.	50	3.026	
Administración	Grupo D-12	1	S.C.	5	874	
Inspección	Grupo I	3	S.C.	75	82.354	
CUSTO TOTAL RR.HH.					**101.884**	**100.144**
RECURSOS MATERIAIS						
Compra de *kits*					18.000	
Análise das mostras					148.900	
CUSTO TOTAL RR.MM.					**166.900**	**160.380**
CUSTO TOTAL SUBPROGRAMA					**268.784**	**260.524**

1. Servizos centrais

De resultados

Táboa 4. Evolución da porcentaxe de positividade sobre a mostraxe aleatoria. 1996-2002

Residuo	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Clembuterol	2,60	1,75	0,30	0,06	0,07	0	0	0
Inhibidores	2,90	3,10	4,10	0,52	0,32	0	3,4	0,65
Sulfamidas	4,40	3,90	3,10	1,88	0,38	1,49	0,52	0,08
Tirostáticos	0,50	0,00	0,00	0,21	0,00	0	0	0
Nitrofuranos						1,17	0	0,16
Dexametasona						1,47	0	0

Táboa 5. Evolución da porcentaxe de positividade sobre a mostraxe por sospeita. 1996-2003

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Clembuterol	8,50	7,90	0,00	0,67	0,00	0	0	1,40
Inhibidores	30,00	30,00	20,50	35,40	1,17	1,42	7,05	5,95
Sulfamidas	9,80	3,30	14,20	14,80	3,19	2,5	3,82	0,60
Tirostáticos	0,00		0,00	0,00	0,00	0	0	0
Nitrofuranos						0	0	0
Dexametasona						0	0	0

Táboa 6. Evolución dos resultados do programa por sospeita. 2000-2003

	2000	2001	2002	2003
Nº de canais intervidas	215	241	174	193
Nº de canais comisadas	0	4	3	1
Nº de animais inmobilizados e identificados en granxa	10.230	45.537	5	111
Outros produtos inmobilizados. Penso en kg	130.750	2.160	17.703	5.147

Subprograma de control sanitario de carnes de animais da especie porcina para o autoconsumo

1. **Data de comezo:** novembro de 1995
2. **Coordinación:** María García-Malvar Suárez
3. **Obxectivos**

   Xeral

   1. Diminuír o risco de incidencia de triquinose por consumo de carnes da especie porcina no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

   Específicos

   1. Acadar un alto nivel de educación sanitaria dos consumidores de carne da especie porcina procedente de sacrificios en réxime domiciliario para evitar que a consuman sen o axeitado control sanitario.
   2. Ofrecer un servizo de inspección para o control sanitario dos sacrificios domiciliarios.
   3. Impedir que a carne de animais da especie porcina procedente de sacrificios domiciliarios entre nas canles comerciais.

4. **Descrición do subprograma**

   Un dos riscos máis graves para a saúde pública represéntao o consumo de carnes sen control sanitario. En Galicia procédese de xeito tradicional ao sacrificio de animais da especie porcina para o abastecemento familiar en réxime de matanza domiciliaria, o cal non pode ser ignorado polas autoridades sanitarias.

   Analizadas as alternativas posibles e valorados os riscos máis graves que se poden derivar do consumo destas carnes, chegouse á conclusión de que o maior risco o representaba a triquinose, zoonose de transmisión por consumo de carnes parasitadas pola larva de *Triquinella espiralis.*

   Entendendo que a normativa actual para o control sanitario de carnes frescas exclúe expresamente as procedentes de matanzas domiciliarias, a DXSP considerou procedente establecer un sistema de control das carnes da especie porcina, consideradas como de maior risco para a transmisión da triquinose, para aqueles interesados que, voluntariamente, demandasen da Administración este servizo. Así mesmo, o servizo debería ser sufragado polos propios demandantes, xa que non ten un carácter xeral, polo que se decidiu establecer taxas mínimas que cubrisen os custos do subprograma.

   As campañas deseñadas teñen un carácter temporal, comezando en novembro e rematando en marzo do ano seguinte.

   Por outra banda, conscientes da importancia da educación que precisan os potenciais consumidores deste tipo de carnes, periodicamente se realizan campañas de información nos medios de comunicación, nas que se recollen os riscos que o consumo destas carnes sen control sanitario poden levar consigo.

   Estratexias

   1. Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Xerais:
      - Elaboración de campañas de información para a educación da poboación xeral en materia do control sanitario das carnes que consomen.
   2. Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública:
      - Creación dun dispositivo de inspección nas comarcas veterinarias, dotado dos medios materiais e humanos precisos para atender a demanda de controis parasitolóxicos das carnes de animais da especie porcina para o autoconsumo.
      - Establecer os mecanismos de control necesarios para impedir que as carnes procedentes de sacrificios en réxime de matanzas domiciliarias entren nas canles de comercialización.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central:
  - Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.
  - Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Xerais.
- 4 unidades de cooordinación periférica: Servizos de Protección da Saúde das delegacións provinciais.
- 142 inspectores veterinarios oficiais de saúde pública.

Recursos materiais

- 48 triquinoscopios.
- Placas de análise.
- Material de disección de mostras.
- Neveiras de conservación de mostras.
- Modelos normalizados de: solicitude de análises; certificacións de aptitude; liquidación de taxas.

5. Proxectos e actividades xestionadas en 2003

- Mantemento do servizo de análise triquinoscópico en carnes de animais da especie porcina para autoconsumo.
- Establecemento dos tramos de taxas que se percibirán por análise parasitolóxica.
- Mantemento do material de análise: triquinoscopios; placas de análise; material de disección de mostras.
- Establecemento do sistema de información (partes mensuais) das análises efectuadas: número; resultados e taxas.
- Avaliación anual do subprograma.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros do subprograma

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	Horas de traballo[3]	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Asesor técnico	Grupo A	1	S.C.[1]	166	3.361		
Técnico superior	Grupo I	1	S.C.	167	3.134		
Inspector S.P.	Grupo A	142	S.C.[2]	474,5	9.609		
CUSTO TOTAL SUBPROGRAMA					**16.104**	**18.327**	**22.045**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos
3. Estímase que na realización dunha análise de triquina se empregan 30 minutos de traballo

Táboa 2. Evolución do número de análises e taxas xeradas en euros. 1997-2003

	2003	2002	2001	2000	1999	1998	1997
Nº de análises	949	1.117	1.221	1.417	1.290	961	1.328
Taxas por análise	2.419,95	2.536,22	3.360,30	3.321,37	3.023,69	2.252,53	3.031,69

Táboa 3. Análise histórica de custos en euros do subprograma

	2003	2002	2001	2000	1999	1998	1997
Núm. de análises realizadas	949	1.117	1.221	1.417	1.290	961	1.328
Investimentos	—	—	1.457,87	23.967,05	18.960,93	13.792,39	35.910,26
Taxas xeradas	2.419,95	2.536,22	3.360,30	3.321,37	3.023,69	2.252,53	3.031,69
Custo por análise sen taxas	16,97	16,41	18,05	16,91	14,70	14,35	25,98

De resultados

Táboa 4. Evolución do número e resultados de análises triquinoscópicas realizadas, por provincias. 1998-2003

	Nº de análises					Análises positivas					EDO por triquina				
	98/99	99/00	00/01	01/02	02/03	98/99	99/00	00/01	01/02	02/03	98/99	99/00	00/01	01/02	02/03
A Coruña	71	87	37	66	52	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Lugo	687	777	747	695	615	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Ourense	393	411	329	284	191	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Pontevedra	139	142	98	72	91	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0
GALICIA	**1.290**	**1.417**	**1211**	**1.117**	**949***	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**	**0**

** Deste total, 136 análises corresponden a xabarís.*

Programa de manipuladores de alimentos

1. **Data de comezo:** xaneiro de 1993
2. **Coordinación:** Aurora Domínguez Miranda
3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Aumentar os coñecementos e modificar as actitudes erróneas no manexo de alimentos nas persoas dedicadas profesionalmente á manipulación de alimentos de consumo humano.
   2. Mellorar a calidade hixiénico-sanitaria dos alimentos destinados ao consumo humano.
   3. Diminuír o risco de abrochos de enfermidades de orixe alimentaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

   Específicos

   1. Conseguir que toda persoa que solicite o carné de manipulador de alimentos realice un curso de educación sanitaria sobre prácticas hixiénicas na manipulación de alimentos.
   2. Establecer un sistema homoxéneo para a obtención do carné de manipulador de alimentos.
   3. Obter a información anual relativa ao número de carnés expedidos, novos ou anovados, así como das actividades ás que se dedican os manipuladores.
   4. Manter un sistema de formación continuada do persoal que imparte os cursos de manipulación de alimentos.
   5. Aumentar a concienciación e información sobre a importancia da boa manipulación dos alimentos, tanto no eido dos grupos directivos das empresas e establecementos, como no eido dos seus traballadores e do público en xeral.

4. **Descrición do subprograma**

   A educación e formación hixiénico-sanitaria en materia de boas prácticas de hixiene e manexo dos alimentos resultan de vital importancia á hora de establecer programas de prevención de enfermidades transmitidas polos alimentos.

No Decreto 239/1986, da Xunta de Galicia, polo que se aproba o regulamento de manipuladores de alimentos da Comunidade Autónoma de Galicia, estableceu a educación sanitaria deste persoal como un método eficaz na prevención de enfermidades de orixe alimentaria, ademais da obrigatoriedade de que calquera persoa que, no exercicio da súa actividade profesional, entre en contacto con alimentos, posúa o carné de manipulador de alimentos, tras a realización dun curso de formación hixiénico-sanitaria e a superación dunha proba de aptitude.

Dende xuño de 2003 publícase o Decreto 290/2003 do 4 de xuño, polo que se fixan as normas relativas á formación de manipuladores de alimentos, o procedemento de autorización de empresas e entidades de formación e se crea o seu o rexistro.

A partir da entrada en vigor do antedito Decreto 290/2003, créase un novo marco normativo no que a administración deixa de ser a única entidade de formación autorizada en materia de hixiene alimentaria, e responsabiliza, de acordo coas normas nacionais e europeas, aos establecementos e industrias do sector alimentario na responsabilidade de dispoñer dun plan de formación adecuado para garantir que os manipuladores de alimentos dispoñan dunha formación axeitada en hixiene alimentaria de acordo coa actividade laboral que desenvolvan coa finalidade de diminuír os riscos asociados á manipulación dos alimentos.

Así mesmo, establécense os contidos mínimos que formarán parte do programa de formación e derróganse especificamente o Decreto 239/1986, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de manipuladores de alimentos, e a Orde do 30 de abril de 1987 pola que se aproban normas complementarias para a expedición do carné de manipulador de alimentos, equiparando os carnés de manipuladores de alimentos en circulación cos certificados individuais de acreditación regulados na antedita norma.

Estratexias

1. Establecemento de equipos responsables da impartición e coordinación dos cursos de manipulación de alimentos con dispoñibilidade de aulas e materiais didácticos de apoio.
2. Mellora da accesibilidade a eles por parte das persoas que solicitan o carné de manipulador de alimentos.
3. Normativización da documentación necesaria para a obtención do carné (impresos de solicitude, pagamento de taxas, modelo de exames, modelo de carnés).

A partir de xuño de 2003:

1. Regular os programas de formación en hixiene alimentaria dos manipuladores de alimentos impartidos polas empresas do sector alimentario aos seus traballadores ou por entidades autorizadas.
2. Establecer o procedemento de autorización das empresa ou entidades de formación.
3. Crear o rexistro de empresas ou entidades que imparten cursos de formación de manipuladores de alimentos na Comunidade Autónoma galega.
4. Establecer o sistema de verificación da formación impartida polas empresa ou entidades autorizadas.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central: Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.
- 4 unidades de coordinación periférica: Servizo de Protección da Saúde das delegacións provinciais.
- 48 equipos docentes correspondentes a cada comarca veterinaria, cun total de 142 inspectores.

Recursos materiais

- Aulas e equipos audiovisuais.
- Material normativizado de solicitude e expedición de carné.
- Materiais didácticos: vídeo didáctico e Manual do manipulador de alimentos.

5. Proxectos e actividades xestionadas en 2003

- Impartición de cursos segundo a demanda de concellos, asociacións empresariais e industrias, ademais dos programados en resposta ás demandas de particulares.
- Publicación do Decreto 290/2003, do 4 de xuño, polo que se fixan as normas relativas á formación de manipuladores de alimentos, o procedemento de autorización de empresas e entidade de formación e se crea o seu rexistro.
- Exame da documentación presentada polas empresas ou entidades de formación que desexan impartir formación en hixiene alimentaria nesta Comunidade Autónoma logo de seren autorizadas.
- Asento da inscrición na sección correspondente do Rexistro de Empresas do Sector Alimentario Autorizadas para Impartir Programas de Formación en Hixiene Alimentaria e de Entidades de Formación.
  - Nº de empresas rexistradas na Sección I (Empresas autorizadas para impartir formación ao seu persoal): **20.**
  - Nº de empresas rexistradas na Sección II (Entidades de formación): **45.**
- Mantemento actualizado na páxina web da Dirección Xeral de Saúde Pública do rexistro de entidades de formación. (http://dxsp.sergas.es/)

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución do número de cursos impartidos. 1997-2003

	Cursos impartidos						Cursos no ano 2003		
	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	Ordinarios	Extraordinarios
A Coruña	518	467	486	444	395	363	434	371	63
Lugo	262	226	231	278	272	270	268	209	59
Ourense	126	132	190	169	187	178	152	138	14
Pontevedra	529	525	569	575	528	505	336	199	137
Outras entidades	9	0	24	60	162	302	396		
TOTAL	**1.444**	**1.350**	**1.500**	**1.526**	**1.544**	**1.618**	**1.546**	**917**	**273**

Recursos económicos

Táboa 3. Análise de custos en euros dos recursos humanos do programa

RECURSOS HUMANOS Tipo de recurso	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe servizo	Grupo A 28-A	1	S.C.[1]	5	2.292		
Técnico superior	Grupo I	1	S.C.	60	23.073		
Técnico medio	Grupo B-16	1	S.P.[2]	100	25.839		
Inspector S.P.	Grupo A-22	142	S.P.	7.896 h[3]	159.859		
Auxiliar administrativo	Grupo C	4	S.P.	2.994 h[4]	37.245		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**248.308**	**250.228**	**258.171**

1. Servizos centrais.
2. Servizos periféricos.
3. Estímase que para a realización dun curso de formación de manipuladores de alimentos se empregan 6 horas de traballo.
4. Estímase que para a realización das tarefas administrativas ligadas á expedición do carné se empregan 5 minutos por cada un.

Táboa 3. Carnés solicitados e emitidos no ano 2003

	Carnés solicitados	Carnés emitidos	Novos	Renovados
A Coruña	15.742	15.742	8.562	7.180
Lugo	5.395	5.314	2.840	2.474
Ourense	2.951	2.951	1.897	1.054
Pontevedra	11.744	11.708	6.917	4.791
TOTAL	**35.832**	**35.715**	**20.216**	**15.499**

Táboa 4. Análise de custos do programa en euros

	2003	2002	2001	2000	1999	1998	1997
Núm. de carnés emitidos	35.715	35.926	39.757	55.743	37.972	32.777	34.566
Investimentos	254.908,77	250.228,85	258.171,16	255.672,62	242.501,91	239.304,23	220.506,29
Taxas	222.180,74	249.223,00	251.938,52	252.454,09	238.351,72	207.240,95	208.119,70
Custo por carné sen taxas	7,14	6,97	6,49	4,59	6,39	7,30	6,38
Custo por carné con taxas	0,92	0,03	0,16	0,06	0,11	0,98	0,36

Táboa 5. Taxas xeradas en euros

	2003	2002	2001	2000	1999	1998	1997
Total	**222.180,74**	249.223,00	251.938,52	252.454,09	238.351,72	207.240,95	208.119,70

De resultados

Táboa 6. Histórico de resultados. 1996-2003

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Carnés solicitados	38.830	34.877	32.964	38.155	55.956	39.829	36.039	35.832
Carnés emitidos	38.436	34.566	32.754	37.972	55.743	39.757	35.926	35.715
Novos	23.364	21.459	20.898	22.125	30.849	23.470	20.622	20.216
Renovados	15.072	13.107	11.856	15.847	24.894	16.287	15.304	15.499
Media de asistentes por curso	21	24	24	25	37	26	27	30

Táboa 7. Número de asistentes ás accións formativas

	2003
Realizadas pola Administración	35.715
Realizadas por entidades autorizadas	7.497
TOTAL	**43.194**

Táboa 8. Número de abrochos de enfermidades de orixe alimentaria por fallos de manipulación no ano 2003

Número de abrochos	36
Comprobación do manipulador como factor contribuínte no abrocho	13

Táboa 9. Rexistro Galego de Empresas ou Entidades de Formación. 2003

Número de solicitudes presentadas	65
Número de empresas rexistradas na Sección I do Rexistro	20
Número de empresas rexistradas na Sección II do Rexistro	45

Modificación dos determinantes da saúde (continuación)

Actuacións de sanidade ambiental

- Policía sanitaria mortuoria
- Programa sanitario de vixilancia das augas de consumo humano
- Rede Nacional de Vixilancia da Contaminación Atmosférica en Galicia
- Programa de control sanitario de substancias químicas
- Programa de control sanitario dos campamentos públicos de turismo e campamentos xuvenís
- Programa de control sanitario das zonas de baño
- Programa de control sanitario de piscinas de uso colectivo
- Programa de control sanitario dos establecementos de restauración colectiva
- Programa de control sanitario de establecementos balnearios
- Programa de control sanitario do medio escolar
- Programa de control sanitario do medio laboral
- Programa de control sanitario de residuos en establecementos sanitarios
- Programa galego de prevención e control da lexionelose
- Actividades relacionadas con problemas ambientais diversos

Policía sanitaria mortuoria

1. **Data de comezo:** ano 1998
2. **Coordinación:** Manuel Álvarez Cortiñas
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Asegurar que os establecementos manteñen e aplican as medidas necesarias para garantir as correctas prácticas sanitarias de policía sanitaria mortuoria, de xeito que non supoñan un risco para a saúde pública.

   Específicos

   1. Inspeccionar e protocolizar o 100% dos establecementos da CCAA.
   2. Establecer un sistema de control sanitario dos establecementos incluídos no subprograma.

4. **Descrición do subprograma**

   Coa entrada en vigor do Decreto 134/1998, do 23 de abril, sobre policía sanitaria mortuoria de Galicia, establécese un marco normativo xeral no que se recollen as seguintes materias:
   - Toda clase de prácticas sanitarias sobre cadáveres.
   - A normativa sanitaria no tratamento de restos cadavéricos.
   - As condicións técnico-sanitarias que deben reunir as empresas funerarias, tanatorios, velatorios e crematorios de carácter público ou privado nos traballos que realizan e os medios que empregan para o transporte de cadáveres e restos cadavéricos.
   - As condicións hixiénico-sanitarias dos cemiterios e demais lugares de enterramento autorizados.

   Ademais, no seu artigo 2º disponse que as empresas funerarias, tanatorios, velatorios, crematorios, cemiterios, así como toda clase de prácticas sanitarias sobre cadáveres serán inspeccionadas pola Consellería de Sanidade e Servicios Sociais con periodicidade anual para os efectos de comprobar o cumprimento das especificacións do dito regulamento.

   Estratexias

   1. Inspección e protocolización dos establecementos.
   2. Establecemento dos criterios de actuación no caso de presenza de deficiencias nos establecementos.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Protección da Saúde Fronte a Riscos Xerais.
   - 4 unidades de coordinación periféricas: Servizo de Protección da Saúde das delegacións provinciais.
   - Sección de Sanidade Ambiental.
   - Farmacéuticos titulares.

   Recursos materiais

   - Parque móbil.
   - Actas de inspección e protocolos.

5. **Proxectos e actividades xestionadas en 2003**
   - Protocolización e inspección polos farmacéuticos titulares dos seguintes establecementos:
     - Tanatorios
     - Velatorios
     - Empresas funerarias
     - Crematorios
   - Codificación dos datos

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Evolución da actividade inspectora. 1999-2003

	Cemiterios	Tanatorios	Velatorios	Empr. funerarias	Crematorios
1999	3.440	84	14	314	2
2000	–	92	14	316	2
2001	–	101	38	337	2
2002	–	120	43	338	6
2003	–	128	58	335	7

Recursos económicos

Táboa 2. Análise de custos en euros do programa

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Coordinación	Grupo A-28	1	S.C.[1]	2		1.009	
Elaboración e seguimento	Grupo A-25	1	S.C.[1]	10		3.846	
Administración	Grupo D-12	1	S.C.[1]	10		1.747	
Inspección			S.P.[2]	412 h.[3]		3.527	
CUSTO TOTAL RR.HH.						**10.129**	**10.333**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos
3. Núm de horas de traballo empregadas

Programa sanitario de vixilancia das augas de consumo humano

1. **Data de comezo:** ano 1989
2. **Coordinación:** Mª Carmen Vila Santiso
3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Diminuír o risco de enfermidades de transmisión hídrica.

   Específicos

   1. Coñecer a calidade sanitaria da auga e as características dos abastecementos con respecto á normativa vixente.
   2. Identificación dos posibles riscos asociados á calidade da auga e aos abastecementos co fin de minimizalos e ou eliminalos.
   3. Unificar os criterios de xestión dos riscos identificados en relación coa calidade sanitaria da auga e os abastecementos.
   4. Dar cumprimento ao artigo 30 do Real decreto 140/2003 en coordinación co Ministerio de Sanidade e Consumo implantando e xestionando en Galicia o Sistema Nacional de Auga de Consumo (SINAC).

4. **Descrición do programa**

   O Programa de control sanitario de augas potables de consumo público é un programa de seguimento continuo, dividido nos seguintes puntos:

   - Realizar a vixilancia da calidade sanitaria das augas de consumo mediante as analíses correspondentes e a revisión dos rexistros dos xestores.
   - Realizar a inspección dos abastecementos segundo os protocolos establecidos.
   - Xestionar os riscos identificados.
   - Coordinación co Ministerio de Sanidade e Consumo.

O sistema de vixilancia deberá estar orientado a identificar e avaliar os factores que poden presentar riscos para a saúde nas augas de consumo humano, co fin de poder xestionalos.

Para a implantación dun adecuado sistema de vixilancia é preciso realizar unha clasificación dos abastecementos, de acordo coas súas características, co fin de poder priorizar as actuacións de xeito que se poida optimizar a súa efectividade garantindo un mínimo de eficiencia.

Estratexias

1. Deseñar e establecer sistemas de vixilancia que nos permitan verificar que as augas de consumo humano cumpren cos criterios sanitarios da calidade que establece a normativa vixente.
2. Deseñar e establecer sistemas de vixilancia que nos permitan verificar que os sistemas de abastecemento cumpren as condicións hixiénico-sanitarias que establece a normativa vixente.
3. Xestionar as actuacións pertinentes en función dos incumprimentos observados nos abastecementos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.
4. Manter e levar ao día o censo de abastecementos da auga de consumo humano.
5. Asesoramento aos xestores.
6. Implantación na Comunidade Autónoma de Galicia do SINAC.

Elementos organizativos

Recursos humanos

1. Unidade central: Servizo de Protección da Saúde Fronte a Riscos Específicos.
2. Unidades de coordinación periféricas (4): Sección de Sanidade Ambiental das 4 delegacións provinciais.
3. Farmacéuticos titulares.

Recursos materiais

1. Materiais para a recollida de mostras.
2. Reactivos.
3. Laboratorios de Saúde Pública das delegacións provinciais.

5. Proxectos e actividades xestionadas en 2003

- Inspección de abastecementos, de acordo cun protocolo normalizado que inclúe datos dende o punto de captación ata a rede de distribución.
- Controis analíticos das augas dos abastecementos.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Carga de traballo

Táboa 1. Evolución dos indicadores de carga de traballo do control da cloración. 1999-2003

Indicador	1999	2000	2001	2002	2003
Nº de abastecementos con cloración	381	384	412	429	440
Nº determinacións Cl residual libre	113.543	97.706	70.953	61.793	63.377

Táboa 2. Evolución dos indicadores de carga de traballo do control analítico. 1999-2003

Indicador	1999	2000	2001	2002	2003
Nº de abastecementos municipais[1]	422	420	451	468	479
Nº análises mínimas en abastecementos	3.882	3.807	4.086	4.442	4.546
Nº análises normais en abastecementos	467	475	626	878	890

Recursos económicos

Táboa 3. Análise de custos en euros do programa

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A-28A	1	S.C.[1]	10	4.583		
Xefe de servizo	Grupo A-28B	4	S.P.[2]	2	3.482		
Xefe de sección	Grupo A-24	4	S.P.	15	22.066		
Posto base	Grupo A-20	1	S.C.	80	24.778		
Técnico superior	Grupo A-20	2	S.P.	40	24.778		
Técnico superior	Grupo I	2	S.P.	40	25.007		
Técnico grao medio	Grupo B-22	1	S.C.	20	6.145		
Aux. administrativo	Grupo IV	1	S.C.	3	544		
Aux. administrativo	Grupo IV	1	S.C.	10	1.814		
F. titulares	Grupo A-20	170	S.P.	5	263.270		
Inspectores farmacéuticos	Grupo A-20	15	S.P.	40	185.838		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**562.305**	**434.494**	**417.066**
CUSTO TOTAL RR.MM.					**28.692**	**9.946**	**33.923**
CUSTO TOTAL PROGRAMA					**590.997**	**444.440**	**450.989**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos

De resultados

Táboa 4. Evolución dos indicadores de resultados en abastecementos municipais. 1999-2003

Indicador (%)	1999	2000	2001	2002	2003
% Abastecementos con auga clorada	90,30	91,40	91,35	90,80	91,18
% Determinacións con Cl residual libre >0,2 mg/l[1]	88,40	86,30	85,33	86,83	86,15
% Análises mínimas con consideración de auga potable	81,90	92,20	91,48	86,23	89,97
% Análises normais con consideración de auga potable	91,20	93,10	89,58	89,30	90,66

1. O límite mínimo marcado pola lexislación

Táboa 5. Evolución da porcentaxe de poboación abastecida por abastecementos municipais controlados (análises mínimas e normais). 1999-2003

	1999	2000	2001	2002	2003
Nº de abastecementos	422	420	451	468	479
Porcentaxe de poboación	69,90	70,70	73,9	77,1	79,6

Táboa 6. Evolución da porcentaxe de poboación abastecida por abastecementos municipais controlados (determinación de cloro residual libre). 1999-2003

	1999	2000	2001	2002	2003
Nº de abastecementos	381	384	412	429	440
Porcentaxe de poboación	69,50	70,40	73,4	76,6	78,57

Rede Nacional de Vixilancia da Contaminación Atmosférica en Galicia

1. **Data de comezo:** ano 1989

2. **Coordinación:** María Luisa Herreros García de Consuegra

3. **Obxectivos**

   Xeral

   Coñecer a calidade do aire que respiran as persoas nas cidades máis importantes de Galicia. A calidade do aire no contorno das zonas industriais é competencia da Consellería de Medio Ambiente.

   Específicos

   1. Cumprir as disposicións vixentes.
   2. Propoñer as medidas necesarias para mellorar a calidade do aire.
   3. Declarar zonas de atmosfera contaminada as áreas de influencia daqueles captadores que excedan o valor límite.
   4. Remitirlle á Consellería de Medio Ambiente os valores de inmisión obtidos dos analizadores automáticos, para que esta os remita, pola súa vez, ao Ministerio de Medio Ambiente e á Unión Europea (UE).

4. **Descrición do programa**

   Estratexia

   Realización da medición e seguimento dos valores de inmisión dos seguintes parámetros: SO_2, partículas en suspensión (fumes), NO/NO_2, SH_2, O_3, hexano, hidrocarburos totais, chumbo, fluor e cloro.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central.
   - Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Específicos.
   - Unidades periféricas (2): Seccións de Sanidade Ambiental.

   Recursos materiais

   - 20 captadores semiautomáticos e 32 analizadores automáticos.

5. **Proxectos e actividades xestionadas en 2003**

   - Obter valores de inmisión de analizadores automáticos, vía *módem*, co fin de coñecer a calidade do aire a tempo real.
   - Contratar o mantemento dos captadores semiautomáticos e analizadores automáticos.
   - Remisión de valores de inmisión á Consellería de Medio Ambiente para que esta informe o Ministerio de Medio Ambiente e posteriormente a UE.

6. **Indicadores cuantitativos**

   De xestión

   - Carga de traballo

Táboa 1. Número de valores de inmisión avaliados. 1999-2003

	1999	2000	2001	2002	2003
Nº de valores avaliados	131.000	131.000	103.663	128.947	113.174*

**: Os valores de inmisión dos captadores semiautomáticos situados na cidade de Vigo e que son xestionados dende o Laboratorio Municipal da dita cidade, non foron remitidos.*

Recursos económicos

Táboa 2. Análise de custos en euros do sistema

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A-28A	1	S.C.[1]	10	4.583		
Xefe de servizo	Grupo A-28B	2	S.P.[2]	2	1.741		
Xefa de sección	Grupo A-25	1	S.C.	10	3.846		
Xefe de sección	Grupo A-24	2	S.P.	10	7.355		
Aux. administrativo	Grupo IV	1	S.C.	10	1.814		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**19.339**		
CUSTO TOTAL RR.MM.					**37.864**		
CUSTO TOTAL PROGRAMA					**57.203**	**91.363**	**53.440**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos

De resultados

Táboa 3. Desagregación dos indicadores de resultados correspondentes ao ano 2003

Parámetros	Nº valores de inmisión obtidos
SO_2	4.171
Partículas	4.180
NO_2	46.702
O_3	47.881
Cloro	288
Fluoruro de hidróxeno	1.080
SH_2	1.782
Nox	1.862
CH_4	251
CH_4 Totais	251
CO	555

Programa de control sanitario de substancias químicas

1. **Data de comezo:** ano 1996
2. **Coordinación:** Ana Vázquez Estepa
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Eliminar ou reducir os riscos que, tanto para as persoas como para o ambiente, supón a elaboración, o transporte, a utilización e a eliminación das substancias químicas.

   Específicos

   1. Supervisar a comercialización e a utilización de substancias químicas, co fin de protexer a saúde das persoas.
   2. Formar os manipuladores e aplicadores de praguicidas de uso ambiental.

4. **Descrición do subprograma**

   O programa subdivídese en dous subprogramas complementarios:
   1. Control de substancias químicas.
   2. Control específico de praguicidas de uso ambiental e na industria alimentaria.

   Estratexias

   1. Control de substancias químicas:
      - Inspección de industrias que elaboran, comercializan ou manipulan substancias químicas (existentes ou notificadas) que poidan supor un perigo para a saúde das persoas.
      - Comprobación da corrección da etiquetaxe das substancias químicas utilizadas polas empresas.
      - Comprobar se cada cesión de substancias químicas vai acompañada da correspondente ficha de datos de seguridade (FDS).
   2. Control específico de praguicidas de uso ambiental e na industria alimentaria:
      - Inscrición de todas as empresas que realizan tratamentos de desinfección, desinsectación e desratización (DDD) se inscriban no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Praguicidas.
      - Verificar que todas aquelas empresas que comercializan praguicidas de uso ambiental clasificados como tóxicos ou moi tóxicos posúan o Libro oficial de movemento de praguicidas perigosos (LOM).
      - Verificar que todas as persoas que realizan tratamentos DDD, que manipulan praguicidas de uso ambiental ou que son responsables de empresas de tratamentos DDD, estean en posesión dos carnés co nivel correspondente a cada uso (básico, cualificado, niveis especiais).

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Específicos.
   - Unidades de coordinación periféricas (4): Servizo de Protección da Saúde das delegacións provinciais. Sección de Sanidade Ambiental.

   Recursos materiais

   - Vehículos oficiais para a realización das inspeccións establecidas no programa.

5. **Proxectos e actividades xestionadas en 2003**
   - Organización de dous cursos de formación para manipuladores/aplicadores de praguicidas de uso ambiental e na industria alimentaria, nivel básico.
   - Organización dun curso de formación para manipuladores/aplicadores de praguicidas de uso ambiental e na industria alimentaria. Nivel cualificado.
   - Xestión da Comunidade Autónoma de Galicia das redes de alerta de substancias químicas lanzadas dende esta ou dende outra comunidade autónoma (4 redes de alerta durante o ano 2003).

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros do programa

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A-28	1	S.C.[1]	10	4.583		
Xefe de sección	Grupo A-24	4	S.P.[2]	12	17.653		
Técnico superior	Grupo I	1	S.C.	50	15.630		
Farmacéuticos titulares	Grupo A	30	S.P.	1	4.533		
Inspectores Farmacéuticos SP	Grupo A	17	S.P.	1	5.265		
Auxiliar administrativo	Grupo IV	1	S.C.	40	7.255		
Auxiliar administrativo	Grupo IV	1	S.C.	10	1.814		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**56.733**	**57.369**	**56.244**
CUSTO TOTAL RR.MM.					**7.054**	**7.467**	**7.363**
CUSTO TOTAL PROGRAMA					**63.787**	**64.836**	**63.607**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos

Carga de traballo

Táboa 2. Evolución de diversos indicadores de xestión do programa. 1999-2003

	1999	2000	2001	2002	2003
Nº de empresas inspeccionadas	1	23	32	40	66
Nº de aplicadores/manipuladores asistentes curso básico	60	60	60	60	60
Nº de aplicadores/manipuladores asistentes curso cualificado	30	30	30	30	30

De resultados

Táboa 3. Evolución do número de carnés de manipuladores de praguicidas emitidos. 1997-2003

Tipo de carné	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	Total
Nivel básico	26	41	38	37	52	37	27	258
Nivel cualificado	—	23	26	—	10	25	25	109

Programa de control sanitario dos campamentos públicos de turismo e campamentos xuvenís

1. **Data de comezo:** ano 1987
2. **Coordinación:** Mª Luisa Herreros García de Consuegra
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Diminuír ou eliminar o risco de morbilidade asociado ao uso recreativo dos campamentos de turismo e campamentos xuvenís.

   Específicos

   1. Comprobar as condicións hixiénico-sanitarias e, se é o caso, propoñer as medidas de mellora.
   2. Informar os titulares ou responsables, sobre as condicións hixiénico-sanitarias que deben manter nas instalacións e aquelas deficiencias que deben ser corrixidas.
   3. Informar os alcaldes-presidentes dos municipios onde se encontran localizadas estas instalacións das deficiencias atopadas.
   4. Informar os delegados provinciais da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e os delegados provinciais da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude (segundo a quen correspondan as competencias) das deficiencias sanitarias detectadas nestas instalacións.

4. **Descrición do subprograma**

   Estratexias

   1. Inspeccionar unha vez durante a tempada de funcionamento, todos os *campings* que abren na Comunidade Autónoma de Galicia.
   2. Inspeccionar todos os campamentos xuvenís censados, independentemente da súa titularidade.
   3. Naqueles *campings* en que a auga de consumo non proceda da rede de abastecemento municipal, viciar os niveis de cloro residual libre.
   4. Informar os alcaldes-presidentes dos concellos das deficiencias sanitarias atopadas nos *campings* e campamentos xuvenís existentes no seu municipio.
   5. Informar os delegados provinciais da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo das deficiencias atopadas nos *campings*.
   6. Informar os delegados provinciais da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude das deficiencias atopadas nos campamentos xuvenís.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Específicos.
   - Unidades de coordinación periférica (4): Seccións de Sanidade Ambiental.
   - Farmacéuticos titulares e inspectores de Saúde Pública.

   Recursos materiais

   - Censo de campamentos de turismo de Galicia.
   - Censo de campamentos xuvenís.
   - Protocolo de inspección.
   - Actas de inspección.

5. **Proxectos e actividades xestionadas en 2003**
   - Elaboración e actualización do censo destas instalacións.
   - Elaboración do protocolo de inspección.
   - Realización das inspeccións correspondentes ao longo da tempada de verán.
   - Información aos alcaldes-presidentes dos concellos das deficiencias atopadas.
   - Información á Dirección Xeral de Turismo sobre as condicións hixiénico-sanitarias dos *campings,* así como das deficiencias detectadas.
   - Información á Dirección Xeral de Familia sobre as condicións hixiénico-sanitarias dos campamentos xuvenís, así como das deficiencias detectadas.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Carga de traballo
  O grao de cumprimento do plan de inspección foi do 100%.

Táboa 1. Cámpings e campamentos xuvenís inspeccionados na temporada de verán de 2003

Provincia	Nº cámpings	Capacidade	Nº camp. xuvenís	Capacidade
A Coruña	49	10.655	10	1.036
Lugo	12	2.843	4	560
Ourense	8	1.316	9	536
Pontevedra	48	16.590	9	1.076
GALICIA	**117**	**31.404**	**32**	**3.208**

Táboa 2. Análise de custos en euros do subprograma

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A-28ª	1	S.C.[1]	5	2.297		
Xefe de servizo	Grupo A-28B	4	S.P.[2]	2	3.482		
Xefe de sección	Grupo A-25	1	S.C.	15	5.768		
Xefe de sección	Grupo A-24	2	S.P.	10	7.355		
Técnico superior	Grupo I	2	S.P.	10	6.195		
Farmacéuticos titulares	Grupo A	63	S.P.	1	11.822		
Auxiliares administrativos	Grupo IV	1	S.C.	10	1.814		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**38.733**		
CUSTO TOTAL RR.MM.					**200**		
CUSTO TOTAL SUBPROGR.					**38.933**	**41.197**	**42.553**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos

De resultados

Táboa 3. Evolución dos resultados da inspección dos campamentos xuvenís. 1999-2003

	1999	2000	2001	2002	2003
CÁMPINGS INSPECCIONADOS	113	109	114	62	117
% auga clorada	94	93	96	90	81
% eliminación correcta das augas residuais	93	99	98	98	93
% eliminación correcta do lixo	99	98	97	89	89
% servizos hixiénicos correctos	100	100	96	92	87

Táboa 4. Evolución dos resultados da inspección dos campamentos xuvenís. 1999-2003

	1999	2000	2001	2002	2003
CAMPAMENTOS XUVENÍS INSPECCIONADOS	27	32	30	18	32
% auga clorada	96	91	93	61	78
% eliminación correcta das augas residuais	96	100	97	100	100
% eliminación correcta do lixo	96	97	97	89	94
% servizos hixiénicos correctos	89	94	93	100	81

Programa de control sanitario das zonas de baño

1. **Data de comezo:** ano 1983
2. **Coordinación:** Ana Vázquez Estepa
3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Minimizar os riscos para a saúde derivados do uso recreativo das zonas de baño.
   2. Fomentar a toma de decisións dos axentes implicados na xestión das zonas de baño, baseada nunha información actualizada e pertinente.

   Específicos

   1. Coñecer a calidade sanitaria das augas das zonas de baño e das súas áreas peripraieiras.
   2. Informar os usuarios das praias, co fin de que poidan elixir aquelas que reúnan as mellores condicións de salubridade.
   3. Informar as autoridades locais do estado sanitario das zonas de baño, co fin de que poidan tomar decisións para eliminar as verteduras, se existen.
   4. Remitir o informe anual de cualificación sanitaria ao Ministerio de Sanidade e Consumo, para o seu posterior envío á Unión Europea (UE).

4. **Descrición do subprograma**

   Estratexias

   1. Realizar a inspección visual das áreas peripraieiras.
   2. Recollida de mostras de auga de baño para análise, de acordo co procedemento establecido.
   3. Divulgar a información correspondente ao estado sanitario das zonas de baño, tanto ás autoridades competentes, por escrito, como aos usuarios, a través dos medios de comunicación.
   4. Remitir a información ao Ministerio de Sanidade e Consumo para o seu posterior envío á UE.
   5. Regulación normativa.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Específicos.
   - Unidades de coordinación periférica (4): Servizo de Protección da Saúde das delegacións provinciais: Sección de Sanidade Ambiental.
   - Farmacéuticos titulares.
   - Inspectores farmacéuticos de Saúde Pública.
   - Condutores.
   - Auxiliares e administrativos.

   Recursos materiais

   - Material de recollida de mostras.
   - Material de imprenta.
   - Laboratorios das delegacións provinciais.
   - Coches.

5. **Proxectos e actividades xestionadas en 2003**

   - Tramitación das zonas de baño habilitadas segundo o procedemento SXPA SA460A.
   - Planificación da inspección e recollida de mostras.
   - Elaboración e remisión de protocolos ás delegacións provinciais.
   - Inspección das zonas de baño e das áreas peripraieiras, así como a recollida de mostras de auga.
   - Realización das análises da auga correspondentes a cada punto de mostraxe, así como avaliación e informe quincenal.
   - Análise estatística e validación de datos.
   - Elaboración, edición e distribución do informe anual.
   - Colaboración na campaña bandeira azul de praias e portos.
   - Remisión á Consellería de Medio Ambiente dos datos da cualificación sanitaria das praias candidatas á bandeira azul.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros do subprograma

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A-28A	1	S.C.[1]	8	3.667		
Xefe de servizo	Grupo A-28B	4	S.P.[2]	2	3.482		
Xefe de sección	Grupo A-24	4	S.P.	4	5.884		
Posto base	Grupo A-20	2	S.P	3	1.858		
Técnico superior	Grupo I	1	S.C.	50	15.630		
Técnico superior	Grupo I	2	S.P.	3	1.876		
Aux. administrativo	Grupo IV	1	S.C.	25	4.535		
Aux. administrativo	Grupo IV	1	S.C.	10	1.814		
Farmacéuticos titulares	Grupo A	73	S.P.	4	44.120		
Inspector farmacéutico SP	Grupo A	14	S.P.	4	17.345		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**100.211**	**112.099**	**127.757**
CUSTO TOTAL RR.MM.					**114.022**	**112.280**	**78.391**
CUSTO TOTAL SUBPROGR.					**214.233**	**225.379**	**206.148**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos

- Carga de traballo

Táboa 2. Zonas de baño habilitadas en 2003

Zonas de baño marítimas	376
Zonas de baño continentais	59
TOTAIS	**435**

Táboa 3. Puntos de mostraxe controlados para a calidade microbiolóxica da auga en 2003

Zonas de baño marítimas	408
Zonas de baño continentais	63
TOTAIS	**471**

Táboa 4. Áreas peripraieiras inspeccionadas en 2003

Zonas de baño marítimas	354
Zonas de baño continentais	56
TOTAIS	**410**

De resultados

Táboa 5. Resultados obtidos na calidade microbiolóxica da auga das zonas de baño en 2003

Cualificación	Marítimas Nº	Marítimas %	Continentais Nº	Continentais %
Moi boa	301	73,77	10	15,87
Boa	92	22,55	45	71,43
Non apta	3	0,74	2	3,18
Sen cualificación final[1]	10	2,45	3	4,76
Revogadas[2]	2	0,49	3	4,76
TOTAL	**408**	**100**	**63**	**100**

1. Número de controis insuficientes
2. En máis de dous controis a súa auga é non apta

Táboa 6. Resultados das inspeccións nas áreas peripraieiras das zonas de baño en 2003

Presenza	Marítimas Nº	Marítimas %	Continentais Nº	Continentais %
Servizo de limpeza	277	78,25	43	76,79
Contedores	281	79,38	42	75,00
Establecementos area	64	18,08	19	33,93
Servicios hixiénicos	190	53,67	25	44,64
Puntos auga	123	34,75	13	23,21
Vestiarios	56	15,82	13	23,21
Duchas	230	65,00	15	26,79
Salvamento	212	59,90	8	14,29

Programa de control sanitario de piscinas de uso colectivo

1. **Data de comezo:** ano 1989
2. **Coordinación:** Mª Carmen Vila Santiso
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Previr ou evitar a morbilidade por patoloxía prevalente asociada ao uso recreativo das piscinas.

   Específicos

   1. Cumprir a normativa vixente da Comunidade Autónoma de Galicia.
   2. Conseguir que non se abra ao público ningunha piscina de uso colectivo que incumpra a normativa vixente.
   3. Analizar indicadores do programa que permitan mellorar a súa avaliación obxectiva e o seu impacto na saúde.
   4. Facilitar información sobre a calidade sanitaria das instalacións de piscinas de uso colectivo.

4. **Descrición do programa**

   O ámbito de aplicación deste programa está constituído por todas as piscinas de uso colectivo situadas en Galicia, quedando expresamente excluídas as piscinas de uso particular excepto as de comunidades de veciños de máis de 20 vivendas, as de augas termais, os centros de hidroterapia e outras piscinas destinadas a uso exclusivamente médico, como determina o Decreto 53/1989, do 9 de marzo, e as súas posteriores modificacións.

   Estratexias

   1. Inspección sanitaria das instalacións previa á autorización de apertura ou de reapertura (inactividade superior aos 6 meses).
   2. Control analítico da auga dos vasos: quincenal nas descubertas e mensual nas cubertas.
   3. Xestión das non conformidades detectadas.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Específicos.
   - Unidades de coordinación periférica (4): Seccións de Sanidade Ambiental.
   - Farmacéuticos titulares.

   Recursos materiais

   - Material de recollida de mostras.
   - Libros de control sanitario de piscinas de uso colectivo.
   - *Kits* para determinación de pH e cloro residual libre e combinado.

5. **Proxectos e actividades xestionados en 2003**

   1. Realización das inspeccións de apertura e reapertura das instalacións de piscinas de uso colectivo.
   2. Realización das inspeccións periódicas das instalacións e controis analíticos da auga dos vasos.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros do subprograma

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A-28A	1	S.C.[1]	8	3.667		
Xefe de servizo	Grupo A-28B	4	S.P.[2]	2	3.482		
Xefe de sección	Grupo A-24	4	S.P.	15	22.066		
Posto base	Grupo A-20	1	S.C.	20	6.195		
Técnico superior	Grupo A-20	2	S.P.	25	15.486		
Técnico superior	Grupo I	2	S.P.	25	15.630		
Aux. administrativo	Grupo IV	1	S.C.	3	544		
Aux. administrativo	Grupo IV	1	S.C.	1	181		
Farmacéuticos titulares	Grupo A-20	170	S.P.	5	157.962		
Inspectores farmacéuticos	Grupo A-20	15	S.P.	15	69.689		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**294.902**		
CUSTO TOTAL RR.MM.					**8.088**		
CUSTO TOTAL SUBPROGR.					**302.990**	**186.076**	**180.657**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos

Carga de traballo

Táboa 2. Evolución do número de vasos controlados. 1999–2003

Ano	1999	2000	2001	2002	2003
Nº vasos	668	681	716	715	826
Nº vasos abertos	646	665	678	680	731

De resultados

Táboa 3. Evolución de número de vasos con informe favorable. 1999–2003

Ano	1999	2000	2001	2002	2003
Nº vasos abertos	646	665	678	680	731
Nº de vasos con informe favorable	633	657	667	668	727
% de vasos con informe favorable	98,00	98,80	98,38	98,23	99,45

Programa de control sanitario dos establecementos de restauración colectiva

1. **Data de comezo:** ano 1991
2. **Coordinación:** Mª Carmen Vila Santiso
3. **Obxectivos**

   Xeral
   Reducir o risco de enfermidades de transmisión alimentaria asociado aos establecementos de restauración colectiva da Comunidade Autónoma de Galicia.

   Específicos
   1. Coñecer as condicións hixiénico-sanitarias dos establecementos de restauración colectiva da Comunidade Autónoma de Galicia.
   2. Clasificar os establecementos en dúas categorías segundo o risco sanitario.
   3. Xestionar as deficiencias observadas nos devanditos establecementos.
   4. Acadar unha coordinación entre as distintas administracións públicas implicadas para establecer unhas estratexias comúns no control dos comedores colectivos de Galicia.

4. **Descrición do subprograma**

   O marco legal determínao o RD 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, que marca unha serie de requisitos, tanto na infraestrutura como no manexo de alimentos neste tipo de establecementos. Non obstante, a ampla diversificación das actividades que se desenvolven neles, dende o servizo de comidas como tal á preparación dun só tipo de pratos ou "tapas" de acompañamento, ou o consumo de bebidas, provoca que non sexa viable a aplicación rigorosa desta lexislación. Neste senso, o Programa galego de control de comedores e restauración colectiva supón un intento de achegamento da normativa á realidade galega sen perder, como punto de mira principal, a protección da saúde dos potenciais usuarios deste tipo de locais.

   Estratexias

   1. Realización dun censo actualizado de establecementos de restauración colectiva da Comunidade Autónoma de Galicia.
   2. Inspección dos establecementos:
      - Unificación dos criterios de actuación neste tipo de establecementos.
      - Realización de inspeccións para o coñecemento da situación de cada un dos establecementos.
      - Clasificación dos diferentes establecementos, en función do nivel de risco para a saúde dos seus usuarios. Segundo este criterio e para os efectos da frecuencia de inspección e control, na nosa comunidade autónoma, os establecementos de restauración colectiva, clasifícanse como:
        a. establecementos de baixo risco sanitario.
        b. establecementos de alto risco sanitario.
        b.1. específicos: comedores de centros escolares (tanto públicos coma privados), centros de atención á 1ª infancia, residencias da 3ª idade, hospitais.
        b.2. non específicos: comedores do resto de establecementos desta clasificación.
      - Establecemento dun plan de melloras das deficiencias detectadas (comunicación aos propietarios dos establecementos de prazos de emenda).
      - Formalización da situación administrativa, no ámbito da competencia sanitaria, dos establecementos que cumpran as condicións fixadas.
      - Tramitación dos expedientes administrativos sancionadores daqueles establecementos que incumpran as condicións fixadas.
   3. Elaboración dun proxecto de actuación conxunta das administracións implicadas no control destes establecementos.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central: Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Específicos.
- Unidades de coordinación periféricas (4): Servizos de Protección da Saúde.
- 13 xefes de zona dos Servizos Veterinarios Oficiais de Saúde Pública.
- Inspectores veterinarios oficiais de saúde pública.

Recursos materiais

- Follas de rexistro de establecementos de restauración colectiva.
- Actas de inspección.
- Termómetros.

5. Proxectos e actividades xestionados en 2003

- Clasificación dos establecementos de restauración colectiva en alto e baixo risco, para efectos da súa frecuencia de inspección.
- Inspeccións dos establecementos de restauración colectiva:
  - Establecementos de alto risco:
    - Específicos:
      - Comedores de centros escolares e centros de atención á primeira infancia: 3 veces/ano (1 inspección/trimestre escolar).
      - Comedores de centros de servizos sociais: 4 veces/ano (1 inspección/trimestre).
      - Comedores de hospitais: 4 veces/ano (1 inspección/trimestre).
    - Non específicos: 3 veces/ano.
  - Establecementos de baixo risco: 1 vez/ano o 20% dos establecementos censados.
- Asignación dos comedores censados a cada zona veterinaria.
- Avaliación trimestral e seguimento do programa.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros dos recursos humanos do subprograma

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A-28A	1	S.C.[1]	10	4.583		
Xefe de servizo	Grupo A-28B	4	S.P.[2]	2	3.482		
Técnico superior	Grupo I	1	S.C.	50	15.630		
Aux. administrativo	Grupo IV	1	S.C.	3	544		
Aux. administrativo	Grupo IV	1	S.C.	1	181		
Insp. vet. Saúde Pública	Grupo A-24 e A-20	156	S.P.		615.439		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**639.859**	**173.831**	**165.479**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos

Carga de traballo

Táboa 2. Evolución do número de inspeccións realizadas en establecementos do sector de restauración.1999-2003

Tipo	Nº de establecementos	Inspeccións realizadas				
		1999	2000	2001	2002	2003
Baixo risco	14.711				4.926	4.968
Alto risco-hospitais	65				182	182
Alto risco-centros servizos sociais	201				591	603
Alto risco-centros escolares	770				2.453	2.453
Alto risco-outros	7.558				1.754	1.763
TOTAL	**23.305**	**15.722**	**10.496**	**10.496**	**9.906**	**9.969**

Programa de control sanitario de establecementos balnearios

1. **Data de comezo:** ano 1998
2. **Coordinación:** Manuel Álvarez Cortiñas
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Diminuír o risco de morbimortalidade por enfermidades infecciosas, mellorando as condicións sanitarias dos establecementos balnearios.

   Específicos

   1. Inspeccionar o 100% dos establecementos autorizados da CCAA.
   2. Establecer un sistema de control sanitario dos establecementos balnearios.
   3. Facilitar información sobre a calidade sanitaria das instalacións dos balnearios.

4. **Descrición do subprograma**

   A Orde do 5 de novembro de 1996, pola que se regula a autorización sanitaria dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia establece no seu artigo 9º a obrigatoriedade dunha inspección anual destes establecementos pola delegación provincial correspondente.

   Convén sinalar que os balnearios teñen a consideración de establecementos sanitarios, o que leva a que a súa autorización sexa competencia da Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, quen realiza as funcións de control e inspección destes a través dos servizos provinciais de inspección sanitaria e das delegacións provinciais.

   O obxectivo do presente programa céntrase polo tanto na realización polos servizos provinciais dependentes da Dirección Xeral de Saúde Pública das inspeccións e informes técnicos sobre a situación dos balnearios de acordo coa lexislación aplicable.

   As inspeccións dos establecementos céntranse nos usos e características das augas utilizadas así como nas condicións hixiénico-sanitarias dos locais de tratamento.

   As actuacións posteriores que se xeren en función dos informes realizados dependerán das instrucións da secretaría xeral que, segundo o decreto citado, é a que ten a capacidade sancionadora.

   Ademais do control dos establecementos autorizados, a dirección xeral coordina as actividades derivadas da autorización de novos balnearios. Realiza os informes para a declaración da condición de mineromedicinal e da autorización de aproveitamento das augas, así como do informe sanitario para autorización sanitaria de funcionamento do balneario.

   Estratexias

   1. Seguimento dos balnearios dende os servizos centrais mediante un estudo e avaliación das inspeccións realizadas nos establecementos.
   2. Establecemento dos criterios de actuación no caso de presenza de deficiencias nos establecementos.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central:
     Servizo de Protección da Saúde Fronte a Riscos Xerais.
   - 4 unidades de coordinación periféricas:
     Servizo de Protección da Saúde das delegacións provinciais.
   - Sección de Sanidade Ambiental.

   Recursos materiais

   - Parque móbil.
   - Actas de inspección e recollida de mostras.

5. Proxectos e actividades xestionadas en 2003

- Inspección dos establecementos balnearios polos servizos de protección da saúde das delegacións provinciais en coordinación con persoal dos servizos de inspección sanitaria.
- Elaboración de informes para a autorización sanitaria de funcionamento de balnearios.
- Elaboración e comunicación dos criterios técnicos para a realización dos controis analíticos de augas aos directores médicos dos balnearios.
- Realización de reunión con representantes dos balnearios para informar dos sistemas e medidas de prevención e control da lexionelose en establecementos balnearios.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros do subprograma

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Coordinación	Grupo A-28	1	S.C.[1]	2	1.009		
Elaboración e seguimento	Grupo A-25	1	S.C.	10	3.846		
Administración	Grupo D-12	1	S.C.	1	175		
Inspección	Grupo A-24		S.P.[2]	20 h.[3]	437		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**5.466**	**5.342**	

1. Servizos centrais *2. Servizos periféricos* *3. Horas de traballo empregadas*

Táboa 2. Evolución da actividade realizada. 1999-2003

	1999	2000	2001	2002	2003
Nº de establecementos	6	7	9	9	10
Inspeccións	6	7	9	9	10

[SGS0] La diferencia en el nº de inspecciones, respecto a años anteriores se produce por que anteriormente se contabilizaban presencias en el control del establecimiento y ahora son actos de inspección completos (estructural, documental y de higiene) desarrollados mediante la cumplimentación de la acta oficial.

Programa de control sanitario do medio escolar

1. **Data de comezo:** ano 1997
2. **Coordinación:** Mª Luisa Herreros García de Consuegra
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Reducir ou eliminar os potenciais riscos de morbilidade asociados ao uso dos centros escolares e centros de atención á primeira infancia.

   Específicos

   1. Establecer un sistema de control sanitario de centros escolares e centros de atención á primeira infancia.
   2. Dotar os centros escolares de nova creación de caixas de primeiros auxilios.

4. **Descrición do programa**

   Despois da publicación do Decreto 44/1985, do 14 de febreiro, polo que se desenvolve o Programa de saúde escolar, tivo lugar a transferencia de competencias sanitarias ao SERGAS. A partir daquela, a práctica totalidade da poboación, incluída a escolar, ten dereito á atención primaria. Isto obrigou a dar unha nova orientación ao antigo Programa de saúde escolar, no sentido de que sexa o pediatra e médico xeral os que fagan o seguimento do estado de saúde da poboación infantil, non obviando con isto a responsabilidade dos sanitarios de recoñecer aqueles nenos que non acoden ao seu centro sanitario, polo que a colaboración dos centros escolares e da Administración local é fundamental. Esta circunstancia foi decisiva para cambiar a orientación xeral do programa, quedando as novas estratexias como segue:

Estratexias

1. Inspeccionar dúas veces durante o curso escolar os centros escolares e centros de atención á primeira infancia, tanto públicos como privados existentes na Comunidade Autónoma de Galicia (CAG).
2. Coñecer as condicións hixiénico-sanitarias e ambientais dos centros escolares e centros de atención á primeira infancia.
3. Informar a dirección do centro educativo e a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das deficiencias que presentan os centros e propoñer as adecuadas medidas correctoras.
4. Informar a dirección do centro educativo e a Delegación Provincial da Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude, das deficiencias que presentan os centros de atención á primeira infancia, e propoñer as adecuadas medidas correctoras.
5. Informar os alcaldes-presidente dos concellos onde están situados os centros escolares, no caso de que existan deficiencias críticas de responsabilidade municipal, e propor as medidas correctoras urxentes.
6. Informar a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria dos resultados nestas inspeccións.
7. Informar a Consellería de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude dos resultados destas inspeccións.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central: Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Específicos.
- Unidades de coordinación periférica (4): Servizo de Protección da Saúde das delegacións provinciais.
- Farmacéuticos titulares e inspectores de saúde pública.

Recursos materiais

- Censo de centros escolares.
- Censo de centros de atención á primeira infancia.
- Caixas de primeiros auxilios.
- Circular nº 8/02 con instrucións para o curso escolar 2002-2003.
- Protocolos de inspección.
- Actas de inspección.
- Talonarios de visitas.

5. Proxectos e actividades xestionados no curso escolar 2002-2003

- Subministración de caixas de primeiros auxilios aos centros escolares de nova apertura.
- Inspección dos centros escolares e centros de atención á primeira infancia para comprobar as súas condicións hixiénico-sanitarias e ambientais.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Número de inspeccións realizadas en centros escolares no curso 2002-2003

	Nº centros censados	Nº inspeccións	% centros inspeccionados
A Coruña	785*	798*	100
Lugo	245	214	87
Ourense	214	180	84
Pontevedra	584	317	54
TOTAL GALICIA	**1.828**	**1.509**	**83**

** Datos correspondentes á primeira inspección*

Táboa 2. Número de inspeccións realizadas en centros de atención á primeira infancia no curso 2002-2003

	Nº centros censados	Nº inspeccións	% centros inspeccionados
A Coruña	137*	138	100
Lugo	26	26	100
Ourense	31	31	100
Pontevedra	93	25	27
TOTAL GALICIA	**287**	**220**	**77**

** Datos correspondentes á primeira inspección*

Recursos económicos

Táboa 3. Análise de custos en euros do programa

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A-28A	1	S.C.[1]	5	2.297		
Xefe de servizo	Grupo A-28B	4	S.P.[2]	2	3.482		
Xefe de sección	Grupo A-25	1	S.C.	20	7.691		
Xefe de sección	Grupo A-24	2	S.P.	20	14.711		
Técnico superior	Grupo I	1	S.P.	20	6.252		
Posto base	Grupo A	1	S.P.	20	6.195		
Asesor técnico	Grupo B	1	S.C.	5	1.536		
Auxiliar administrativo	Grupo IV	1	S.C.	10	1.814		
Inspector Saúde Pública	Grupo A	—	S.P.	1	2.993		
Farmacéuticos titulares	Grupo A	194	S.P.	1	36.404		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**83.375**		
CUSTO TOTAL RR.MM.					**1.494**		
CUSTO TOTAL PROGRAMA					**84.869**	**94.503**	**89.010**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos

De resultados

Táboa 4. Evolución dos principais indicadores en centros escolares. 1999-2003

	Curso escolar 1999-2000	Curso escolar 2000-2001	Curso escolar 2001-2002	Curso escolar 2002-2003
% Centros inspeccionados con plan de emerxencia	63	57	69	80
% Centros inspeccionados con extintores de incendios	83	92	96	97
% Centros inspeccionados con auga clorada	81	91	46 *	85
% Centros inspeccionados con eliminación correcta de augas residuais	97	81	93	94

** Este tanto por cento baixo, débese a que nos centros escolares da provincia da Coruña e nos centros de atención á primeira infancia das provincias da Coruña e Lugo a concentración de cloro residual libre non pudo avaliarse ó non anotarse ditas determinacións, cando a auga de consumo destes centros era da traída municipal.*

Táboa 5. Evolución dos principais indicadores en centros de atención á primeira infancia. 1999-2003

	Curso escolar 1999-2000	Curso escolar 2000-2001	Curso escolar 2001-2002	Curso escolar 2002-2003
% Centros inspeccionados con plan de emerxencia	67	69	81	81
% Centros inspeccionados con extintores de incendios	85	99	100	100
% Centros inspeccionados con auga clorada	89	70	41	99
% Centros inspeccionados con eliminación correcta de augas residuais	100	97	100	99
% Centros inspeccionados con enchufes protexidos	85	99	98	97

Programa de control sanitario do medio laboral

1. **Data de comezo:** ano 1998
2. **Coordinación:** Isabel González García
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Formalizar e coordinar todos os aspectos da saúde laboral relacionados coa actividade sanitaria no que atinxe á saúde pública.

   Específicos

   1. Establecer pautas e protocolos de actuación, para a avaliación e control das actuacións de carácter sanitario que realicen nas empresas os servizos de prevención actuantes.
   2. Deseñar e implantar sistemas de información para realizar mapas de riscos laborais.
   3. Deseñar e implantar estudos epidemiolóxicos para identificar e previr as patoloxías que afecten a saúde dos traballadores e para un rápido intercambio de información.
   4. Elaborar e divulgar estudos, investigacións e estatísticas relacionadas coa saúde dos traballadores.

4. **Descrición do programa**

   Estratexias

   1. Revisión e pescuda bibliográfica.
   2. Dinámica de actuación baseada en grupos de traballo.
   3. Elaboración de informes de seguimento de programas e de estudos específicos.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Específicos.

   Recursos materiais

   - Gastos de asistencia aos grupos de traballo.

5. **Proxectos e actividades xestionadas en 2003**

   - Elaboración, distribución dos protocolos de vixilancia médica específica dos traballadores expostos a risco, asignados a Galicia na repartición de protocolos entre as comunidades autónomas participantes:
     - Óxido de etileno; elaborado no ano 2003.
     - Citostáticos; elaborado no ano 2003.
   - Estudo e envío de alegacións dos protocolos de traballadores expostos a níquel, cromo, cadmio, hidrocarburos aromáticos simples e hidrocarburos alifáticos haloxenados clorados, e realización de comentarios.
   - Realización de informes sobre adecuación a Galicia do Programa Nacional de Vixilancia da Saúde dos Traballadores que estiveron expostos ao amianto.
   - Coordinación entre os axentes sociais, traballadores postexpostos e SERGAS da implantación das actuacións respecto aos afectados da asbestose na nosa Comunidade Autónoma (recoñecementos postocupacionais).
   - Recepción das listaxes de traballadores dos axentes sociais e empresas inscritas no RERA, e reenvío ao sergas para a súa inclusión no programa de vixilancia dos postexpostos ao amianto.
   - Estudos previos para a implantación do Sistema de Información en Saúde laboral e coñecemento dos avances realizados na súa implantación.
   - Colaboración na realización da listaxe española de enfermidades profesionais e da súa normativa de aplicación.
   - Colaboración na realización do libro branco da vixilancia da saúde dos traballadores.
   - Colaboración na realización da guía básica de orientación das actividades da vixilancia da saúde dos traballadores.
   - Realización das propostas en saúde laboral para o plan de saúde 2002-2005.
   - Avaliación do borrador da proposta lexislativa da rede de vixilancia epidemiolóxica en saúde pública.

- Realización de informes sobre os temas de saúde laboral, así como para a contestación de preguntas parlamentarias, proposicións non de lei, do valedor do pobo etc.
- Realización de docencia sobre temas de saúde laboral nos cursos de nivel básico e cualificado de praguicidas.
- Colaboración co Servizo de Prevención do Sergas nas súas actividades.
- Asistencia á reunións do grupo de traballo de saúde laboral.
- Representación como vogal da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais no Consello Galego de Seguridade e Hixiene.
- Presentación do póster "prestige: efectos agudos sobre la salud en los trabajadores de las tareas de limpieza" no IV congreso español de medicina e enfermaría do traballo en Barcelona en outubro de 2003.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros dos recursos humanos do programa

Tipo de recurso	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
RECURSOS HUMANOS							
Xefe de servizo	Grupo A-28	1	S.C.[1]	5	2.297		
Titulado superior	Grupo I	1	S.C.	30	9.378		
Aux. administrativo	Grupo IV	1	S.C.	2	363		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**12.038**	**12.810**	**15.666**
RECURSOS MATERIAIS							
Asistenc. a congresos/reunións					1.477		
CUSTO TOTAL RR.MM.					**1.477**		
CUSTO TOTAL PROGRAMA					**13.515**	**12.810**	**15.666**

1. Servizos centrais

Programa de control sanitario de residuos en establecementos sanitarios

1. **Data de comezo:** ano 1998
2. **Coordinación:** Victoria Barbazán Mayo
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Conseguir a implantación en todos os centros sanitarios dos plans de xestión intracentro, adecuados á lexislación vixente co obxecto de minimizar os riscos que esta xestión xera, tanto para as persoas directamente expostas como para a saúde pública e o ambiente.

   Específicos

   1. Dar cumprimento á lexislación vixente.
   2. Estudiar e aprobar, se procede, todos os plans de xestión presentados ante a Dirección Xeral de Saúde Pública.
   3. Verificar o cumprimento dos plans de xestión intracentro que sexan aprobados.
   4. Minimizar o impacto das actividades sanitarias no medio no que se producen e promover a salubridade ambiental.

4. **Descrición do programa**

   O Decreto 460/1997, do 21 de novembro, polo que se establece a normativa para a xestión dos residuos dos establecementos sanitarios na Comunidade Autónoma de Galicia obriga a que todos os produtores de residuos sanitarios elaboren un plan de xestión intracentro que deberán remitir á Dirección Xeral de Saúde Pública, que deberá proceder ao seu estudo, coa finalidade da súa aprobación e posteriormente verificación do seu cumprimento.

   Estratexias

   1. Estudo e análise dos plans de xestión intracentro.
   2. Elaboración e remisión dos informes técnicos con ditame desfavorable aos centros sanitarios correspondentes, establecendo un prazo para a corrección das deficiencias e nova remisión á Dirección Xeral de Saúde Pública.
   3. Elaboración e remisión das resolucións de aprobación aos centros que corresponda.
   4. Remisión periódica dos informes técnicos e resolucións de aprobación, correspondentes aos centros dependentes do Sergas e concertados, ao órgano directivo da División Xeral de Asistencia Sanitaria.
   5. Verificación do cumprimento dos plans de xestión aprobados.
   6. Dinámica de actuación baseada en grupos de traballo.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Específicos.

5. **Proxectos e actividades xestionadas en 2003**

   1. Estudo e elaboración dos informes técnicos dos plans de xestión intracentro remitidos polos distintos centros sanitarios.
   2. Avaliación e remisión do balance anual de produción de residuos á Consellería de Medio Ambiente.
   3. Actividades de asesoramento aos centros sanitarios.
   4. Proxecto dun novo decreto de residuos sanitarios.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros do programa

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A-28	1	S.C.[1]	8	3.667		
Técnico grao medio	Grupo B-22	1	S.C.	60	15.363		
Aux. administrativo	Grupo IV	1	S.C.	10	1.813		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**20.843**	**29.636**	**29.055**
CUSTO TOTAL RR.MM.							**4.408**
CUSTO TOTAL PROGRAMA					**20.843**	**29.636**	**33.464**

1. Servizos centrais

De resultados

Táboa 2. Resultado dos informes sobre os plans de xestion intracentro realizados no ano 2003

	Informe desfavorable	Informe favorable	Total
Centros	1	22	23

Táboa 3. Avaliación do balance anual 2003

	Balances recibidos	Balances avaliados	Total
Centros	57	57	57

Programa galego de prevención e control da lexionelose

1. **Data de comezo:** ano 2001
2. **Coordinación:** Isabel González García
3. **Obxectivos**

   Xeral
   Diminuír o risco de lexionelose na Comunidade Autónoma de Galicia.

   Específicos
   1. Coñecer o censo das instalacións con risco de propagación de *legionella.*
   2. Coñecer a categoria das instalacións en función do risco asociado.
   3. Xestionar o risco asociado ás instalacións censadas acorde coa normativa vixente.

4. **Descrición do proxecto**

   Estratexias
   1. Favorecer a notificación das instalacións segundo as instalacións vixentes.
   2. Realizar as inspeccións das instalacións de risco correspondentes ao programa.
   3. Mantemento e actualización do sistema de información do programa.
      Con isto preténdese facilitar o acceso á información de todos os niveis de actuación e de decisións, así como facilitar o seu seguimento e a obtención dos indicadores.
   4. Mellora do nivel de coñecementos e de cualificación técnica sobre o problema.
   5. Información á poboación.
   6. Adecuación e actualización do programa aos cambios normativos (RD 865/2003, do 4 de xullo e a Orde SCO/317/2003, do 7 de febreiro).

   Elementos organizativos

   Recursos humanos
   - Unidade central: Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Específicos.
   - Unidades de coordinación periférica (4): Servizo de Protección da Saúde das delegacións provinciais.

   Recursos materiais
   - Protocolos de inspección de torres de arrefriamento, condensadores evaporativos, sistemas de acumulación de auga quente.
   - Documento de avaliación de risco de legionella nas torres de arrefriamento e condensadores evaporativos.
   - Documento de avaliación de risco de legionella nos sistemas de acumulación de auga quente.
   - Documento de protocolo de xestión do risco.
   - Protocolo de carga de información.
   - Sistema informático dentro do Infosaúde para xestionar o risco das instalacións.
   - Protocolo de investigación de caso illado.
   - Protocolo de toma de mostras.
   - Protocolo de investigación de abrocho.

5. **Proxectos e actividades xestionadas en 2003**
   - Censo pasivo de instalacións por notificación dos titulares das instalacións (normativa autonómica e nacional).
   - Elaboración e división do protocolo de inspección segundo as instalacións de risco: (torres de arrefriamento, condensadores evaporativos, sistemas de auga quente sanitaria).
   - Realización de inspeccións das instalacións censadas e as avaliacións de risco correspondentes.
   - Seguimentos das deficiencias das instalacións e toma de decisións.
   - Revisión e actualización da aplicación informática que dea soporte ao sistema de información do programa.
   - Establecemento e xestión das actividades de apoio necesarias para a investigación dos casos illados de lexionelose, e realización dos documentos para a súa investigación; protocolo de investigación de caso illado e de toma de mostras.
   - Establecemento e xestión das actividades de apoio necesarias para a investigación e control dos abrochos de lexionelose, e realización dos documentos para a súa investigación; protocolo de investigación de abrocho e de toma de mostras.
   - Reunións de coordinación cos servizos periféricos co fin de unificar os criterios de aplicación do programa.

- Asesoramento técnico sobre cuestións realizadas polos titulares das instalacións acerca da lexislación en vigor.
- Realización de informes sobre as instalacións censadas e as súas avaliacións.
- Asistencia ás actividades formativas necesarias para a mellora do coñecemento sobre o programa.
- Avaliación das actividades realizadas nos centros públicos en relación co programa.
- Realización do curso de formación do persoal que realiza as operacións de mantemento hixiénico-sanitario das instalacións obxecto do Real decreto 909/2001, do 27 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da lexionelose, celebrado en Santiago de Compostela en febreiro de 2003 cunha duración de 25 horas lectivas (18 teóricas e 7 prácticas).
- Avaliación e realización de informes de autorización de cursos do persoal que realiza as operacións hixiénico-sanitarias das instalacións de risco de lexionelose, segundo a Orde SCO/317/2003, do 7 de febreiro.
- Elaboración do borrador da Orde .../.../ de 200..., de regulación da formación do persoal que realiza as operacións de mantemento hixiénico-sanitario das instalacións susceptibles de propagar a lexionelose, e o procedemento para a autorización das entidades de formación.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros do programa

Tipo de recurso	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
RECURSOS HUMANOS							
Xefe de servizo	Grupo A-28	1	S.C.[1]	10	4.583		
Técnico grao superior	Grupo I	1	S.C.	70	21.881		
Xefe de sección	Grupo A-24	4	S.P.	7	10.296		
Técnico superior	Grupo A-20	1	S.P.[2]	60	18.583		
Técnico superior	Grupo I	1	S.P.	10	3.125		
Inspectores farmacéuticos	Grupo A-20	17	S.P.	25	131.635		
Auxiliar administrativo	Grupo IV	1	S.C.	20	3.627		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**193.730**	**186.420**	
RECURSOS MATERIAIS							
Transporte de mostras					2.564		
Curso de lexionelose					8.102		
Xestión de sistemas de información					21.840		
CUSTO TOTAL RR.MM.					**32.506**	**29.573**	
CUSTO TOTAL PROGRAMA					**226.236**	**215.993**	

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos

De resultados

Táboa 2. Instalacións censadas acumuladas a finais de cada ano

2001	2002	2003
696	759	937

Táboa 3. Tipos de establecementos con instalacións de risco censadas durante o ano 2003

Tipo de establecemento	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Centros de acollida	–	–	1	–	1
Centros e edificios administrativos	–	–	–	2	2
Centros e edificios privados	–	–	1	5	6
Hospitais/clínicas	3	–	1	–	4
Hoteis, casas rurais, apartahoteis	1	–	–	1	2
Industrias	20	1	1	28	50
Pavillóns deportivos	8	–	1	3	12
Residencias da 3ª idade	4	–	–	–	4
Sen clasificar	1	–	2	–	3
TOTAL	**37**	**1**	**7**	**39**	**84**

Táboa 4. Tipos de instalacións de risco censadas por provincias durante o ano 2003

Tipo de establecemento	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total
Torre de arrefriamento	30	1	5	52	88
Condensadores evaporativos	18	1	3	18	40
Sistemas de auga quente sanitaria con acumulación e con retorno	51	–	4	11	66
Sistemas de auga quente sanitaria sen circuíto de retorno	5	–	–	–	5
Elementos de refrixeración por aerosois ao aire libre	1	–	–	–	1
Sistemas de auga climatizada con axitación constante e retorno	1	–	–	–	1
Humectadores	1	–	–	–	1
Sistemas de auga fría de consumo humano	4	–	–	–	4
TOTAL	**111**	**2**	**12**	**81**	**206**

Táboa 5. Inspeccións levadas a cabo por provincias

Provincia	2001	2002	2003
A Coruña	295	259	371
Lugo	92	86	34
Ourense	55	113	162
Pontevedra	141	224	195
GALICIA	**583**	**682**	**762**

Táboa 6. Situación de risco das instalacións a 31 de decembro de 2003

Provincia	Risco mínimo	Risco baixo	Risco medio	Risco alto	TOTAL
A Coruña	81	243	198	3	525
Lugo	33	31	11	0	75
Ourense	34	33	4	3	74
Pontevedra	42	130	90	1	263
GALICIA	**190**	**437**	**303**	**7**	**937**

Táboa 7. Entidades ás que se lle autorizaron cursos no 2003

Entidades	Data recoñecemento autorización	Data autorización
ANECPLA	23/06/2003	
SGS TECNOS		17/09/2003
Labor. Micro. facultade de ciencias de Ourense		14/10/2003
FEGAS		02/10/2003
Organización, calidad y proyectos SL	19/11/2003	

Táboa 8. Cursos autorizados e alumnado capacitado no 2003

Datas dos cursos	Entidade organizadora	Cidade	Alumnado capacitado
17-20 de febreiro de 2003	Dirección Xeral de Saúde Pública	Santiago de Compostela	31
27-30 de outubro 2003	ANECPLA	Santiago de Compostela	25
20 /10 – 3/11 de 2003	FEGAS	Vigo	29
29-31 de outubro 2003	SGS TECNOS	Vigo	18
1-3 de decembro 2003	OQP	Santiago de Compostela	27
5,12 e 19 de decembro 2003	SGS TECNOS	A Coruña	32
TOTAL ALUMNOS CAPACITADOS			**162**

Actividades relacionadas con problemas ambientais diversos

Informes sobre avaliación de impacto ambiental

1. **Data de comezo:** ano 1993
2. **Coordinación:** Mª Luisa Herreros García de Consuegra
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Avaliar os potenciais riscos sanitarios que poden derivarse dos proxectos públicos ou privados, execución de obras, instalacións ou calquera outra actividade, previstas en Galicia.

   Específico

   Dar cumprimento ao Decreto de avaliación de impacto ambiental e ao Decreto de avaliación de efectos ambientais da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia.

4. **Descrición**

   Estratexia

   Estudo dos proxectos e elaboración de informes técnicos, dende o punto de vista sanitario, correspondentes aos proxectos enviados por distintos organismos da Xunta de Galicia.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Protección da Saúde fronte a Riscos Específicos.
   - Unidades periféricas (4): Seccións de Sanidade Ambiental.

5. **Proxectos e actividades xestionadas en 2003**
   - Estudo e preparación de informes técnicos de impacto ambiental sobre os expedientes remitidos polos órganos substantivos.
   - Grao de cumprimento: avaliado o 93% dos proxectos remitidos.

6. **Indicadores cuantitativos**

   De xestión

   - Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros dos recursos humanos

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A-28	1	S.C.[1]	3	1.375		
Xefe de sección	Grupo A-25	1	S.C.	55	21.150		
Aux. administrativo	Grupo IV	1	S.C.	10	1.814		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**24.339**	**24.275**	**23.198**

1. Servizos centrais

Carga de traballo

Táboa 2. Evolución do número de informes de avaliación de impacto ambiental realizados. 1999-2003

Ano	1999	2000	2001	2002	2003
Nº de informes	79	57	89	57	62

De resultados

Táboa 3. Evolución do resultado dos informes de avaliación de impacto ambiental realizados. 1999-2003

Informes	1999	2000	2001	2002	2003
% Favorables	82	74	72	76	53
% Favorables con puntualizacións	14	19	27	14	7
% Puntualizacións	—	2	—	3	—
% Remisión Deleg. Provinciais	—	—	—	7	—
% Información complementaria	—	4	1	—	2

Mellora continua da xestión organizativa

- Programa de formación continuada
- Sistema de xestión económica
- Sistema de coordinación e xestión dos servizos de inspección de Saúde Pública
- Sistema de coordinación e xestión dos laboratorios de Saúde Pública
- Sistema de control da xestión de taxas e prezos públicos dependentes da DXSP
- Sistema de xestión de expedientes sancionadores a industrias da alimentación e produtos alimentarios
- Plan de Sistemas de Información de Saúde Pública
- Sistema loxístico básico de apoio e coordinación xeral
- Sistema de coordinación de publicacións

Programa de formación continuada

1. **Data de comezo:** ano 1996
2. **Coordinación:** Julia González-Zaera Barreal
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Facilitar a formación da totalidade do persoal da dirección xeral, mediante o deseño e execución de proxectos anuais de formación interna.

   Específicos

   1. Facilitar a formación do persoal de servicios centrais en materia de coñecemento da lingua inglesa.
   2. Incrementar a información e o coñecemento sobre o conxunto de sistemas, programas e proxectos xestionados e desenvolvidos polas diversas unidades da organización.
   3. Facilitar a formación específica do persoal técnico, a través da participación activa en reunións técnicas e científicas e actividades formativas externas.

4. **Descrición do programa**

   Estratexias

   1. Definición das necesidades de formación do persoal que presta servicios de saúde pública, e deseño de proxectos anuais de formación continuada.
   2. Coordinación coa Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS) para a organización de actividades formativas correspondentes ás diversas áreas de formación que se definan nos proxectos anuais.
   3. Programación de sesións técnicas en servicios centrais, en función das novidades dos programas e proxectos, e dos sistemas de xestión e información.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade de coordinación: Servicio de Coordinación e Calidade de Saúde Pública.
   - Persoal técnico de tódalas unidades da DXSP.
   - Profesorado externo participante.
   - Alumnado das actividades formativas.

   Recursos materiais

   - Documentación correspondente ás actividades formativas.
   - Aulas e medios de proxección.

5. **Proxectos e actividades xestionadas en 2003**
   - Coordinación coa FEGAS para a organización de cursos.
   - Programación de 20 sesións técnicas internas.
   - Coordinación de formaciòn de persoal en lingua inglesa.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros do programa

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A-28	1	S.C.[1]	5	2.292		
CUSTO TOTAL RR.HH.[2]					**2.292**		
CUSTO TOTAL ORGANIZACIÓN E DOCENCIA[3]					**227.146**		
CUSTO TOTAL DO PROGRAMA					**229.438**	**261.097**	**211.958**

1. Servizos centrais
2. Corresponden só ás actividades de coordinación
3. Recursos aportados pola Fundación Escola Galega de Administración Sanitaria

- Actividade realizada

Táboa 2. Evolución doutros indicadores globais da actividade formativa

	2003	2002	2001	2000	1999	1998
Nº de horas de formación ofertadas	926	891	1.139	910	676	633
Custo medio por hora en euros	245	248	171	277	327	237
Custo medio por alumno en euros	125	96	120	215	122	165

Táboa 3. Cursos realizados e custos de organización en euros, aportados pola FEGAS en 2003

Área de formación/Curso organizado	Horas	Edic.	Nº alumnos	Custo/hora	Custo/persoa	Custo total
Diplomado en sanidade	250	1	38	174	1.142	43.389
Adestramento en counselling para persoal sociosanitario en relación coa infeccion polo VIH/SIDA	40	2	41	166	164	3.327
Analise de perigos e puntos de control crítico	12	1	25	172	83	2.065
Curso de control de calidade en mamografía	22	1	33	211	141	4.649
Habilidades para a intervención nos pacientes con cancro de mama. Adestramento en counselling.	18	1	41	290	128	5.229
Metodoloxías de traballo nos diferentes tipos de rexistros de tumores	20	1	25	291	233	5.816
Obradoiro de control de calidade en mamografía	5	1	10	169	84	843
Os marcadores biolóxicos en saude laboral	20	1	15	191	255	3.825
Obradoiro sobre a menopausa	8	1	32	373	93	2.980
Curso de detección e abordaxe do incumprimento terapéutico	8	1	33	194	47	1.548
Obradoiro de investigación dun abrocho	4	1	45	27	2	107
Como certifica-la causa de defunción	24	6	100	767	193	3.070
Actualizacións no tema da infección polo VIH dentro do papel da atención primaria. VIH/sida: actualizacións dunha epidemia SEMP	72	9	168	1.586	999	12.686
Situación e manexo da tuberculose infantil	6	1	100	826	50	4.955
Tuberculose: a importancia da detección precoz	63	21	183	2.190	1.162	6.569
Obradoiro de formación na redacción de informe finais dos estudios de abrochos	4	1	45	136	12	545
Obradoiro de investigación do alimento nos abrochos de orixe alimentaria	5	1	35	272	39	1.358
Xornadas de formación continuada en inmunoprofilaxe (xornada centralizada)	6	1	106	6805	385	40.830
Xornadas de formación continuada en inmunoprofilaxe (xornada descentralizada)	16	4	176	1.356	115	5.425
Diagnóstico e tratamento do tabaquismo: intervención mínima	8	1	27	269	80	2.149
Diagnóstico e tratamento do tabaquismo: intervención avanzada	8	1	24	216	72	1.727
O proceso de fumar: entrevista motivacional para o cambio	8	1	20	176	70	1.410
Información e motivación ó paciente fumador ingresado nun centro hospitalario	8	1	14	214	122	1.714
Hospitais libres de tabaco: técnicas de información ó publico	4	1	15	263	70	1.051
Obradoiro: lugares de traballo libres de tabaco	8	1	46	503	87	4.020
Curso teórico-práctico de intervención logopédica a nenos xordos de 0-3 anos (formación continuada)	6	1	8	210	157	1.257

(Continuación)

Área de formación/Curso organizado	Horas	Edic.	Nº alumnos	Custo/hora	Custo/persoa	Custo total
Obradoiro de adestramento do programa para a detección da xordeira en período neonatal	19	3	47	470	183	2.966
Auditores internos dos sistemas de calidade dos servizos veterinarios oficiais de Saúde Pública	13	1	17	584	447	7.593
Avaliación do risco	24	2	51	399	187	4.782
Técnicas instrumentais de aplicación en laboratorios de Saúde Pública. 2ª parte	30	1	8	125	469	3.755
Curso de formación en técnicas instrumentais de aplicación en laboratorios agroalimentarios	35	1	12	128	372	4.465
Práctica e xestión administrativa no ámbito da saúde pública: novas tendencias e reformas	20	1	25	162	129	3.237
Nova metodoloxía de inspección, implicacións do sistema de calidade dos servizos veterinarios oficiais na inspección	48	3	65	1.323	977	21.176
Inspección sanitaria da carne en establecementos de sacrificio	16	2	50	525	165	4.202
A política de subvencións dentro do esforzo anti VIH/sida en Galicia	8	1	42	150	29	1.202
Obradoiro sobre estadística bayesiana e epidat 3.0	12	1	20	170	102	2.046
Taller sobre impacto do Programa galego de detección precoz do cancro de mama na mortalidade	4	1	10	265	106	1.060
Taller de revisión de cánceres de intervalo	4	1	11	133	48	530
Obradoiro recepción e atención ó público	5	1	25	219	44	1.095
Lexionelose	35	1	29	185	224	6.491
Total	**926**		**1.817**	**245**	**125**	**227.146**

(*) Método personalizado

De resultados

Táboa 4. Evolución da actividade formativa na DXSP. 1994-2003

	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Nº actividades formativas organizadas	3	10	16	30	31	47	71	38	35	40
Nº participantes	45	158	211	492	910	1.677	1.514	1.706	2.311	1.817
Nº sesións técnicas	—	—	8	15	19	18	24	20	16	1

Sistema de xestión económica

1. **Data de comezo:** ano 1996
2. **Coordinación:** Julia González-Zaera Barreal
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Coordinar e supervisar a xestión económica e orzamentaria da DXSP.

   Específicos

   1. Prestar servicios de consultoría e información ás unidades da DXSP.
   2. Deseño e mantemento do sistema de información para a xestión económica da DXSP.
   3. Coordinar a elaboración da proposta orzamentaria anual.
   4. Revisar a tramitación de expedientes de gasto, antes de 48 horas.
   5. Elaborar informes sistemáticos e segundo demanda sobre execución orzamentaria.
   6. Centralizar a interlocución coa División de Recursos Económicos.
   7. Elaborar e tramitar os expedientes relacionados con operacións especiais de xestión económica: descentralizacións orzamentarias e solicitudes de xeración de crédito e modificación orzamentaria.
   8. Elaborar e tramitar os expedientes de gasto do Servicio de Coordinación e Calidade de Saúde Pública.

4. **Descrición do programa**

   Estratexias

   1. Supervisar os expedientes de gasto da DXSP antes da súa tramitación á División de Recursos Económicos.
   2. Establecer unha interlocución única coa División de Recursos Económicos para a detección, supervisión e resolución de problemas relacionados cos expediente de gasto da DXSP.
   3. Avaliar a satisfacción do usuario cos servicios prestados no marco deste programa.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servicio de Coordinación e Calidade da Saúde Pública.
   - Persoal técnico das unidades da DXSP.

   Recursos materiais

   - Procedemento de xestión de expedientes económicos da DXSP.
   - Sistema de información para a xestión económica da DXSP.
   - Conexión telemática co Centro de Proceso de Datos Económicos da Xunta de Galicia.
   - Informes internos sistemáticos e especiais e notas de coordinación de xestión económica.

5. **Proxectos e actividades xestionados en 2003**

   - Administración do sistema de información para a xestión económica da DXSP.
   - Asesoramento técnico segundo demanda sobre elaboración e tramitación de expedientes de gasto, así como supervisión, corrección e prevención de disconformidades no proceso.
   - Elaboración de informes sistemáticos (mensual e anual) e segundo demanda específica, sobre xestión orzamentaria 2003.
   - Instrucción e tramitación de propostas de descentralización orzamentaria e propostas de xeración ou modificación crediticias, así como dos expedientes de gasto do Servicio de Coordinación e Calidade da Saúde Pública.
   - Seguimento da tramitación e xestión económica de convenios de colaboración interinstitucional.
   - Coordinación da elaboración e tramitación da proposta orzamentaria 2004.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Análise de custos en euros dos recursos humanos do programa

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A-28	1	S.C.[1]	10	4.583		
Asesoría técnica	Grupo B-22	1	S.C.	70	21.508		
Aux. administrativo	Grupo IV	1	S.C.	20	3.628		
Aux. administrativo	Grupo D-16	1	S.C.	100	12.889		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**47.961**	**39.050**	**41.793**

1. Servizos centrais

Táboa 2. Orzamento en euros xestionado pola DXSP en 2003. Capítulos IV e VI

	Orzamento inicial	Xeración créditos	Incorporación de créditos	Acordo de Consello	Totais
Subdirección de Programas de Saúde Pública	5.535.421				**5.535.421**
Subdirección de Xestión e Calidade de Saúde Pública	11.658.277	449.774	17.781	-710.945	**11.414.887**
Informática	876.817			-5.396	**871.421**
Plan Galego de Estatística	177.802				**177.802**
Subvencións	252.423		6.010		**258.433**
Total Dirección Xeral de Saúde Pública	**18.500.740**	**449.774**	**23.791**	**-716.341**	**18.257.964**

Táboa 3. Principais conceptos de gasto en euros da execución orzamentaria 2003

Concepto de gasto	Gasto	% gasto total
Adquisición de vacinas	6.906.934	37,93
Asistencias técnicas e subministracións para programas e sistemas de saúde pública	5.700.930	31,31
Contratos-Programa con hospitais e delegacións, e convenios de cooperación e axuda	2.995.653	16,45
Contratación de persoal de programas e sistemas de saúde pública	1.741.644	9,57
Adquisición de equipos tecnolóxicos e soporte informático	863.506	4,74
Total orzamento executado	**18.208.667**	**100**

Gráfico 1. Proporción dos principais conceptos de gasto en 2003



Gráfico 2. Proporción da execución orzamentaria segundo os procedementos de gasto utilizados en 2003



Táboa 4. Evolución do orzamento en euros da DXSP. 1994-2003

Ano	Gastos carácter inmaterial	Gastos carácter material	Total orzamento*
1994	2.595.269	4.228.440	6.823.709
1995	3.762.922	3.888.996	7.651.918
1996	3.595.894	3.977.426	7.573.320
1997	3.717.747	6.222.254	9.940.001
1998	5.144.757	6.230.803	11.375.560
1999	5.949.738	5.465.060	11.414.798
2000	6.293.784	4.976.019	11.269.803
2001	6.236.131	8.325.701	14.561.832
2002	8.241.671	7.237.305	15.478.976
2003	8.085.592	9.108.106	17.193.698

** Non se imputan partidas especiais como subvencións, estatística e equipamento informático*

Gráfico 3. Evolución do orzamento en euros da DXSP. 1994-2003



Sistema de coordinación e xestión dos servizos de inspección de saúde pública

1. **Data de comezo:** ano 1994
2. **Coordinación:** José Ángel Viñuela Rodríguez
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Acadar uns servizos de inspección de saúde pública acordes coas novas necesidades formuladas pola Unión Europea (UE).

   Específicos

   1. Dotar os servizos de inspección de saúde pública dos medios materiais necesarios para a execución dos labores de inspección que teñen encomendados.
   2. Conseguir a racionalización das tarefas de inspección alimentaria en materia de saúde pública.
   3. Acadar un sistema de xestión de persoal eficaz para os servizos veterinarios oficiais de saúde pública.
   4. Deseñar o sistema de información acerca das actividades de inspección dos servizos veterinarios oficiais de saúde pública.
   5. Proxecto de formación continuada do persoal dos servizos de inspección de saúde pública.

4. **Descrición do sistema**

   As novas tendencias marcadas pola creación do Mercado Interior Europeo impuxeron un novo enfoque en materia do control oficial de alimentos, facendo necesario adecuar os servizos de inspección de saúde pública a estas tendencias. Para isto, no ano 1994, levouse a cabo a reestruturación dos servizos veterinarios oficiais de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia (CAG), baixo un modelo de creación de equipos de veterinarios, que abandonaba a antiga estrutura municipal, creando 13 zonas veterinarias subdivididas en 48 comarcas veterinarias, de acordo coas necesidades de inspección.

   Esta nova estrutura requiría o establecemento dun esquema funcional diferente e unha nova "dotación" destes novos equipos. No concepto de "dotación", ademais dos recursos humanos asignados, debe incluírse todo un plan de necesidades que abrangue dende a localización física dos equipos ata a incorporación de medios materiais imprescindibles para o desenvolvemento eficaz dos labores de inspección.

   Estratexias

   1. Formación dos equipos de inspección nas zonas veterinarias, acordes coas necesidades de cada unha delas.
   2. Unificación de criterios de inspección alimentaria no ámbito da CAG.
   3. Elaboración dun sistema de información que permita a valoración cualitativa dos labores de inspección.
   4. Dotación dos medios de comunicación, de oficina e materiais necesarios para a execución dos labores inspectores. Neste sentido manterase un sistema de atención continuada ás necesidades que se presenten.
   5. Elaboración dun plan de formación continuada para o persoal destes servizos.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.
   - 13 zonas veterinarias: 4 na provincia da Coruña, 3 en Lugo, 3 en Ourense e 3 en Pontevedra.
   - 48 comarcas veterinarias.

   Recursos materiais

   - 48 locais e mobiliario.
   - Parque móbil de 104 vehículos.
   - Sistemas de comunicación:
     - telefonía fixa
     - telefonía móbil

- fax
- contestadores telefónicos

- Material de oficina: 13 equipos multifunción (*fax*, fotocopiadora, impresora).
- PCs, *hardware* e *software* específico.
- Documentos oficiais (actas, certificados, libros de rexistro de actividade).
- Triquinoscopio e placas de triquinoscopia.
- Lupas para a inspección macroscópica de peixe.
- Equipos de medida.
- Neveiras de conservación de mostras.

5. Proxectos, subsistemas e servizos xestionados en 2003

- Subsistema de mellora da xestión dos servizos de inspección de saúde pública
  - Elaboración e execución do plan de necesidades materiais para o ano en curso e elaboración do seu orzamento.
  - Subsistema de comunicación de instrucións ás zonas veterinarias.
  - Supervisión da tramitación da cobertura de postos de traballo dos inspectores veterinarios de matadoiro e lonxa motivados por permisos, licenzas, baixas e vacantes.
  - Coparticipación no desenvolvemento dunha aplicación informática como base do sistema de información de saúde pública.
- Subsistema de control sanitario de exportacións de produtos alimenticios a terceiros países
  - Establecemento dos criterios de emisión de documentos oficiais e do seu control.
  - Subministración de documentos oficiais aos servizos de inspección responsables da súa sinatura: solicitude ao Ministerio de Sanidade e Consumo e remisión ás zonas veterinarias logo que os soliciten.
  - Mantemento do sistema de información mediante remisión dos partes mensuais de control de expedición de certificados de exportación das zonas veterinarias.
  - Servizo de recompilación de modelos especiais de documentación de acompañamento de exportacións.
  - Estudio de problemas xurdidos: sistemática de solución.
  - Avaliación do sistema.
- Proxecto anual de formación continuada do persoal dos servizos de inspección de saúde pública
  - Descentralización orzamentaria para facilitar a asistencia a cursos de formación do persoal técnico dos servizos de inspección de saúde pública.
  - Curso " Auditores internos dos sistemas de calidade dos servizos veterinarios oficiais de saúde pública". 2 edicións.
  - Curso "Avaliación do risco". 2 edicións.
  - Curso "Inspección de carnes en establecementos de sacrificio". 2 edicións.
- Proxecto de acreditación dos servizos de inspección segundo a norma EN45004 nas industrias da pesca.
  - Elaboración da documentación do manual de calidade.
  - Elaboración dos procedementos xerais de inspección
  - Elaboración de procedementos específicos de inspección (Protocolos ponderados e guías para cubrilos.
  - Dotación de equipos de medida de temperatura calibrados dedicados especialmente para a súa utilización nas inspección a industrias da pesca.

6. Indicadores cuantitativos
De xestión

Táboa 1. Evolución do número de instruccións enviadas e motivo destas. 1997-2003

	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Certificados de exportación	8	0	2	0	6	8	4
Mantemento de vehículos	1	1	1	0	0	0	0
Uso tarxetas SOLRED	2	1	4	0	1	0	20
Acordos de intervención de mercadorías	19	29	22	15	5	0	8
Taxas de matadoiros	–	5	18	28	5	5	10
Procedementos normalizados de traballo	2	1	1	3	1	2	1
Circulares	–	–	–	–	–	–	2
Informes externos	–	–	–	–	–	–	12
Denuncias	34	86	62	40	91	0	0
Instrucións externas e sondaxe mercado	2	20	99	120	0	0	0
TOTAL	**68**	**143**	**209**	**206**	**6**	**15**	**57**

Táboa 2. Cursos/xornadas xestionados para os servizos de inspección de saúde pública. 1996-2003

	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Nº de cursos/xornadas	6	15	6	14	18	8	7	6
Nº de asistentes	129	285	155	216	395	157	191	121
Horas ofertadas[1]	–	–	–	2.664	20.145	5.822	4.276	2.040
Horas ofertadas por inspector[2]	–	–	–	10,2	76,9	22,2	16,3	16,9

1. Nº de horas de docencia x nº de asistentes
2. Nº de horas ofertadas/nº de inspectores (262)

Táboa 3. Evolución da dotación de material aos servizos de inspección. 1995-2003

	Material	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Vestiario	Luvas de látex	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Gorros	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Cobre calzados	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Botas	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Pantalóns	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Batas	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Gorros papel tapamelena	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Chaqueta frigorista –40º C					X	X	X	X	X
	Capucha –40º C c. Azul					X	X	X	X	X
	Chaleco frío	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Chaquetóns frío							X	X	X
	Manguito usar tirar bco.						X	X	X	X
Protección	Mandís euroline 120x100						X	X	X	X
	Lentes de protección panorámicas						X	X	X	X
	Máscaras antipó						X	X	X	X
	Cascos protectores brancos	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Luvas de malla						X	X	X	X
Equipos de medida e inspección	*Microquant* cloro p. 350 determ.			X	X	X	X	X	X	X
	Termómetros clínicos, ref. 211				X	X	X	X	X	X
	Termómetro penetración 120 mm.						X	X	X	X
	Termómetros dixitais testo 105. Impermeables				X	X	X	X	X	X
	Data-llogger						X	X	X	X
	Peachímetro e disolucións				X	X	X	X	X	X
	Fonendo nissei veterinaria			X	X	X	X	X	X	X
	Coitelo de desosar de 14 cm de folla	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Triquinoscopios e placas de triconoscopios	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Lupas estereoscópicas						X	X	X	X
Material de precintado e toma de mostras	Neveiras	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Precintos	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Pinzas disección		X	X	X	X	X	X	X	X
	Material de recollida mostras (recipientes, etc.)	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Material de oficina	Máquinas escribir	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	PC's + impresoras		X	X	X	X	X	X	X	X
	Equipos multifunción		X	X	X	X	X	X	X	X
	Maletín executivo				X	X	X	X	X	X
	Selos de caucho	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Manipuladores de alimentos	Televisións e vídeo	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Cintas vídeo (manipuladores alimentos)	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Comunicacións	Teléfonos móbiles		X	X	X	X	X	X	X	X
	Teléfono-fax-contestador	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Transporte	Vehículos	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Tarxetas combustible	X	X	X	X	X	X	X	X	X
	Tarxetas autopista	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Recursos económicos

Táboa 4. Evolución e análise dos investimentos en euros nos servizos de inspección de saúde pública. 1996-2003

	2003	2002	2001	2000	1999	1998	1997	1996
Investimentos en formación	**18.000,00**	**22.152,05**	**30.309,74**	**43.930,32**	**27.646,56**	**10.647,84**	**46.976,49**	**26.594,32**
Accións formativas	18.000,00	10.131,81	30.309,74	43.930,32	27.646,56	10.647,84	46.976,49	26.594,32
Investimentos en recursos materiais[1]	**241.925,26**	**196.910,48**	**205.828,63**	**192.346,46**	**236.745,65**	**143.529,71**	**143.607,15**	**91.467,68**
Melloras estruturais	5.904,22	7.858,54	3.112,64	9.004,50	12.747,90	3.398,98	1.987,47	23.966,04
Sistemas de comunicación	87.481,78	77.353,31	102.650,47	74.674,58	73.884,11	62.670,58	52.582,77	29.767,61
Material de inspección	66.461,00	47.859,42	78.259,79	51.688,50	82.676,87	33.149,12	38.133,33	15.863,34
Documentos (lexis., actas, varios)	57.419,56	50.663,55	6.827,22	19.250,27	33.310,49	4.775,64	30.060,24	19.311,82
Material ofimático	24.658,70	13.175,66	14.978,51	37.728,61	34.126,28	39.535,39	20.843,33	2.558,88
Investimentos en calidade	**5.776,29**	**4.252,15**	**13.477,70**	**7.363,59**	**10.666,76**			
Elaboración documentación		4.252,15	13.477,70	7.363,59	10.666,76			
Calibración equipos de medida	5.776,29							
Investimentos en medios de transporte	**529.807,00**	**503.378,52**	**492.755,75**	**448.878,66**	**591.925,02**	**541.262,77**	**522.299,68**	**488.801,00**
Custo anual medios de transporte[2]	529.807,00	503.378,52	492.755,75	448.878,66	591.925,02	541.262,77	522.299,68	488.801,00
Nº de vehículos oficiais	108	104	104	96	83	83	78	76
Custo vehículo/mes	408,80	403,35	394,83	389,65	594,30	543,44	558,01	535,96
Total investimentos	**795.508,55**	**726.693,20**	**742.371,82**	**692.519,03**	**866.983,99**	**695.440,32**	**712.883,32**	**606.863,01**
Investimentos por inspector/ano	**3.036,29**	**2.773,64**	**2.833,48**	**2.643,20**	**3.309,10**	**2.654,35**	**2.720,93**	**2.316,27**

1. Sen incluír os medios de transporte

Táboa 5. Análise de custos en euros dos recursos humanos do subsistema de emisión de certificados de exportación

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A 28-A	S.C.[1]	1	458		
Técnico superior	Grupo I	S.C.	20	6.252		
Inspector S.P.	Grupo A-22	S.P.[2]	6,618 h.[3]	157.310		
CUSTO TOTAL RR.HH.				**164.020**	**154.694**	**57.913**

1. Servizos centrais
2. Servizos periféricos
3. Nº certificados emitidos x tempo estimado de emisión dun certificado (120 min.)

Táboa 6. Análise de custos en euros do subsistema de supervisión da emisión de certificados de exportación

	2003	2002	2001	2000	1999	1998	1997
Nº de certificados emitidos	3.309	3.520	3.026	3.230	2.886	2.252	1.834
Investimentos	157.309,86	154.694,99	55.744	63.638,12	57.557,66	35.298,20	18.307,45
Taxas	9.019,15	12.986,14	16.219,00	22.675,56	13.974,70	10.393,77	7.908,18
Custo por certificado sen taxas	47,54	43,95	18,42	19,70	19,94	15,67	9,98
Custo por certificado con taxas	44,81	40,26	13,06	12,68	15,10	11,06	5,67

Táboa 7. Custo en euros do proxecto de acreditación dos servizos de Inspección segundo a norma EN45004

	2003	2002	2001	2000	1999
Asesoría sistemas de calidade	5.776,29	4.252,15	13.477,70	7.363,59	10.666,76

Táboa 8. Análise de custos en euros dos recursos humanos do sistema

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Grupo	Nº*	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	A 28-A	1	S.C.[1]	60	27.500,17		
Xefe de sección	A-25	1	S.C.	90	34.609,72		
Técnico superior	A-20	2	S.C.	30	18.583,60		
Administrativo	C–18	1	S.C.	100	22.571,42		
Administrativo	III	1	S.C.	100	21.246,59		
Administrativo	D-12	1	S.C.	100	17.470,60		
Xefe de zona	A-26	13	S.P.[2]	100	542.710,93		
Director Técnico Sanitario Ind. Alim.	A-25	14	S.P.	100	564.120,71		
Técnico Asesor Veterinario Seg. Alim.	A-24	3	S.C.	100	115.847,69		
Inspector Técnico Veterinario de S.P.	A-22	139	S.P.	100	4.941.170,48		
Inspector Veterinario de S.P.	A-20	10	S.P.	100	328.117,64		
Coordinador matadoiro	A-22	66	S.P.	100	2.365.207,34		
Inspector de S.P. de matadoiro	A-20	17	S.P.	100	562.704,24		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**9.561.861,13**	**9.513.686,33**	**8.735.292,39**

1. *Servizos centrais*
2. *Servizos periféricos*

* *Modificación RPT D.O.G. do 31 de xullo de 2002*

Táboa 9. Custos en euros por hora de inspección

	Custo/hora inspección
Xefes de zona (nivel 26)	27,49
Inspectores de saúde pública (nivel 22)	23,77
Inspectores de saúde pública (nivel 20)	22,12
Coordinador de matadoiro (nivel 22)	22,13
Inspectores de matadoiro (nivel 20)	20,49
Tecnico asesor en seguridade alimentaria (nivel 24)	23,80
Directores técnicos (nivel 25)	26,62

Fórmula: [(SB+P/H] + %I
SB: soldo bruto
P: produtividade
H: nº de horas de inspección ao ano por persoa
I: investimentos en recursos materiais

De resultados

Táboa 10. Evolución das incidencias e notificacións por certificados de exportación. 1997-2003

Tipo problema	Nº casos							% sobre total certificados						
	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003
Esixencias especiais	–	5	1	–	–	6	4	0	0,12	0,03	0	0	0,2	0,12
Modelos especiais	–	2	7	–	–	12	79	0	0,05	0,24	0	0	0,34	2,39
Sinatura inadecuada	2	–	–	–	–	0	1	0,12	0	0	0	0	0	0,03

Sistema de coordinación e xestión dos laboratorios de saúde pública

1. **Data de comezo:** ano 1993
2. **Coordinación:** Montserrat Castelo Guzmán
3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Prestar o apoio preciso aos programas de saúde pública.
   2. Adaptar os laboratorios de saúde pública ás normas vixentes, mellorando a súa capacidade e calidade técnica.

   Específicos

   1. Asegurar a dotación de material en función das necesidades de cada laboratorio.
   2. Manter o funcionamento eficaz dos laboratorios.
   3. Asegurar a formación continuada do persoal.

4. **Descrición do sistema**

   Os laboratorios de saúde pública representan un servizo complementario e imprescindible dos programas de saúde pública. O cumprimento deste papel de xeito eficaz depende, en gran medida, da dotación de infraestruturas, medios materiais e humanos.

   Por outra banda, a exixencia normativa de acreditación, entendida como o recoñecemento da capacidade de avaliación do laboratorio e a súa conformidade co sistema de equivalencias de todos os laboratorios oficiais, fai necesario que se leven a cabo unha serie de melloras que lles permitan a obtención da cualificación de laboratorio acreditado.

   O Sistema Galego de Coordinación de Laboratorios pretende a xestión eficaz dos laboratorios dependentes da Dirección Xeral de Saúde Pública, mellorando a súa organización e procurando un funcionamento racional de cada un deles.

   Estratexias

   1. Optimización dos recursos humanos:
      - Determinación das cargas de traballo.
      - Axuste de persoal en función das cargas de traballo.
      - Implantación das boas prácticas de laboratorio, como sistema de garantir a calidade total do laboratorio.
      - Especialización por tipo de produtos, técnicas analíticas e determinacións.
      - Acadar a acreditación das liñas analíticas prioritarias.
      - Elaborar un sistema de información da actividade de cada laboratorio.
      - Plans de formación do persoal técnico dos laboratorios.
   2. Xestión dos recursos materiais:
      - Dotación de material funxible.
      - Dotación de material inventariable.
      - Mantemento dos medios materiais.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.
   - 4 unidades de coordinación periférica: servizos de Protección da Saúde das delegacións provinciais, directores dos laboratorios de saúde pública.

   Recursos materiais

   - Laboratorios de saúde pública das delegacións provinciais.

5. **Proxectos, servizos e actividades xestionados en 2003**

   - Subsistema de mellora da xestión dos laboratorios de saúde pública
     - Servizo de mantemento dos equipos instrumentais dos laboratorios de saúde pública mediante a contratación deste cunha empresa para tal fin.

- Servizo de recollida dos residuos dos laboratorios de saúde pública mediante a contratación dunha empresa para tal fin.
- Adquisición de material funxible.
- Adquisición de material inventariable.
- Definición e implantación de novas técnicas analíticas.
- Valoración dos resultados analíticos. Modelo de informes.

- Proxecto anual de formación continuada do persoal dos laboratorios
  - Descentralización orzamentaria para facilitar a asistencia a cursos de formación do persoal técnico dos laboratorios.
  - Xestión da participación dos laboratorios en ensaios interlaboratorios.
  - 1 edición do curso "Formación en técnicas instrumentais e microbiolóxicas de aplicación en laboratorios agroalimentarios".
  - 1 edición do curso "Técnicas instrumentais de aplicación en laboratorios de saúde pública" 2ª parte.
- Proxecto de acreditación dos laboratorios de saúde pública
  - Revisión do alcance da acreditación do Laboratorio de Saúde Pública de Pontevedra para a realización de ensaios microbiolóxicos e fisicoquímicos en produtos alimenticios pola entidade ENAC.
  - Revisión do alcance da acreditación do Laboratorio de Saúde Pública da Coruña para a realización de ensaios microbiolóxicos e fisicoquímicos en produtos alimenticios pola entidade ENAC.
  - Revisión do alcance da acreditación do Laboratorio de Saúde Pública de Lugo para a realización de ensaios microbiolóxicos e fisicoquímicos en produtos alimenticios pola entidade ENAC.
  - Adecuación do sistema de calidade do Laboratorio de Saúde Pública de Ourense a norma UNE EN-ISO/IEC 17025 cara á solicitude de acreditación.
- Proxecto de informatización dos laboratorios de saúde pública
  - Codificación dos ensaios dos laboratorios.
  - Control dos gastos dos laboratorios.
  - Deseño dunha aplicación informática para a xestión de mostras e resultados.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros dos recursos humanos do sistema

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Grupo	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A 28a	1	S.C.[1]	20	9.166		
Xefe de sección	Grupo A-25	1	S.C.	70	26.918		
Director laboratorio	Grupo A-28b	4	S.P.[2]	100	174.086		
Técnico superior	Grupo A-20	17	S.P.	100	526.535		
Técnico superior	Grupo A-I	3	S.P.	100	93.778		
Técnico medio	Grupo B-16	6	S.P.	100	155.036		
Técnico medio	Grupo II	1	S.P.	100	26.244		
Técnico laboratorio	Grupo III	9	S.P.	100	191.219		
Oficial laboratorio	Grupo IV	13	S.P.	100	235.793		
Auxiliar laboratorio	Grupo D-12	11	S.P.	100	192.176		
Administrativo	Grupo E	2	S.P.	100	31.244		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**1.562.695**	**1.634.299**	**1.724.783**

1. *Servizos centrais*
2. *Servizos periféricos*

Táboa 2. Evolución dos custos en euros do mantemento dos equipos industriais. 1998-2003

	2003	2002	2001	2000	1999	1998
Mantemento	36.074	48.462	23.259	23.259	23.375	19.793
Arranxos	19.692	16.831	14.922	9.828	30.252	5.793
TOTAL	**55.766**	**65.293**	**38.181**	**33.087**	**53.627**	**25.586**

Táboa 3. Evolución dos custos en euros do material inventariable adquirido para os laboratorios. 1998-2003

Laboratorio	2003	2002	2001	2000	1999	1998
A Coruña	15.384	–	15.726	37.469	12.080	9.750
Lugo	*277.021	12.406	41.385	52.192	58.774	106.674
Pontevedra	16.002	62.150	9.861	72.252	9.796	8.530
Ourense	2.213	–	23.544	8.466	–	10.474
GALICIA	**310.620**	**74.557**	**90.517**	**170.379**	**80.650**	**135.429**

** 232.000,00 subvencionados pola Fundación ARAO*

Táboa 4. Evolución e análise de custos en euros dos proxectos anuais de formación. 1998-2003

Laboratorio	2003	2002	2001	2000	1999	1998
Nº de cursos xestionados	2	2	2	2	15	10
Nº de asistencias	39	54	52	24	41	10
Nº de horas ofertadas por persoa	39,11	28,6	19	20	15,2	0
Custo por asistente	219,20	381.38	394	383	341	560
TOTAL CUSTOS	**18.529**	**20.594,78**	**20.513**	**9.191**	**13.969**	**5.600**

Táboa 5. Evolución da participación en ensaios interlaboratorios e análise de custos en euros. 1998-2002

Laboratorio	2003	2002	2001	2000	1999	1998
A Coruña	5	4	4	3	2	2
Lugo	6	6	6	6	5	5
Ourense	3	4	3	2	2	2
Pontevedra	8	8	7	6	5	3
TOTAL CUSTOS	**24.484**	**22.794**	**26.616**	**24.127**	**13.324**	**9.918**

Táboa 6. Evolución e análise dos custos en euros dos proxectos de acreditación. 1997-2003

Ano	Proxecto	Custo
1997	Implantación sistema de calidade Lab. Lugo	1.923
	Asesoría logo de acreditación ENAC Lab. Lugo	8.114
	Asesoría sistemas de calidade (Lab. A C, Ou, Po)	36.549
	Total custo	**46.586**
1998	Apertura de expediente acreditación en ENAC Lab. Coruña Pontevedra	2.370
	Acreditación en ENAC Lab. Lugo	5.111
	Ampliación acreditación Lab. Lugo	837
	Total custo	**8.318**
1999	Acreditación en ENAC Lab. A Coruña	5.020
	Acreditación en ENAC Lab. Pontevedra	5.020
	Ampliación acreditación Lab. Lugo	5.020
	Total custo	**15.059**
2000	Ampliación acreditación Lab. A Coruña	4.218
	Ampliación acreditación Lab. Pontevedra	4.636
	Total custo	**8.854**
2001	Auditoría seguimento e ampliación acreditación Lab. A Coruña	3.660
	Auditoría seguimento e ampliación acreditación Lab. Lugo	4.113
	Auditoría seguimento e ampliación acreditación Lab. Pontevedra	4.113
	Total custo	**11.887**
2002	Auditoría seguimento e ampliación acreditación Lab. A Coruña	5.394
	Auditoría seguimento e ampliación acreditación Lab. Lugo	12.167
	Auditoría seguimento e ampliación acreditación Lab. Pontevedra	2.395
	Total custo	**19.956**
2003	Auditoría reevaluación acreditación Lab. A Coruña	10.167
	Auditoría seguimento acreditación Lab. Lugo	3.416
	Auditoría reevaluación acreditación Lab. Pontevedra	10.167
	Total custo	**23.751**

De resultados

Táboa 7. Evolución do número de determinacións realizadas por laboratorio. 1998-2003

Laboratorio	Determinacións fisicoquímicas						Determinacións microbiolóxicas					
	1998	1999	2000	2001	2002	2003	1998	1999	2000	2001	2002	2003
A Coruña	5.637	3.222	3.785	9.075	10.508	9.982	10.889	11.075	11.799	15.405	14.429	15.979
Lugo	36.702	43.565	62.152	51.112	51.503	51.253	9.767	11.167	8.613	9.851	11.573	13.191
Ourense	8.846	6.210	7.286	7.514	6.586	7.511	5.184	5.210	3674	3.029	3.225	3.954
Pontevedra	11.252	10.043	15.451	7.140	8.836	11.788	8.072	7.780	10.066	9.758	11.804	15.766
TOTAIS	**62.437**	**63.040**	**88.674**	**74.841**	**77.433**	**80.534**	**33.912**	**35.232**	**34.152**	**38.043**	**41.031**	**48.890**

Táboa 8. Relación de ensaios acreditados sobre ensaios totais

Laboratorios	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Nº ensaios totais	59	388	70	89
Nº ensaios acreditados	51	147	0	55
% ensaios acreditados / ensaios totais	86	38	0	62

Táboa 9. Catálogo de ensaios acreditados

Laboratorio	Produtos	Tipo de ensaios
A Coruña	Augas	Físico-químico
	Augas	Microbiolóxico
	Alimentos	Microbiolóxico
	Leite e derivados	Microbiolóxico
Lugo	Augas	Físico-químico
	Augas	Microbiolóxico
	Alimentos	Microbiolóxico
	Fígado	Físico-químico
	Músculo	Físico-químico
	Ollo	Físico-químico
	Ouriños (animal)	Físico-químico
	Ril	Físico-químico
Pontevedra	Augas	Físico-químico
	Augas	Microbiolóxico
	Alimentos	Microbiolóxico
	Molusco fresco	Microbiolóxico
	Produtos da pesca e derivados	Físico-químico

Sistema de control da xestión de taxas e prezos públicos dependentes da DXSP

1. **Data de comezo:** ano 1996
2. **Coordinación:** María García-Malvar Suárez
3. **Obxectivos**

   Xeral

   Supervisar a xestión e liquidación das taxas e prezos públicos por prestación dos servizos adscritos á Dirección Xeral de Saúde Pública.

   Específicos

   1. Establecer a mecánica de cobramento de taxas e prezos públicos por prestación de servizos.
   2. Acadar criterios homoxéneos na xestión e liquidación de taxas e prezos públicos.

4. **Descrición do sistema**

   A normativa actual vixente en materia de taxas, exaccións e prezos públicos en Galicia establece que a xestión e liquidación destes será responsabilidade dos entes da administración que subministren o ben ou o servizo.

   Actualmente algunhas das taxas recollidas na normativa galega son de creación propia pero outras, sobre todo as relacionadas co control oficial de alimentos, veñen impostas pola normativa derivada das directivas do Consello de Europa, que pretenden financiar os servizos de inspección e outros relacionados co fin de asegurar que cada Estado membro conte cun dispositivo de control axeitado para permitir a libre circulación destes produtos por toda a Unión Europea en réxime semellante de seguridade para os consumidores.

   Neste sentido, a Dirección Xeral de Saúde Pública, como unidade encargada do control oficial dos produtos alimentarios baixo o punto de vista sanitario, ten responsabilidades na xestión e liquidación das taxas e prezos públicos que se deriven destas actividades. Por outra banda, a normativa autonómica recolle outra serie de taxas e prezos públicos que tamén deben ser xestionados polos servizos dependentes dela.

   O feito de que as unidades de xestión directa estean nas delegacións provinciais fixo necesario que se establecese un sistema de supervisión destas actividades co fin de que se unificasen ao máximo os criterios e se establecese unha mesma sistemática de cobramento, así como unha centralización dos datos na unidade responsable.

   Estratexias

   1. Establecer criterios uniformes na aplicación de taxas e prezos públicos.
   2. Realizar as revisións periódicas das contías destes conceptos e elaboración da circular anual.
   3. Elaboración dun sistema de remisión dos datos aos servizos centrais.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Unidade central: Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.
   - 4 unidades de coordinación periférica: servizos de Protección da Saúde das delegacións provinciais.
   - 13 zonas veterinarias: 4 na provincia da Coruña, 3 en Lugo, 3 en Ourense e 3 en Pontevedra.

   Recursos materiais

   - Impresos de autoliquidación.
   - Modelos de declaración complementaria das taxas.

5. Proxectos e actividades xestionadas en 2003

- Elaborouse a circular de revisión de contías para o ano 2003.
- Elaborouse a revisión nº 5 do procedemento normalizado de traballo (PNT) de taxas.
- Declaración trimestral de taxas e prezos públicos dende os servizos periféricos aos servizos centrais.
- Elaboración da proposta de modificación da taxa correspondente á expedición de certificados sanitarios para a circulación de carne, peixe, leite e outros produtos, así como os seus derivados.
- Elaboración da proposta de creación da taxa pola autorización das empresas ou entidades para realizar as actividades de impartición dos programas de formación en materia de hixiene alimentaria.
- Elaboración da proposta de creación da taxa pola expedición de certificado de formación en hixiene alimentaria para manipuladores de alimentos.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros dos recursos humanos do sistema

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A 28A	1	S.C.[1]	6	2.750		
Técnico superior	Grupo I	1	S.C.	70	21.881		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**24.631**	**24.162**	**24.526**

1. Servizos centrais

De resultados

Táboa 2. Evolución das contías en euros dos tipos de taxas xeradas (por provincias no 2003). 2000-2003

Descrición claves	Claves	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	2003	2002	2001	2000
Dilixenciado de libros	**30.01.00**	1.298,43	606,3	297.34	858,05	2.762,78	3.276,09	2.229,33	2.792,51
Inscrición en rexistros oficiais	**30.02.00**		4,3			4,30	198,48	118,10	97,36
Expedición de certificados	**30.04.00**	160,23	4.804,54	3.161,15	893,23	9.019,15	12.986,14	12.519,47	15.278,96
Prestación de servizos facultativos relacionados coas análises, dictames, peritaxes, etc., cando así o esixa a normativa vixente	**31.07.02**				22,95	22,95	88,85	32.779,49	0,00
Control sanitario de exportacións de produtos alimentarios	**31.09.00**	1.086,47	1.220,47	2.739,52	19.365,68	24.412,14	22.934,93	16.475,12	22.675,56
Expedición de autorización sanitaria de funcionamento	**31.10.01**	10.949,04	5.049,53	5.450,53	25.811,47	47.260,57	47.853,59	40.778,55	41.945,33
Validación sanitaria de funcionamento	**31.10.02**	9.601,41	5.421.94	3.364,82	9.700,91	22.667,14	24.283,13	16.156,67	13.818,68
Emisión de informes que esixan estudios, exames de proxectos, ou expedientes tramitados a instancia de parte	**31.12.02**	838,88	422,4	2.085,26	6.110,25	9.456,79	7.316,00	38.261,48	7.527,41
Manipuladores de alimentos	**31.12.06**	102.376,89	30.580,79		79.940,97	212.898,65	251.620,17	271.633,43	252.454,09
Autorización entidades de formación manipuladores de alimentos						0,00			
Exhumación dun cadáver, criatura abortiva ou membros procedentes de amputacións	**31.13.02**	4.075,02	264,5	1.163,05	5.732,12	11.234,69	14.102,13	12.169,74	0,00
Exhumación de restos cadavéricos	**31.13.03**	5.226.24	3.781,91	1.752,41	5.873,76	11.408,08	10.179,58	7.213,02	0,00
Control sanitario de carnes de animais da especie porcina para o consumo	**31.25.01**	192,34	1.392,78	699,89	430,74	2.715,75	2.536,22	3.360,30	4.017,74
Informes técnicos e outras actuacións facultativas realizadas por persoal técnico	**32.01.00**	14.198.92			885,06	885,06	20.555,55	44.994,38	19.839,68
Venda de libros oficiais de mantemento obrigatorio que non teñan tarifa específica	**33.01.00**	331,8	301	42,79	65,28	740,87	1.116,65	1.734,61	1.336,56
Venda de libros de control sanitario de piscinas de uso colectivo	33.04.00	8.214,09	1.022,90	266,36	1.783,18	11.286,53	5.074,99	2.616,54	0,00
Inspección e control sanitario oficial de carnes frescas, carnes de aves de curral e coellos, e de determinadas substancias e os seus residuos	**31.08.00** **31.36.00**	365.207,42	165.526,85	97.791,89	285.876,49	914.402,65	844.572,53	613.211,61	573.924,86
Servizos prestados en laboratorios de S.P.	**36.23.00**		7.185,21			7.185,21	6.266,50	93.230,54	5.666,72
TOTAL		**504.332,02**	**222.163,48**	**118.517,67**	**443.350,14**	**1.290.366,31**	**1.274.872,68**	**1.209.482,38**	**961.375,45**

Sistema de xestión de expedientes sancionadores a industrias da alimentación e produtos alimentarios

1. **Data de comezo:** ano 1993

2. **Coordinación:** Marta Barca Ramos

3. **Obxectivos**

   Xeral

   Apoio ao sistema de inspección dos alimentos, industrias de alimentación e outros establecementos dedicados á transformación e venda dos alimentos.

   Específicos

   1. Unificar os criterios de cualificación das infraccións.
   2. Unificar os criterios de cuantificación das sancións.
   3. Tramitar en tempo legal os expedientes sancionadores.

4. **Descrición do sistema**

   Os resultados das inspeccións que se levan a cabo nos diferentes programas de control sanitario de industrias da alimentación e de control sanitario de alimentos, dentro do Plan Sectorial de Actuación sobre Factores Ambientais Xerais require que, en determinadas situacións, se leven a cabo as medidas sancionadoras que están previstas nas diferentes normativas sectoriais. As ditas medidas serán de aplicación cando se detecten deficiencias reiteradas, tanto no nivel estrutural das industrias como naqueles casos nos que as industrias estean a poñer nas canles de comercialización produtos alimentarios que supoñan un risco para a saúde dos consumidores aos que van destinados, como é o caso das substancias utilizadas de xeito fraudulento na alimentación animal.

   O establecemento de medidas de carácter sancionador require, segundo o recollido na lexislación sancionadora vixente, que se articule un procedemento regrado de tramitación dos expedientes, de xeito que en todo momento se asegure o dereito á defensa de calquera administrado e se eviten actuacións arbitrarias da Administración.

   Neste sentido o sistema de xestión de expedientes sancionadores a industrias de alimentación e produtos alimentarios pretende que as actuacións nesta materia sexan o máis homoxéneas posibles en todas as unidades con responsabilidade na tramitación de expedientes sancionadores.
   Así mesmo, pretende facer un seguimento das actividades sancionadoras de xeito que sirva de dato para a fixación de obxectivos dos programas, xa que proporciona gran información acerca de cales poden ser os subsectores alimentarios sobre os que é necesario facer un seguimento máis intenso.

   Estratexias

   1. Unificar os criterios de cualificación das infraccións.
      - Establecemento de criterios de avaliación das infraccións.
      - Establecemento de bases xurídicas sancionadoras que avalen a cualificación.
   2. Unificar os criterios de cuantificación das sancións.
      - Establecemento de escalas de avaliación de contías en función de criterios obxectivables.
   3. Tramitar en tempo legal os expedientes sancionadores:
      - Mellorar os tempos legalmente establecidos.
   4. Realizar o seguimento das sancións:
      - Articular o sistema de información coas unidades responsables da finalización do expediente.
      - Establecer o sistema de retroalimentación de información coas unidades responsables do inicio dos expedientes.
   5. Avaliación anual do sistema:

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central: Servizo de Inspección e Laboratorios de Saúde Pública.
- 4 unidades de coordinación periférica: servizos de Protección da Saúde das delegacións provinciais.

Recursos materiais

- Material ofimático.
- Modelos normalizados.

5. Proxectos e actividades xestionadas en 2003

- Inicio de expedientes sancionadores na dirección xeral:
  - Dentro do Plan Nacional de Investigación de Residuos en Animais e os seus Produtos.
- Resolución de expedientes:
  - Tramitados dende as delegacións e que, por razón competencial, corresponde resolver ao director xeral.
  - Iniciados na dirección xeral e que non superaban as competencias sancionadoras da directora xeral.
- Tramitación de expedientes:
  - Traslado de expedientes ao órgano competente para resolver, por ter superada a capacidade sancionadora da directora xeral.
  - Tramitación de recursos ordinarios que lle corresponde resolver ao conselleiro.
- Avaliación anual do sistema.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros dos recursos humanos do sistema

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A 28A	1	S.C.[1]	8	3.666	3.613	3.708
Técnico superior	Grupo I	1	S.C.	90	28.133	27.581	27.957
CUSTO TOTAL RR.HH.					**31.799**	**5.615**	**33.666**

1. Servizos centrais

Táboa 2. Evolución dos principais indicadores do sistema. 1996-2003

	2003	2002	2001	2000	1999	1998	1997	1996
Expedientes de tramitación propia	10	7	5	16	21	15	21	32
Expedientes de tramitación conxunta coas delegacións provinciais	28	38	39	32	38	33	41	31
Total de expedientes tramitados	**38**	**45**	**44**	**48**	**59**	**48**	**62**	**63**
Expedientes remitidos á fiscalía	0	0	0	1	1	4	15	6
Expedientes sobresidos	1	4	8	3	7	6	14	10
% de sobresemento	2,63	8,89	18,18	6,25	11,86	11,53	18	14
Tempo medio de tramitación (días laborais)	21,4	22,2	17,9	33,1	33,5	31,9	42,7	48
Valor en euros das sancións impostas	**144.528,00**	**104.069,61**	**100.970,13**	**96.162,06**	**114.733,29**	**139.945,72**	**161.732,48**	**262.732,44**

De resultados

Táboa 3. Evolución histórica dos motivos das sancións. 1996-2003

Motivos das sancións	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	Total
PNIR: clembuterol e nitrofurantoina	14	19	6	4	4	0	0	1	**47**
PNIR: inhibidores	11	6	6	16	9	2	6	7	**56**
Deficientes condicións de transporte	4	3	4	1	1	1	0	–	**14**
Deficiencias estruturais, hixiénicas e falta de carné de manipulador	11	3	12	18	11	12	16	11	**83**
Deficiente manipulación de produtos	8	–	–	–	–	–	–	1	**8**
Carencia de rexistros administrativos	12	24	13	14	3	2	4	6	**72**
Produtos perigosos	9	5	2	2	3	1	2	5	**24**
Impedir ou dificultar as tarefas de inspección	0	9	0	0	0	8	5	1	**22**
Non cubrir os libros de inspección ou libros mal cubertos	0	2	1	2	6	1	0	–	**12**
Produtos mal etiquetados/documentados	0	1	0	1	3	2	2	–	**9**
Carnes sen documentación ou documentación irregular	0	5	2	3	4	2	1	2	**17**
Matadoiros clandestinos	0	0	5	0	0	6	4	–	**15**
Desaparición de mercadorías inmobilizadas	0	0	1	0	0	–	2	2	**1**
Incumprimento acordo suspensión actividades	0	0	0	0	3	7	3	2	**10**
TOTAL SANCIÓNS	**69**	**77**	**52**	**61**	**47**	**44**	45	**38**	**433**

Táboa 4. Evolución histórica dos motivos de sobresemento. 1996-2003

Motivos de sobresemento	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	Total
Falta de confirmación analítica	10	8	3	3	2	1	4	–	**31**
Considerar o órgano competente para resolver que non era infracción	–	4	2	–	–	–	–	–	6
Non se puido demostrar a responsabilidade da empresa	–	2	1	4	1	4	–	–	12
Caducidade	–	–	–	–	–	3	–	1	4
TOTAL SOBRESEMENTOS	**10**	**14**	**6**	**7**	**3**	**8**	**4**	**–**	**53**

Táboa 5. Sentenzas de recursos contencioso-administrativos recibidas na DXSP en 2003

	Total	Desestimatorias	Parcialmente estimatorias	Estimatorias
Inhibidores	3	2	–	1
Presencia de Salmonella	–	–	–	–
Matanzas clandestinas	1	1	–	–
Deficientes condicións hixiénicas e estruturais	3	3	–	–

Plan de Sistemas de Información de Saúde Pública

1. **Data de comezo:** ano 2002

2. **Coordinación:** José Luis Aboal Viñas e Xurxo Hervada Vidal

   Tras o comezo en 1987, do progresivo desenvolvemento de soporte informático para as funcións e tarefas da DXSP, de xeito independente e baseado inicialmente en aplicativos específicos, deseñados e desenvolvidos interna e externamente, e cun mantemento propio soportado nunha rede de 100 postos de traballo e varios servidores, en 2002, iníciase unha nova etapa estratéxica para o desenvolvemento dos sistemas de información, marcada pola necesaria integración nos sistemas de información e comunicación desenvolvidos polo Servizo de Informática do Sergas, baixo estándares corporativos e dirección centralizada para todas as unidades e órganos adscritos á Consellería de Sanidade.

   Ata 2001, existían un Programa de deseño e desenvolvemento de aplicacións Informáticas da DXSP e un Programa de mantemento e actualización da rede informática e das aplicacións, dotados de persoal técnico específico, recursos e financiamento propios, agrupados na Unidade de Informática da DXSP, desde onde se prestaban servizos de asesoramento, formación e atención a todas as persoas da organización.

   Os programas de saúde pública dependen, basicamente, da información para orientar as súas estratexias de saúde con maior eficacia, debendo contar cun sistema organizado de información sanitaria, vixilancia e acción epidemiolóxica. Así pois, nesta nova etapa, a DXSP proponse deseñar un novo modelo de arquitectura funcional e técnica que dea cobertura aos diversos programas, deseñando as estruturas de coordinación e acceso á información, e non só mellorar as aplicacións informáticas xa existentes.

3. **Obxectivos**

   Xeral

   Facilitar a obtención da información necesaria para que a DXSP poida acadar o logro da súa misión, e potenciar unha cultura corporativa de interacción dinámica das persoas e dos coñecementos.

   Específicos

   1. Deseñar un modelo de arquitectura baseada en subsistemas que soporten os diferentes programas de saúde, integrados cos sistemas de referencia do conxunto da organización sanitaria de Galicia.
   2. Implantar sistemas de análise no ámbito dos programas de saúde que permitan a realización rápida e sinxela de estudos e informes.

4. **Descrición do programa**

   Estratexias

   1. Coordinación cos responsables dos sistemas de información corporativos, e análise técnica das posibilidades de mellora das aplicacións xa existentes.
   2. Identificación dos requirimentos e funcionalidades dos diferentes subsistemas que conforman o S.I. de S.P., de xeito participado polos xestores dos programas de saúde.
   3. Contratación de consultoría externa para o deseño do Plan de Sistemas Informáticos de Saúde Pública en 2002, e desenvolvemento dos subsistemas prioritarios identificados no período 2002-2005.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos

   - Grupos de mellora en cada unidade.
   - Consultoría do Servizo de Informática do Sergas.
   - Subdirección Xeral de Xestión e Calidade.
   - Servizo de Informática do Sergas (desenvolvemento).

   Recursos materiais

   - Plan de Sistemas Informáticos da DXSP.
   - Hardware segundo estándares do Servizo de Informática do Sergas.

- Software da rede do Sergas.
- Software específico: aplicacións específicas que hai que integrar no Sistema.

5. Proxectos e actividades realizadas en 2003

- Xestión económico-administrativa do financiamento de custos do Plan de Sistemas Informáticos da DXSP deseñado no 2003.
- Implantación dunha nova versión de aplicación de vacinas.
- Implantación de laboratorio de metabolopatías.
- Conexión das Áreas Veterinarias á rede informática da Consellería/Sergas e comezo do uso do aplicativo legal en varias delas.
- Inicio da Análise Funcional para a informatización dos laboratorios de saúde pública.
- Comezo da definición funcional do Sistema Vixía (Subsistema de Enfermidades Transmisibles do Plan de Sistemas).
- Implantación do aplicativo de xordeira neonatal en varios hospitais.
- Implantación do aplicativo de VIH en varios hospitais.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

Táboa 1. Prioridades de execución e implantación

Aplicación	Prioridade actuación urxente	Prioridade cumprimento LOPD	Prioridade de implantación
Enfermidades transmisibles			
Tuberculose	A	A	1
Sida	A	A	2
Vacinas		A	3
Edos			4
Abrochos			5
Simga		M	6
Gripe			7
Campañas puntuais: sarampelo, meninxite			7
Enfermidades non transmisibles			
Tumores		A	1
Vida sen tabaco	M		2
Bucodental			3
IVE		A	4
Cardiovasculares			5
Diabete			5
Enfermidades pulmonares			5
Programa da muller			6
Cribaxes			
Cancro de mama		A	1
E. endócrinas e metabólicas			2
Xordeira neonatal		M	3

(Continuación)

Aplicación	Prioridade actuación urxente	Prioridade cumprimento LOPD	Prioridade de implantación
Ambiente			
Labwin (laboratorios)	A		1
Vegal (inspección vet.)			2
Instalacións *Legionella*	A		3
Sisal (Saúde laboral)			4
Sinac (augas consumo)			5
Cemiterios			6
Biocidas			7
Pnir (residuos en carnes)			7
Colexios e garderías			7
Praias			7
Aire			7
Semaga (matadoiros)			7
Crotais (EEB)	A		7
Transversais			
Xestión documental e do coñecemento	A		1
Xestión económica			2
Ornamentos			2
Contratos-programa			3
Compras-almacén			4
Biblioteca			5
Pirguiss			5
Rexistro			5
Sistemas de referencia			
Poboacional	A		1
Rexistro neonatal	A		1
Mortalidade		M	2
Listas distribución (contactos)			3

A: Prioridade alta
M: Prioridade media
1,2,3,...: Prioridade de implantación sobre a nova arquitectura

Táboa 2. Análise de custos en euros do plan de sistemas de información de DXSP

	2002	2003
Hardware e infraestruturas	264.029	624.364
Software (desenvolvemento e mantemento)	669.437	500.000
TOTAL	**933.466**	**1.124.364**

Sistema loxístico básico de apoio e coordinación xeral

1. **Data de comezo:** ano 1997

2. **Coordinación:** Ángela Baliña de Jesús e Inés Sarceda Rodríguez

3. **Obxectivos**
   1. Coordinar a comunicación e a documentación interna e externa da DXSP, e os recursos materiais, equipos e servizos compartidos polo conxunto da organización.
   2. Elaborar e tramitar os expedientes económicos correspondentes aos gastos xerados polas operacións de coordinación xeral.

4. **Descrición do sistema**

   O Sistema loxístico básico de apoio e coordinación xeral está composto por diversos subsistemas e actividades de xestión da comunicación e documentación oficial interna e externa, e de mantemento e xestión de servizos, equipos e instalacións compartidos polo conxunto da organización.
   Estas actividades de coordinación e apoio xeral teñen todas elas, como denominador común, as estratexias e recursos que quedan recollidos a continuación.

Estratexias

1. Centralización da documentación e comunicación oficial externa, e sistema interno de distribución da documentación e comunicación oficial.
2. Centralización da xestión dos recursos comúns, compartidos polo conxunto da organización, e redeseño continuado dos procedementos que posibilitan o seu aproveitamento coordinado e sen conflitos.

Elementos organizativos

Recursos humanos

- Unidade central: Servizo de Coordinación e Calidade de Saúde Pública.
- Secretarías de dirección e subdireccións.
- Persoal da DXSP.

Recursos materiais

- Subsistema de información de entrada e saída de documentación oficial.
- Subsistema de servizos de almacén central, control de existencias, e distribución de materiais segundo demanda.
- Subsistema de servizos de mensaxería, hostalaría e apoio xeral de actividades.
- Equipos de fotografía e proxección electrónica.

5. **Proxectos e actividades xestionados en 2003**
   - Coordinación, execución e rexistro da actividade nos diversos subsistemas.
   - Redeseño dos servizos de almacén central, control de existencias e distribución de materiais segundo demanda.
   - Deseño e adquisición de materiais do stand da DXSP.
   - Xestión económico-administrativa do financiamento de custos dos proxectos.

6. Indicadores cuantitativos

De xestión

- Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros dos recursos humanos de coordinación do sistema

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A-28	1	S.C.[1]	10	4.583		
Secret. dirección	Grupo D-18	3	S.C	100	60.789		
Xefe de negociado	Grupo C-18	1	S.C.	100	22.571		
Aux. administrativo	Grupo IV	1	S.C.	70	12.697		
Ordenanza	Grupo E-10	1	S.C.	100	15.622		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**116.262**	**136.607**	**120.210**

1. Servizos centrais

De resultados

Táboa 2. Solicitudes de remisión de publicacións xestionadas e custo en euros do sistema

	2003	2002	2001	2000	1999	1998
Demandas de publicacións da DXSP atendidas	1.654	2.706	1.686	2.003	1.028	2.175
Custo almacenaxe e control de stocks	10.832	9.302	10.123	9.202	9.202	11.948
Custo demandas atendidas	12.020	12.024	16.863	19.818	5.440	7.384
CUSTO TOTAL	**22.852**	**21.326**	**26.986**	**29.020**	**14.642**	**19.332**
CUSTO UNITARIO POR ENVÍO	**13,8**	**7,8**	**16**	**14,4**	**14,2**	**8,8**

Táboa 3. Outras actividades de coordinación xeral

	2003	2002	2001	2000	1999	1998
Rexistros de entrada de documentación oficial	22.110	25.049	24.525	19.519	18.130	18.148
Rexistros de saída de documentación oficial	21.442	18.479	20.625	19.046	15.977	14.519
Envíos por mensaxería de documentación oficial	56	299	405	468	622	594

Sistema de coordinación de publicacións

1. **Data de comezo:** ano 1993
2. **Coordinación:** Manuel Amigo Quintana
3. **Obxectivos**

   Xerais

   1. Mellorar o deseño gráfico e a imaxe pública transmitida nas publicacións editadas polas unidades.

   Específicos

   1. Aplicar a normativa sobre publicacións da Xunta de Galicia e da Consellería de Sanidade.
   2. Deseñar modelos gráficos adaptados ás necesidades editoriais.
   3. Coordinar a producción da memoria anual de xestión da DXSP.

4. **Descrición do sistema**

   Estratexias

   1. Prestar asesoramento ás unidades segundo demanda.
   2. Supervisar a producción editorial da DXSP.
   3. Definir os planes editoriais semestrais e representar á DXSP na Comisión de Publicacións da Consellería de Sanidade.

   Elementos organizativos

   Recursos humanos:

   - Unidade central: Servizo de Coordinación e Calidade da Saúde Pública.
   - Persoal técnico da Dirección Xeral de Saúde Pública.

   Recursos materiais:

   - Normativa sobre publicacións da Xunta de Galicia e Manual de procedemento de publicacións oficiais da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.
   - Contratación de servizos de deseño gráfico e preimpresión, e de producción de materiais.

5. **Proxectos e actividades xestionadas en 2003**
   - Coordinación do proxecto de producción e distribución da Memoria de Xestión 2002 da DXSP.
   - Elaboración e tramitación dos planes semestrais de publicación.
   - Asesoramento e cooperación segundo demanda das unidades da DXSP.

6. **Indicadores cuantitativos**

   De xestión

   - Recursos económicos

Táboa 1. Análise de custos en euros dos recursos humanos de coordinación do sistema

Tipo de recurso RECURSOS HUMANOS	Categoría	Nº	Localización	% dedicación	Custo 2003	Custo 2002	Custo 2001
Xefe de servizo	Grupo A-28	1	S.C.[1]	50	22.917		
CUSTO TOTAL RR.HH.					**22.917**	**24.362**	**76.154**
CUSTO TOTAL RR.MM.					**21.000**	**13.000**	**13.000**
CUSTO TOTAL DO SISTEMA					**29.181**	**23.313**	**54.933**

1 Servizos centrais

De resultados

Táboa 2. Producción editorial da DXSP. Sistemas de edición normalizados e títulos publicados. 1992-2003

	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	TOTAL 1992-2003
Colección Documentos Técnicos de Saúde Pública	**3**	**10**	**9**	**4**	**4**	**5**	**3**	**6**	**8**	**4**	**6**	**4**	**62**
— Serie A: Programas	2	7	7	1	–	–	–	2	–	–	1	1	20
— Serie B: Informes técnicos	1	2	2	2	3	5	2	2	6	3	3	3	31
— Serie C: Monografías e manuais	–	1	–	1	1	–	1	2	2	1	2	–	11
Guías de Saúde Pública	**–**	**–**	**–**	**11**	**6**	**13**	**11**	**22**	**6**	**10**	**5**	**5**	**84**
— Serie I: Manuais e protocolos	–	–	–	8	2	6	5	13	–	3	4	3	41
— Serie II: Informes do estado de saúde	–	–	–	3	4	5	6	9	6	6	1	2	40
— Serie III: Follas informativas para a poboación	–	–	–	–	–	2	–	–	–	1	–	–	3
Guías de Inspección de Saúde Pública	**–**	**–**	**–**	**–**	**–**	**8**	**9**	**4**	**3**	**3**	**–**	**–**	**27**
— Serie I: Manuais e protocolos	–	–	–	–	–	6	5	2	–	–	–	–	13
— Serie II: Informes	–	–	–	–	–	2	4	2	3	3	–	–	14
Guías de procedementos de prevención e control de enfermidades transmisibles no medio hospitalario: Plamirmihga[1]	–	–	–	–	–	–		1	9	4	1	2	**15**
Publicacións periódicas	**-**	**1**	**1**	**8**	**7**	**5**	**8**	**8**	**9**	**7**	**8**	**6**	**62**
— Boletíns epidemiolóxicos	–	–	–	7	6	4	5	6	7	6	7	5	48
— Saudiña. Periódico de EpS na escola	–	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	1	10
— Notas da Inspección de Saúde Pública	–	–	–	–	–	2	1	1	–	–	–	–	**4**
Memorias de Xestión e outros documentos	–	–	–	1	2	1	1	1	2	1	1	1	**10**
Informes da rede de vixilancia epidemiolóxica	–	4	8	16	16	16	16	16	16	16	–	–	**124**
Software epidemiolóxico	–	–	1	1	–	1	–	–	1	–	–	1	**4**
Guía: "A experiencia de educar para a saúde na escola"	–	–	5	4	–	1	–	1		–	–	–	**11**
Información da DXSP	–	–	–	–	–	–	–	2	1	3	2	2	**8**
Outros folletos informativos	5	1	4	7	8	3	7	3	8	6	8	–	**60**
Cartas de servizo	–	–	–	–	–	–	–	1	–	2	6	–	**9**
Outras publicacións	–	1	–	–	–	1	–	2	1	–	1	1	**4**
TOTAL PRODUCCIÓN	**8**	**17**	**28**	**52**	**43**	**54**	**55**	**67**	**64**	**56**	**38**	**22**	**504**

1. Plan de Minimización de Riscos Microbiolóxicos nos Hospitais de Galicia

SERVIZOS CENTRAIS

Dirección Xeral de Saúde Pública
Edificio Admtivo. San Lázaro
15703 Stgo. de Compostela
Tels: 981 54 29 30 /
981 54 29 40 /
981 54 29 50
Fax: 981 54 29 70 /
981 54 29 43

DELEGACIÓNS PROVINCIAIS

Delegación Provincial da Consellería de Sanidade da Coruña
Gregorio Hernández, 2
15011 A Coruña
Tel: 981 18 58 61
Fax: 981 18 58 01

Delegación Provincial da Consellería de Sanidade de Lugo
Ronda da Muralla, 70
27071 Lugo
Tel: 982 29 41 26
Fax: 982 29 41 15

Delegación Provincial da Consellería de Sanidade de Ourense
Avda. Zamora, 13
32005 Ourense
Tel: 988 38 63 71
Fax: 988 38 63 02

Delegación Provincial da Consellería de Sanidade de Pontevedra
Benito Corbal, 47
36071 Pontevedra
Tel: 986 80 58 61
Fax: 986 80 58 02

OFICINAS DE INSPECCIÓN DE S.P.

Provincia da Coruña

Zona 1: A Coruña

Comarca da Coruña
Gregorio Hernández, 2-4
15701 A Coruña
Tel: 981 18 58 57
Fax: 981 18 58 59

Comarca de Betanzos
Centro de Saúde de
Oza dos Ríos.
15380 Betanzos. A Coruña
Tel: 981 78 57 37
Fax: 981 78 57 37

Comarca de Carballo
Antigo Centro de Saúde
de Carballo
(Instalacións do Concello).
Ambulatorio, s/n. Baixo
15100 Carballo.
A Coruña
Tel: 981 75 68 95
Fax: 981 75 68 95

Zona 2: Santiago

Comarca de Santiago
Sanatorio Psiquiátrico
de Conxo
Praza Martín Herrera, 2
15706 Stgo. de Compostela
Tel: 981 54 18 70
Fax: 981 54 18 67

Comarca de Ordes
Oficina Comarcal da Xunta
Xeneral Mola, s/n
15680 Ordes. A Coruña
Tel: 981 68 29 97
Fax: 981 68 29 97

Comarca de Arzúa
Centro de Saúde
15810 Arzúa. A Coruña
Tel: 981 50 07 99
Fax: 981 50 07 99

Comarca de Melide
Centro de Saúde
Estr. da Golada
15800 Melide. A Coruña
Tel: 981 50 72 95
Fax: 981 50 72 95

Zona 3: Ferrol

Comarca de Ferrol
Praza de España, 2,
2ª planta
15403 Ferrol. A Coruña
Tel: 981 32 63 63
Fax: 98131 97 38

Comarca de Ferrol
Príncipe, s/n
15330 Ortigueira. A Coruña
Tel: 981 42 22 45
Fax: 981 42 2245

Zona 4: Noia

Comarca de Noia
Frei Luis Rodríguez, 11
15200 Noia. A Coruña
Tel: 981 82 44 00
Fax: 981 82 56 23

Comarca de Boiro
Centro de Saúde. Barraña,
Saltiño, s/n
15930 Boiro. A Coruña
Tel: 981 84 80 51
Fax: 981 84 80 51

Comarca de Ribeira
Edificio de Turismo
e Consumo
Avda. do Malecón, 3,
2ª planta
36493 Ribeira. A Coruña
Tel: 981 87 42 11
Fax: 981 87 42 11

Comarca de Vimianzo
Novo Centro de Saúde
de Vimianzo
15129 Vimianzo. A Coruña
Tel: 981 71 61 17
Fax: 981 71 61 17

Provincia de Lugo

Zona 1: Lugo

Comarca de Lugo
Rúa Montevideo, 9
27001 Lugo
Tel: 982 29 41 25
Fax: 982 29 41 25

Comarca de Sarria
Rúa Pedro Saco, s/n. Baixo
27600 Sarria. Lugo
Tel: 982 53 12 37
Fax: 982 53 12 37

Comarca de Vilalba
Centro de Saúde de Vilalba
27800 Vilalba. Lugo
Tel: 982 51 23 09
Fax: 982 51 23 09

Comarca de Becerreá
Centro de Saúde
Rúa Anovello, s/n
27640 Becerreá. Lugo
Tel: 982 36 01 02
Fax: 982 36 01 02

Comarca de Meira
Centro de Saúde
Rego de San Vicente, s/n
27240 Meira. Lugo
Tel: 982 33 06 30
Fax: 982 33 06 30

Comarca da Fonsagrada
Centro de Saúde. Lugar dos Chaos
27100 A Fonsagrada. Lugo
Tel: 982 35 00 34
Fax: 982 35 00 34

Zona 2: Burela

Comarca de Burela
Centro de Saúde. Rúa Eijo Garay, s/n
27880 Burela. Lugo
Tel: 982 58 62 00
Fax: 982 58 62 10

Comarca de Mondoñedo
Oficina Comarcal
da Xunta de Galicia
Rúa Pardo de Cela, 22
27740 Mondoñedo. Lugo
Tel: 982 52 13 55
Fax: 982 52 13 55

Comarca de Ribadeo
Centro de Saúde.
Rúa Reinante, s/n
27700 Ribadeo. Lugo
Tel: 982 12 90 88
Fax: 982 12 90 88

Comarca de Viveiro
Centro de Saúde.
Rúa Ramón Canosa, s/n
27850 Viveiro. Lugo
Tel: 982 55 16 06
Fax: 982 55 16 06

Zona 3: Monforte

Comarca de Monforte
Centro de Saúde.
Avda. de Galicia, 77
27400 Monforte. Lugo
Tel: 982 41 12 20
Fax: 982 41 12 00

Comarca de Chantada
Centro de Saúde.
Avda. de Monforte, 79
27500 Chantada. Lugo
Tel: 982 46 20 54
Fax: 982 46 20 54

Comarca de Quiroga
Centro de Saúde. Rúa Ferial, s/n
27320 Quiroga. Lugo
Tel: 982 43 51 71
Fax: 982 43 51 71

Provincia de Ourense

Zona 1: Ourense
Comarca de Ourense
Avda. de Zamora, 13
32005 Ourense
Tel: 988 38 63 23
Fax: 988 38 63 02

Comarca do Carballiño
Baixos Praza de Abastos
Rúa Margarita Taboada, 14
32500 O Carballiño. Ourense
Tel: 988 27 33 12
Fax: 988 27 33 12

Comarca de Celanova
Centro de Saúde
Avda. Francisco González Rey, s/n
32004 Celanova. Ourense
Tel: 988 43 13 25
Fax: 988 43 13 25

Comarca de Ribadavia
Centro de Saúde.
Rúa do Carballiño, s/n
32400 Ribadavia. Ourense
Tel: 988 47 20 48
Fax: 988 47 20 48

Zona 2: Verín
Comarca de Verín
Estr. de Laza, s/n, Km. 2
32600 Verín. Ourense
Tel: 988 41 45 12
Fax: 988 41 14 81

Comarca de Xinzo de Limia
Centro de Saúde.
Rúa Ladeira, s/n
32630 Xinzo de Limia. Ourense
Tel: 988 46 27 46
Fax: 988 46 27 46

Zona 3: O Barco
Comarca do Barco
Centro de Saúde.
Rúa de Calabagueiros, s/n
32300 O Barco de Valdeorras
Ourense
Tel: 988 32 26 91
Fax: 988 32 25 19

Comarca da Pobra de Trives
Centro de Saúde.
Avda. de Otero Pedrayo, s/n
32780 A Pobra de Trives.
Ourense
Tel: 988 33 09 64
Fax: 988 33 09 64

Provincia de Pontevedra

Zona 1: Pontevedra
Comarca de Pontevedra
Avda. de Vigo, 16
36003 Pontevedra
Tel: 986 80 58 76
Fax: 986 80 58 73

Comarca de Vilagarcía de Arousa
Centro de Saúde.
Rúa Juan Carlos I, 38
36600 Vilagarcía de Arousa.
Pontevedra
Tel: 986 50 84 40
Fax: 986 50 84 40

Comarca de Sanxenxo
Centro de Saúde
de Portonovo
Rúa Baltar, 2
36970 Sanxenxo. Pontevedra
Tel: 986 69 02 12
Fax: 986 69 02 12

Comarca de Cangas
Casa da Cultura. Praza de
San Xoán, s/n. Rodeira
36940 Cangas. Pontevedra
Tel: 986 30 45 51
Fax: 986 30 45 51

Comarca de Marín
Praza de Abastos.
Rúa Serafín Tobío, 1
36900 Marín. Pontevedra
Tel: 986 89 18 41
Fax: 986 89 18 41

Zona 2: Vigo
Comarca de Vigo
Rúa Cánovas del Castillo, s/n
36202 Vigo.
Pontevedra
Tel: 986 81 72 41
Fax: 986 81 72 43

Comarca do Porriño
Centro de Saúde.
Rúa Fernández Areal, s/n
36400 O Porriño.
Pontevedra
Tel: 986 33 83 44
Fax: 986 33 83 44

Comarca de Tui
Centro de Servicios Sociais.
Rúa Colón, 10
36700 Tui.
Pontevedra
Tel: 986 60 37 46
Fax: 986 60 37 46

Comarca de Ponteareas
Centro de Saúde.
Barrio As Cachadas, s/n
36860 Ponteareas.
Pontevedra
Tel: 986 66 19 96
Fax: 986 66 19 96

Comarca da Cañiza
Centro de Saúde.
Rúa de Villanueva, s/n
36880 A Cañiza.
Pontevedra
Tel: 986 65 2284
Fax: 986 65 22 84

Comarca de Redondela
Centro de Saúde Chapela
Avda. de Redondela, s/n
36320 Redondela.
Pontevedra
Tel: 986 45 40 60
Fax: 986 45 40 60

Comarca do Val Miñor
Centro de Saúde do Val Miñor
Rúa Avda. de Portugal, 91
36379 A Ramallosa-Nigrán.
Pontevedra
Tel: 986 35 22 53
Fax: 986 35 22 53

Zona 3: Lalín
Comarca de Lalín
Centro de Saúde de Lalín.
C/ H, 25
36500 Lalín. Pontevedra
Tel: 986 78 47 03
Fax: 986 78 47 12

Comarca da Estrada
Concello.
Praza da Constitución, 1
36680 A Estrada. Pontevedra
Tel: 986 57 05 49
Fax: 986 57 05 49

LABORATORIOS DE SAÚDE PÚBLICA

Laboratorio A Coruña
(Análises microbiolóxicas
e fisicoquímicas sobre
alimentos)
Gregorio Hernández, 2
15011 A Coruña
Tel: 981 18 58 42
Fax: 981 18 58 01

Laboratorio Lugo
(Análises microbiolóxicas
e fisicoquímicas sobre
alimentos)
Montevideo, 9
27001 Lugo
Tel: 982 29 41 19
Fax: 982 29 40 85

Laboratorio Ourense
(Análises microbiolóxicas
e fisicoquímicas sobre
alimentos)
Avda. de Zamora, 13
32005 Ourense
Tel: 988 38 63 62
Fax: 988 38 63 02

Laboratorio Pontevedra
(Análises microbiolóxicas
e fisicoquímicas sobre
alimentos)
Benito Corbal, 47
36071 Pontevedra
Tel: 986 80 58 28
Fax: 986 80 58 02